En 2024, viu a luz a versión catalá do manual, dirixida por Agustí Cerrillo Martínez, co apoio da *Universitat Oberta de Catalunya* (UOC). Esta versión é accesible tanto a través da *Revista de Dereito Público: Teoría e Método*, no portal de revistas da editorial Marcial Pons, como a través do repositorio institucional da UOC. Grazas ao labor coordinador de Agustí Cerrillo, confiamos en que a terceira edición tamén poida ter a súa versión catalá.

Para o curso académico 2025-2026 tamén está en marcha unha versión galega do manual. Esta versión está a coordinala Diana Santiago Iglesias, da Universidade de Santiago, e participan nela tamén os profesores Alba Nogueira López, Carlos Amoe-

do Souto e Marcos Almeida Cerreda. A versión galega conta co apoio da *Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia,* e confiamos en que esta versión teña a mesma acollida favorable das versións castelá e catalá. Para os directores deste libro é unha satisfacción contribuír, mediante un modesto manual de Dereito administrativo, ao uso normalizado e indistinto das diferentes linguas de España.

Francisco Velasco Caballero

M.ª Mercè Darnaculleta Gardella

PRESENTACIÓN DA SEGUNDA EDICIÓN

Un ano despois da primeira edición do *Manual de dereito administrativo*, publicamos agora a segunda, que se explica por dous motivos. Por unha banda, pola excelente acollida da primeira edición e, conectado con isto, pola necesidade de que un manual destas características estea permanentemente actualizado.

En primeiro lugar, o manual tivo unha acollida extraordinaria, tanto no ámbito académico coma no profesional. Na súa versión electrónica e aberta, as descargas mensuais das distintas leccións son innumerables. Sumando todas as leccións, no período que vai de agosto do 2023 a xullo de 2024, contabilizamos máis de 35.000 descargas. Un dato salientable e complementario é que tamén a versión impresa do libro tivo unha moi boa acollida na comunidade xurídica. Iso reforza a idea, na que a editorial Marcial Pons é pioneira en España, da compatibilidade entre o formato electrónico (gratuíto) e o impreso (con prezo). Cada formato cumpre unha función distinta e adecuada aos diversos destinatarios, momentos e necesidades. Hoxe hai xa unha evidencia empírica de que o texto impreso favorece o entendemento da correspondente materia, así como a reflexión crítica. En consecuencia, fan ben as bibliotecas universitarias en ofrecer exemplares impresos do manual, malia que os estudantes poidan acceder aos mesmos textos en formato dixital, sinxelo e aberto. E fan ben en mercar o manual todos aqueles que pretenden utilizalo repetidamente ao longo do ano para estudo ou para consulta.

Cónstanos, ademais, que as descargas proveñen de todo o mundo, co que podemos afirmar que o manual está a contribuír á divulgación do dereito administrativo español e está a facilitar a utilización do noso dereito nos estudos xurídicos comparados. Unha acollida tan extraordinaria anímanos a continuar o proxecto iniciado hai agora un ano.

Ademais, e precisamente pola enorme proxección que tivo o manual no seu primeiro ano de vida, resulta imprescindible unha actualización e revisión continua, xa que só así pode cumprir a súa dobre función pedagóxica e de primeira consulta para calquera dúbida relacionada coa parte xeral do Dereito administrativo.

Por si mesmas, as novidades lexislativas, xurisprudenciais e doutrinais acontecidas entre 2023 e 2024 non xustificarían unha segunda edición tan temperá. Desde agosto de 2023, non se identificaron grandes cambios nos elementos estruturais do Dereito administrativo. Houbo, loxicamente, múltiples reformas lexislativas sectoriais, e tamén algunhas xerais, como as modificacións puntuais da Lei reguladora das bases do réxime local por medio da Real decreto lei 6/2023, do 19 de decembro. Estas reformas presentan un alcance moi limitado desde a perspectiva sistemática do manual. Porén, vista a acollida e a repercusión que tivo o manual na comunidade xurídica, a actualización xa non se xustifica só pola necesidade de integrar as novidades lexislativas ou xurisprudenciais, senón tamén pola confianza colectiva xerada en que todo o que está no manual é dereito vixente e en que se aplica nos termos que se explican nel.

Todo isto é suficiente para seguir adiante. E de novo, como na primeira edición, os trinta e catro autores asumimos este manual como a nosa modesta contribución ao interese xeral, indisociable da nosa condición de profesores e profesoras de Dereito administrativo.

Francisco Velasco Caballero

M.ª Mercè Darnaculleta Gardella

PRESENTACIÓN

Este manual é o resultado dunha reflexión colectiva sobre a dogmática do Dereito administrativo contemporáneo adaptada á docencia. Trátase dun manual pensado para poder acomodarse con facilidade aos plans de estudo vixentes en calquera das setenta e tres facultades de dereito españolas. O manual recolle, polo tanto, os contidos convencionais que integran o temario desta disciplina que, en función das universidades, se expoñen en dúas ou máis materias do Grao en Dereito, consonte as esixencias do Espazo Europeo de Educación Superior. Esta vocación de versatilidade explica que, salvo no que incumbe a algúns contidos adicionais, non se advirtan no índice grandes diferenzas cos numerosos manuais que se publicaron nos últimos tempos sobre esta materia. Por esta razón, parécenos relevante dar conta nesta introdución das particularidades desta obra, tanto no que afecta os contidos do manual e a súa forma de exposición coma no relativo a quen o escriba.

A diferenza da maioría dos manuais ao uso, neste caso non nos atopamos ante un manual de autor. Os autores e as autoras das diversas leccións do manual —vinte e dous profesores e doce profesoras de vinte universidades distintas, repartidas en dez comunidades autónomas—, a pesar da diversidade que nos caracteriza —en canto a xénero, idade, procedencia ou mesmo adscrición a unha determinada escola—, posuímos unhas inquietudes e unha formación relativamente homoxéneas, debido á nosa curiosidade común polas achegas procedentes doutras disciplinas e do dereito comparado. Compartimos tamén unha mesma comprensión constitucional e europea do Dereito administrativo, que lles dá sentido a todas as súas normas e institucións. Isto inclúe non só a lexitimidade orixinal da Administración pública, en tanto que organización instrumental para o cumprimento dos fins constitucionais e europeos, senón tamén a centralidade do principio do Estado social para todo o Dereito administrativo contemporáneo, a natural diversidade de fontes normativas que

resulta da descentralización estatal e a integración europea e a ampliación das formas de relación da Administración cos particulares, fortemente influída polo Dereito da Unión Europea.

A reflexión conxunta dos temas tratados foi posible grazas á xenerosidade de quen participou neste proxecto e viuse facilitada pola traxectoria de colaboración común en diversas actividades académicas, entre as que destacan o *Seminario de Teoría e Método*, que este ano cumpre o seu décimo aniversario, a Revista de Dereito Público: Teoría e Método e o Tratado de Dereito Administrativo, coordinado por José María Rodríguez de Santiago, Gabriel Doménech Pascual e Luis Arroyo Jiménez.

O estudo, a reflexión e o diálogo leváronnos a constatar que os contidos desta disciplina se expoñen frecuentemente por estratos superpostos. Isto é, a un estrato básico de Dereito administrativo preconstitucional —e preeuropeo— superpóñenselle novos dereitos e principios constitucionais e novas normas europeas. Desta forma, os fenómenos que tiveron maior capacidade de transformación do Dereito administrativo nas últimas décadas (como a subxectivación, apertura, pluralidade de fontes normativas, imposibilidade de regulación substantiva en ámbitos de incerteza científica, tecnolóxica ou social, orientación cara á igualdade social, globalización, liberalización, privatización, integración do dereito brando, flexibilización ou automatización, entre moitos outros) son tratados como corpos estraños a unha rama do dereito articulada tradicionalmente ao redor da Administración estatal, a unha comprensión preconstitucional do principio de legalidade que ten como premisa a ilexitimidade intrínseca da Administración, a un catálogo limitado de formas xurídicas da actuación administrativa (actos administrativos, disposicións e contratos) e de tipos de actividade administrativa (policía, fomento e servizo público) e ao control xudicial como eixe central de todo o Dereito administrativo.

Este manual caracterízase por expoñer cada unha das institucións e categorías do Dereito administrativo a partir das bases constitucionais e europeas e por lles prestar atención aos fenómenos xurídicos, políticos e sociais xa sinalados. Os dereitos fundamentais, os principios do Estado social, a configuración autonómica do Estado e o Dereito da Unión Europea impregnan e conforman a organización administrativa, as formas nas que se manifesta a súa actuación, os tipos de actividade administrativa e os medios dos que dispoñen as administracións públicas para levalos a cabo. Esta vontade integradora acompáñase dun maior protagonismo de aspectos organizativos, procedementais e financeiros tradicionalmente considerados como secundarios, polo menos desde unha concepción do Dereito administrativo continental europeo que pivotou arredor do equilibrio entre as prerrogativas da Administración e as correspondentes garantías da cidadanía.

No Dereito administrativo de novo cuño, adquiren un destacado protagonismo instrumentos tendentes a mellorar o funcionamento interno da Administración —orzamentos, plans, programas, inspeccións e controis internos—, aparecen novas formas de actuación administrativa —sen procedemento, automatizada, robotizada e intelixente— e prodúcese unha revitalización das fórmulas relacionais entre a Administración e os particulares e entre as diversas administracións e entidades que in-

tegran o sector público. A influencia doutras disciplinas, como a economía, a ciencia política ou a psicoloxía no Dereito administrativo explican tamén a marcada orientación desta disciplina cara á eficacia, a crecente fragmentación, sectorialización e descentralización da organización administrativa, o fomento da colaboración público-privada, a aparición de novos tipos de actividade administrativa e a formulación de novos conceptos ponte, vinculados a estas realidades, como Administración en rede, sector público, gobernanza, Administración garante, *nudges* etcétera.

Para alcanzar unha correcta integración de todos os contidos mencionados tentouse ofrecer, xunto cunha exposición da lexislación e da xurisprudencia europea, estatal e autonómica aplicable en cada caso, unha reconstrución sistemática do Dereito administrativo español, nun intento de dotar de maior coherencia os diversos elementos que compoñen esta disciplina.

O manual ten vocación pedagóxica, pero non pretende banalizar a crecente complexidade do Dereito administrativo. Por iso, ao longo de todo o libro utilízanse dous tipos de letras, ordinaria e pequena. O nivel expositivo básico está escrito con letra de tamaño ordinario. En letra máis pequena, incorpóranse exposicións de detalle ou cuestións complexas ou problemáticas sobre as que non existe consenso doutrinal ou xurisprudencial.

A renovación de contidos vén acompañada tamén dun intento de renovación pedagóxica. Na redacción das leccións, tomouse en consideración a utilidade dos exemplos, non só para facilitar a comprensión, asimilación e aprendizaxe das construcións teóricas expostas, senón tamén para conformar unha imaxe da realidade acorde cos novos tempos. Na selección dos exemplos —e na terminoloxía e na linguaxe empregadas na súa redacción—, procurouse reflectir a igualdade de xénero, o pluralismo lingüístico, a complexidade territorial e a diversidade de sectores de intervención da Administración pública. Ampliouse así o catálogo tradicional de fontes, para incluír exemplos extraídos de ditames de órganos consultivos autonómicos, de regulamentos de entidades locais ou de documentos de *soft law*, e diversificouse e actualizouse o abano de sectores de referencia para mostrar o tránsito dun Dereito administrativo, que se explicou tradicionalmente con base en instrumentos propios da policía administrativa, a un Dereito administrativo que debe garantir a correcta xestión dos riscos tecnolóxicos, económicos e sociais propios do mundo contemporáneo. O texto principal de cada lección inclúe moitos exemplos breves, de apenas unha palabra ou frase. E xunto a iso, en letra pequena e con fondo de cor, introdúcense exemplos máis extensos, onde se expoñen con máis detalle fenómenos ou problemas complexos ou onde se achegan datos empíricos sobre a realidade obxecto de regulación.

Tamén desde un punto de vista formal, as leccións están numeradas en parágrafos para facilitar as referencias cruzadas, o que lle permite ao lector transitar dunhas leccións a outras, co que se facilita non só a ampliación dos coñecementos senón tamén a asimilación dunha concepción sistemática do Dereito administrativo. Por iso, e con independencia do número de leccións que lles poidan resultar de utilidade ao estudantado e ao profesorado de cada unha das materias nas que se expoñen os contidos do Dereito administrativo nun concreto curso académico e nunha concreta

facultade, recoméndase acceder a todas as leccións do manual, en versión papel ou na versión dispoñible *en liña*. De todos os xeitos, para favorecer a versatilidade e facilitar o manexo do manual, as leccións están tamén dispoñibles de forma individual *en liña*. Este dato tamén é novo e parte do convencemento de que a ciencia aberta debe complementarse coa docencia aberta.

A ambición e, nalgúns casos, a novidade dos obxectivos expostos explica que os autores e autoras deste manual o vexamos como un proxecto en permanente revisión, de modo que esperamos incorporar en próximas edicións as melloras que poidan achegarnos os profesores e os estudantes que decidan manexalo.

Francisco Velasco Caballero

M.ª Mercè Darnaculleta Gardella

Manual de Dereito administrativo
Revista de Derecho Público: Teoría y Método
pp. 47-65
Madrid, 2026
Marcial Pons Ediciones Jurídicas y Sociales
DOI: 10.37417/ManDerAdm/L01
© Francisco Velasco Caballero
Editado bajo licencia Creative Commons Attribution 4.0 International License.

LECCIÓN 1
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Francisco Velasco Caballero
Universidade Autónoma de Madrid

SUMARIO: 1. APROXIMACIÓN Á ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.— 2. INTERACCIÓN ENTRE ADMINISTRACIÓN E DEREITO.— 3. ADMINISTRACIÓN E SECTOR PÚBLICO.— 4. PLURALIDADE DE ADMINISTRACIÓNS.—5. ADMINISTRACIÓN E BUROCRACIA PÚBLICA.— 6. GOBERNO E ADMINISTRACIÓN.— 7. FONTES DE LEXITIMIDADE.— 8. TIPOS E MODELOS DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA: 8.1. Modelos administrativos; 8.2. Tipos organizativos; 8.3. Tipos de actividade administrativa— 9. A ADMINISTRACIÓN CONTEMPORÁNEA.— 10. BIBLIOGRAFÍA: 10.1. Bibliografía citada; 10.2. Bibliografía complementaria recomendada.

1. APROXIMACIÓN Á ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

1. Todos temos unha imaxe intuitiva da Administración pública. Identificámola con oficinas, institucións e empregados que recadan impostos (Axencia Tributaria), deteñen os delincuentes (Mossos d'Esquadra), ensínanlles aos nenos e nenas (Instituto de Bacharelato Sierra de la Najarra), vacinan contra os virus (Osakidetza), pavimentan as rúas (Concello de Navas del Rey) ou transpórtannos por ferrocarril (Renfe). Algunhas destas actividades son privativas da Administración, como a recadación de impostos ou a detención de delincuentes. Outras tarefas, como o ensino ou o transporte público, realízanas tamén algúns particulares. Por iso é polo que non podemos identificar a Administración pública con determinadas tarefas, funcións ou

actividades. Como deseguido se explicará con máis detalle, a Administración é fundamentalmente unha **organización instrumental**: un conxunto ordenado de empregados públicos e de recursos materiais que, baixo a dirección ou a programación dun órgano político, forma parte do poder executivo estatal, autonómico ou local e leva a cabo tarefas moi diversas e cambiantes ao longo do tempo.

2. A Administración pública comparte certos trazos coa administración de organizacións privadas (como unha empresa), coa administración de órganos e institucións estatais que non están integradas no poder executivo (como o poder xudicial ou o poder lexislativo) e coa administración de organizacións que nin sequera están integradas nun Estado (como as organizacións internacionais). En todos os casos, o termo "**administración**" resulta ambiguo, posto que se refire tanto á actividade de administrar ou xestionar determinados asuntos (administración en sentido obxectivo: *infra* § 1.8) como á persoa ou á organización que desenvolve esta actividade (administración en sentido subxectivo). Porén, desde unha perspectiva obxectiva, a Administración pública diferénciase da administración das organizacións privadas porque a súa actividade característica consiste na xestión de asuntos públicos en beneficio do interese xeral e, desde unha perspectiva subxectiva, a Administración pública distínguese do resto de administracións pola súa integración no poder executivo e pola súa dependencia dun Goberno (supraestatal, estatal, rexional ou local). Unha vez realizadas estas precisións, advírteselle ao lector de que nesta lección utilízase o termo "administración" como sinónimo de "Administración pública" (*infra* § 1.8).

3. Aínda que a Administración é unha realidade social, e é observable desde múltiples perspectivas, tradicionalmente predominou a **comprensión política e xurídica**. Nos inicios do século XIX, o ideario político liberal, por entón emerxente en Europa, definiu a Administración como parte do **poder executivo** do Estado, fronte ao Parlamento (poder lexislativo) e fronte ao poder xudicial. Cualifícase entón como Administración pública o heteroxéneo conglomerado de consellos, departamentos, establecementos, secretarías, corporacións e oficiais sometidos á lei parlamentaria e dirixidos polo Goberno (que, pola súa vez, tamén está sometido ás leis e, alí onde subsiste a monarquía, ao correspondente rei ou raíña). Desde o segundo terzo do século XIX, desenvólvense en Europa dúas comprensións complementarias da Administración: como organización ao servizo do interese xeral (comprensión propia da ciencia da policía ou da Administración) e como persoa xurídica sometida a un estatuto normativo especial e privilexiado (o dereito administrativo). Co crecemento exponencial do dereito administrativo, ao longo do século XIX foi predominando a perspectiva xurídica. Desde entón, e case ata os nosos días, a Administración entendeuse fundamentalmente en **clave xurídica**, a través das leis que definen detalladamente a estrutura e o funcionamento da Administración. Desta forma, primeiro o ideario político liberal procreou a idea de Administración pública e logo o dereito administrativo definiu exhaustivamente a súa existencia.

4. A preeminencia do dereito administrativo ao longo do século XIX (NIETO, 2001: 68) ocultou a existencia, desde o primeiro terzo do mesmo século XIX, dunha extensa serie de estudos non necesariamente xurídicos sobre os tipos de Administración, as súas formas de actuación ou o seu compoñente burocrático (ALMEIDA, 2021: 133). Fronte a unha opinión moi estendida no pasado século, estes estudos non eran simples importacións a España dos tratados de ciencia da policía ou de Administración de Francia ou Alemaña (MEDINA, 2022: 255).

5. Xa se dixo que a comprensión predominantemente política e xurídica da Administración subliñou a súa condición de organización **instrumental** ao servizo dun poder político. Isto é, o propio da Administración é executar —levar á reali-

dade social— as decisións adoptadas por un poder político que, segundo os casos, pode ser un Parlamento ou un Goberno. Esta comprensión eminentemente política e xurídica da Administración pública non pode ocultar outras perspectivas complementarias cada vez máis relevantes. A socioloxía presta atención á Administración como conxunto de empregados públicos (burocracia) e á súa relación coa sociedade coa que interactúa. Na economía, prima a comprensión da Administración como produtora de bens e servizos (sector público) e como reguladora dos mercados. A **ciencia da Administración** integra todas estas perspectivas sobre a Administración pública e subliña a súa condición de organización de recursos humanos (burocracia) e económicos para a consecución de obxectivos políticos. Precisamente a ciencia da Administración, moi desenvolvida nos países anglosaxóns desde mediados do século xx, está a achegar hoxe unha visión menos xurídica da Administración pública. Trouxo a un primeiro plano o funcionamento interno da Administración (e non só a súa relación cos cidadáns); redimensionou á baixa a importancia da lei na dirección da actividade administrativa; achegou novos criterios de funcionamento, como o de "boa administración", o de eficiencia e o de transparencia, e puxo o acento nos resultados da actuación administrativa: na calidade dos servizos públicos, e non só nos procedementos administrativos.

6. A diversidade de perspectivas ao redor da Administración pública é fonte de dificultades, pois **non contamos cun concepto único** de Administración. Así, segundo a perspectiva predominante en cada caso, a Administración pública é algo diferente ou simplemente unha parte do chamado "sector público". Tradicionalmente, o sector público referíase só a aquelas entidades administrativas ou instrumentalmente privadas (sociedades mercantís e fundacións dependentes dunha entidade administrativa) creadas para o desenvolvemento de actividades económicas ou de mercado, isto é, para a produción de bens e servizos económicos. Con todo, hoxe xeneralizouse unha comprensión máis ampla do sector público que inclúe a Administración en xeral, tamén a reguladora e aplicativa das leis (*infra* § 1.15).

6 *bis*. Desde a **perspectiva económico-financeira** propia do Sistema Europeo de Contas (2010), o definitorio dunha Administración pública é que non actúa no mercado como un axente económico máis. Con este criterio funcional, moi propio do dereito europeo, forman parte do concepto de Administración pública algunhas entidades xurídico-privadas (sociedades e fundacións) dependentes doutra Administración pública e que realizan actividades administrativas ou prestan servizos públicos, pero non actúan como axentes económicos no mercado. Este concepto amplo de Administración pública non coincide co concepto xurídico máis estrito que expresan os artigos 2.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC) e 2.3. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

7. O inventario de entidades do sector público publicado polo Ministerio de Facenda 2023 dá conta tanto da distinción entre Administración pública e sector público coma dun concepto amplo de Administración pública, **para os efectos financeiros e contables**. Conforme ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010), aprobado polo Regulamento nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio, distínguese no inventario do sector público español entre as unidades públicas non de mercado (ás que se cualifica como administracións públicas) e as unidades públicas de mercado (que non son Administración pública). Así, prestándolle atención ao sector público da Comunidade Autónoma de Andalucía, considérase que son Administración pública ata 191 entidades de moi distinto tipo. Algunhas delas son entidades con personalidade xu-

rídico-pública, como diversas axencias instrumentais (entre outras: Axencia Andaluza de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento [AACID], Axencia Andaluza de Institucións Culturais [AAIC], Axencia Andaluza da Enerxía [AAE], Axencia Andaluza de Promoción Exterior [Extenda]), pero outras entidades administrativas son personificacións xurídico-privadas. Entre elas, atópanse sociedades mercantís dependentes (Hospital Clínico Veterinario da Universidade de Córdoba, SL; Iniciativas Leader Comarca dos Vélez, SA; Orquestra Sinfónica de Sevilla, SA; Parque Científico e Tecnolóxico Cartuja, SA, entre outras) ou fundacións tamén dependentes (por exemplo: Fundación Audiovisual de Andalucía; Fundación Banco Agrícola de Don José Torrico e López Casero; Fundación Campus Científico-Tecnolóxico de Linares, entre moitas). E, ademais destas, habería outras entidades ou unidades públicas de mercado vinculadas á Comunidade Autónoma de Andalucía (como Apartahotel Trevenque, SA ou Rede de Vilas Turísticas de Andalucía, SA) que, como tales, non se recoñecen como administracións públicas no inventario español do sector público.

8. Segundo se dixo ata aquí, hoxe predomina unha **comprensión subxectiva** da Administración, como unha organización integrada de medios para a realización duns fins e tarefas cambiantes. Pero esta comprensión conviviu historicamente con outra concepción **obxectiva ou funcional** do administrativo. Isto é, considerouse tamén que existe un tipo definido de funcións ou tarefas públicas que se poden cualificar como propiamente administrativas, e isto sería o definitorio da Administración pública. Esta comprensión obxectiva ou funcional permitiu afirmar que hai certas actividades administrativas fóra da Administración, como as actividades disciplinarias internas ou a xestión patrimonial nos parlamentos e nos órganos xudiciais. Actualmente, esta comprensión obxectiva do administrativo reviviu timidamente en relación con algúns suxeitos particulares que xestionan actividades de interese público (*infra* § 1. 24 *bis*). É o caso dos profesionais que, logo da acreditación pola Administración, realizan tarefas de inspección industrial, ou das entidades colaboradoras urbanísticas (entidades privadas autorizadas pola Administración que emiten informes sobre o cumprimento das normas urbanísticas por parte dos propietarios do solo). Nestes casos, exponse que estes suxeitos privados levan a cabo actividades materialmente administrativas, e con iso debátese tamén se esas actividades deben rexerse polas leis administrativas.

9. Con **perspectiva histórica**, e se nos situamos no Antigo Réxime europeo, quizais se poida entender a **comprensión dual do administrativo**, como organización e como función estatal. Dun lado, coa formación do Estado moderno a partir do século XVI, vai crecendo o número de oficiais reais (para os tributos, a seguridade dos camiños, as postas etc.). Pero aínda que estes oficiais reais existían xa no Antigo Réxime, e malia que moitas das súas actuacións continuaron nos Estados contemporáneos, aínda non se substanciou a idea de poder executivo (como distinto do lexislativo e do xudicial). As actividades destinadas ao benestar xeral, como o coidado dos pósitos, a paz nos camiños ou a beneficencia gobernábanse polas mesmas maxistraturas e consellos que, desde a Idade Media, viñan impartindo xustiza en nome do rei (MANNORI, 2007; MEDINA, 2022: 20). Por iso, aínda que moitas formas de actuación "administrativa" fosen identificables no Antigo Réxime, tales actuacións non tiveron relevancia organizativa (como actuacións da Administración pública) ata tempo despois, cando o administrativo se escinde por completo da xustiza, o que dá lugar a novas autoridades e consellos non xudiciais, aínda que sometidos tanto ao rei como á lei.

10. Aínda que a Administración pública é unha constante nos Estados contemporáneos, preséntase de formas moi diversas nos distintos países. Mesmo no grupo máis ou menos homoxéneo das democracias occidentais pódese ver que baixo o nome de Administración pública hai **realidades moi diversas**: hai órganos burocráticos e

rixidamente xerarquizados (como un ministerio), pero tamén hai organizacións con múltiples órganos relativamente autónomos (comisións independentes, *tribunals* británicos, *administrative law judges* norteamericanos). Hai administracións que, polas súas enormes dimensións, se confunden co propio Estado e tamén hai administracións que ocupan só concretos espazos funcionais dentro do Estado. Hai administracións en interacción continua cos particulares e hai administracións máis deslindadas respecto dos destinatarios da súa actuación. Por fin, hai administracións que xeran unha alta porcentaxe do PIB do correspondente país e hai outras cunha achega moito menor.

11. Partindo da diversidade de administracións públicas (tanto dentro dun mesmo Estado coma desde unha perspectiva comparada) e da variedade das súas tarefas ou funcións, expóñense dúas cuestións teóricas: se o concepto de Administración inclúe algúns elementos substantivos esenciais e se, malia a súa diversidade actual, as administracións públicas do mundo evolucionan dunha forma converxente. Isto é, se hai evolución e selección tamén nos modelos de Administración pública, como na natureza. En canto ao primeiro, en ocasións formulouse que a Administración pública contemporánea só é identificable **en estados democráticos e de Dereito**. Segundo isto, unha das características naturais da Administración pública sería o seu sometemento a poderes políticos democráticos e, de forma instrumental, ao principio de legalidade e ao control xudicial. Este concepto estreito de Administración pública é pouco útil. Primeiro, porque obvia o feito certo de que todos os estados contan cunha organización executiva de medios e persoas aos que expresamente cualifican como Administración pública. E segundo, porque difumina o carácter estrutural da Administración, como realidade organizativa propia dos estados desenvolvidos que, nos distintos momentos históricos, se adapta á estrutura política e constitucional de cada país. Pódese afirmar, neste sentido, que o propio da Administración pública é a súa condición de organización executiva ao servizo dun poder político. A Administración dos estados democráticos e de dereito sería só un tipo histórico e actual de Administración, non o único. En segundo lugar, no que se refire á **evolución da Administración**, a influencia das ciencias naturais sobre as ciencias sociais trouxo consigo, ao longo do século xx, as ideas de evolución, selección e converxencia (RAASCHELDERS, 1998: 64; CHEVALLIER, 2017: 8). Segundo isto, nos distintos países estaríanse a ensaiar continuamente formas diversas de Administración pública. Pero só algúns destes modelos ou formas administrativas triunfarían (e exportaríanse ou irradiarían a outros países). As formas de Administración pública peor adaptadas aos estados e ás sociedades cambiantes ou ben extinguiríanse ou ben subsistirán como fósiles vivos. Sen necesidade de adherirse ao evolucionismo institucional, esta formulación ten como maior utilidade a comprensión da Administración como unha realidade cambiante, máis ou menos coherente coa sociedade e co Estado de cada tempo.

12. Xa se explicou que a Administración pública é, en principio, unha organización estatal. Pero tamén hai Administración pública no ámbito internacional. Fálase así das administracións internacionais (para referirse ás organizacións burocráticas internacionais) e da Administración europea (en relación coa Comisión, as súas direccións xerais e as axencias da Unión Europea). En ambos os casos estamos ante organizacións de medios humanos e materiais que executan —cumpren e fan cumprir— mandatos políticos: pactados polos estados en tratados internacionais ou decididos directamente por órganos políticos supranacionais creados polos estados (como as institucións europeas). Sería Administración internacional, por exemplo, o Comité para a Protección do Medio Ambiente creado polo Tratado Antártico (1959). E sería Administración supranacional a Oficina de Propiedade Intelectual da Unión Europea, creada polo Regulamento (UE) 2017/1001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, para a aplicación do dereito europeo de marcas. É precisamente o carácter vicarial ou instrumental de todas estas organizacións internacionais ou supranacionais o que leva a cualificalas como administracións públicas (internacionais).

2. INTERACCIÓN ENTRE ADMINISTRACIÓN E DEREITO

13. Como se estudará máis detidamente na segunda lección, existe unha rama do dereito que regula especificamente a organización e o funcionamento da Administración pública: o dereito administrativo. E isto levounos ás veces a pensar que a Administración é unha simple creación do dereito administrativo, que a Administración pública de cada país e cada tempo é unha pura creación xurídica. Na actualidade, por moito que o dereito administrativo sexa definitorio da Administración pública, esta é unha realidade social non só xurídica. En puridade, a Administración pública e o dereito administrativo son dúas realidades sociais en **interacción mutua, continua e diacrónica**. Dun lado, a Administración pública evoluciona *per se*, ao compás dos cambios sociais, e aquela evolución impulsa reformas no dereito administrativo. Por exemplo, primeiro as tecnoloxías dixitais contemporáneas transformaron a forma de traballo na Administración, e isto motivou logo a regulación dos procedementos electrónicos, das sedes administrativas electrónicas, das sesións electrónicas de órganos colexiados ou do teletraballo. Do outro lado, o dereito administrativo tamén configura ou impón modificacións esóxenas á Administración. Por exemplo, a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, somete a Administración a ríxidos límites de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e o Estatuto básico do empregado público (Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro) imponlle á Administración a negociación das condicións de traballo cos representantes dos empregados públicos.

14. Tradicionalmente, a Administración española está altamente **xuridificada**. Son numerosas as leis e regulamentos que regulan a súa organización e funcionamento. E iso permite comprender a Administración a través do dereito que a regula. Esta afirmación, que é válida para España e en xeral para o continente europeo, non é universal, pois en países de tradición anglosaxoa o dereito non penetra tanto na configuración da Administración, o que deixa un maior espazo para a configuración política (non normativa) e para a xestión operativa. Unha das mostras máis claras da alta xuridificación, tradicional en España, está na cualificación da Administración pública como **persoa xurídica** (*infra* § 1.19).

3. ADMINISTRACIÓN E SECTOR PÚBLICO

15. A expresión **sector público**, utilizada hoxe nas leis administrativas (así, nos artigos 2.1 LRXSP, 2.1 LPAC e 3.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público [LCSP]) é unha achega terminolóxica na súa orixe, proveniente da economía e da facenda pública que hoxe designa, ademais das administracións públicas territoriais ou xerais, a outras entidades que non son formalmente ou non necesariamente Administración pública, pero que actúan baixo a dirección dunha Administración pública. Inclúe non só as administracións públicas en sentido estrito, senón a todas as demais entidades, órganos e organizacións que prestan servizos pú-

blicos ou realizan actividades económicas con certa autonomía, pero baixo a dependencia ou dirección dunha Administración pública. Todas estas entidades inclúense hoxe no concepto legal de "sector público institucional" (*infra* §§ 9.2, 10.6 e 11.82). E iso con independencia da súa forma xurídica, que pode ser pública (como o ente público Canal de Isabel II) ou privada (como a sociedade mercantil municipal Barcelona Ciclo del Agua, SA). A expresión "sector público institucional" é puramente instrumental, e describe o conxunto de entidades que realizan actividades económicas baixo a dirección ou o control dunha Administración pública (en sentido estrito).

15 *bis*. Aínda que, nos termos expostos, hoxe contamos cun concepto xeral de sector público, ese concepto xeral, compartido pola ciencia da Administración e da economía, non ten por que coincidir co concepto xurídico de sector público. É máis, cada lei administrativa pode, para os seus propios fins, utilizar un concepto máis amplo ou reducido de sector público. Co cal, xunto a un concepto teórico-abstracto de sector público e un concepto xurídico xeral de sector público (o dos artigos 2.1 LRXSP e 2.1 LPAC), contamos tamén con varios conceptos xurídicos específicos e á medida de cada lei. Así, por exemplo, para definir o ámbito de aplicación da lexislación de contratos públicos, o artigo 3.1 f) LCSP cualifica expresamente como sector público as mutuas colaboradoras da Seguridade Social (*infra* § 19.48), precisión esta que non se contén na descrición do sector público dos artigos 2.1 LRXSP e 2.1 LPAC.

16. A expresión "sector público" dilúe a importancia das formas xurídicas coas que o Estado actúa economicamente. En puridade, a expresión sector público resultaría superflua se se utilizase un **concepto amplo de Administración pública**, comprensivo de todas as súas posibles formas organizativas, incluídas as formas xurídico-privadas (sociedades mercantís, fundacións). Pero precisamente porque a Administración pública é neste momento un concepto xuridicamente estrito ou reducido, ten sentido falar de sector público para integrar aquelas organizacións que, aínda que non son formalmente administracións públicas, tamén desenvolven actividades económicas ao servizo do interese xeral.

17. Doutra banda, coa expresión sector público exprésase a idea de que algunhas entidades dependentes ou vinculadas a administracións públicas, aínda que moi frecuentemente adoptan formas xurídico-privadas (sociedades de capital ou fundacións), **non son verdadeiros suxeitos privados**. Pasa aquí a un primeiro plano unha comprensión non xurídica, senón organizativa e sociolóxica da Administración. Esta perspectiva prescinde das cualificacións formais (máis propias da perspectiva xurídica) e simplifica a realidade económica ao redor de dous tipos de suxeitos: os públicos e os privados. Consonte iso, un suxeito privado non é aquel que conta cunha determinada forma xurídica, societaria ou fundacional, senón o que actúa como tal suxeito privado, é dicir, ao servizo de intereses particulares (aínda que poidan ser en parte coincidentes con intereses xerais).

4. PLURALIDADE DE ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

18. Pódese falar de Administración pública en singular (como un concepto abstracto que designa a suma dos órganos, departamentos ou axencias administrativos dun país) ou en plural, para poñer de relevo a diversidade de organizacións que res-

ponden a este concepto nun país. Neste sentido, fálase xenericamente da Administración pública española, co que se designan todos os órganos e entidades administrativas de España, ou de concretas administracións públicas: a Administración xeral do Estado, a Administración da Junta de Andalucía, o Concello de Mérida, o Instituto Aragonés de Emprego etc. En España, a diferenza da maioría dos países occidentais, fálase normalmente de **administracións públicas** —en plural— para subliñar que existen varias organizacións administrativas completas (cada unha coas súas propias funcións e medios), complexas (cada unha está composta por unha pluralidade de órganos) e diferenciadas (son independentes unhas doutras). Nisto primou unha comprensión menos politolóxica e xurídica da Administración (como **suxeito** diferente e independente doutros).

19. En España, a comprensión subxectiva e plural da Administración inclúe tradicionalmente a cualificación de cada concreta Administración pública como **persoa xurídica**. Este é o teor literal do artigo 3.4 LRXSP cando declara que "cada unha das administracións públicas do artigo 2 actúa para o cumprimento dos seus fins con personalidade xurídica única". Non é xa só que a Administración estea sometida á lei e ao resto do dereito (como di expresamente o artigo 103.1 1 da Constitución española), senón que a súa propia esencia é xurídica: caracterízase por ser un suxeito do dereito.

20. Desde logo que a **idea de personificación** forma parte da cultura política occidental. En España, a doutrina académica por completo dominante vén argumentando que a personalidade xurídica lle corresponde á Administración pública (GARCÍA DE ENTERRÍA, 1992: 195). Con todo, na tradición continental europea tal personificación proxectouse máis ben sobre o Estado (GALLEGO ANABITARTE, 1992:19). Ambas as comprensións da personalidade xurídica pública mostran un mesmo sentido e obxectivo histórico, xa presente no pensamento ilustrado do Antigo Réxime: o sometemento do Estado (do poder do rei) ao dereito común. Na súa versión inicial e máis recatada, este sometemento do Estado ao dereito limitouse á actividade patrimonial do Estado, ao Estado como "fisco" (como propietario e como contratante con outros particulares). E, dado que a actividade común ou patrimonial do Estado se despregaba precisamente pola Administración (sobre todo, coa enorme expansión da actividade administrativa no século XIX), arraigou a imaxe prevalente da Administración pública como persoa xurídica. Isto non supuxo por si a negación da personalidade xurídica do Estado no seu conxunto, nin impediu a idea da dobre personalidade xurídica do Estado, como suxeito patrimonial e como poder (PELÁEZ, 1849: 13-16; MEDINA, 2022:208), pero si se xeneralizou a imaxe prevalente da Administración como persoa xurídica. E esta é a imaxe común que chegou ata hoxe, por moito que a orde xurídica sexa hoxe completamente distinta. Cunha mirada actual, a personificación xurídica da Administración (descoñecida en moitos países) presenta unha relevancia teórica e práctica limitada (LÓPEZ JURADO, 2020: 132). Se o obxectivo inicial da personificación xurídica (do Estado ou da Administración) era o sometemento do poder ao dereito, na actualidade este obxectivo non precisa de ningunha ficción xurídica, porque é directamente a Constitución quen impón a vinculación de todos os poderes públicos á lei e ao dereito (artigo 9.3 CE), o que inclúe tamén a Administración (artigo 103.1 CE). En consecuencia, haxa ou non personificación xurídica da Administración, o seu sometemento ao dereito está asegurada. Por iso, actualmente a personificación xurídica cumpre outra función: indica, máis ben, o **nivel de autonomía** de cada concreta organización administrativa. A atribución legal de personalidade xurídica diferenciada (a, por exemplo, o Organismo Autónomo Parques Nacionais, a Entidade Valenciana de Vivenda e Solo, a Axencia Europea de Medicamentos ou a cada concello) indica hoxe, sobre todo, unha certa capacidade de actuación autónoma desa organización administrativa, con medios propios e sen controis intensos por parte doutra Administración pública.

21. O vasto mapa administrativo español ordénase polos artigos 2.1 LPAC e 2.1 LRXSP ao redor de dúas categorías: administracións territoriais ou xerais fronte

a administracións institucionais, instrumentais ou especiais (*infra* § 8.22). Na actualidade, en España hai tres tipos de administracións **territoriais ou xerais** (a Administración xeral do Estado, a Administración xeral de cada comunidade autónoma e as administracións locais), das cales dependen outras administracións institucionais, instrumentais ou **especiais** (organismos públicos e axencias). Ademais, das administracións territoriais ou xerais e das institucionais ou especiais dependen pola súa vez **outras entidades** con formas xurídico-privadas (sociedades de capital e funcionais) que, aínda que non son formalmente administracións públicas, si integran o chamado sector público (artigo 2.2 b) LRXSP) porque xestionan servizos públicos ou desenvolven tarefas de interese público.

5. ADMINISTRACIÓN E BUROCRACIA

22. Aínda que na linguaxe común é frecuente falar de burocracia como sinónimo de Administración pública, en puridade a burocracia só se refire ao **elemento humano** da Administración. Máis alá desta caracterización elemental, non hai consenso sobre cal é o perímetro preciso da burocracia. En ocasións, utilízase para describir o conxunto dos empregados públicos (tanto directivos coma funcionarios ou contratados). Outras veces restrínxese a só os funcionarios, ou mesmo só ás elites funcionariais de cada Administración. Cada unha destas descricións incorpora, de forma implícita, a comprensión da Administración en cada tempo. Desde finais do século XVIII, e no período de transición entre principio monárquico e principio democrático, a burocracia describe as elites gobernativas do Reino. Logo, o parlamentarismo e o principio de legalidade expanden unha comprensión máis ampla da burocracia, como conxunto de servidores públicos que executan ou aplican a lei. E durante as autocracias do século XX, a burocracia ocúpase non só da actuación cotiá da Administración senón, a falta de cargos electos, tamén das decisións eminentemente políticas. En calquera das súas acepcións, a burocracia sempre traslada a idea de servidores públicos **sen lexitimidade política propia**: conxunto de persoas con cualificación técnica ou profesional que actúan en estruturas xerarquizadas baixo a dirección de autoridades gobernativas e para o cumprimento da lei.

23. A burocracia contemporánea, aínda que mantén as súas notas tradicionais de profesionalidade, xerarquía e permanencia, expresa tamén as mutacións propias da Administración contemporánea. En primeiro lugar, aínda que a afirmación do principio de legalidade parlamentario desde principios do século XIX transmitiu unha imaxe mecánica, neutral ou obxectiva da burocracia, entendida como o brazo executor da lei, o certo é que tamén na aplicación das leis hai amplos **espazos para a opción política ou discrecional** (*infra* § 5.15). En segundo lugar, a diversidade de administracións públicas dentro de cada Estado (*supra* § 1.17) conduce tamén a unha certa **diversidade de burocracias**. Así, nos concellos e provincias, a burocracia non exerce funcións propiamente políticas (porque as exercen directamente os concelleiros electos, integrados nos correspondentes plenos). En cambio, a burocracia do Estado e de cada comunidade autónoma inclúe altos cargos (como o directora

xeral de Biodiversidade, Bosques e Desertificación do Ministerio de Transición Ecolóxica ou como o director territorial do Goberno de Aragón en Teruel) que, aínda que non contan con lexitimidade democrática directa, si exercen funcións políticas. Por outra banda, a maior ou menor presenza de funcionarios ou persoal laboral en cada Administración concédelles máis ou menos relevancia aos tradicionais corpos funcionariais. Así, tanto no Estado coma nas comunidades autónomas, os corpos funcionariais vertebran as correspondentes burocracias, mentres que a súa relevancia é menor nos concellos, onde é cuantitativamente máis importante o persoal laboral (contratado). Por último, a democratización do Estado tamén reduciu o alcance da **xerarquía** na burocracia administrativa. Por unha banda, na Administración aumentan os órganos autónomos ou case independentes e imparciais (como os tribunais económico-administrativos ou os consellos de transparencia) e, doutra banda, na determinación das condicións de traballo participan de forma activa os sindicatos que representan os intereses dos empregados públicos. Por último, en diversos ámbitos da acción pública os órganos administrativos incorporan, xunto aos empregados ou cargos públicos, a representantes de entidades sociais ou económicas (é o caso de Iberdrola Generación SAU, que forma parte da Xunta de Goberno da Confederación Hidrográfica do Xúcar).

24. Aínda que para a ciencia da Administración a burocracia é unha categoría central, desde a perspectiva xurídica propia deste libro esa realidade administrativa desagrégase en dous ámbitos de regulación. Desde unha perspectiva obxectiva, a burocracia regúlase como un elemento máis da **organización administrativa** e, en perspectiva subxectiva, a burocracia regúlase como **emprego público** (*infra* § 31).

24 *bis.* Na súa formación histórica, a burocracia, entendida en sentido amplo, é consubstancial á idea de Administración pública. Pero a Administración sempre contou, ademais de coa súa propia burocracia, coa colaboración ou servizos de diversos **suxeitos particulares**, ben por medio de contratos con empresas (para a prestación de servizos ou para a execución de obras públicas) ben por medio de autorizacións, habilitacións ou acreditacións a favor de determinadas empresas ou persoas que, desta maneira, exercen funcións administrativas, aínda que non formen parte da burocracia administrativa. É o caso tradicional dos notarios e rexistradores, que aínda que exercen funcións administrativas —son feudatarios públicos— non forman parte da burocracia administrativa. Nas últimas décadas, nun contexto xeral de progresiva redución da burocracia administrativa, aumentou notoriamente a **externalización** de funcións administrativas. Así, por exemplo, cada vez máis leis urbanísticas autonómicas permiten que as inspeccións de obras se leven a cabo non por funcionarios municipais, senón por empresas acreditadas.

24 *ter*. No seu conxunto, todos estes fenómenos contemporáneos nos que a Administración actúa a través de suxeitos privados (non a través dos seus propios empregados e cargos públicos) pódense cualificar xenericamente como **colaboración público-privada**. Aínda que son moitas as formas concretas que adopta esta colaboración, todas elas presentan cuestións comúns, a saber: que tarefas administrativas son susceptibles de ser xestionadas por suxeitos privados (isto é especialmente transcendente en relación coas funcións administrativas de autoridade, como a práctica de inspeccións), como se seleccionan os colaboradores da Administración, como a Administración dirixe e controla a actividade dos

seus colaboradores, cal é a relación entre o colaborador privado e a cidadanía coa que interactúa ou á que lle presta servizos públicos, e como se financia a actividade do colaborador (mediante os orzamentos públicos ou mediante prezos ou taxas dos particulares que reciben os seus servizos) (VELASCO, 2023).

6. GOBIERNO E ADMINISTRACIÓN

25. Desde a perspectiva político-constitucional da separación de poderes, a Administración contemporánea nace **vinculada ao Goberno de cada Estado**. Nos albores do Estado contemporáneo, a Administración, o Goberno e o rei (ou raíña) integran o poder executivo. E tamén desde o principio os confíns da Administración, fronte ao Goberno, sempre foron difusos. Nin sequera desde un punto de vista xurídico-formal é posible distinguir con precisión entre Goberno e Administración. Así, en España **a Constitución distingue expresamente entre Goberno e Administración**, pero sen un claro criterio definitorio. Segundo o artigo 97 da Constitución española (CE), o Goberno de España dirixe a Administración. Tamén, segundo o artigo 103.1 CE, a Administración (non se fala do Goberno) está "plenamente sometida á lei e ao dereito". A mesma distinción obsérvase nos estatutos de autonomía (por exemplo: artigo 32.1 do Estatuto de autonomía de Estremadura: "Correspóndelle á Junta de Extremadura: (…) dirixir a Administración rexional"). Máis complexa é a distinción no ámbito local, pois por unha banda afírmase que os concellos ou deputacións provinciais son administracións públicas (STC 214/1989, FX 8) e doutra banda a lei di que esas administracións públicas contan con "órganos de goberno" (alcaldía, xunta de goberno e pleno) (artigos 22.1 a) e 123.1 a) da Lei 7/1985, do 25 de abril, reguladora das bases do réxime local [LBRL]).

26. Dous tipos de criterios pódense utilizar para diferenciar o Goberno da Administración: os organizativos ou formais e os funcionais. Desde unha perspectiva **organizativa ou formal**, pódese soster que o Goberno é un órgano específico do Estado ou de cada comunidade autónoma, cunha composición regrada pola propia Constitución ou os estatutos de autonomía (un presidente, un ou varios vicepresidentes e varios ministros ou conselleiros). En cambio, a Administración dirixida por cada Goberno é unha organización diversa e complexa (integrada por múltiples órganos). Aínda que este criterio obxectivo organizativo e formal é útil, presenta algunhas insuficiencias. Primeiro, porque algúns cargos ou órganos (os ministros e os conselleiros) son tanto membros dun Goberno coma da correspondente Administración. Segundo, porque hai administracións (as locais e as independentes) nas que os órganos de goberno son partes da propia Administración, non externos e superiores a ela.

27. Tamén se pode distinguir o Goberno da Administración por **criterios funcionais**. O Goberno toma decisións políticas, que se someten fundamentalmente ao control político, isto é, parlamentario e electoral (SSTC 45/1990, FX 2; 196/1990, FX 5; 83/2016, FX 10), mentres que a Administración aplica as leis ou executa as decisións do Goberno e sométese ao control xudicial. Esta distinción funcional, aínda que non é incorrecta, si é imperfecta. Porque tamén o Goberno adopta decisións aplicativas das leis (por exemplo, o Acordo do Consello de Ministros polo que se au-

toriza a realización do contrato de servizos de vixilancia e seguridade ferroviaria para 2022-2024). Ademais, na medida en que unha decisión gobernativa vulnere dereitos fundamentais ou infrinxa as leis, será anulable pola xurisdición contencioso-administrativa. Do outro lado, a Administración pública tamén adopta decisións políticas ou cun altísimo grao de discrecionalidade (como o plan xeral de ordenación urbana que aproba cada concello) e o control xudicial das decisións da Administración, cando se atopan escasamente reguladas polas leis (como unha orde da Conselleira de Emprego e Políticas Sociais de Cantabria pola que se crean axudas para a creación de emprego xuvenil) son tamén pouco fiscalizables pola xurisdición contencioso-administrativa (*infra* § 5.20).

7. FONTES DE LEXITIMIDADE

28. A lexitimidade é a razón pola que a cidadanía, organizada como comunidade política, acepta a existencia e o poder da Administración. Nos países occidentais, é hoxe incuestionable que a **democracia** é a fonte de lexitimidade de todo o Estado e, polo tanto, da Administración pública. Se a finais do Antigo Réxime —e ata ben entrado o século XIX— a Administración era unha prolongación do poder real e, polo tanto, o propio principio monárquico que sostiña o poder real lexitimaba tamén a súa Administración, as revolucións liberais desde finais do século XVIII e as súas correspondentes constitucións erixiron o principio democrático como fonte única de lexitimidade do poder público. No que respecta á Administración, a lexitimidade democrática tomou forma de **principio de legalidade**: se a soberanía nacional reside na asemblea parlamentaria, a Administración será lexítima na medida en que se someta por completo á lei.

29. Este sinxelo enunciado, propio dunha comprensión eminentemente político-xurídica da Administración, permaneceu ata os nosos días, pero mostra claros sinais de insuficiencia ou esgotamento. A lexitimidade da Administración por medio do sometemento á lei ("dominación racional", en termos weberianos) pode ser adecuada para o tipo ideal de Administración de policía ou intervención, característica do Estado e das democracias liberais de principios do século XX, pero mostra insuficiencias explicativas cando, co **Estado de benestar**, se perde a perspectiva do poder como dominación e se expande o tipo ideal de Administración igualadora ou redistributiva, xustificada polas sentenzas do mercado e orientada teleoloxicamente ao benestar da cidadanía. Nese novo contexto, a Administración lexitímase tamén pola súa función, por ser un instrumento idóneo para a efectividade do Estado social. A lei non perde, certamente, a súa función lexitimadora da Administración, pero non é xa a única fonte de lexitimidade racional. No noso tempo, a Administración ábrese a **novas formas de lexitimidade**, unhas complementarias e outras alternativas á lexitimidade democrática. Fálase así, en primeiro lugar, da *out-put legitimacy*, isto é, dunha lexitimidade da Administración baseada nos seus resultados, no grao de cumprimento das súas tarefas características. Fálase tamén da transparencia e da participación cidadá como formas complementarias de lexitimidade administrativa. Ademais, a

chamada "boa administración", categoría que describe certas formas cualificadas de actuación da Administración, actúa hoxe tamén como fonte de lexitimidade.

30. Poderíase afirmar que, aínda que **o principio de legalidade establece un estándar básico e mínimo de lexitimidade** para toda clase de Administración, cada tipo ou forma de Administración pública conta con máis ou menos fontes complementarias de lexitimidade. Así, por exemplo, a Administración local frecuentemente conta cunha dobre lexitimidade democrática: a que provén do principio de legalidade (o sometemento dos concellos á lei parlamentaria) e a que deriva da elección directa polos veciños dos seus órganos de goberno (o consello ou asemblea municipal e mesmo nalgúns países tamén o alcalde). Nesa medida, a Administración local non precisa de fontes complementarias de lexitimidade. Como contrapunto, hai administracións públicas, como as axencias independentes da Unión Europea, cuxo funcionamento está escasamente regulado pola lei; e por iso mesmo, para complementar a súa baixa lexitimidade democrática, son moi transparentes ou participativas. En suma, hai tantos niveis de lexitimidade como tipos ou formas de Administración pública.

8. TIPOS E MODELOS DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

31. A variedade de administracións públicas no mundo fai necesaria unha certa racionalización explicativa, mediante tipos ou modelos administrativos. Estes tipos e modelos non se corresponden con concretas administracións públicas, nin históricas nin presentes. Son conceptos abstractos que permiten sistematizar e entender mellor como son e que fan as distintas administración públicas efectivamente existentes. Dada a pluralidade de perspectivas analíticas sobre a Administración, podemos atopar tipoloxías e modelos explicativos máis ou menos apegados a **cada disciplina académica**. Así, a ciencia da Administración achéganos varios modelos administrativos: clientelar, burocrático, xerencial ou de gobernanza. Tamén a ciencia da Administración (e antes a ciencia da policía) comparte co dereito administrativo unha tipoloxía de actividades administrativas (de intervención ou policía, de prestación ou de servizo público e de fomento) e unha tipoloxía organizativa (burocrática ou por departamentos, fronte a axencias ou Administración "de misión").

8.1. Modelos administrativos

32. A ciencia política e da Administración recoñece de forma tradicional catro modelos administrativos. Está, en primeiro lugar, o modelo **clientelar**, no que a Administración depende ou está capturada por determinados grupos sociais ou de interese. Este non é só un modelo histórico, senón que está tamén presente nas administracións penetradas polos partidos políticos. O modelo **burocrático ou racionalizado** descansa sobre tres ideas elementais: a separación entre as decisións políticas (expresadas en leis e acordos gobernativos) e a súa execución administrativa, o carácter obxectivado ou aplicativo (despolitizado) da actividade administrativa e a profesionalidade dos empregados públicos, recrutados con criterios de mérito e capacidade. O modelo **xerencial** responde ao movemento académico e político do *New Public Management*, que protagonizou a renovación administrativa desde a década de 1980. Neste modelo, a Administración imita as formas de actuación empresarial,

de aí o seu interese pola calidade dos servizos, a eficiencia na xestión, a flexibilidade funcional, a descentralización na provisión de servizos ou a formación e a reciclaxe continua dos empregados públicos. Un último modelo administrativo, o máis contemporáneo, sería o de **gobernanza**. Pártese nel da pluralidade de actores públicos e privados, cada un deles con diferentes capacidades e distintos intereses. A gobernanza administrativa consiste precisamente en inserir todos estes actores nunha rede funcional única que tome en conta as distintas perspectivas e aproveite as distintas capacidades (coñecemento, capacidade financeira etc.).

8.2. Tipos organizativos

33. Ao longo do século xx, nalgúns países da Europa continental fixo fortuna a distinción elemental entre organizacións con base asociativa (**corporacións**) e organizacións con substrato patrimonial (**fundacións**) ou especialización funcional (**establecementos**). O criterio distintivo estaba na asociación de persoas (propia da corporación) fronte ao elemento de misión ou fin característico, propio tanto das fundacións coma dos establecementos públicos. Sen perder por completo a súa utilidade orixinal, a oposición entre asociación e finalidade característica foi perdendo eficacia explicativa. No noso tempo, gañou predicamento a distinción entre administracións **territoriais**, portadoras de fins amplos ou case universais, e administracións instrumentais, **funcionais**, ou "de misión". Máis recentemente, propúxose tamén a simple distinción entre administracións xerais e administracións especiais (*infra* § 8.23), coa que se pretende eludir tanto a oposición corporación *versus* fundación como a distinción entre administracións territoriais e instrumentais.

34. Noutros países, fálase máis que de tipos de administracións públicas de **tipos organizativos** da Administración pública. Distínguese así de forma estrutural entre os **departamentos e as axencias** ou entre diversos tipos de axencias (reguladoras, executivas etc.). Os departamentos son estruturas organizativas primarias, burocráticas, simétricas, xerarquizadas, con múltiples funcións decisorias e, con frecuencia, estreitamente vinculadas a concretos corpos de funcionarios. As axencias son entidades derivadas e asimétricas, normalmente conectadas a un departamento, para tarefas ou funcións moi específicas e coutadas, e máis flexibles na súa organización e emprego. Un trazo normalmente distintivo entre departamento e axencia (e mesmo entre axencia executiva e axencia reguladora) é o seu **grao de autonomía** ou separación respecto dun órgano de goberno político, con lexitimidade democrática. As estruturas organizativas máis vinculadas ao goberno político son departamentos, as estruturas máis autónomas funcionalmente (mesmo ás veces independentes) son axencias. A diferenciación entre departamentos e axencias tamén resulta da distinción funcional entre os órganos que **definen políticas públicas** (os departamentos) e os órganos ou organizacións que prestan servizos públicos materiais (axencias).

35. A **Administración norteamericana** coñece a distinción entre departamento e axencia. O que marca a singularidade de cada concreta axencia é a clase de funcións que exerce (regulatorias ou aplicativas) e o nivel de independencia que ten (respecto dos gobernos políticos). Temos así, como tipos em-

píricos extremos, as *Regulatory Commissions* (con funcións tanto normativas —por delegación— coma aplicativas e cun alto nivel de independencia funcional) e as *Executive Branch Axencies*, eminentemente aplicativas e con escasa autonomía regulatoria. Tamén no Reino Unido a distinción entre departamentos e axencias, aínda que é relativamente recente (desde mediados dos anos sesenta do século XX) ten valor estrutural, malia que os trazos característicos dos departamentos e das axencias británicas non son simétricos aos dos seus homónimos norteamericanos. Distínguese en Gran Bretaña entre os departamentos, as axencias executivas e as entidades públicas non departamentais (*No-departmental Public Bodies: NDPBs*).

36. As diversas formas organizativas da Administración xorden en concretos contextos político-xurídicos, e débense a eses concretos contextos. Pero as formas organizativas, unha vez ensaiadas nun determinado Estado ou para unha determinada política pública, extrapólanse. En ciencia da Administración, a isto chámaselle **isomorfismo administrativo**. As virtudes do isomorfismo están no aforro de custos de innovación, porque se trasladan ás formas organizativas xa experimentadas con éxito.

37. O **problema do isomorfismo** está na posible inidoneidade dunha forma organizativa fóra do concreto ecosistema político, xurídico e social no que naceu. Así ocorreu na Europa continental, onde os departamentos, a forma organizativa tradicional das administracións públicas desde os inicios do século XIX, conviven hoxe con axencias independentes (inspiradas, fundamentalmente, nos Estados Unidos). O traslado é problemático porque o modelo de axencias independentes norteamericano descansa sobre tres piares: unha dobre relación institucional da axencia co Congreso Federal (ou coas correspondentes cámaras lexislativas dos estados federados) e coa presidencia ou o gobernador estatal, o carácter frecuentemente bipartidista do seu órgano colexiado de dirección e un control xudicial moi contido. Este modelo de lexitimidade institucional é de difícil translación á Europa continental, cunha Administración fortemente baseada no principio de legalidade (canta máis densidade legal, máis lexitimidade da Administración) e nun control xudicial intenso (á medida da propia densidade da regulación legal). A máis ampla autonomía, propia das axencias, desborda a concepción mesma da Administración pública dos estados europeos e desencadea a procura de novos instrumentos de lexitimación para as axencias (*supra* § 1.29).

8.3. Tipos de actividade administrativa

38. Dous son os tipos elementais de actuación administrativa: de **policía ou intervención e prestadora**. Unha tipoloxía tamén bimembre, aínda que parcialmente distinta, distingue entre actividade de autoridade ou poder e actividade de xestión. Na distinción elemental entre actividade de intervención ou de policía e actividade prestacional, o criterio diferenciador está nos efectos da actividade administrativa sobre a cidadanía: efectos gravosos ou favorables. Esta distinción binaria converteuse en estrutural a partir da segunda posguerra mundial, co nacemento constitucional do Estado social e a multiplicación da actividade prestacional do Estado. Aínda hoxe, malia que a actividade de policía ou intervención deu lugar a un concepto máis amplo (o de Administración ordenadora), a distinción binaria elemental mostra unha alta utilidade sistematizadora.

39. A innegable eficacia ordenadora do binomio Administración de policía ou intervención *versus* Administración prestadora non pode perder de vista algunhas realidades que relativizan ou erosionan a súa eficacia explicativa. En primeiro lugar, de sempre existiron actuacións administrativas **con dobre efecto** (prestación-limitación), porque simultaneamente benefician un destinatario e prexudican a outro. Por exem-

plo, a orde de peche dun local nocturno ruidoso pode ser visto como unha actuación administrativa prestacional (a favor dos residentes do edificio) e como a restrición dun dereito (o de libre empresa do titular do local). Ademais, a expansión e a sofisticación da actuación administrativa achega a ambos os tipos de actividade administrativa (de intervención e prestacional) unha certa función **complementaria**. Así, nos servizos públicos básicos para a cidadanía, como o transporte público, tanto hai prestación como policía ou intervención (para garantir o correcto acceso a todos os servizos).

40. Sen contestar abertamente as tipoloxías funcionais bimembres, en España arraigou, desde a metade do século xx, unha clasificación trimembre, a que distingue entre Administración de **policía**, **de servizo público e de fomento.** O característico do fomento, como terceiro tipo característico de actividade administrativa, sería o seu carácter prestacional indirecto: non prestaría servizos concretos á cidadanía, senón medios ou axudas económicas ou outros incentivos para conseguir fins de interese xeral (JORDANA DE POZAS, 1949: 48).

41. En cada momento histórico, policía, fomento e servizo público pretenderon ser, máis que simples tipos de actuación, **conceptos explicativos do conxunto da actividade administrativa**. Historicamente, xa no século xviii, na Europa continental, a idea de policía (actuación pública para garantir o libre exercicio dos dereitos individuais) describía toda a actividade da Administración, incluso aquela de contido prestacional. O fomento da riqueza nacional (da industria, do comercio e da facenda) é un concepto moi presente no pensamento ilustrado cara a finais do século xviii, e formúlase orixinalmente non como un tipo de actividade estatal, senón como un argumento lexitimador para toda intervención do Estado (a monarquía) na vida e nos bens das persoas. En tanto que argumento lexitimador do poder, a idea xeral do fomento abarcaría mesmo a de policía, entendida como unha forma de fomento do interese xeral. O servizo público é o terceiro tipo de actividade administrativa, xunto á policía (intervención, ordenación) e ao fomento. Na formulación de Duguit a principios do século xx, en Francia, o servizo público describe non un concreto tipo de actividade, senón o conxunto da actividade administrativa dirixida á consecución do interese xeral. Actualmente, a policía, o fomento e o servizo público xa non se entenden como explicacións sucesivas para o conxunto de actividade administrativa, senón como tipos ou modalidades de actuación da Administración contemporánea.

42. Son moitas as **obxeccións** á clasificación bipartita (intervención *versus* prestación) ou tripartita (policía, servizo público e fomento) da actividade administrativa. Critícase, sobre todo, a súa **insuficiencia** para abarcar fenómenos contemporáneos (como a actividade administrativa arbitral, a actividade industrial do Estado, a xestión patrimonial ou a xestión da información en bancos de datos públicos) e a súa incapacidade para describir as **transformacións actuais** dos fins e das técnicas características de cada un daqueles tipos clásicos. Así, o concepto clásico de policía administrativa non describe ben a súa orientación contemporánea cara á xestión de riscos e a intensificación das técnicas de intervención *ex post* (*infra* § 22.5 e 22.68). Tampouco o concepto tradicional de servizo público describe ben a progresiva substitución da actividade prestacional pola actividade administrativa de garantía das prestacións por operadores privados (*infra* § 23.5). Por último, o concepto clásico de fomento tampouco abarca hoxe facilmente certos modos sofisticados de dirección ou manipulación da conduta da cidadanía, que van desde o *márketing* e a publicidade —mediante a utilización de selos, etiquetas e marcas— ata o uso de os *nudges* ou acicates (*infra* § 24.73).

43. No noso tempo, o enfraquecemento máis determinante da distinción nuclear entre intervención e prestación, ou entre policía, fomento e servizo público, provén da progresiva teorización da "Administración garante" (ESTEVE, 2015: 23). A **Administración garante** sería aquela que non presta servizos (nin directa nin indirectamente), senón que se ocupa de asegurar que a sociedade mesma (os suxeitos privados que compiten no mercado) efectivamente desenvolvan aquelas tarefas consideradas como de interese xeral. Sen dúbida que **a idea de "garantía"** é útil para describir os fenómenos contemporáneos de retirada do Estado na prestación dunha boa parte dos servizos públicos establecidos tras a II Guerra Mundial e no marco do emerxente Estado social. Pero xa é máis dubidoso que a Administración garante sexa un tipo alternativo de actividade administrativa. Pois, en puridade, a Administración garante caracterízase pola substitución progresiva da actividade prestacional administrativa (directa ou indirecta) por actividade de policía, renovada no seu instrumentario (que agora incluiría, ademais das técnicas tradicionais de regulación, inspección ou sanción, outras máis actuais, como a información administrativa ao público) (*infra* § 25.38).

43 *bis*. Desde a perspectiva económica, a importancia da competencia no mercado interior europeo está a aclarar a distinción entre **actividade administrativa de autoridade e económica**. Aínda que esta distinción non é nova e garda relación coa diferenza francesa de principios do século XX entre "autoridade" e "xestión" administrativas, agora cobra un novo significado. Distingue entre a Administración que actúa á marxe do mercado, exercendo funcións singulares (moitas delas de autoridade) non comúns a outros suxeitos, e a Administración que actúa **no mercado**, sometida ás mesmas ou similares regras económicas e xurídicas (como o dereito da competencia) que rexen para o conxunto de operadores xurídicos.

9. A ADMINISTRACIÓN CONTEMPORÁNEA

44. A Administración actual é o resultado de múltiples factores sociais, políticos, económicos e xurídicos que se foron sucedendo ao longo da historia, e en especial desde os inicios do século XIX. Neste devir histórico, o tempo actual tamén está contribuíndo a moldear a Administración pública. No noso tempo, a Administración abriuse máis á complexidade e á diversidade, tanto social coma territorial; multiplicou a súa actividade internacional; busca a lexitimidade non só na lei, senón tamén a través da eficacia; busca a sustentabilidade (tanto económica coma ambiental e social) e, sobre todo, incorpora no seu funcionamento sofisticadas tecnoloxías da información e da comunicación.

45. Nas tres últimas décadas, a Administración incorporou masivamente a enxeñería electrónica na sinatura de documentos, notificacións, rexistros ou no funcionamento dos órganos colexiados. Todo iso permitiu falar de e-Administración ou Administración electrónica. No noso tempo, fálase de Administración **dixital** para abarcar tamén a utilización de algoritmos, de intelixencia artificial, de bases masivas de datos (*big data*) e de *blockchain*. A Administración dixital sérvese da tecnoloxía informática para os seus **procesos internos** (elaboración de decisións, xestión e control económico, conexións de datos entre órganos administrativos), para as relacións **con outras administracións públicas** nacionais ou estranxeiras (control integrado das fronteiras *Schengen* mediante o sistema informático SIS-II) e para as relacións cos **particulares** (procedementos administrativos electrónicos, participación cidadá, prestación intelixente de servizos públicos, transparencia a través de Internet, co-

municación coa cidadanía por redes sociais, traslado de información e apertura de bancos de datos á cidadanía e ás empresas).

46. A dixitalización administrativa unhas veces modula as estruturas e o funcionamento da Administración precedente e outras veces dá lugar a fenómenos e realidades administrativas por completo novas. Hai **adaptación** na incorporación do teletraballo (onde non se cambian funcións xa existentes, senón o lugar da súa realización) ou no funcionamento telemático dos órganos colexiados. E hai **novidade** na actuación administrativa mediante algoritmos (que programan decisións administrativas automáticas ou dirixen servizos públicos de forma automatizada, como ocorre cos transportes públicos nas *Smart cities*) e no uso da intelixencia artificial, mediante a cal unha máquina pode aprender da realidade ou da súa propia experiencia e formar ou corrixir os algoritmos que aplica: é o caso dos algoritmos para a prevención de riscos naturais ou de fraudes e infraccións, que se corrixen polos propios computadores a partir da práctica.

47. Todos estes cambios tecnolóxicos afectan os fundamentos e características da Administración pública tradicional. Así, por exemplo, a automatización de moitas actuacións administrativas repetitivas fai innecesarios moitos **postos de traballo** de xestión administrativa e, en cambio, aumenta a demanda de empregados públicos expertos en programación e deseño de procedementos electrónicos. A transparencia administrativa a través de Internet —cando é plena e real— actúa como unha nova fonte de **lexitimidade** da Administración e permite alixeirar os controis administrativos internos a través de funcionarios especializados, como os interventores. A dixitalización tamén permite unha maior comunicación entre particulares e órganos administrativos, o que facilita tanto a **Administración multinivel** como a incorporación masiva de particulares en procedementos administrativos, como ocorre con procedementos electrónicos de **participación cidadá**. Todas estas transformacións iníciansе na práctica administrativa, pero acaban por gañar carta de natureza nas leis administrativas.

10. BIBLIOGRAFÍA

10.1 Bibliografía citada

Marcos ALMEIDA CERRADA, "Historia de la ciencia del derecho administrativo en España", en José María RODRÍGUEZ DE SANTIAGO, Gabriel DOMÉNECH PASCUAL e Luis ARROYO JIMÉNEZ (coordinadores), *Tratado de Derecho administrativo*, vol. I., Marcial Pons, Madrid-Barcelona-Bos Aires-San Paulo, 2021, pp. 329-376.

Jacques CHEVALLIER, *L´État postmoderne*, 5.ª ed., LGDJ, París, 2017.

José ESTEVE PARDO, "La Administración garante. Una aproximación", *Revista de Administración Pública*, núm. 197 (2015), pp. 11-39.

Alfredo GALLEGO ANABITARTE, *Constitución y personalidad jurídica del Estado*, Madrid, Tecnos, 1992.

Eduardo GARCÍA DE ENTERRÍA, "El concepto de personalidad jurídica en el derecho público", *Revista de Administración Pública*, núm. 129 (1992), pp. 195-207.

Luis JORDANA DE POZAS, "Ensayo de una teoría del fomento en el derecho administrativo", *Revista de Estudios Políticos*, núm. 48 (1949), pp. 41-54.
Francisco LÓPEZ JURADO, "Los criterios doctrinales de clasificación de las organizaciones administrativas", *Revista de Derecho Público: Teoría y Método*, núm. 1 (2020), pp. 101-146.
Luca MANNORI, "Justicia y Administración entre Antiguo y Nuevo Régimen", *Revista jurídica Universidad Autónoma de Madrid*, tradución do orixinal italiano (1997), por Julia Solla e Alejandro Agüero, núm. 15 (2007), pp. 125-146.
Luis MEDINA ALCOZ, *Historia del derecho administrativo español*, Marcial Pons, Madrid-Barcelona-Bos Aires-San Paulo, 2022.
Alejandro NIETO, *Estudios de derecho y ciencia de la Administración*, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, Madrid, 2001.
Julián PELÁEZ DEL POZO, *Tratado teórico-práctico de la organización, competencia y procedimiento en materias contencioso-administrativas*, Imprenta D. B. González, Madrid, 1849
Jos C. N. RAADSHELDERS, *Handbook of administrative history*, Transaction Publishers, New Brunswick, N. J., 1998.
Francisco VELASCO CABALLERO, "La Administración en la colaboración público-privada", *Revista Catalana de Dret Públic*, núm. 67 (2023), pp. 36-66.

10.2. Bibliografía complementaria recomendada

Mariano BAENA DEL ALCÁZAR, *Curso de ciencia de la administración*, 4.ª ed., Tecnos, Madrid, 2000.
Agustí CERRILLO I MARTÍNEZ (Dir.), *La Administración digital*, Dykinson, Madrid, 2022.
Manuel ARENILLA SÁEZ, "Marco teórico actual de la Administración pública", en Manuel ARENILLA SÁEZ, *Crisis y reforma de la Administración pública*, Netbiblo, Oleiros (A Coruña), 2011, pp. 1-138.
Carles RAMIÓ, *La Administración pública del futuro (horizonte 2050). Instituciones, política, mercado y sociedad de la informació*n, Tecnos, Madrid, 2017.
Carles RAMIÓ, *Inteligencia artificial y Administración pública*, Catarata, Madrid, 2019.
Francisco VELASCO CABALLERO, "Reformas de la Administración pública: fenomenología, vectores de cambio y función directiva del derecho administrativo", *Anuario de la Facultad de Derecho de la Universidad Autónoma de Madrid*, núm. 23 (2017), pp. 107-143.

Manual de Dereito administrativo
Revista de Derecho Público: Teoría y Método
pp. 67-86
Madrid, 2026
Marcial Pons Ediciones Jurídicas y Sociales
DOI: 10.37417/ManDerAdm/L02
© M.ª Mercè Darnaculleta Gardella
Editado bajo licencia Creative Commons Attribution 4.0 International License.

LECCIÓN 2

DEREITO ADMINISTRATIVO

M.ª Mercè Darnaculleta Gardella
Universidade de Xirona

SUMARIO: 1. APROXIMACIÓN AO DEREITO ADMINISTRATIVO.—2. FINS E FUNCIÓNS DO DEREITO ADMINISTRATIVO.—3. CONCEPTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN: 3.1. O Dereito administrativo como dereito propio da Administración pública; 3.2. O carácter relativo da correlación entre Dereito administrativo e Administración pública; 3.2.1. O emprego do Dereito común pola Administración pública; 3.2.2. A expansión do Dereito administrativo extramuros da Administración.—4. O DEREITO ADMINISTRATIVO COMO ORDENAMENTO; 4.1. Estrutura; 4.2. Características.—5. O DEREITO ADMINISTRATIVO COMO CIENCIA; 5.1. A función dogmática do Dereito administrativo; 5.2. A apertura conceptual, xeográfica e metodolóxica.—6. O DEREITO ADMINISTRATIVO COMO DISCIPLINA.—7. BIBLIOGRAFÍA; 7.1. Bibliografía citada; 7.2. Bibliografía complementaria recomendada.

1. APROXIMACIÓN AO DEREITO ADMINISTRATIVO

1. Esta lección ten por obxecto ofrecer unha **introdución** convencional ao Dereito administrativo español contemporáneo. Con todo, para facilitar a súa lectura, resulta conveniente explicitar que, aínda que a estrutura da lección se articula ao redor dunha aproximación propiamente xurídica do Dereito administrativo, o seu contido incorpora **outras perspectivas metodolóxicas** que reflicten o proceso actual de apertura desta disciplina.

2. Nesta liña, e con carácter previo á introdución aos fins e funcións do Dereito administrativo e á súa conceptualización, deben realizarse algunhas precisións co obxecto de facilitar a comprensión deste fenómeno. En concreto, é necesario advertir que, desde unha perspectiva lingüística, a expresión "Dereito administrativo" posúe un carácter polisémico. Desde unha perspectiva fenomenolóxica, o Dereito administrativo é unha realidade universal na actualidade que presenta trazos diversos en función do contexto histórico, xeográfico e xurídico no que se desenvolve e, desde unha perspectiva cognitiva, a aproximación a esta realidade está afectada, entre outros, por orientacións ideolóxicas, orientacións de escola e orientacións culturais propias de cada tempo e lugar (MIR, 2025).

3. A expresión "Dereito administrativo", desde unha **perspectiva lingüística**, posúe diversas acepcións, posto que alude a tres fenómenos diferentes, aínda que complementarios. Nunha primeira acepción, a mencionada expresión refírese a unha rama do **ordenamento** xurídico que ten por obxecto específico a regulación dos fins, da estrutura e da dinámica de actuación das administracións públicas. O Dereito administrativo como ordenamento é, hoxe en día, unha realidade universal, na medida en que, a pesar da súa diversidade tipolóxica, existen dereitos administrativos en todo o mundo.

4. Nunha segunda acepción, a observación e análise do ordenamento xurídico-administrativo e a formulación de enunciados científicos ou explicativos desa realidade permiten falar do Dereito administrativo como **ciencia**. A ciencia do Dereito administrativo ten como precedentes a cameralística e a ciencia da policía, coas que a finais do Antigo Réxime, no continente europeo, se dan os primeiros pasos para a construción do Dereito público. Esta ciencia consolídase grazas ás grandes construcións doutrinais elaboradas a finais do século XIX e principios do século XX, en Francia, Italia, Alemaña e, en España, culmina coa creación da Revista de Administración Pública a mediados do XX. Na actualidade, estamos asistindo ao xurdimento dunha nova ciencia do Dereito administrativo, derivada dun proceso de reforma, baseado na análise comparada e na interdisciplinariedade, que foi cualificado como un proceso de crise, de ruptura ou mesmo de transformación radical do Dereito administrativo.

5. A terceira acepción da locución "Dereito administrativo" refírese a este obxecto como materia propia dunha **disciplina académica**. O ensino do Dereito administrativo como disciplina nútrese do ordenamento xurídico-administrativo, das achegas da doutrina científica clásica e das achegas máis relevantes da doutrina contemporánea.

6. En España, o estudo desta materia introduciuse por primeira vez a mediados do século XIX, no **primeiro plan de estudos da Facultade de Xurisprudencia**. Os plans de estudos das facultades de xurisprudencia e de dereito, aprobados no período comprendido entre 1845 e 1900, foron ampliando o peso relativo desta disciplina, que se explicaba no marco dunha materia que recollía os contidos do Dereito público de finais do século XIX, con denominacións diversas —como "Dereito político e administrativo" ou "Dereito público e Dereito administrativo español"—. No ano 1900, mediante o Real decreto, do 1 de agosto de 1900, introduciuse unha reforma no plan de estudos da Facultade de Dereito e de Ciencias Sociais mediante a cal o Dereito administrativo adquiriu plena autonomía, ao impartirse como unha materia autónoma no terceiro ano de carreira (ALMEIDA, 2021: 359).

7. En calquera das tres acepcións mencionadas, o Dereito administrativo presenta trazos diversos, en función do **tempo e do lugar** de referencia, en consonancia coa configuración do Estado e da Administración dun momento histórico e un ámbito xeográfico determinado. A orixe do Dereito administrativo vincúlase convencionalmente ao nacemento do Estado de dereito, ao recoñecemento da soberanía popular e á división de poderes, coa consecuente adscrición da Administración no poder executivo, de modo que xogan un papel relevante na súa configuración tradicional a vinculación da Administración ao dereito (principio de legalidade) e o control xurídico da Administración (*infra* § 3.48-50).

8. A comprensión máis común do Dereito administrativo, estreitamente vinculada ao Estado de dereito e ao principio constitucional de separación de poderes, formouse progresivamente (desde principios do século XIX) en determinados países da **Europa continental** —Francia, Italia, Alemaña e España— e tivo unha notable influencia no Dereito administrativo de América Latina. Porén, na actualidade conviven diversos tipos e concepcións do Dereito administrativo **en todo o mundo** —tamén no Reino Unido e nos Estados Unidos e, de forma máis recente, mesmo en diversos países do continente africano e do extremo oriente—. Así mesmo, obsérvase que existiron e seguen existindo Dereitos administrativos **sen Estado de Dereito** —como os estados autoritarios da Alemaña nazi, a España franquista ou a actual República Popular Chinesa— (VELASCO, 2021: 38).

9. O Dereito administrativo configurouse tradicionalmente como un dereito de **Estado** e, máis en concreto, como un dereito aplicable á Administración, en tanto que parte do poder executivo do Estado. Por esta razón, a configuración do Estado —centralizado ou descentralizado, autoritario ou democrático, liberal ou social— e da Administración —máis ou menos interventora, prestadora de servizos ou meramente reguladora— explican tamén a densidade e o contido dos distintos dereitos administrativos existentes.

10. A aprobación da Constitución de 1978 —que define o Estado español como un Estado social e democrático de dereito, que se organiza territorialmente en comunidades autónomas, provincias e municipios— e a integración na Unión Europea —coa consecuente participación das administracións públicas nacionais na Unión administrativa europea— conduciron a unha **desestatalización** do Dereito administrativo vixente. Isto é, o Dereito administrativo non se produce só polo Estado central (tamén procede da Unión Europea, das comunidades autónomas e das entidades locais) e aplícase non só á Administración estatal, senón a unha pluralidade de administracións públicas de ámbito *infra* e *supra* estatal (*infra* §§ 4.60 e 73-76). Doutra banda, na actualidade, o contido do Dereito administrativo vén predeterminado pola **constitucionalización** dos fins e dos límites da actuación administrativa (por exemplo, o Dereito administrativo que regula o emprego público está dirixido e limitado polo principio de imparcialidade dos funcionarios, tal e como establece o artigo 103.3 da Constitución española [CE]) (*infra* §§ 4.1-8), e pola **europeización** tanto dos sectores de referencia do Dereito administrativo (así, por exemplo o Dereito administrativo ambiental que se aplica en España é un desenvolvemento de previos regulamentos e directivas da Unión Europea) coma das súas principais institucións e instrumentos xurídicos (desde a contratación administrativa ata as técnicas de intervención clásica, como a autorización administrativa, o servizo público ou as axudas públicas) (*infra* § 12.7).

11. A apertura actual dos estados, froito do proceso de rexionalización, internacionalización e **globalización** da economía, está a dar lugar á aparición dun Dereito administrativo europeo e dun Dereito administrativo internacional ou global, aplicable ás organizacións internacionais e ás redes transnacionais de regulación (LEÑERO/DARNACULLETA, 2021: 674). Pénsese, por exemplo, nas crecentes regulacións e estándares financeiros internacionais, tanto vinculantes coma non vinculantes, que afectan directamente as diversas administracións públicas de España (*infra* § 2.41)

12. A relevancia e a expansión actual, en termos funcionais e xeográficos, do Dereito administrativo contrasta con todo cun **nesgo ideolóxico e cultural** que atribúe unha connotación marcadamente negativa desta rama do dereito. Constitúe un lugar común na actualidade identificar o Dereito administrativo cos **obstáculos** procedementais que dificultan a concreción e a implementación de políticas públicas, o acceso a axudas ou servizos sociais ou a liberdade económica. Os trámites administrativos, propios dunha concepción garantista do Dereito administrativo, considéranse un lastre para a economía e unha carga innecesaria para a cidadanía que hai que superar. A penetración dunha concepción economicista da regulación propia do dereito regulatorio angloamericano no Dereito administrativo continental europeo propicia, precisamente, a desregulación e, con ela, a desconfianza nas fórmulas tradicionais de intervención da Administración na economía e na sociedade (*infra* § 25.14). De pouco serve para combater esta situación a razón científica, que tenta convencer os destinatarios do Dereito administrativo de que esta rama do ordenamento ten por obxecto a persecución do interese xeral e a limitación do poder da Administración, á que se dotou de prerrogativas exorbitantes para facelo efectivo (*infra* § 15.5 e § 34.1-2)

13. A reticencia que esperta o Dereito administrativo súmase á especial **complexidade** que caracteriza esta rama do ordenamento, formada por un denso e extenso labirinto de disposicións normativas de múltiples niveis, cuxo ámbito subxectivo, obxectivo e temporal de aplicación é diverso e cambiante, o que dificulta a tarefa de expoñer de forma clara o seu contido sen caer na simplificación (o réxime xurídico da contratación do sector público resulta exemplificativo desta complexidade [*infra* §§ 19.8-13 e 26 e § 2.43]). Os estudantes, os profesores e os operadores xurídicos deben lidar con estereotipos e prexuízos que identifican o Dereito administrativo cunha materia e difícil, aburrida, árida e gris. Neste contexto, é particularmente relevante sinalar a **importancia** e a beleza dunha rama do dereito que afecta a todos os ámbitos da vida da cidadanía —que a acompaña no nacemento, na saúde, na enfermidade e na tumba (*infra* § 23.36)—, que a protexe fronte a todo tipo de riscos —naturais, tecnolóxicos, industriais, ambientais, sanitarios ou financeiros (*infra* § 22.17)—, que resulta determinante para a provisión dos servizos públicos —para a provisión da auga, a vivenda, a educación, a saúde, a electricidade, o transporte ou a enerxía— (*infra* § 23.1), e que protexe e salvagarda os recursos naturais —os ríos, as praias, os humidais e os montes (*infra* § 30.31)— para o seu gozo por parte das xeracións presente e futuras. A satisfacción efectiva destes fins depende da correcta formulación e aplicación do Dereito administrativo, cuxo coñecemento resulta indispensable, non só para resolver os grandes temas que afectan a nosa sociedade, senón tamén para orientarse en cuestións tan cotiás como a solicitude dunha bolsa (*infra* § 15.54-58) ou o pago dunha multa (*infra* § 27).

2. FINS E FUNCIÓNS DO DEREITO ADMINISTRATIVO

14. De acordo coa configuración constitucional da Administración pública (artigo 103.1 CE), o Dereito administrativo ten por **finalidade** garantir que a Administración pública sirva con obxectividade os **intereses xerais**, cumprindo con eficacia as funcións que lle atribúe o ordenamento xurídico (*infra* § 4.1). No Dereito administrativo de corte continental europeo, a satisfacción desta finalidade veu acompañada, xunto á atribución dos medios económicos, materiais e persoais necesarios para garantir o seu cumprimento efectivo, da atribución de diversas prerrogativas ou potestades extraordinarias para a Administración (como a potestade sancionadora —*infra* § 27—, da potestade de decisión executiva —*infra* § 17.19— e da potestade de execución forzosa das súas decisións —*infra* § 17.82—), non dispoñibles para as persoas privadas. Conforme a iso, o Dereito administrativo xira ao redor de dous eixes fundamentais: a regulación do alcance e os límites das potestades exorbitantes e a regulación da xestión interna dos recursos públicos atribuídos á Administración. O primeiro eixe inclúe a atribución por lei de potestades administrativas (inspectora —*infra* § 22—, sancionadora —*infra* § 27—, expropiatoria —*infra* § 26—), a regulación das garantías procedementais para o seu exercicio —*infra* § 15— e o seu sometemento ao control xudicial —*infra* § 34—. As normas derivadas deste primeiro eixe teñen por finalidade **embridar o poder** das administracións públicas e garantir a **eficacia** da súa actuación. O segundo eixe inclúe as regras de adquisición, administración e xestión do persoal —*infra* § 31—, os bens —*infra* § 30— e os recursos económicos e financeiros da Administración —*infra* § 29— e teñen por finalidade garantir a transparencia, a obxectividade e a **eficiencia** na xestión de recursos públicos.

15. En consonancia con estes fins, o Dereito administrativo cumpre diversas funcións, que poden sintetizarse nas funcións de lexitimación, dirección e control da Administración. En primeiro lugar, o Dereito administrativo **lexitima** a actuación da Administración, faina xuridicamente admisible (por exemplo, a conselleira de Sanidade de Aragón pode ordenar o peche urxente de establecementos de lecer para evitar o contaxio dun virus, porque así llo permite o artigo 3 da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública).

16. A función lexitimadora sofreu unha importante **transformación** a partir da configuración constitucional actual do Estado como social e democrático de dereito. No modelo de Estado liberal, a Administración, en tanto que vinculada ao poder executivo, carecía da lexitimidade democrática propia do Parlamento e operaba nun contexto no que se predicaba a súa intervención mínima na sociedade. Neste contexto, calquera actuación administrativa destinada a ordenar a actividade dos particulares, prestar os servizos públicos ou fomentar as iniciativas privadas de interese social requiría unha habilitación legal previa. Ao ser a lei a fonte principal de lexitimidade da Administración, entendíase que esta debía limitarse a executar o seu contido, consonte o principio de vinculación positiva (a diferenza dos cidadáns que, de acordo co principio de vinculación negativa, poden facer todo o que non estea expresamente prohibido por lei). Coa aprobación da Constitución española de 1978, esta función lexitimadora do Dereito administrativo perdeu parte do seu sentido, na medida en que **a Constitución é fonte de lexitimidade directa** da Administración pública e atribúelle tamén directamente mandatos de actuación que lexitiman a súa intervención na sociedade. Neste contexto, as leis administrativas seguen sendo fonte de lexitimidade da Administración —que está vinculada "á lei e ao dereito" (artigo 103.1 CE)—,

pero na súa falta, e salvo nos casos de reserva material de lei, é a Constitución quen autoriza ou lexitima a actividade administrativa (*infra* § 4.13). Xorden, ademais, novas formas de lexitimidade, baseadas na eficacia, na participación directa ou na orientación ética da actividade administrativa (*supra* § 1.29).

17. A **función de dirección** concrétase principalmente nos mandatos de actuación recollidos na Constitución e desenvolvidos polo Dereito administrativo sectorial, que obrigan a Administración a cumprir determinados obxectivos (como a protección da saúde, do medio ambiente ou do patrimonio histórico ou o acceso á vivenda, á educación e á cultura) e a garantir a prestación de determinados servizos ao territorio (transportes, telecomunicacións, abastecemento e distribución de auga, electricidade ou enerxía) e ás persoas (sanidade, educación e servizos sociais) (*infra* § 4.42). En cumprimento desta función, o Dereito administrativo pode programar ata o último detalle a actuación administrativa ou pode outorgarlle certa liberdade de decisión á Administración. Segundo o grao de intensidade e a concreción das normas que dirixen a actividade administrativa, os programas normativos caracterízanse como finais ou condicionais, os métodos de adopción da decisión administrativa cualifícanse de subsuntivos ou ponderativos e a actuación da Administración cualifícase de regrada ou discrecional (*infra* § 5.39).

40. Para ilustrar a idea, convén traer a colación a extraordinaria intensificación da intervención pública na economía. Durante a **ditadura de Primo de Rivera** (1923-1930), adoptáronse medidas como as seguintes: (i) a creación do Consello de Economía Nacional como órgano reitor da política económica, que fixa aranceis, libra as autorizacións para a instalación de industrias ou negocia os convenios comerciais; (ii) a constitución do Banco Exterior de España, orientado a estimular o comercio e a industria, e do Banco de Crédito Local, destinado a financiar as entidades locais; (iii) a reorganización do Banco de Crédito Industrial e do Banco Hipotecario de España, fortalecendo a presenza estatal; (iv) a atribución do carácter de servizo público á radiodifusión e ás subministracións de enerxía eléctrica, auga e gas; (v) a instauración dos monopolios de telefonía, transporte aéreo e petróleo, adxudicados a, respectivamente, a Compañía Telefónica Nacional de España (con capital maioritario da ITT estadounidense), Iberia (sociedade de capital privado) e Campsa (sociedade de economía mixta). Durante o **primeiro franquismo** (1939-1945), (i) creouse o Instituto Nacional de Industria (INI) coa finalidade de "propulsar e financiar, en servizo da nación, a creación e o rexurdimento das nosas industrias, en especial das que se propoñan como fin principal a resolución dos problemas impostos polas esixencias da defensa do país ou que se dirixan ao desenvolvemento da nosa autarquía económica" (artigo 1 da Lei do 25 de setembro de 1941); (ii) as compañías privadas de ferrocarrís foron nacionalizadas e unificadas na empresa estatal Rede Nacional de Ferrocarrís Españois (Renfe); (iii) nacionalizáronse igualmente Iberia e a Compañía Telefónica Nacional de España, e (iv) para controlar o sector enerxético creouse a Empresa Nacional de Electricidade, SA (Endesa).

41. Deixando á marxe, por efémeras, algunhas experiencias autonomistas (Cartas Autonómicas de Cuba e Porto Rico, Mancomunidade Provincial de Cataluña, Estatuto Municipal e Estatuto provincial de Calvo Sotelo, Constitución de 1931), o Estado administrativo seguirá durante longo tempo concentrado nun **só nivel**, que se desprega no territorio a través de unidades (deputacións provinciais, concellos) estritamente dependentes del. Só despois da aprobación da Constitución de 1978 se fragmentará en tres niveis autónomos (central, autonómico e local), integrados pola súa vez na Unión Europea e noutras estruturas internacionais. As leccións 4 e 8 a 13 deste manual ocuparanse polo miúdo desta formidable transformación do Estado e das súas consecuencias para o Dereito administrativo.

4. ADMINISTRACIÓN SOMETIDA AO DEREITO COMÚN

42. O **liberalismo político** defendía entre os séculos XVIII e XIX un Estado mínimo, exclusivamente encargado de coordinar liberdades, asegurando o pleno gozo dos intereses individuais. Iso traía consigo o monismo xurídico, isto é, un **Dereito esencialmente unitario** nun dobre sentido. Dun lado, había de concentrarse na lei e, máis precisamente, no código, como texto xeral e completo capaz de eliminar particularismos locais e de impoñerse sobre todo ao territorio co fin de realizar un proxecto xurídico de razón. Doutro, o dereito lexislado ou codificado debía responder ao só propósito de garantir a igualdade e a liberdade individual. Todo o dereito sería, por definición, un "conxunto de condicións baixo as cales o arbitrio dun pode ser compatible co arbitrio doutro, segundo unha lei xeral de liberdade" (KANT, 1797). O código político ou constitución protexería a igualdade e a liberdade mediante a división de poderes e o principio de legalidade. O Código civil marcaría os límites á liberdade individual necesarios para convivir en sociedade, afirmándose como absolutamente neutral, tratando a todos por igual. O Código penal salvagardaría a liberdade castigando ou incumprindo as regras de convivencia establecidas polos anteriores.

43. Este pensamento político non manexaba un concepto específico para facer referencia ao dereito que se ocupa da organización e das tarefas gobernativas. Ao concibir todo o ordenamento xurídico como un dereito de liberdade, non era preciso illar conceptualmente as **regras relativas á actividade gobernativa**, actividade que en realidade era aínda practicamente inexistente como tal (*supra* § 3.5-10) e que, en todo caso, de acordo con esta concepción, habería de quedar circunscrita á preservación da seguridade pública. Certamente, existía o concepto de "dereito público", pero identificábase co "Dereito político", sen incluír a nacente materia administrativa, de modo que a lexislación relativa ás embrionarias autoridades gobernativas se concibía en boa medida como **parte do Dereito civil ou penal**.

44. O **liberalismo gaditano** axustábase ao monismo xurídico, por máis que fixese compatible a liberdade como fundamento do réxime representativo coa promoción do intervencionismo gobernamental a prol da felicidade xeral (*supra* § 3.14). Os conflitos xudiciais entre un cidadán e as novas autoridades administrativas eran,

de acordo coa Constitución de Cádiz, controversias de carácter civil ou criminal, materias que habían de regularse en códigos "que serán uns mesmos para toda a monarquía, sen prexuízo das variacións que por particulares circunstancias poderán facer as Cortes" (artigo 258).

45. O *Ensayo de los elementos de la ciencia de buen gobierno,* que Luis Pereyra de la Guarda (1811) presentou ás Cortes de Cádiz co fin de preparar a Constitución, expresouno con toda claridade: "Das leis direi que se dividen en tres clases, a saber: políticas, civís, e criminais. As primeiras, que tamén adoitan chamarse fundamentais, constitúen a forma de goberno que ha de rexer a sociedade; as segundas determinan o xusto equilibrio, ou relación, que deben gardar os membros do Estado reciprocamente entre si e respecto do corpo xeral, e as terceiras son as que consideran a relación que hai entre o home e a lei ou, mellor dito, os casos en que esta se ve vulnerada, e é preciso castigar o que faltou, dado que as leis criminais non son outra cousa que a sanción de todas as demais".

46. Restaurada a monarquía tradicional ao longo e ao ancho da Europa continental, cando só en España había un réxime liberal (baixo a vixencia da Constitución de Cádiz durante o trienio 1820-1823), chegou a concibirse aquí un **Dereito da Administración codificado**, axustado aos presupostos do monismo xurídico, en aberto contraste coa experiencia bonapartista, cuxo movemento codificador deixou por completo á marxe a Administración pública, configurada conforme a parámetros despóticos e autoritarios. Antes da intervención militar francesa que apagou este foco de liberalismo (1823), as Cortes encargáronlle a unha comisión a elaboración dun "Código interior" polo que "se establecen as relacións de todos os individuos dunha nación e polo que se lles dá existencia política aos poderes encargados de exercer as partes integrantes da súa esencial soberanía, ás súas xerarquías e aos dereitos e obrigas de cada un dos seus membros" (discurso preliminar). Trátase do **Proxecto de Código civil de 1821**, concibido como un desenvolvemento da Constitución relativo tanto aos particulares como á denominada "Administración xeral do Estado".

47. **Porén**, o seguinte Proxecto de Código civil (1836) limitará a súa regulación "ás relacións dos individuos do Estado entre si para o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas respectivas", excluídas "as leis políticas e todas as relativas á Administración pública nos seus diferentes ramos" (discurso preliminar). Por aquel entón, estaba a se desenvolver unha **disciplina xurídica relativa á Administración** por completo subtraída ao movemento codificador e abertamente afastada dos postulados liberais, que crebaba ostensiblemente aquela unidade: o Dereito administrativo.

5. XURDIMENTO DO DEREITO ADMINISTRATIVO

48. Ao longo do século XIX, conflúen dous relevantes fenómenos. Dun lado —vímolo *supra* § 3.21-41—, múltiples reformas conseguen, non sen dificultade, levantar dentro do Executivo unha **Administración centralizada e** dotada dun poder coercitivo autónomo respecto da declaración do dereito que ocupa paulatinamente os espazos que vai liberando a desaparición progresiva dos corpos intermedios. Doutro, unha estrutura de normas regulaba a organización e a actividade desa Adminis-

tración, á que lle conferían enormes poderes e privilexios. O primeiro é un fenómeno substancialmente novo. Só na centuria antepasada xorde, como autoridade non xurisdicional, unha Administración xeral que concentra todas as funcións administrativas, disoltas ata entón no pluralismo corporativo. O segundo fenómeno, en cambio, vén de lonxe. A afirmada necesidade de protexer o interese xeral á marxe dos procedementos propios da xustiza mediante o exercicio expeditivo de formidables prerrogativas, concretadas en regulamentos e actos políticos ou discrecionais xudicialmente exentos, sublimaba a tendencia histórica a configurar un ámbito de **goberno cada vez máis significativo** (*supra* § 3.3-4). As potestades atribuídas á Administración procedían moitas veces (ou tiñan claros antecedentes) do arsenal do Estado (tendencialmente) absoluto (por exemplo, a regulamentación da vida social, algunhas fórmulas organizativas, a xustiza contencioso-administrativa, a expropiación forzosa ou a sanción administrativa). Xorde así un dereito que **utiliza materiais antigos** para moldear a organización e a actividade dun suxeito novo, un dereito que se distingue do Dereito civil na forma e na substancia. Nin está codificado nin se resolve nun conxunto de condicións baixo as cales o arbitrio dun pode ser compatible co arbitrio doutro, segundo unha lei xeral de liberdade.

49. Acuñouse un vocábulo para facer referencia a estas normas: **"Dereito administrativo"**. Inventado en Francia, consolidouse nos estudos españois entre finais dos anos trinta e principios dos corenta do século antepasado, de xeito que a "cousa" empezou a albiscarse practicamente á vez que a "palabra" para designala. Certamente, a Administración e o Dereito administrativo aínda estaban *in fieri* (*supra* § 3.27-31), pero quedaron xa entón firmemente instalados como paradigma, isto é, como óptica ou xanela a través da cal se examinaban non só as innovadoras propostas de reforma administrativa (como a instauración do contencioso-administrativo ou a estatalización de municipios e universidades), senón tamén as **vellas leis de policía** (*supra* § 3.7). Supoñía, en substancia, unha visión dualista do ordenamento xurídico que distingue entre un Estado-poder (Administración en estado de mando) sometido ao Dereito administrativo e a unha xustiza contencioso-administrativa conducida por funcionarios, e un Estado-persoa (Administración que xestiona en pé de igualdade cos particulares) suxeito ao Dereito civil e a unha xurisdición propiamente dita. Opoñíase así o Dereito administrativo, como sistema orientado ao interese xeral que só recoñece "dereitos subxectivos de carácter administrativo" (ou de segunda categoría) que, en canto tales, non merecen plena protección xudicial, ao Dereito civil como sistema orientado á liberdade individual, que recoñece dereitos subxectivos propiamente ditos que, en canto tales, merecen plena protección xudicial (MEDINA, 2021).

50. Na actualidade, non son poucos os autores que destacan os moitos **elementos de continuidade do Estado (tendencialmente) absoluto** no Dereito administrativo. Subliñounos particularmente GALLEGO (1983, 2001 e 2002), por exemplo, ao constatar "o *telos* eudemonista da nova Administración". Agora ben, fronte ao aquí sinalado, este autor sostivo que o Dereito administrativo español se formaría —aínda sen esa denominación expresa— durante os séculos XV e XVI. A datación aquí defendida correspóndese coa de todos os iushistoriadores (por todos, GARRIGA, 2009) e a maioría dos administrativistas (por todos, GARCÍA DE ENTERRÍA, 1959, 1961 e 1972), que sitúan as orixes do noso Dereito administrativo no século XIX. Os primeiros vincúlana á liquidación da sociedade corpora-

tiva, á superación da concepción xurisdicional do poder e á consecuente aparición da Administración como poder coercitivo distinto do xudicial que ocupa os espazos liberados pola desaparición dos corpos intermedios. Os segundos tamén asocian as orixes da disciplina ao xurdimento da Administración como instancia diferenciada dos poderes lexislativo e xudicial. Agora ben, é verdade que entre os administrativistas dominou tradicionalmente a idea de que o Dereito administrativo é un fillo do liberalismo revolucionario xurdido para embridar poderes historicamente absolutos con garantías radicalmente novas, o que é inexacto (*supra* § 3.10).

6. EVOLUCIÓN DO DEREITO ADMINISTRATIVO

6.1. Ata a Segunda Guerra Mundial

51. O Dereito administrativo formado e consolidado ao longo do século XIX desenvólvese nun contexto dominado polo liberalismo doutrinario, ecléctico ou conservador, un pensamento que combina as ideas liberais coas absolutistas, mostrándose contrario aos excesos revolucionarios e ao puro racionalismo, así como proclive ao sufraxio censitario, ao reforzamento do poder monárquico e a un Estado hexemonizado pola Administración (Guizot, Donoso Cortés, entre outros). Deixaron de recoñecerse entón vínculos derivados do Dereito natural, por máis que tardase en instalarse en España o discurso positivista e se falase aínda profusamente do contrato social. Tampouco impoñían estritos vínculos xurídicos as diferentes constitucións aprobadas ao longo daquela centuria.

52. A maior parte da doutrina española consideraba que tales textos non eran a verdadeira Constitución; érao a chamada Constitución material interna, concibida en termos históricos ou sociais (VARELA, 1999). O liberalismo decimonónico, coincidente tamén neste punto coa tendencia xeral en Europa, furtáballes así aos textos constitucionais o valor normativo que atesourara o Código político gaditano. Concibíanse como documentos programáticos ou, todo o máis, simples leis que podían modificarse ordinariamente.

53. Aceptábanse como vixentes os principios de división de poderes e de legalidade, pero en versións moi distantes da xenuinamente liberal. O primeiro funcionaba non tanto como garantía individual, senón, máis en consonancia coas propostas do despotismo ilustrado (*supra* § 3.4, 16-18), como soporte dun novo poder coercitivo e expeditivo, distinto da autoridade xudicial: a Administración pública. Ao normalizarse o sufraxio censitario, o principio de legalidade operaba sen as bases democráticas que establecera a Constitución de 1812 (que non esixira niveis mínimos de renda para votar). Funcionou, pola súa vez, como vinculación negativa ou límite externo, non como vinculación positiva ou presuposto da acción administrativa. A idea de Estado de dereito consagrouse como principio fundamental, pero nunha versión formalista e "desubstancializada", como principio de legalidade en clave obxectiva que proporciona protección individual de maneira indirecta ou reflexa.

54. O Dereito administrativo construído no marco destes principios era marcadamente **autoritario**. Díxose por iso que "o réxime administrativo, acaso como criatura napoleónica, levaba en xerme xa a superación do liberalismo" (GARCÍA DE ENTERRÍA, 1954). Edificouse unha **Administración forte, xerarquizada e centralizada,** que absorbía as partículas de autoridade disoltas ata entón na sociedade corporativa, interviña moitas veces sen autorización legal e case sempre sen suxeición a un verdadeiro control xurisdicional, contaba cunhas potestades sancionadora e expropiatoria cada vez máis extensas e tiña naturalmente recoñecida, como con-

substancial ao seu imperio, a capacidade de alterar por si, sen colaboración xudicial, situacións xurídicas ou estados posesorios, así como de exercer coacción contra a resistencia ao cumprimento (facultades que hoxe chamamos de "autotutela"). A iso hai que lle engadir a inmunidade patrimonial fronte ás vítimas de sacrificios deliberados ou accidentes culpables, garantida xurisprudencialmente sobre todo ao finalizar o século XIX (*infra* § 32.16-20), e outra serie de privilexios (por exemplo, facultade gobernativa para resolver sobre a admisibilidade das demandas contencioso-administrativas, reclamacións previas e recursos administrativos de interposición preceptiva para acceder á vía xudicial ou contencioso-administrativa, regra *solve et repete*, inembargabilidade dos bens públicos, monopolio da formulación e resolución de conflitos de xurisdición e autorización administrativa para procesar funcionarios).

55. Inversamente, o Dereito administrativo colocou o **cidadán nunha posición de neta inferioridade**. Fronte á Administración non había verdadeiros dereitos subxectivos da cidadanía, plenamente esixibles ante xuíces e tribunais independentes. Non é só que o iusnaturalismo de Hobbes e Rousseau e o iuspositivismo borrasen de vez os dereitos innatos como titularidades naturais anteriores ao propio Estado. Non é sequera que os dereitos constitucionais tivesen un carácter meramente programático. É que, situados no plano da legalidade, os límites que debía respectar a Administración en estado de mando non funcionaban como dereitos subxectivos correlativos do cidadán prexudicado polo seu incumprimento. Operaban como dereitos secundarios de carácter administrativo que non dan acceso á xurisdición ou que, como moito, poñen en marcha un contencioso-administrativo asimétrico deseñado para negar a protección plena característica dos axuizamentos civís (*infra* § 7.38 e 39). A iso engádense os déficits apenas mencionados da tutela resarcitoria dispensada aos prexudicados pola acción administrativa.

56. Ese autoritarismo de ningún xeito singularizaba o Dereito administrativo español (NIETO, 1975; VON BOGDANDY, 2013). A análise comparada pode quizais lanzar que determinadas prerrogativas administrativas (por exemplo, autotutela e sanción) ou garantías individuais (por exemplo, procedemento administrativo) se desenvolveron máis amplamente en España ca noutros ordenamentos. Pero, máis alá das particularidades locais, un mesmo marco de intereses, ideas, conceptos e principios orientou no **continente europeo** cara á edificación dun Dereito administrativo autoritario, sistematicamente dirixido cara ao lado da Administración. Adoita afirmarse, e é enteiramente certo, que en Francia o *Conseil d'État* elaborou unha xurisprudencia creativa e audaz que limitaba o poder administrativo, pero non hai que esquecer que o fixo dentro dun modelo de **xustiza obxectiva** librada pola propia Administración e destinada a protexer non os dereitos subxectivos do cidadán, senón a legalidade administrativa e o interese xeral mediante un único instrumento: a anulación do acto ilegal (*supra* § 3.13). Trátase do chamado recurso por exceso de poder cuxas trabas á tutela xudicial efectiva permaneceron en boa medida ocultas mesmo a finais do século XX, como consecuencia da autocompracencia da doutrina francesa maioritaria (GARCÍA DE ENTERRÍA, 2007).

57. Non pode dicirse que o autoritarismo do Dereito administrativo europeo fose resultado sen máis dunha especie de predisposición perversa do poder para esmagar a liberdade e reforzarse, excluíndo mecanismos participativos e garantías individuais. Foi primeiro de nada unha **reacción ao xurisdicionalismo antigo**: para levantar un mercado nacional e un verdadeiro sistema xurídico común, para construír unha rede estatal de estradas e ferrocarrís e, en xeral, para desenvolver un programa de obras

e servizos públicos, era preciso crear e robustecer a Administración, á vez que liquidar o conglomerado —inherente a aquela matriz xudicialista— de corpos intermedios, maxistraturas, privilexios, particularismos e procedementos. Problema, por certo, ao que non se enfrontaron os Estados Unidos de América: levantados sobre unha sociedade igualitaria de orixe, puideron por iso (e non só pola substancial permanencia da vella cultura política dos *natural rights*) perseguir aquelas metas sen erixir un Dereito público tan autoritario. Por iso non é casualidade que dirixentes europeos como Bravo Murillo, Napoleón III ou Bismarck pasasen á historia tanto polo seu autoritarismo coma polas obras públicas e reformas administrativas que promoveron.

58. A **crise da democracia liberal** que durante a primeira metade do século xx afectou a España e o conxunto de Europa acabou consolidando e extremando a **configuración autoritaria** do Dereito administrativo.

59. Non foi enteiramente lineal a evolución do Dereito administrativo español ao longo dos cen anos que median entre as políticas moderadas (*supra* § 3.32-36) e o franquismo autárquico. Durante a Restauración (1874-1931) e a Segunda República (1931-1939), abríronse xanelas que permitían entrever outro Dereito administrativo: a ampliación do sufraxio (1869, 1890) coa revalorización da lei fronte ao regulamento (*supra* § 3.37), a desaparición da autorización gobernativa previa para xulgar a funcionarios nas ordes civil e penal (1869), a supresión da facultade gobernativa para resolver sobre a admisibilidade das demandas contencioso-administrativas (en 1868 e definitivamente en 1888), unha xustiza administrativa xudicializada (Lei Santamaría de Paredes de 1888, Lei do Consello de Estado de 1904), a codificación do procedemento administrativo (Lei Azcárate de 1889), un sistema político menos centralizado (Estatutos de Calvo Sotelo de 1924/25 e Constitución de 1931) ou unha doutrina científica cada vez máis proclive ao administrado, aberta mesmo a engarzar o Dereito administrativo cunha Constitución dotada de garantía xurisdicional (por exemplo, os artigos da importante *Revista de dereito público*, que durou o que a II República).

60. Con todo, á vez que se reconsideraban algúns privilexios da Administración, tamén se incrementou o intervencionismo público, afianzouse a tendencia á inmunidade patrimonial da Administración e desenvolvéronse amplamente a autotutela administrativa, a potestade sancionadora e a expropiación forzosa, moito máis que as garantías individuais. Pola súa vez, durante o tempo transcorrido entre o estalido da Guerra Civil (1936) e a derrota das potencias do eixe na Segunda Guerra Mundial (1945), intensificouse a intervención na economía (*supra* § 3.40) e desenvolveuse un **Dereito administrativo "fascistizado"**, vinculado á mobilización militar, á alianza do bando sublevado con Hitler e Mussolini e ao ideario totalitario da Falanxe, nervio do partido único. Dominado pola exaltación do interese nacional, o Dereito administrativo supeditaba "a acción individual e colectiva de todos os españois" ao "destino común" da patria (Decreto de unificación de falanxistas e carlistas nun partido único do 19 de abril de 1937); rexeitaba os dereitos individuais fronte á Administración central, que tivo asegurada unha inmunidade practicamente absoluta (Lei do 27 de agosto de 1938), polo menos ata o restablecemento parcial da xustiza administrativa (Lei do 18 de marzo de 1944); atribuíalle plenas potestades normativas ao caudillo (Decreto 138/1936, do 29 de setembro, e Leis do 30 de xaneiro de 1938 e 8 de agosto de 1939), normalizando o regulamento independente (Lei das Cortes do 17 de xullo de 1942), así como o abuso da discrecionalidade administrativa (por exemplo, a Lei do 24 de novembro de 1939 sobre ordenación e defensa da industria) e un procedemento expropiatorio de urxencia con garantías moi reducidas (Lei do 7 de outubro de 1939).

6.2. Desde a Segunda Guerra Mundial

61. Tras a Segunda Guerra Mundial, cambia o espírito do tempo. A Europa occidental rexeita firmemente os horrores da guerra, o totalitarismo e a estadolatría

da cultura político-xurídica do século XIX. Os dereitos fundamentais volveron gozar dunha posición de anterioridade respecto do Estado, pero non xa por naturais, senón por constitucionais. O **novo constitucionalismo**, inspirado máis na experiencia estadounidense ca na tradición europea, articulaba un compromiso fundamental entre o iuspositivismo e o xusnaturalismo: a garantía da **dignidade humana** funcionaba como imperativo xurídico porque lucía no dereito positivo, pero un dereito positivo con rango constitucional, dotado en canto tal dunha forza e estabilidade que podía impoñerse eficazmente a todos os poderes do Estado e, polo tanto, tamén ás normas con rango legal.

62. A reafirmación dos postulados liberais supuxo un xiro copernicano que obrigou en toda Europa a abrir un proceso de refundación do Dereito administrativo. Tratábase, dito esquematicamente, de transformar réximes totalitarios (ou ordenamentos axustados aos postulados do Estado de dereito obxectivo) nun Estado de dereito (subxectivos). As democracias europeas víronse abocadas a reconfigurar esta disciplina xurídica para **desposuíla dos trazos autoritarios** que viñan caracterizándoa. A cultura dos dereitos fundamentais e outros factores (integración europea, descentralización política) obrigaron, pois, a redimensionar o poder do Estado, pero non a liquidar o Estado administrativo. De feito, a forte intervención estatal en favor da igualdade de oportunidades afirmouse como obriga estatal irrenunciable (por exemplo, o artigo 3 da Constitución italiana). O Estado pasou a ser social e democrático, non só de dereito (artigo 20 da Lei fundamental de Bonn). As administracións da Europa occidental, co consenso da socialdemocracia e da democracia cristiá, interviñeron fortemente na economía para promover positivamente a igualdade material e asegurar o benestar xeral, sen contestar por iso o réxime capitalista. Trátase do denominado **Estado de benestar**.

63. España non se incorporou ao constitucionalismo europeo tras a Segunda Guerra Mundial. O ditador conservou ata o seu falecemento en 1975 os poderes tomados a partir de 1936 e rexeitou firmemente a democracia liberal e o pluralismo político. Porén, tras a derrota das potencias do eixe e o consecuente illamento internacional, o réxime abandonou o proceso de "fascistización" e introduciu algúns cambios para facerse máis presentable exteriormente (MORADIELLOS, 2000). As reformas máis importantes producíronse no terreo infraconstitucional, precisamente no Dereito administrativo, coincidindo co proceso de rehabilitación internacional do réxime: revogación da resolución de condena do franquismo por parte da ONU (1950), reingreso de embaixadores a Madrid (1951), entrada de España en organismos internacionais (1951), Concordato coa Santa Sé (1953), pactos de amizade e cooperación cos Estados Unidos (1953), ingreso de España na ONU (1955).

64. O feito é que, "por insólito que poida parecer, a primeira vista, e ata por antipático que nos resulte ter que recoñecelo" (CHINCHILLA, 2000), nos **anos cincuenta**, en estreita conexión co proceso de superación do illamento político, abriuse un proceso de **refundación da nosa disciplina xurídica**, coma noutros países europeos, pero máis incisivo e veloz que na maioría deles, posiblemente pola función cuasiconstitucional que aquí o Dereito administrativo estaba chamado a desempe-

ñar. Díxose por iso que, en ausencia dun verdadeiro Estado de dereito, había polo menos unha especie de "Estado administrativo de dereito" ou "Estado de dereito administrativo" (GARRIDO FALLA, 1999).

65. Tal proceso pode descompoñerse en tres elementos fortemente imbricados. Irrompeu en primeiro termo unha literatura xurídico-administrativa case tan decisiva como a que durante a primeira metade do século XIX deseñou o Estado administrativo (*supra* § 3.28); neste caso, co propósito de promover garantías individuais. Destaca o formidable labor da chamada **xeración da RAP** (*Revista de Administración Pública*), así como, en particular, do director desa publicación, García de Enterría, mestre dunha extensa escola. En segundo lugar, apareceu unha **longa serie de leis**, case todas impulsadas pola Sección de Administración do Instituto de Estudos Políticos, dirixida por Luis Jordana de Pozas (integrada por García de Enterría, Villar Palasí, Garrido Falla, González Pérez e outros administrativistas mozos) ou a nova Secretaría Xeral Técnica da Presidencia do Goberno, creada especificamente en 1956 para deseñar e executar a "reforma administrativa", cuxo primeiro titular foi Laureano López Rodó, catedrático de Dereito Administrativo. Convén salientar as leis sobre réxime local (1950), desenvolvidas en seis regulamentos; entre eles, o tecnicamente impecable sobre servizos das corporacións locais de 1955), expropiación forzosa (1954), solo (1956), xurisdición contencioso-administrativa (1956), réxime xurídico da Administración do Estado (1957), réxime xurídico das entidades estatais autónomas (1958), procedemento administrativo (1958), taxas e exencións parafiscais (1958), funcionarios civís do Estado (Lei de bases de 1963 e texto articulado de 1964), sistema xeral tributario (1963), seguridade social (Lei de bases de 1963 e texto articulado de 1966), patrimonio do Estado (Lei de bases de 1962 e texto articulado de 1964), retribucións dos funcionarios (1965) e contratos do Estado (1965). En terceiro lugar, a **xurisprudencia** da xurisdición contencioso-administrativa, tras a súa xudicialización plena en 1956, favoreceu a renovación espectacular de boa parte das estruturas do dereito administrativo. Tivo moito que ver a creación dunha escala de especialistas no contencioso-administrativo á que se accedía mediante probas restrinxidas entre xuíces, que na práctica permitía ascender rapidamente na carreira xudicial. Aqueles novos profesores participaron desde o principio nos tribunais que realizaban as probas, o que contribuíu a conformar en relativamente pouco tempo unha nova xudicatura imbuída do novo Dereito administrativo.

66. A entrada en vigor da Constitución de 1978 dotou o "Estado de dereito administrativo" dos **fundamentos constitucionais** que ata entón faltaban, pero aos que xa se axustaba materialmente en boa medida. O Dereito administrativo elaborado a partir dos anos cincuenta non só encaixaba substancialmente cos novos esquemas, senón que grazas a eles adquiría coherencia e pleno sentido (MARTÍN REBOLLO, 2017). En todo caso, a Constitución liberou a doutrina académica e xurisprudencial da necesidade de elaborar construcións máis ou menos artificiosas para xustificar solucións garantistas, en ocasións directamente contrarias ao dato legal (por exemplo, non había xa que manipular o concepto de "acto administrativo xeral" para garantir a lexitimación individual de impugnar regulamentos). Pola súa vez, en canto norma superior, a Constitución derrogou previsións legais anteriores incompatibles con ela (como as limitacións para recorrer o acordo de necesidade de ocupación e o prezo xusto na expropiación forzosa ou a esixencia dun interese *directo* para impugnar) e someteu o lexislador a un novo marco de condicións —destacadamente, o recoñecemento dos dereitos fundamentais— dotado de efectiva garantía xurisdicional. Non só iso: **a Constitución converteuse nun contexto sistemático obrigado** para os aplicadores e intérpretes do Dereito administrativo, fonte de múltiples directrices. Todo iso impulsou fortemente a tendencia a redimensionar as prerrogativas administrativas, tal como pode comprobarse a través da evolución da autotutela adminis-

trativa (*infra* §§ 7.25-27 e 17.79-85) e da xustiza contencioso-administrativa (*infra* §§ 30.18, 33.56, 34.3 e 4).

67. A política económica das institucións da **Comunidade Europea** (logo Unión Europea) reforzou en paralelo o **sector privado**. Cabe destacar: a) a prohibición de axudas públicas susceptibles de falsear a competencia xunto ás penetrantes facultades atribuídas á Comisión para vixiar e promover o seu cumprimento (*infra* § 24.21-29, 61-72); b) a potenciación da liberdade de establecemento e circulación de servizos, traducida, por exemplo, na substitución de moitas autorizacións administrativas por meras declaracións responsables ou comunicacións previas (*infra* §§ 22.7-11, 74-87 e 25.32-34); c) a densa regulación dos procedementos de selección de contratistas que condiciona fortemente o poder decisorio das administracións e entidades funcionalmente equivalentes (*infra* § 19.6-37), e d) a liberalización de mercados mediante a eliminación de monopolios públicos (hidrocarburos, electricidade, telecomunicacións, ferrocarril, servizos postais), coa correlativa apertura de actividades á competencia, que foi acompañada en España do adelgazamento do sector público empresarial (privatización de Iberia, Endesa, Telefónica e Repsol, entre outras). O obxectivo, non sempre conseguido, era que o Estado pasase de asegurar en por si a prestación de servizos (o chamado *Estado xestor*) a garantir que o fixesen os mercados en réxime de competencia e sen menoscabo dos intereses xerais que anteriormente pretendían salvagardarse mediante dereitos exclusivos (o chamado *Estado garante ou regulador*) (*supra* § 1.43; *infra* §§ 23.27-43 e 25.21-26, 35-37).

68. As indicadas son algunhas das moitas consecuencias de moi longo alcance derivadas da adhesión ás comunidades europeas (1986). Desde os anos noventa do século xx, as reformas reais do Dereito administrativo, as que con máis ou menos tino alteraron o equilibrio antecedente de intereses, o que propiciou que haxa gañadores e perdedores (presuposto de toda modificación real do *statu quo*), proceden na súa maior parte da Unión e rara vez de iniciativas puramente internas dos gobernos e do parlamento central ou dos autonómicos. A **europeización**, xunto ao sometemento dos Estados membro do Consello de Europa á xurisdición do Tribunal Europeo de dereitos Humanos, son posiblemente as manifestacións máis claras dun dos trazos característicos do Dereito administrativo do noso tempo: a "desnacionalización" ou "desestatalización", isto é, a incorporación de normas procedentes directa ou indirectamente de instancias non estatais, públicas ou privadas (*supra* § 2.10-11; *infra* §§ 4.73-76 e 6.15-18).

69. O proceso de refundación iniciado nos anos cincuenta do século xx, avivado tras a entrada en vigor da Constitución e o desenvolvemento da política económica europea, deu como resultado un **Dereito administrativo con máis garantías individuais**, en boa medida capaces de contrarrestar os enormes poderes administrativos. A estrutura básica do Dereito administrativo deixou de ser substancialmente autoritaria: a Administración seguiu sendo unha instancia impoñente (a porcentaxe de empregados públicos do total da poboación activa non deixou de crecer), pero fragmentouse como consecuencia da **descentralización política**, quedou suxeita a novas condicións derivadas da Constitución e do Dereito europeo, diminuíu a extensión dalgunhas das súas facultades e o cidadán suxeito a estas deixou de estar en posición de inferioridade, sen dereitos fundamentais e sen dereitos subxectivos nas relacións de poder. Esta configuración fundamental, baseada no recoñecemento de poderes administrativos e dereitos individuais, respondía, en última instancia, á

recuperación, con relevantes adaptacións, dos postulados liberais que o Dereito administrativo abandonara desde as súas mesmas orixes.

70. Dado que as garantías individuais deixaron de ser algo característico do dereito privado, desvaneceuse aquela visión dicotómica do ordenamento que separaba firmemente o Dereito administrativo (baseado nas ideas de coacción e poder unilateral para a protección do interese xeral) do Dereito civil (dominado polas ideas de autonomía e paridade para a tutela os intereses particulares) (*supra* § 3.49). Iso explica, en parte, a crecente tendencia tanto á **hibridación entre os Dereitos administrativo e civil** como á **converxencia do Dereito administrativo da Europa continental co angloamericano** (*supra* § 2.45-47, 52-53), e máis se se ten en conta que desde o último terzo do século XIX e, sobre todo, tras as políticas do *New Deal* fronte á Gran Depresión (1929), creceu tamén nos Estados Unidos o intervencionismo administrativo (VELASCO, 2020).

71. Desde finais do século XX, o Dereito administrativo está sometido a tensións contraditorias: á vez que o Estado perde poder como consecuencia da globalización, a descentralización política e os espazos devoltos á sociedade civil, múltiples factores están a impulsar a revisión en clave social das institucións centrais do Dereito administrativo. De feito, tras varias décadas de normalidade democrática e estabilidade política, empezou a albiscarse un **Dereito administrativo que confía na Administración** como instancia benfeitora, plenamente lexitimada para intervir na sociedade (*supra* § 1.29-30; *infra* § 4.38-46). Insístese agora en que a vinculación do Dereito administrativo á Constitución desbordou o plano da loita contra as inmunidades do poder, reclamando, ademais, a actuación positiva da Administración en múltiples ámbitos da vida social (PAREJO, 2006; ARROYO, 2021).

72. Unha expresión concreta diso é a **tendencia doutrinal a matizar o garantismo tradicional** (presente na doutrina académica e en boa parte da xurisprudencia contenciosa desde os anos cincuenta) ao: (i) rehabilitar o acto político como ámbito inmune ao control xudicial (EMBID, 1989); (ii) admitir o regulamento independente (COSCULLUELA, 1990) e, en xeral, que a Administración, en canto instancia democraticamente lexitimada para protexer os intereses xerais, pode actuar sen unha específica autorización lexislativa (principio de legalidade como vinculación negativa), salvo que a impoña especificamente algunha norma constitucional (BELADÍEZ, 2000); (iii) argumentar que a vaguidade inherente aos conceptos xurídicos indeterminados habilita marxes correlativas de apreciación administrativa (BACIGALUPO, 1997); (iv) analizar a discrecionalidade administrativa desde a perspectiva, non do xuíz que a controla (para evitar intromisións na liberdade individual), senón da Administración que a exerce, co fin de fixar unha metodoloxía que axude a identificar a solución máis favorable ao interese xeral (RODRÍGUEZ DE SANTIAGO, 2016); (v) opoñerse ao desmantelamento indiferenciado dos privilexios procesuais da Administración (PAREJO, 2005); (vi) razoar que as prerrogativas administrativas de autotutela corresponden de modo natural á xestión ordenada dos intereses públicos (MUÑOZ MACHADO, 2006); (vii) desvincular as sancións administrativas do tronco do dereito penal e, derivadamente, das garantías constitucionais propias deste (NIETO, 2012), ou (viii) contestar o dogma da responsabilidade patrimonial *panobxectiva* das administracións públicas (MIR, 2002).

7. BIBLIOGRAFÍA

7.1. Bibliografía citada

Alejandro AGÜERO NAZAR, "Las categorías básicas de la cultura jurisdiccional", en *De justicia de jueces a justicia de leyes: hacia la España de 1870,* CXPX, Madrid, 2007, pp. 21-58.

Luis ARROYO JIMÉNEZ, "Las bases constitucionales del derecho administrativo", en José María RODRÍGUEZ DE SANTIAGO, Gabriel DOMÉNECH PASCUAL e Luis ARROYO JIMÉNEZ (Coordinadores), *Tratado de derecho administrativo*, vol. I., Marcial Pons, Madrid-Barcelona-Bos Aires-San Paulo, 2021, pp. 561-564.

Mariano BACIGALUPO SAGGESE, *Discrecionalidad administrativa (estructura normativa, control judicial y límites constitucionales),* Marcial Pons, Madrid, 1997.

Margarita BELADIEZ ROJO, "La vinculación de la Administración al derecho", *Revista de Administración P*ública, núm. 153 (2000), pp. 315-349.

Armin von BOGDANDY, "El derecho administrativo en el espacio jurídico europeo: perspectivas de una disciplina", en Armin von BOGDANDY e Oriol MIR PUIGPELAT (coordinadores), *El derecho administrativo en el espacio jurídico europeo,* Tirant lo Blanch, Valencia, 2013, pp. 318-323.

Bernadino BRAVO LIRA, "Protección jurídica de los gobernados en el nuevo mundo (1492-1992). Del absolutismo al constitucionalismo", *Revista Chilena de Historia del Derecho*, núm. 16 (1990), pp. 315-342.

Javier de BURGOS, *Exposición dirigida al señor don Fernando VII desde ParÍs en 24 de enero de 1826 sobre los males que aquejaban a España en aquella época y medidas que debía adoptar el Gobierno para remediarlas*, Librería de Feros, Cádiz, 1826. Figura como apéndice en A. MESA-MOLES SEGURA, *La labor administrativa de Javier de Burgos,* Instituto de Estudios de Administración Local, Madrid, 1946, pp. 115-150.

Francisco CABARRÚS, *Cartas sobre los obstáculos que la naturaleza, la opinión y las leyes oponen a la felicidad pública,* 3.ª ed., Imprenta de Burgos, Madrid, 1820.

Carmen CHINCHILLA MARÍN, "Dos grandes momentos en cien años de derecho administrativo: la década de los cincuenta y la Constitución de 1978", *El derecho español en el siglo XX,* Marcial Pons, Madrid, 2000, pp. 33-72.

Bartolomé CLAVERO SALVADOR, "Tutela administrativa o diálogos con Tocqueville", *Quaderni Fiorentini per la Storia del Pensiero Giuridico Moderno,* núm. 24 (1995), pp. 419-468.

Bartolomé CLAVERO SALVADOR, "La monarquía, el derecho y la justicia", en Enrique MARTÍNEZ RUIZ e Magdalena DE PAZZIS PI CORRALES (coordinadores), *Instituciones de la España Moderna,* t. 1, *Las jurisdicciones,* Editorial Actas, Madrid, 1996, pp. 15-38.

Fernando COS GAYÓN, "De los caracteres generales de la Administración pública bajo la monarquía absoluta de los siglos XVI, XVII y XVIII", *Revista de España,* núm. 19, t. V (1868), pp. 370-421.

Fernando COS GAYÓN e Emilio CÁNOVAS DEL CASTILLO, *Diccionario manual de Derecho administrativo español,* Herederos de Vallejo, Madrid, 1860, pp. II e III.

Luis COSCULLUELA MONTANER, *Manual de derecho administrativo,* Civitas, Madrid, 1990.

Antonio EMBID IRUJO, "La justiciabilidad de los actos de gobierno", *Documentación Administrativa,* núm. 220 (1989), pp. 19-66.

Alfredo GALLEGO ANABITARTE, "Las asignaturas de derecho político y administrativo: el destino del derecho público español", *Revista de Administración Pública*, núm. 100-102 (1983), pp. 705-804.

Alfredo GALLEGO ANABITARTE, "Influencias nacionales y foráneas en la creación del derecho administrativo español", en *Posada Herrera y los orígenes del derecho administrativo español. I Seminario de Historia de la Administración*, INAP, Madrid, 2001, pp. 31-76.

Alfredo GALLEGO ANABITARTE, *Formación y enseñanza del derecho público en España (1769-2000). Un ensayo crítico,* Marcial Pons, Madrid, 2002.

Eduardo GARCÍA DE ENTERRÍA, prólogo á reedición de A. Oliván, *De la Administración pública con relación a España (1843)*, Instituto de Estudios Políticos, Madrid, 1954.

Eduardo GARCÍA DE ENTERRÍA, "La Revolución Francesa y la emergencia histórica de la Administración contemporánea", en *Homenaje a Nicolás Pérez Serrano,* vol. 2, Reus, Madrid, 1959, pp. 202-249.

Eduardo GARCÍA DE ENTERRÍA, *La Administración española,* Alianza, Madrid, 1961.

Eduardo GARCÍA DE ENTERRÍA, *Revolución francesa y Administración contemporánea,* Taurus, Madrid, 1972.

Eduardo GARCÍA DE ENTERRÍA, *Las transformaciones de la justicia administrativa: de excepción singular a la plenitud jurisdiccional. ¿Un cambio de paradigma?,* Thomson/Civitas, Cizur Menor, 2007.

Alfonso GARCÍA GALLO DE DIEGO, "Cuestiones y problemas de la historia de la Administración española", en *Actas del I Symposium de Historia de la Administración, Instituto de Estudios Administrativos,* Madrid, 1970, pp. 39-71.

Fernando GARRIDO FALLA, "El procedimiento administrativo de 1950 a hoy", *Revista de Administración Pública*, núm. 150 (1999), pp. 115-157.

Carlos GARRIGA ACOSTA, "Gobierno y justicia: el *Gobierno* de la justicia", en *Cuadernos de derecho judicial,* núm. 7 (exemplar dedicado á "Xurisdición contencioso-administrativa en España. *Unha* historia das súas orixes") (2009), pp. 47-113.

Benjamín GONZÁLEZ ALONSO, "La justicia", en *Enciclopedia de la Historia de España,* dir. M. Artola, t. II, *Instituciones políticas. Imperio,* Alianza, Madrid, 1988, pp. 343-417.

Benjamín GONZÁLEZ ALONSO, "Las raíces ilustradas del ideario administrativo del moderantismo español", en *De la ilustración al liberalismo. Symposium en honor al profesor Paolo Grossi,* Centro de Estudios Constitucionais, Madrid, 1995, pp. 156-196.

Antonio Manuel HESPANHA, *Vísperas del Leviatán. Instituciones y poder político (Portugal, siglo XVII),* Taurus, Madrid, 1989.

Antonio Manuel HESPANHA, "Justiça e administração entre o Antigo Regime e a revolução", en Bartolomé CLAVERO SALVADOR, Paolo GROSSI e Francisco TOMÁS Y VALIENTE (coordinadores), *Hispania entre derechos propios y derechos nacionales: atti dell'incontro di studio Firenze - Lucca 25, 26, 27 maggio 1989*, Giuffrè, Milano, 1990, pp. 135-204.

Immanuel KANT, *Introducción a la teoría del derecho*, CEC, Madrid, 1978 (1797).

Marta LORENTE SARIÑENA, "Justicia desconstitucionalizada. España, 1834-1868", en *De justicia de jueces a justicia de leyes: hacia la España de 1870,* CXPX, Madrid, 2007, pp. 243-288.

Marta LORENTE SARIÑENA, "De la trascendencia constitucional de un mecanismo institucional: la autorización para procesar a los funcionarios públicos", en *Derecho, Historia y Universidad. Estudios dedicados a Mariano Peset*, Universidad de Valencia, Valencia, t. 2, 2007, pp. 117-127.

Luca MANNORI, "Per una 'preistoria' della funzione amministrativa. Cultura giuridica e attività dei pubblici apparati nell'età del tardo diritto comune", *Quaderni Fiorentini per la Storia del Pensiero Giuridico Moderno,* vol. 19, núm. 1 (1990), pp. 323-504.

Luca MANNORI, "Justicia y Administración entre Antiguo y Nuevo Régimen", *Revista Jurídica de la Universidad Autónoma de Madrid,* núm. 15 (2007), pp. 125-146.

Luca MANNORI e Bernardo SORDI, *Storia del diritto amministrativo,* Laterza, Roma-Bari, 2001.

Luca MANNORI e Bernardo SORDI, "Justicia y Administración", en *El Estado moderno en Europa: instituciones y derecho,* coord. M. Fioravanti, Trotta, Madrid, 2004, pp. 65-102.

Luis MARTÍN REBOLLO, *40 años de derecho administrativo postconstitucional y otros ensayos rescatados,* Thomson Reuters, Aranzadi, Cizur Menor, 2017.

Otto MAYER, *Derecho administrativo alemán,* t. I (*Parte xeral*), Depalma, Bos Aires, 1982 (1895).

Luis MEDINA ALCOZ, "Historia del concepto de derecho subjetivo en el derecho administrativo español", *Revista de Derecho Público: teoría y método*, vol. 1 (2021), pp. 7-52.

Luis MEDINA ALCOZ, *Historia del derecho administrativo español,* Marcial Pons, Madrid-Barcelona-Bos Aires-San Paulo, 2022.

Oriol MIR PUIGPELAT, *La responsabilidad patrimonial de la Administración. Hacia un nuevo sistema*, Civitas, Madrid, 2002.

Enrique MORADIELLOS GARCÍA, *La España de Franco (1939-1975). Política y sociedad*, Síntesis, Madrid, 2000.
Santiago MUÑOZ MACHADO, *Tratado de derecho administrativo y derecho público general,* t. I, *La formación de las instituciones públicas y su sometimiento al derecho,* 2.ª ed., Iustel, Madrid, 2006.
Alejandro NIETO GARCÍA, "La vocación del derecho administrativo de nuestro tiempo", *Revista de Administración Pública*, núm. 76 (1975), pp. 9-30.
Alejandro NIETO GARCÍA, *Los primeros pasos del Estado constitucional. Historia administrativa de la Regencia de María Cristina de Borbón,* Ariel, Barcelona, 1996.
Alejandro NIETO GARCÍA, *Derecho administrativo sancionador,* 5.ª ed., Tecnos, Madrid, 2012.
Luciano PAREJO ALFONSO, "La primera década de desarrollo de la Constitución", en *Reformistas y reformas en la Administración española. III Seminario de Historia de la Administración 2004,* INAP, Madrid, 2005, pp. 211-213.
Luciano PAREJO ALFONSO, "La idea de la reforma del derecho administrativo general. Su planteamiento en España", en Javier BARNES VÁZQUEZ (ed.), *Innovación en el derecho administrativo,* Global Law Press, Sevilla, 2006, pp. 177-202.
Luis PEREYRA DE LA GUARDIA, *Ensayo de los elementos de la ciencia de buen gobierno, dedicado al pueblo español, y presentado al Augusto y Supremo Congreso Nacional,* Imprenta de Manuel Bosch, Cádiz, 1811.
Heikki PIHLAJAMÄKI, "Lo europeo en derecho: *ius politiae* y el derecho indiano", en *Derecho y Administración pública en las Indias hispánicas*, coord. F. Barrios Pintado, vol. 2, UCLM, Cuenca, 2002, pp. 1363-1367.
Heikki PIHLAJAMÄKI, "The Westernization of Police Regulation: Spanish and British Colonial Laws Compared", en *New Horizons in Spanish Colonial Law*, Th. Duve y H. Pihlajamäki (eds.), Max Planck Institute for European Legal History, Frankfurt am Main, 2015, pp. 97-124.
Juan PRO RUÍZ, "El Estado grande de los moderados en la España del siglo XIX", *Historia y Política,* núm. 36 (2016), pp. 19-48.
Juan PRO RUÍZ, *La construcción del Estado en España,* Alianza, Madrid, 2019.
José María RODRÍGUEZ DE SANTIAGO, *Metodología del derecho administrativo. Reglas de racionalidad para la adopción y el control de la decisión administrativa,* Marcial Pons, Madrid, 2016.
Pedro SAINZ DE ANDINO, *Esposición al Rey N. S. sobre la situación política del Reyno y medios de su restauración, hecha en el año de 1829 de orden de S.M., por el Señor Don Pedro Sainz de Andino, de su Consejo y su Fiscal más antiguo en el Real y Supremo de Hacienda*, 1829. O texto está incluído en José MARÍA GARCÍA MADARIA (ed.), *El pensamiento administrativo de P. Sainz de Andino*: 1829-1848, INAP, Madrid, 1982, pp. 53-268.
Juan Alfonso SANTAMARÍA PASTOR, *Sobre la génesis del derecho administrativo español en el siglo XIX (1812-1845),* Instituto García Oviedo, Sevilla, 1972, reeditado en 2006 por Iustel, Madrid.
Joaquín VARELA SUANZES-CARPGENA, ¿Qué ocurrió con la ciencia del derecho constitucional en la España del siglo XIX?", *Boletín de la Facultad de Derecho,* núm. 14 (1999).
Francisco VELASCO CABALLERO, *Administraciones públicas y derechos administrativos,* Marcial Pons, Madrid-Barcelona-Bos Aires-San Paulo, 2020.

7.2. Bibliografía complementaria recomendada

Sabino CASSESE, *Derecho administrativo: historia y futuro*, Global Law Press, Sevilla, 2014.
Eduardo GARCÍA DE ENTERRÍA e Ignacio BORRAJO INIESTA, "Estado, Administración y derecho administrativo en España", en Armin VON BOGDANDY e Oriol MIR PUIGPELAT (coordinadores), *El derecho administrativo en el espacio jurídico europeo,* Tirant lo Blanch, Valencia, 2013, pp. 127-195.
Sebastián MARTÍN-RETORTILLO BAQUER, *Instituciones de derecho administrativo,* Thomson/Civitas, Cizur Menor, 2007.
Luis MEDINA ALCOZ, "La cultura del procedimiento administrativo: orígenes y razones de fondo", R*evista General de Derecho Administrativo*, núm. 62 (2023).

Luis MEDINA ALCOZ, "La Escuela de Caminos en los orígenes de la ciencia española del derecho administrativo: las 'Lecciones de derecho público y administrativo' de Tomás María Vizmanos (1839/40)", *Revista de Administración Pública*, núm. 220 (2023), pp. 83-116.

Remedios MORÁN MARTÍN e Javier GARCÍA MARTÍN, *Historia de la Administración en España. Mutaciones, sentido y rupturas*, 2.ª ed. revisada, Universitas, Madrid, 2022.

Santiago MUÑOZ MACHADO, *Tratado de derecho administrativo y derecho público general,* vols. 1 e 2, *Historia de las instituciones jurídico-administrativas,* BOE, Madrid, 2015.

Alejandro NIETO GARCÍA, *Estudios históricos sobre Administración y derecho administrativo,* INAP, Madrid, 1986.

Juan Alfonso SANTAMARÍA PASTOR, *Fundamentos de derecho administrativo I,* Centro de Estudos Ramón Areces, Madrid, 1988.

Manual de Dereito administrativo
Revista de Derecho Público: Teoría y Método
pp. 115-137
Madrid, 2026
Marcial Pons Ediciones Jurídicas y Sociales
DOI: 10.37417/ManDerAdm/L04
© Luis Arroyo Jiménez
Editado bajo licencia Creative Commons Attribution 4.0 International License.

LECCIÓN 4
BASES CONSTITUCIONAIS

Luis Arroyo Jiménez
Universidade de Castela–A Mancha

SUMARIO: 1. A VINCULACIÓN CONSTITUCIONAL DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DO DEREITO ADMINISTRATIVO.—2. DEREITO ADMINISTRATIVO E ESTADO DE DEREITO: 2.1. A cláusula do Estado de dereito; 2.2. Elementos estruturais; 2.3. Elementos substantivos; 2.4. Elementos formais.—3. DEREITO ADMINISTRATIVO E ESTADO SOCIAL: 3.1. A cláusula do Estado social; 3.2. Dimensión material; 3.3. Dimensión instrumental.—4. DEREITO ADMINISTRATIVO E ESTADO DEMOCRÁTICO: 4.1. Democracia representativa; 4.2. Democracia participativa; 4.3. Principios instrumentais.—5. DEREITO ADMINISTRATIVO E ESTADO AUTONÓMICO: 5.1. A cláusula do Estado autonómico; 5.2. Autonomía; 5.3. Unidade; 5.4. Solidariedade.—6. DEREITO ADMINISTRATIVO E APERTURA INTERNACIONAL.—7. BIBLIOGRAFÍA: 7.1. Bibliografía citada; 7.2. Bibliografía complementaria recomendada.

1. A VINCULACIÓN CONSTITUCIONAL DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DO DEREITO ADMINISTRATIVO

1. A Administración pública e o dereito administrativo están vinculados pola Constitución. O **fundamento desa vinculación** reside na peculiar posición da norma constitucional, que se caracteriza por posuír carácter xurídico–vinculante, pola súa supremacía xerárquica dentro do sistema do dereito interno, así como pola súa función específica consistente en definir os presupostos de validez e de aplicabilidade

do resto de normas que o integran (*infra* § 6.6). Por iso é polo que os **destinatarios desa vinculación** sexan todos os poderes públicos, cada un no ámbito das súas respectivas funcións e competencias. O lexislador está obrigado a cumprir as normas constitucionais que limitan e dirixen o exercicio do seu poder de libre configuración do dereito administrativo (art. 9.1 da Constitución española, CE). O Goberno tamén está constitucionalmente vinculado cando exerce a potestade regulamentaria e as súas funcións de dirección política e de dirección da Administración pública (art. 97 CE). A propia Administración atópase igualmente nunha posición de sometemento pleno non só á lei, senón tamén ao resto do ordenamento xurídico (art. 103.1 CE), que está presidido pola propia Constitución. Por último, á hora de controlar a legalidade da actuación administrativa (art. 106.1 CE), o xuíz está sometido o imperio da lei (art. 117.1 CE) e, por tanto, tamén á norma constitucional.

2. Desde un punto de vista comparado, o **contido da vinculación constitucional** do dereito administrativo español é moi extenso. Iso débese, primeiro, a que a española pertence a unha xeración de constitucións (as europeas da segunda metade do século xx) caracterizada por conter numerosas disposicións substantivas, e segundo, a que en 1978 decidiuse incorporar ao seu contido as normas máis relevantes das leis reguladoras das institucións e sectores centrais do dereito administrativo español (procedemento administrativo, xustiza administrativa, responsabilidade patrimonial, bens públicos, funcionarios etc.). O resultado é que na Constitución española podemos atopar moitas normas materialmente administrativas que se orientan, ben a expresar determinacións substantivas (mediante as que se programa o contido da actuación administrativa e da súa regulación xurídica), ou ben a configurar estruturas administrativas (en particular, tipos de organización e de procedemento administrativos).

3. Algunhas determinacións substantivas refírense a **sectores ou institucións concretas**, como a obriga do lexislador de contemplar sancións administrativas ambientais (art. 45.3 CE), o carácter obrigatorio e gratuíto do ensino básico (art. 27.4 CE) ou os principios do réxime xurídico dos bens demaniais (art. 132.1 CE), mentres que outras teñen **carácter transversal**, como os principios de eficacia e obxectividade (art. 103.1 CE) ou a prohibición de crear ámbitos da actuación administrativa inmunes ao control xudicial (art. 106.1 CE). A Constitución regula, con máis ou menos detalle, **formas organizativas** típicas, como as relacións de dirección entre o Goberno e a Administración do Estado (art. 97 CE), as relacións xerárquicas no seo das Administracións públicas (art. 103.1 CE) ou as diversas entidades locais territoriais (art. 140 e 141 CE), e tamén contén regras sobre os **procedementos administrativos**, como o dereito á audiencia e os dereitos de acceso a arquivos e rexistros administrativos (art. 105 CE).

4. Aínda que todas as normas constitucionais teñen carácter vinculante, non todas vinculan da mesma maneira. O **modo e a intensidade da vinculación constitucional** do dereito administrativo pode presentar importantes diferenzas desde, polo menos, dous puntos de vista.

5. Por unha banda, as normas constitucionais poden vincular **positiva e negativamente** os procesos de produción, interpretación e aplicación das normas do dereito administrativo. No pasado o dereito constitucional concibiuse como un simple límite externo que constrinxe negativamente os operadores xurídicos encargados do seu desenvolvemento. As súas normas cinguiríanse a definir un conxunto de prohibicións constitucionais e, unha vez respectadas estas, a Constitución non impoñería condicións adicionais: o exercicio do poder de libre configuración política do lexislador democrático e do poder discrecional do Goberno e da Administración serían para ela unha caixa negra. Na actualidade, con todo, a Constitución xa non se concibe só como un instrumento para **limitar o poder**, senón tamén para **dirixir o seu exercicio**. A súa misión non se reduce a establecer que é o que Lexislador, Goberno e Administración pública non poden facer; tamén alcanza a orientalos no exercicio dos seus respectivos ámbitos de libre configuración. A Constitución española comprende un verdadeiro programa de actua-

ción que vincula tanto a Administración pública, como o Lexislador e o Goberno con relación a esta. Os ámbitos que lles son propios xa non se conciben, pois, como espazos de plena autodeterminación, senón como ámbitos externamente delimitados a través de criterios negativos e internamente orientados mediante criterios positivos.

6. Doutra banda, algunhas normas constitucionais vinculan a Administración e o seu dereito con carácter definitivo, mentres que outras o fan con carácter *prima facie*. As primeiras operan como **regras**, é dicir, como "**normas non derrotables"**, de modo que cando concorre o suposto de feito nelas previsto, a súa consecuencia xurídica aplícase de forma plena e constante, sen modulacións ou gradacións. Os conflitos entre regras constitucionais hanse de resolver en virtude do principio de especialidade. As segundas operan como **principios**, isto é, como **mandatos de optimización** que ordenan a consecución dun determinado estado de cousas na maior medida posible, pero que poden ser desprazados proporcionadamente en atención a outras normas constitucionais que presionen en sentido oposto, de tal maneira que, a diferenza das regras, estes principios serían susceptibles de cumprimento gradual. Corresponde, ante todo, ao lexislador resolver os conflitos entre principios constitucionais que se suscitan nos diversos ámbitos do dereito administrativo. As normas que expresan o resultado desas ponderacións lexislativas de principios teñen xa a condición de regras e, por tanto, vinculan o Goberno, a Administración e os órganos xudiciais como normas non derrotables. Boa parte das bases constitucionais do dereito administrativo compórtanse como principios que se relacionan entre si en termos dialécticos, por iso é polo que se adoita afirmar que o administrativo é un dereito de conflictos e equilibrios (RODRÍGUEZ DE SANTIAGO, 2000; ARROYO JIMÉNEZ, 2009).

7. Operan como **regras** a prohibición de establecer ámbitos da actuación administrativa inmunes ao control xudicial (art. 106.1 CE), a obriga de esixir a reparación do dano ambiental (art. 45.3 CE), o carácter público do réxime da Seguridade Social (art. 41 CE) ou a configuración das praias como dominio público (art. 132.1 CE). A prohibición das asociacións de carácter paramilitar (art. 22.5 CE) é norma especial fronte á que proclama o dereito de asociación (art. 22.1 CE). Pola contra, son **principios susceptibles de cumprimento gradual** os de seguridade xurídica (art. 9.3 CE), legalidade, obxectividade e eficacia (art. 103.1 CE), o mandato de actualización da liberdade e da igualdade (art. 9.2 CE), así como os dereitos á protección da saúde (art. 43 CE), a gozar do medio ambiente (art. 45 CE) e a acceder a unha vivenda digna e adecuada (art. 47 CE). Unha das manifestacións da relación dialéctica entre os principios constitucionais de legalidade (art. 103.1 CE) e seguridade xurídica (art. 9.3 CE) foi resolta polo lexislador mediante unha ponderación cuxo resultado se expresa nas regras que permiten (só nalgúns casos e sempre que se dean certas condicións) a anulación de oficio dos actos administrativos (art. 106, 109 e 110 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, LPAC).

8. As normas constitucionais que limitan e dirixen a produción normativa e a aplicación administrativa e xudicial do dereito administrativo poden ordenarse ao redor de **cinco principios estruturais** do Estado no que España quedou constituída: o Estado de dereito (art. 1.1 CE), o Estado democrático (art. 1.1 CE), o Estado social (art. 1.1 CE), o Estado autonómico (art. 2 e 137 CE) e o Estado aberto ao proceso de integración supranacional (art. 10.2 e 93 CE).

2. DEREITO ADMINISTRATIVO E ESTADO DE DEREITO

2.1. A cláusula do Estado de dereito

9. O Estado de dereito é unha das notas definitorias do Estado (art. 1.1 CE) e é tamén un dos valores propios da UE (art. 2 TUE). Trátase dun principio complexo integrado por normas constitucionais moi numerosas e heteroxéneas, cuxa orienta-

ción común pode cifrarse na garantía da **autodeterminación individual** (art. 10.1 CE) (LAPORTA, 2007: 17). As máis relevantes para o dereito administrativo poden clasificarse en tres grupos: por medio do primeiro, integrado polos principios de división de poderes, de legalidade e de control xudicial, o Estado de dereito outorga **estrutura** ao dereito administrativo; o segundo grupo está composto por algúns dereitos e liberdades constitucionais que (xunto co principio de Estado social, sobre o que logo se volverá) forman parte da dimensión material ou **substantiva** do Estado de dereito; o terceiro grupo, en fin, está formado por regras e principios de carácter **formal** que serven á racionalización e estabilización da acción do poder e, en particular, da actuación da Administración pública.

2.2. Elementos estruturais

10. O primeiro elemento estrutural é o **principio de división de poderes**. Somos aínda herdeiros dunha visión mítica da separación de poderes que parte da identificación de tres funcións abstractas (lexislativa, executiva e xudicial) para a súa posterior atribución a outras tantas estruturas subxectivas especializadas e perfectamente independentes entre si. Esta comprensión da separación de poderes permitía racionalizar a distribución de funcións e competencias entre as diversas institucións do Estado nunha época, o século XIX, na que a Constitución carecía de carácter normativo. Na actualidade, con todo, só a función xurisdicional está ordenada desta forma (art. 117.3 CE). En relación co resto da acción do Estado, a Constitución procedeu a fragmentar as funcións lexislativa e executiva en competencias concretas e a distribuír estas últimas entre diversos órganos diferenciados tanto horizontal como verticalmente. O principio de división de poderes é o nome que recibe a **concreta ordenación funcional** que resulta da rede de normas constitucionais que atribúen competencias, regulan a composición, organización e funcionamento de diversos suxeitos, e disciplinan as relacións entre eles e entre os actos e normas que constitúen o exercicio das súas competencias.

11. A **función lexislativa**, isto é, a produción normativa do Estado, está fragmentada en diversas potestades normativas que á súa vez foron repartidas entre varios suxeitos: a potestade de aprobar as leis, que corresponde aos parlamentos estatal e autonómicos, e na que tamén participan os órganos executivos; a potestade de aprobar decretos–leis en situacións de extraordinaria e urxente necesidade, atribuída ao Goberno central e a algúns gobernos autonómicos, e sometida á súa posterior validación parlamentaria; a potestade de aprobar regulamentos, que corresponde aos gobernos central e autonómicos, e que nalgunhas materias está sometida á necesidade de contar cunha habilitación previamente conferida polo lexislador; e a potestade de aprobar outras disposicións administrativas de carácter xeral, que corresponde ás administracións públicas central, autonómica e local, e que se atopa en ocasións sometida á mesma condición que os regulamentos gobernativos.

12. O **poder executivo**, en particular, é unha función constitucional complexa organizada. Desde un punto de vista subxectivo, trátase dunha estrutura orgánica integrada polo Goberno e a Administración pública: o **Goberno** é un órgano constitucional formado á súa vez por órganos unipersoais e pluripersoais (art. 97, 98 e 100 CE), e a **Administración** é un conxunto de persoas xurídico–públicas integradas por órganos e unidades administrativas (art. 103.2 CE) (*infra* §8.41). Desde un punto de

vista obxectivo, a función executiva atópase constitucionalmente fragmentada pola Constitución, que lle encomenda ao Goberno (ademais da potestade regulamentaria) a función de dirección política e a dirección da Administración pública (art. 97 CE) (STC 93/2024, FJ 4), e a esta última o servizo obxectivo aos intereses xerais con sometemento pleno á lei e ao dereito (art. 103.1 CE), baixo a dirección política do Goberno e con suxeición ao control xudicial da súa legalidade (art. 106.1 CE).

13. O segundo elemento estrutural é o **principio de legalidade**, cuxos contidos serán obxecto de exame máis detallado posteriormente (*infra* § 5 e § 6), de modo que agora bastará con realizar algunhas consideracións xerais. O principio reclama a **vinculación da Administración ao Dereito** (art. 103.1 CE) e con iso permite que o Dereito administrativo cumpra tres misións características. A primeira é limitar a actividade administrativa, isto é, racionalizala e ordenala para evitar a arbitrariedade do poder e facer posible que os cidadáns programen a súa propia conduta. A segunda é dotar a Administración de lexitimidade democrática, na medida que as normas que a regulan gozan dese tipo de lexitimidade. E a terceira é dirixir a actuación administrativa (*supra* § 2.17), posto que para a Administración pública o dereito é á vez límite e tarefa: atribúe potestades administrativas, condiciona a validez do seu exercicio, imponlle á Administración obxectivos e fins, configura tipos de organización e procedemento adecuados ás diversas funcións administrativas etc.

14. A vinculación da Administración ao dereito é plena desde dous puntos de vista. Éo, dun lado, polo que respecta ao **parámetro** da vinculación, integrado polo conxunto de normas do sistema (incluídas, por suposto, a lei e a Constitución, pero tamén as normas ditadas pola propia Administración, así como as normas que forman parte do dereito da Unión Europea). Especialmente importante é a **vinculación da Administración á lei**. Por unha banda, a lei condiciona o exercicio da actividade normativa da Administración como consecuencia do principio de primacía da lei, da reserva de lei en materias especialmente relevantes e da ausencia de materias reservadas ao regulamento. Doutra banda, o lexislador tamén pode dirixir a actividade administrativa de execución de normas mediante regras substantivas e estruturas administrativas, sen que a Constitución se opoña a que as primeiras sexan regras autoaplicativas, nin tampouco á adopción de leis concretas.

15. As leis administrativas adoitan regular os distintos sectores de actividade administrativa **atribuíndolle potestades** á Administración pública. Así, por exemplo, o artigo 152 da Lei madrileña 9/2001, do 17 de xullo, do solo, somete certos actos de transformación do solo á carga de obter unha licenza municipal. Algunhas normas administrativas, con todo, alteran directamente a esfera xurídica dos cidadáns **sen necesidade da súa execución** no caso concreto por parte da Administración. O artigo 11.1.a) do texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado mediante Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, imponlles aos titulares de vehículos de motor o deber de identificar as persoas que os conducían no momento de producirse unha infracción de tráfico. Finalmente, a Lei canaria 2/1992, do 26 de xuño, por medio da cal se expropiaron dous inmobles, é un exemplo de lei concreta ou de caso único.

16. A vinculación da Administración ao dereito tamén é plena desde a perspectiva do seu **obxecto**, pois o principio de legalidade non tolera a existencia de ámbitos da actuación administrativa non sometidos á lei e ao dereito. Con todo, malia que **toda a actividade** da Administración está sometida ao dereito, este sometemento non sempre ten a mesma **intensidade** (*infra* § 5.7). O principio de legalidade comprende un mandato de optimización da predeterminación normativa da actuación administrativa, que é ademais especialmente esixente cando esta afecta negativamente os dereitos fundamentais (art. 53 CE). Con todo, xunto a el a Constitución tamén protexe outros principios, como os de eficacia (art. 103.1 CE) ou autonomía (art. 2 e 137 CE), que xustifican a adopción de normas administrativas menos

densas e a consecuente atribución á Administración pública dunha marxe de configuración autónoma da súa propia conduta. A gradación da intensidade da vinculación da Administración ao dereito correspóndelle fundamentalmente á lei, que pode configurar con maior ou menor densidade o contido das normas substantivas que programan a actuación administrativa, así como, no seu caso, tratar de compensar esa falta de predeterminación normativa mediante o deseño de estruturas organizativas e procedementais.

17. É moi densa a regulación da actuación administrativa en materia de tráfico, que comprende regras substantivas moi precisas (o art. 35 da Lei sobre Tráfico regula con moito detalle a manobra de adiantamento) e determina así por completo o contido dos actos administrativos (neste exemplo, cando pode a Administración impoñer a correspondente sanción). Pola contra, a regulación da planificación administrativa das estradas e doutras infraestruturas públicas limítase esencialmente á definición dos fins que debe perseguir (art. 1 e 9 da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas), así como dos procedementos administrativos a través dos cales ha de ter lugar (art. 10-16). Isto é, a lei non di onde deben construírse as estradas, senón que establece un procedemento para decidir o seu trazado, no que se poderán analizar opcións diversas.

18. En terceiro lugar, nun Estado de dereito o sometemento da actuación administrativa ao ordenamento xurídico tamén é obxecto de control xurisdicional (*infra* § 34.2). Este principio **de control xudicial** ten un **dobre fundamento**: o fundamento obxectivo que resulta do mandato de control xurisdicional da legalidade do exercicio da potestade regulamentaria, da actuación administrativa e da adecuación desta aos fins que lle son propios (art. 106.1 CE), e o fundamento subxectivo que se deriva do dereito fundamental á tutela xudicial efectiva, que tamén opera fronte á actuación da Administración pública que poida afectar os dereitos e intereses lexítimos dos cidadáns (art. 24 CE).

19. O control xudicial da Administración reflicte o modo en que esta se atopa vinculada á lei e ao dereito. O control xudicial tamén é pleno polo que respecta ao seu **obxecto**, que comprende a enteira actuación administrativa (normativa ou non, xurídica ou material, acción ou omisión etc.). Serían, pois, inconstitucionais as leis que pretendesen subtraer do control xudicial unha parte da actuación administrativa. O control xudicial da legalidade da actuación administrativa tamén é pleno no que incumbe ao **parámetro** do axuizamento. No caso dos actos administrativos, os xuíces han de controlar o cumprimento de calquera norma xurídica. No caso das normas administrativas, o control xurídico refírese o cumprimento daqueloutras normas xerarquicamente superiores que vinculen a autoridade normativa correspondente. En calquera caso, o parámetro do control xudicial da actuación administrativa é **todo o Dereito, pero só o Dereito**. A diferenza do que sucede con outros sistemas de control da actuación administrativa, como os recursos administrativos ou o control económico–financeiro (*infra* §§ 33.16 e 51), quedan fóra, pois, do parámetro de control xudicial os criterios propios da corrección técnica da actuación administrativa ou os relativos á súa conveniencia ou oportunidade política (que pertencen ao ámbito do control político da actuación administrativa). Por este motivo, o xuíz só pode anular a actuación administrativa no caso de que incorra nunha infracción do ordenamento xurídico, incluída a desviación de poder (art. 70.2 LJCA) (*infra* § 5.39).

20. A **intensidade do control xudicial** da legalidade da actuación administrativa non é sempre a mesma, senón que reflicte a variable intensidade coa que o dereito a dirixe en cada caso. Como regra xeral, os xuíces despregan un **control pleno** da actuación administrativa (sen recoñecer, por tanto, ningunha marxe de deferencia á Administración). Con todo, cando a actuación administrativa sexa expresión dun poder discrecional recoñecido pola lei á Administración pública o xuíz realiza un **control limitado** ou deferente. Por esta razón precisa a lei que o órgano xudicial non pode substituír o criterio da Administración polo seu propio cando a lei lle atribúe a esta o poder para adoptar a decisión final sobre a actuación controvertida (art. 71.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa, LJCA) (*infra* § 5.20).

21. A Constitución non se conforma con dispensarlles aos cidadáns unha tutela xudicial puramente formal dos seus dereitos e intereses lexítimos, senón que esixe que esta sexa o máis efectiva posible (art. 24.1 CE). Este mandato *prima facie* de **efectividade da tutela xudicial** reflíctese en numerosas regras do dereito administrativo substantivo e procesual, entre as que destacan o deber de motivación dos actos administrativos (art. 35 LPAC) (*infra* § 17.42), o deber de interpretación restritiva dos presupostos procesuais (STC 255/1993, FX 3), o réxime das medidas cautelares (STC 14/1992, FX 7) e da execución de sentenzas de condena á Administración (STC 32/1982, FX 2). Con todo, esta esixencia de que a tutela xudicial dos cidadáns sexa o máis efectiva posible, tanto en relación co seu alcance ou extensión, como no que respecta á súa profundidade ou intensión, pode verse desprazada por principios constitucionais opostos vinculados, ben ao propio dereito á tutela xudicial efectiva de terceiros (que pode impedir, por exemplo, o acceso á xurisdición se o acto adquiriu xa firmeza), ou ben a outros principios constitucionais, entre os que destacan os de seguridade xurídica, confianza lexítima (art. 9.3 CE) e eficacia da actuación administrativa (art. 103.1 CE).

22. O control xudicial é un dos ámbitos nos que se manifesta con maior claridade a peculiar **(exorbitante) posición xurídica da Administración pública**, se a comparamos coa propia dos suxeitos de dereito común. As administracións públicas gozan no exercicio da súa actuación da denominada autotutela declarativa e executiva (art. 38 e 39 LPAC) (*infra* § 17.61 e 81). Isto é, non necesitan dunha resolución xudicial para impoñer e executar as súas propias decisións. Ademais, benefícianse da carga que pesa sobre os particulares de esgotar a vía administrativa previa ao acceso á xurisdición (art. 25.1 LJCA) (*infra* § 33.70 e § 34.79), así como da ausencia de carácter suspensivo automático nos recursos administrativo e contencioso–administrativo (art. 129 LJCA) (*infra* § 33.61 e § 34.128). Todas estas regras reducen o grao de efectividade da tutela xudicial (art. 24. CE) e con iso restrinxen o alcance dese principio constitucional. A súa constitucionalidade pasa, pois, por comprobar que con elas se satisfán proporcionadamente as esixencias de sentido oposto que proceden doutros principios constitucionais, entre os que ocupa unha posición central o principio de eficacia da actuación administrativa (STC 32/1982, FX 4) (*infra* 4.45 e 46).

2.3. Elementos substantivos

23. Nas tradicións constitucionais da Europa continental os dereitos fundamentais forman parte do Estado de dereito (DÍAZ, 1998: 44). Na súa primeira manifestación histórica como Estado liberal de dereito, eses dereitos eran, esencialmente, a **liberdade**, a **igualdade** e a **propiedade** privada. A articulación xurídica deses valores liberais tivo lugar de acordo con dous criterios: a súa configuración como dereitos públicos subxectivos e a súa comprensión como titularidades exclusivamente formais de persoas abstractas.

24. Na súa dimensión puramente formal, as **liberdades** constitucionais son dereitos subxectivos a accións negativas do Estado, isto é, dereitos a que este non interfira indebidamente na configuración autónoma dalgún dos espazos vitais especificamente contemplados na Constitución (a expresión de ideas, a actividade empresarial, a pertenza a unha asociación etc.), ou ben no exercicio do dereito xeral de liberdade (art. 10.1 e 16.1 CE). A lei delimita o seu contido, incorpora límites ou restricións que deben satisfacer o principio de proporcionalidade e respectar o seu

contido esencial (art. 53.1 CE, así como 52.1 da Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea, CDFUE), e pódelle tamén atribuír á Administración potestades que lle permiten intervir no seu exercicio mediante técnicas diversas (regulamentos, autorizacións, ordes etc.).

25. A **igualdade** formal é un dereito subxectivo a non sufrir tratamentos discriminatorios que opera tanto fronte á lei como fronte á súa aplicación administrativa ou xudicial (art. 14 CE). As normas do Dereito administrativo que dispensan un tratamento diferente a distintas categorías de persoas deben cumprir dous requisitos: entre os dous supostos desigualmente tratados hase de apreciar unha diferenza obxectiva, razoable e non baseada nos criterios expresamente excluídos pola Constitución; e a diferenza de trato debe satisfacer o principio de proporcionalidade (SSTC 22/1981, FX 3; 36/2011, FX 2; e 112/2017, FX 3). As resolucións xudiciais e os actos administrativos, pola súa banda, lesionan o dereito á igualdade se se separan do criterio previamente aplicado polo mesmo órgano a situacións comparables sen achegar unha xustificación razoable e non caprichosa (STC 47/1989, FX 2).

26. A **propiedade** privada, en fin, é un dereito subxectivo cuxo contido ha de ser delimitado pola lei. Se tradicionalmente esa operación se acometía á vista do exclusivo interese do seu titular, no momento presente hase de realizar tamén a partir da función social do tipo de ben ou dereito sobre o que se proxecte (art. 33.1 e 2 CE). O dereito ten unha dobre dimensión. Por unha banda, comprende un espazo de autodeterminación do propietario. A doutrina constitucional esíxelle ao lexislador que as medidas que o restrinxen por medio de obrigas, deberes e cargas manteñan algún espazo de utilidade individual do propietario (STC 204/2004, FX 5) e sexan adecuadas para satisfacer a súa finalidade (STC 16/2018, FX 17). Doutra banda, comprende tamén unha garantía de integridade patrimonial fronte a dúas inxerencias características: a expropiación forzosa, que só é admisible por causas de utilidade pública ou interese social e mediante a correspondente indemnización (art. 33.3 CE) (*infra* § 26), e a responsabilidade patrimonial da Administración polos danos causados incidentalmente nos seus bens ou dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos (art. 106.2 CE) (*infra* § 32).

27. Como pode observarse, na tradición propia do Estado liberal de dereito que herdamos e que emerxe aínda en numerosos ámbitos do ordenamento, estes tres dereitos fundamentais recoñécense e protexen con independencia das condicións concretas nas que se atopen os seus titulares. Tal e como se verá máis adiante (*infra* § 3.46), esta comprensión dos dereitos viuse logo parcialmente corrixida, no marco do **Estado social de dereito**, onde os dereitos e liberdades deixan de ser para o Estado e para o Dereito administrativo simples titularidades formais asignadas a suxeitos abstractos, para pasar a considerarse posicións xurídicas cuxa efectividade depende das condicións concretas nas que han de ser exercidas.

2.4. Elementos formais

28. Xunto cos principios de separación de poderes, legalidade e control xudicial (que definen a estrutura do Dereito administrativo) e cos dereitos fundamentais (que os dotan de parte do seu contido substantivo), o Estado de dereito comprende un terceiro grupo de normas de carácter formal que se caracterizan por racionalizar e

limitar a actuación do poder (no que agora importa, da Administración pública) e que esencialmente procuran a conservación das situacións fácticas e xurídicas preexistentes.

29. En primeiro lugar, o principio de **seguridade xurídica** (art. 9.3 CE) descomponse nun conxunto de normas que pretenden facilitar a programación autónoma da conduta individual, o cal require que o Dereito administrativo sexa previsible. E para iso é necesario o cumprimento das regras relativas aos procedementos normativos, a publicación oficial das normas como condición da súa eficacia, a certeza, a claridade e a estabilidade das normas do Dereito administrativo, así como a aproximación deste último aos ideais regulativos da unidade, a coherencia e a plenitude do sistema.

30. Unha segunda regra formal é o principio de **irretroactividade** das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos (art. 9.3 CE), que se concreta en dúas normas complementarias. Se a norma se proxecta sobre relacións xurídicas consagradas ou situacións esgotadas (retroactividade **propia**), só esixencias cualificadas do ben común poderán impoñerse excepcionalmente ao principio de irretroactividade. Se a norma se proxecta sobre situacións ou relacións actuais non concluídas (retroactividade **impropia**), o principio de seguridade xurídica só esixe que os principios constitucionais aos que serve a norma poidan xustificar o seu proporcionado desprazamento mediante o recoñecemento de efectos retroactivos (STC 112/2006, FX 17). Así, por exemplo, a un local comercial ou de lecer xa aberto ao público (ao amparo dunha previa licenza municipal de apertura) pódenselle impoñer por lei ou por regulamento, de fronte ao futuro, novas esixencias de accesibilidade universal ou de seguridade, na medida que esas esixencias sirvan proporcionadamente a bens constitucionais como a protección das persoas con discapacidade (art. 49 CE) ou a protección da saúde (art. 43.1 CE) (*infra* § 4.40).

31. En terceiro lugar, o principio de **confianza lexítima** foi importado do dereito alemán a través do Dereito da Unión Europea. No ordenamento interno, este principio, que foi adscrito ao principio de seguridade xurídica (art. 9.3 CE), vincula tanto o momento de producir normas de Dereito administrativo como no da súa posterior aplicación no caso concreto (art. 3.1.e) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, LRXSP). Ao lexislador e ás autoridades que ditan **normas** de rango regulamentario aféctalles desde dúas perspectivas: dun lado, na modificación das normas administrativas substantivas, o principio de confianza lexítima solápase coa doutrina constitucional que limita a retroactividade impropia; e, doutro, na regulación da anulación administrativa ou xurisdicional dos actos administrativos, o principio determina que certas irregularidades formais carezan de efectos anulatorios (art. 48.2 e 3 LPAC) e que as correspondentes accións deban ser exercidas dentro de certos prazos (art. 110, 122 e 124 LPAC). Ao adoptar **actos concretos**, as administracións públicas vulneran o principio de confianza lexítima se co seu comportamento previo fixeron nacer unha confianza obxectivamente apreciable de mantemento ou obtención dun beneficio, o particular realizou actos de disposición fundados nela, e con posterioridade o acto controvertido produce a súa frustración. A consecuencia xurídica que se deriva do principio é, como regra xeral, a responsabilidade patrimonial da Administración, e só excepcionalmente a anulación do acto.

32. Por exemplo, frústrase a confianza lexítima cando o Ministerio de Fomento denega unha autorización (por razóns de seguridade aeronáutica) para a construción de vivendas nas proximidades dun aeroporto, tendo en conta que anteriormente, na elaboración do Plan urbanístico municipal que prevía esas vivendas, o propio Ministerio de Fomento emitira un informe favorable sobre a localización das vivendas en cuestión (STS do 20 de xaneiro de 2014, ECLI:ES:TS:2014:125).

33. En cuarto lugar, o principio de **proporcionalidade** prohibe o exceso no exercicio do poder público. Valla o seguinte exemplo: sería manifestamente desproporcionado impoñer o confinamento de todo un núcleo de poboación para combater unha epidemia de simple gripe. Aínda que unha medida así está xenericamente autorizada polo artigo 3 da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, o seu exercicio concreto pode chegar a vulnerar este principio.

34. O principio de proporcionalidade xurdiu **historicamente** como límite das normas e actos administrativos que restrinxen a liberdade individual, pero posteriormente foise estendendo ás medidas que afectan a garantía patrimonial innata no dereito de propiedade (art. 33 CE), os dereitos de igualdade (art. 14 CE), aos dereitos de prestación (art. 24.1 CE), e mesmo a outros principios constitucionais, como a autonomía (art. 2 e 137 CE). Na actualidade, o lexislador declarouno aplicable ás medidas que limiten calquera dereito (art. 4.1 LPAC) e en particular ás medidas de carácter normativo (art. 129 LPAC). Verdadeiramente, o requisito de que a acción do poder sexa proporcionada entra en xogo sempre que esta afecte negativamente a unha norma constitucional ou legal que opere como un mandato de optimización, isto é, a unha norma que poida cumprirse en maior ou menor medida: o grao en que esta norma deixe de verse cumprida ha de satisfacer as esixencias que resultan do principio de proporcionalidade (STC 60/2010, FX 5) (ARROYO, 2009: 32).

35. Polo que respecta ao contido do principio de proporcionalidade, no Dereito constitucional e administrativo español estendeuse un canon de control (tamén procedente, por certo, do Dereito alemán) en virtude do cal a medida controvertida debe ser: (i) adecuada, por ser un instrumento obxectivamente idóneo para alcanzar a finalidade que persegue; (ii) necesaria, por non haber alternativas manifestamente menos restritivas e igualmente eficaces para lograla, e (iii) estritamente proporcionada, por non dar lugar a un desequilibrio evidente ou manifesto entre o efecto favorable que produce respecto da súa finalidade e o efecto desfavorable que xera desde a perspectiva do principio restrinxido (STC 55/1996, FX 3 e 6).

36. Por último, o principio de **interdición da arbitrariedade** (art. 9.3 CE) ten un contido complexo. En esencia, prohibe a actuación pública carecedora "de toda explicación racional" (STC 181/2000, FX 13). Por unha banda, prohibe as leis discriminatorias (art. 14 CE) ou carecedoras de calquera explicación racional (STC 137/2025, FJ 7), no ben entendido de que a lei non ten por que ser motivada e de que ha de extremarse aquí a deferencia no control do lexislador democrático (STC 13/2007, FX 4). Doutra banda, o principio tamén se proxecta sobre os actos do Goberno: é arbitrario, por exemplo, que se indulte a un condutor homicida, cando no expediente de indulto non hai ningunha razón de xustiza ou utilidade pública que poida explicar ou xustificar esa decisión (STS do 20 de novembro de 2013, ECLI:ES:TS:2013:5997). Finalmente, o principio de interdición da arbitrariedade serviu en España para **aglutinar un conxunto de canons de control** do exercicio da discrecionalidade administrativa de contido diverso e intensidade variable, e que

en boa medida se solapan con outras esixencias constitucionais. Destacan entre elas o respecto á **realidade dos feitos** sobre os que descansa a decisión (cuxa ausencia determina xa a infracción da norma substantiva que a regula), a consideración dos elementos fácticos e xurídicos relevantes para a súa adopción (que forma parte do principio de obxectividade ou debido coidado), a **motivación razoable** da decisión discrecional (que comprende tanto o deber formal de motivación como a esixencia de que o resultado da decisión non sexa irracional) e, en fin, **a adecuación obxectiva** da medida ao fin perseguido (que en ocasións se denomina canon de razonabilidade e que integra realmente o primeiro elemento do principio de proporcionalidade).

3. DEREITO ADMINISTRATIVO E ESTADO SOCIAL

3.1. A cláusula do Estado social

37. O Estado social é a segunda nota definitoria do Estado no que España se constituíu (art. 1.1 CE) e, aínda que non se atope proclamado como tal no Dereito da Unión Europea, algún dos elementos nos que se concreta foron establecidos como valores (art. 2 TUE), obxectivos (art. 3.3 TUE) e dereitos fundamentais da Unión (art. 23-38 CDFUE). Lonxe de desenvolverse ás súas costas, o Estado social é unha concreta forma histórica do Estado de dereito que emerxe en Europa ao longo do século XX, a medida que o vello Estado liberal de dereito do século XIX se transforma lenta e traballosamente nun **Estado social de Dereito** (GARCÍA PELAYO, 1977: 51). A vella aspiración de facilitar a autodeterminación individual (á que serven as distintas manifestacións do Estado de dereito que analizamos xa) vese complementada á vista dunha constatación empírica: que a efectividade da liberdade, da igualdade e do resto dos dereitos das persoas non depende só do seu recoñecemento formal a suxeitos abstractos, senón tamén das concretas condicións materiais nas que se atopan as persoas chamadas a exercelos. Esas condicións poden dificultar e mesmo impedir o exercicio dos dereitos e, por tanto, o alcance da mesma autonomía individual. A partir desta consideración, o Estado social asume como tarefa propia a conformación das relacións sociais e económicas para lograr que a liberdade e a igualdade dos cidadáns sexan reais e efectivas (art. 9.2 CE). O exame do seu contido pasa na actualidade pola distinción entre a **dimensión material** do principio, integrada esencialmente polo mandato de actualización da liberdade e da igualdade constitucionais, e a súa **dimensión instrumental**, composta á súa vez polo mandato de eficaz consecución dos obxectivos e fins que a Constitución lles impón aos poderes públicos.

3.2. Dimensión material

38. O principio de Estado social imponlles aos poderes públicos, ante todo, un **mandato de intervención positiva** na sociedade para transformar as condicións materiais nas que se atopan os cidadáns co fin de actualizar (é dicir, de converter en reais e efectivos) os dereitos que a Constitución lles recoñece. Esta intervención hase

de concretar, en particular, na eliminación dos obstáculos que nos fan menos libres e menos iguais (art. 9.2 CE). Este mandato constitucional ten como **destinatarios** a todos os poderes públicos, que o han de materializar no marco das súas respectivas competencias e, aínda que en principio se proxecta sobre todos os sectores do ordenamento xurídico, o seu cumprimento articúlase fundamentalmente a través do Dereito público e, en particular, do Dereito administrativo, por ser a Administración a organización pública encargada de intervir de forma ordinaria nas actividades sociais e económicas (PAREJO, 1983).

39. O **contido** do mandato imposto no artigo 9.2 CE é indubidablemente vago. Con todo, a propia Constitución contribúe a precisalo noutras disposicións que identifican numerosas tarefas estatais cuxo cumprimento pode requirir a adopción de normas legais ou regulamentarias, a prestación de servizos públicos, o recoñecemento de prestacións económicas etc. O lexislador e o Goberno poden tamén concretar directamente a cláusula do artigo 9.2 CE mediante a atribución á Administración pública de novas tarefas non especificamente previstas na Constitución, pero que se orienten á actualización da liberdade e da igualdade das persoas.

40. Algunhas das tarefas impostas pola Constitución refírense ao **aseguramento colectivo de riscos futuros** dos cidadáns, principalmente a través do sistema de Seguridade Social e das súas prestacións no ámbito das pensións, o desemprego, os accidentes ou a enfermidade (art. 41 e 50 CE). Outras tarefas constitucionais inclúen a **garantía da prestación de servizos públicos básicos** como a educación (art. 27 CE), a sanidade (art. 43 CE), a vivenda (art. 47 CE) ou a asistencia social (art. 50 CE). Un terceiro ámbito de intervención do Estado social é o dirixido **ao reequilibrio de certas relacións** entre persoas ou grupos caracterizadas pola súa desigualdade estrutural, entre as que destacan as relacións laborais (art. 28, 38 e 40 CE) e as relacións entre empresarios e consumidores (art. 51 CE). En cuarto lugar, diversas disposicións constitucionais impóñenlles aos poderes públicos a obriga de **protexer algúns colectivos** con necesidades específicas, entre os que se atopan os mozos (art. 48 CE), as persoas con discapacidade (art. 49 CE) e os anciáns (art. 50 CE). Unha quinta tarefa refírese á obriga de promover as condicións favorables para o **progreso social e económico** (art. 40.1 CE), que lle atribúe ao Estado unha responsabilidade infraestrutural respecto do bo funcionamento da economía. Xunto a iso, a Constitución tamén lles ordena aos poderes públicos garantir a **vinculación social do sistema económico**. Esta vinculación concrétase, por exemplo, na delimitación do contido da propiedade a partir da súa función social (art. 33.2 CE), na subordinación da liberdade de empresa ás esixencias da economía xeral (art. 38 CE) e na obriga de procurar unha distribución da renda rexional e persoal máis equitativa, de modo que crecemento e distribución non se atopan xerarquicamente ordenados desde a perspectiva constitucional (art. 40.1 CE). Así mesmo, a obriga de incrementar a equidade da distribución da renda persoal debe entenderse no sentido de lograr unha efectiva redución da desigualdade, na medida en que os poderes públicos están obrigados a remover os obstáculos que impiden que a igualdade sexa real e efectiva (art. 9.2 CE), e con iso a lograr un grao de igualdade maior que o que se observaría en ausencia de intervención pública. Por último, outra das condicións materiais que os poderes públicos han de optimizar é o gozo dun medio ambiente adecuado e a protección dos recursos naturais (art. 45 CE).

41. Estas **tarefas estatais** diféréncianse entre si en función do seu grao de concreción e das vías para esixir o seu cumprimento (art. 53.2 e 3 CE). As diferenzas tamén se proxectan sobre o modo en que han de ser aplicadas. As normas que as impoñen compórtanse nalgunhas ocasións como **regras** non derrotables e outras veces como **principios** susceptibles de cumprimento gradual. No primeiro caso, a norma que define a tarefa impónlle ao Estado unha obriga de modo definitivo, esixindo o seu cumprimento pleno e constante. No segundo, os poderes públicos están constitucionalmente obrigados a cumprila na maior medida posible. Con todo, a satisfacción deste segundo grupo de tarefas pode dar lugar a relacións dialécticas con outros principios constitucionais. Nestes casos correspóndelle ao lexislador, ao Goberno e á Administración pública, cada un no espazo das súas respectivas competencias, alcanzar un equilibrio proporcional

que permita lograr unha certa concordancia práctica entre as diversas normas constitucionais en conflito. Os principios de democracia e pluralismo político (art. 1.1 CE) determinan que ese punto de equilibrio poida desprazarse nun sentido ou outro, sempre que a solución alcanzada non sexa desproporcionada. Estes principios tamén esixen que o control xudicial desas decisións sexa particularmente deferente.

42. Cal deba ser o tamaño dos grupos na educación básica (art. 27.1 CE), o importe das pensións (art. 50 CE) ou as técnicas administrativas de protección do medio ambiente (art. 45.2 CE) son cuestións que a Constitución non resolveu de maneira definitiva, senón que llas encomendou ao lexislador, ao Goberno e ás administracións públicas, que han de alcanzar un equilibrio entre os mandatos constitucionais correspondentes (garantir o dereito á educación, protexer economicamente a cidadanía durante a terceira idade e protexer o medio ambiente e os recursos naturais) e outras normas constitucionais que se relacionan con elas en termos dialécticos (o dereito de propiedade, a liberdade de empresa etc.). Ao definir eses puntos de equilibrio, os poderes públicos están constitucionalmente vinculados polas normas respectivas, pero poden alcanzar **solucións diversas** que expresan diferentes formulacións políticas. Pola contra, a norma que suprimise o carácter gratuíto da educación básica (art. 27.4 CE), a que privatizase o sistema de pensións (art. 41 CE) ou, en fin, a que deixase de sancionar as agresións ao medio ambiente (art. 45.3 CE), serían inconstitucionais porque en relación con estas concretas manifestacións do Estado social as normas que definen a tarefa estatal correspondente non operan como un principio senón como unha regra.

43. Unha das consecuencias máis relevantes da dimensión material do Estado social é a transformación do contido, o alcance e o catálogo dos dereitos fundamentais. A **liberdade** non se concibe xa como unha simple titularidade formal, senón como un espazo de autonomía cuxo efectivo gozo non só reclama a non inxerencia dos poderes públicos, senón tamén unha intervención positiva orientada a remover os obstáculos que dificultan a súa plenitude (art. 9.2 CE). O Estado social tamén ha de garantir que a **igualdade** entre individuos e grupos sexa real e efectiva, o cal pode reclamar dispensar a algúns deles un tratamento diferente e, por tanto, formalmente desigual, cuxa xustificación reside na necesidade constitucional de corrixir situacións de desigualdade material (art. 9.2 CE). Tal e como se indicou xa (*supra* § 4.26), no Estado social de dereito o contido do dereito de **propiedade** non resulta só da necesidade de protexer a autonomía do seu titular, senón que pode quedar delimitado pola lei á vista da función social do tipo de ben ou dereito de que se trate (art. 33.2 CE).

46. Na miña opinión, esta forma de entender as cousas é incompatible cos principios garantidos na **Carta Europea de Autonomía Local**, do 15 de outubro de 1985, en concreto, co principio de subsidiariedade establecido no seu artigo 4.2, que converte en vinculante un esquema xeral precisamente contrario ao exposto: no "ámbito da lei", as entidades locais teñen liberdade plena para exercer a súa iniciativa en toda materia que non estea excluída da súa competencia ou atribuída a outra autoridade. Este precepto imponlles aos Estados parte, polo menos, aparentemente, a coñecida tese da competencia universal alemá (*Allzuständigkeit*). A interpretación do dereito interno conforme co Dereito internacional obriga a "corrixir" o teor literal dos mencionados preceptos da LBRL e completalo cun criterio adicional, necesario para que a regulación española sexa compatible co tratado internacional, que faga dicir á lei española que a enumeración de ámbitos materiais contida no artigo 25.2 LBRL constitúe xa "unha atribución xenérica de potestades aos concellos para intervir en todo o conxunto de materias (alí) relacionadas" (así, expresamente, STS do 22 de maio de 2015, ECLI:ES:TS:2015:2338, que, con este argumento, casa a sentenza impugnada que declarara a invalidez da Ordenanza municipal de Zaragoza de ecoeficiencia enerxética e utilización de enerxías renovables nos edificios e as súas instalacións).

47. Como normas regulamentarias que son, as ordenanzas están sometidas as regras propias do Estado de dereito que suxeitan os regulamentos ao **principio de legalidade** (art. 9.3 CE): primacía da lei e reserva de lei. Polo que se refire ao primeiro,

a conxunción dos principios de legalidade e de **xerarquía normativa** (art. 9.3 CE) determinan, sen dúbida, que exista unha relación de supraordenación xerárquica da lei estatal ou autonómica con respecto ás ordenanzas municipais. A xerarquía da lei non admite matices. Cuestión distinta é que, por mandato constitucional, a lei lles deba de deixar un espazo de propia regulación ás normas locais. E que só alí onde respecte ese ámbito de autorregulación será válida a lei; e, como tal, xerarquicamente superior ás normas locais. Pero, a falta dun criterio constitucional expreso que regule as relacións entre o regulamento estatal ou autonómico e a ordenanza local, será a lei, con carácter xeral ou sectorial, quen determine as relacións entre regulamentos (estatais ou autonómicos) e normas locais.

48. Pódese aceptar que **é función da lei estatal ou autonómica** (cada unha no ámbito das súas competencias) **regular as relacións entre os regulamentos do Estado ou da comunidade autónoma**, por unha banda, **e as ordenanzas municipais**, por outra, de forma respectuosa coa autonomía municipal (art. 137 e 140 CE) e co alto grao de lexitimidade democrática daquelas.

49. A lei autonómica pode, por exemplo, conforme un esquema propio do **principio de competencia** (repartición de materias entre suxeitos distintos) e non de xerarquía, identificar concretamente o ámbito regulatorio que queda reservado á ordenanza municipal e que, por iso, non pode ser regulado polo regulamento autonómico, cunha exclusión *ab initio* da *concorrencia* regulativa que caracteriza a ordenación das normas conforme ao principio de xerarquía. Este parece ser o modelo, por exemplo, con respecto ás ordenanzas de protección contra ruídos producidos por actividades domésticas ou veciños, do artigo 69.2 a) da Lei andaluza 7/2007, do 9 de xullo, de xestión integrada da calidade ambiental; e do art. 2 b) do Decreto andaluz, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de protección contra a contaminación acústica.

50. Pero tamén é posible que a lei autonómica prevexa a **concorrencia regulativa** do regulamento autonómico e a ordenanza, pero utilice a técnica da **supletoriedade** e o **desprazamento**: o regulamento contén unha regulación **supletoria** que queda desprazada cando o municipio regula a materia por ordenanza. Por exemplo, o artigo 7.2 da Lei aragonesa 7/2010, do 18 de novembro, de protección contra a contaminación acústica, regula a súa propia supletoriedade e o seu desprazamento por ordenanzas que establezan estándares máis esixentes de protección contra o ruído. Un esquema semellante obsérvase na disposición transitoria primeira do Decreto do País Vasco 213/2012, do 16 de outubro, de contaminación acústica.

51. Polo que se refire á **reserva de lei**, aquí atópase, quizais, o éxito recente máis rotundo da ordenanza. No ámbito do poder normativo municipal, a xurisprudencia constitucional admitiu que a tensión existente entre esa regra do Estado de dereito (reserva de lei) e as esixencias do principio democrático [con carácter xeral, as ordenanzas municipais apróbanse por un órgano —o Pleno do Concello— con lexitimidade democrática directa; art. 22.2 d) LBRL] se solucione cunha flexibilización da reserva de lei, por exemplo, en materia tributaria (STC 233/1999, do 16 de decembro, FFXX 10 e 18) e en materia sancionadora (art. 25.1 CE) (STC 132/2001, do 8 de xuño, FX 6), flexibilización que recorta o espazo do que necesariamente debe ser regulado por lei e amplía o do que se pode regular por ordenanza.

52. Os argumentos do Tribunal Constitucional —antes ou despois— poderían xeneralizarse para outros dereitos fundamentais, distintos do recoñecido no artigo 25.1 CE. Por iso, chegouse a soster con bos argumentos que, sempre que a lei identifique, polo menos, o interese público de competencia municipal que o lexislador permite que entre en conflito e sirva de límite a un dereito fundamental (pro-

piedade, liberdade de empresa etc.), seralle posible ao poder de ordenanza **ponderar** para decidir sobre a prevalencia dos principios en conflito (o dereito fundamental ou o interese público) para resolver "axustes singulares", isto é, **"conflitos concretos que se teñen que solucionar a nivel local"** entre dereitos fundamentais e intereses públicos que deban ser garantidos polos municipios (ORTEGA, 2014: 193-219). En contra desta tese, con todo, a STS do 14 de febreiro de 2013, ECLI:ES:TS:2013:693, anulou a prohibición por ordenanza do Concello de Lleida do acceso con veo integral a diversas instalacións municipais.

7. O COSTUME NO DEREITO ADMINISTRATIVO

53. Se "escuridade" e "desorientación" son termos cos que se presentou, en ocasións, o primeiro achegamento ao costume no ámbito do Dereito civil (DE CASTRO, 1949: 363), hai motivos para pensar que conceptos máis rotundos son apropiados para describir a cuestión no campo do Dereito administrativo. En efecto, se se acepta que por costume se entende un conxunto de regras que teñen a súa orixe, precisamente (e por definición), **fóra do Estado, na sociedade**, cuestións como o valor vinculante ou non do precedente [a decisión anterior dun órgano (estatal) administrativo con respecto a un caso análogo posterior] e da xurisprudencia (a decisión anterior dun órgano —estatal— xudicial con respecto a un caso análogo posterior) caen, polo momento, fóra do tratamento do costume en sentido propio.

54. E o problema exponse entón directamente coa pregunta: é posible aceptar que, en defecto de lei escrita, a Administración deba decidir aténdose a regras creadas non polo Estado, senón polas forzas sociais (os comerciantes dunha comarca ou os cabezas de familia dun pobo)? Ou, dito doutra maneira: **rexe o artigo 1.3 CC para o Dereito administrativo?** A resposta positiva non é ningunha evidencia. Noutras ramas do dereito, como o Dereito penal, por exemplo, unha sinxela argumentación con apoio no principio de legalidade (art. 25.1 CE) fai obvia a resposta negativa. O contexto da regulación constitucional da actuación administrativa tamén parece suxerir a resposta negativa para o Dereito administrativo.

55. A reserva de lei no ámbito do Dereito administrativo expresa o mínimo de regulación xurídica que impón a Constitución para cada ámbito de actuación administrativa. Cuberta a reserva de lei e en ausencia de máis lei (ou regulamento) escrita (tras a procura de principios aplicables, se os hai —como se explicará despois—), a Constitución non ten reparo en aceptar que **a Administración decida discrecionalmente** construíndo a súa "norma de conduta" con criterios (xa non xurídicos, senón) de oportunidade (técnicos, de eficiencia, políticos, ou os propios usos tradicionais, por que non?). Actuar discrecionalmente significa exercer o poder de elixir os criterios directivos da actuación, nunca decidir sen criterios (BACIGALUPO, 1997: 188 e ss.) (*supra* § 5.58). Eses criterios de oportunidade poderán vir dados polos órganos de dirección política (con maior lexitimidade democrática que a da Administración) e do seu uso poderase render contas tamén por vías de control democrático.

56. Esta resposta á pregunta de que fai a Administración en ausencia de lei escrita é máis conforme coa **posición constitucional da Administración** e co **principio democrático** (art. 1.1 CE) que o sometemento da actuación administrativa

nese caso a regras creadas por grupos asimétricos de cidadáns e forzas sociais que nada teñen que ver co "pobo" en sentido propio. Tampouco é difícil caer na conta do que se gaña en termos de **seguridade xurídica** (art. 9.3 CE) para o Dereito administrativo se se despexa desta maneira o escuro problema da aplicación do incerto costume en ausencia de lei escrita reguladora da actividade administrativa.

57. Distinta da remisión xenérica ao costume como fonte subsidiaria de primeiro grao (art. 1.3 CC) é a **concreta remisión por determinadas leis a regras individualizadas** que se aplican para regular aspectos diversos das relacións sociais en que intervén a Administración. Hai nestes casos —non no anterior— unha concreta decisión do lexislador democrático sobre os criterios (consuetudinarios) que se consideran adecuados para dirixir a actuación administrativa.

58. Poden citarse como exemplos: artigo 29.3 LBRL (usos, costumes e tradicións locais relativas ao réxime do concello aberto); artigo 103.2 do Regulamento de bens das entidades locais (aprobado polo Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño) (normas consuetudinarias sobre o aproveitamento de bens comunais); artigo 19.3 e 4 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, LOPX (en relación co art. 125 CE) (Tribunal de las Aguas de la Vega Valenciana e Consejo de Hombres Buenos de Murcia como tribunais consuetudinarios e tradicionais); artigo 85 do Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas (organización tradicional dos xurados ou tribunais de rega); artigo 23.4 da Lei 1/1970, do 4 de abril, de caza (regulamentación de determinadas modalidades de caza conforme os usos e costumes do lugar) etc. Poden verse máis exemplos en SANTAMARÍA (1988: 341-342).

8. OS PRINCIPIOS XERAIS DO DEREITO ADMINISTRATIVO

59. O constituínte español de 1978 (que —como xa se dixo— renunciou a adoptar todas as decisións relativas ao sistema de fontes) atribuíulle a importante función de determinar cales son as fontes do Dereito (e a orde de prelación entre elas) á lei estatal —ou autonómica, alí onde existan Dereitos forais ou especiais— (art. 149.1.8 CE). Polo que se refire aos principios xerais do Dereito, desde 1974, o art. 1.1 CC dispón que "as fontes do ordenamento xurídico español son a lei, o costume e os principios xerais do Dereito"; e, segundo o artigo 1.4 CC, "os principios xerais do Dereito aplicaranse **en defecto de lei ou costume**, sen prexuízo do seu **carácter informador** do ordenamento xurídico". Os principios xerais do Dereito son —hai case tantas definicións como autores que escribiron sobre eles— o conxunto de criterios valorativos (escritos —explícitos ou implícitos nas normas positivas— ou non escritos) sobre os que se fundamenta un ordenamento xurídico ou cada unha das súas partes.

60. Só os principios non escritos son fonte subsidiaria do Dereito. Na primeira parte do artigo 1.4 CC os principios xerais son fonte do Dereito subsidiaria: norma non escrita que se aplica se, para que a Administración decida sobre un caso, non hai lei (norma escrita) aplicable. Neste precepto, polo tanto, a distinción clave é a que separa a norma escrita da non escrita; e pártese da base de que os principios que se aplican co carácter de fonte subsidiaria son os non escritos.

61. Os **principios positivizados** ocupan, con todo, **o lugar da norma en que estean contidos**. Existen principios xurídicos positivizados (recolleitos en normas escritas), tanto na lei (por exemplo, art. 3.1 e) LRXSP: principios de boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional, como normas vinculantes para a Administración), como na Constitución (por exemplo, os principios do artigo 9.3 CE: seguridade xurídica, interdición da arbitrariedade etc.). Eses principios contidos na lei ou na Constitución xa non son normas subsidiarias, son "lei" no sentido do artigo 1.1 CC: normas escritas de aplicación directa primaria, que ocupan nas fontes do Dereito, precisamente, o lugar que lle corresponde á lei ou á Constitución nas que están expresados.

62. Por exemplo, o principio de interdición da arbitrariedade (art. 9.3 CE), con axuda do cal se levou a cabo a parte máis importante do control xudicial da discrecionalidade da Administración, non é fonte subsidiaria, senón que é "lei" directa e primariamente aplicable, no sentido do artigo 1.1 CC.

63. Coa expresión **"carácter informador"** da segunda parte do artigo 1.4 CC faise referencia á función dos principios de constituír o fundamento de todo o sistema xurídico (ou dalgún dos seus subsistemas) e de conter, en consecuencia, directivas vinculantes para a interpretación das normas escritas. Esa función fundamentadora de todo o ordenamento xurídico e de proporcionar pautas de interpretación corresponde —aínda que en formas, posiblemente, distintas— tanto aos principios non escritos (da primeira parte do art. 1.4 CC), como aos escritos (por exemplo, os principios constitucionais do art. 5.1 LOPX). En virtude desa función dos principios pode falarse dun "sistema de Dereito administrativo" (*supra* § 2.50).

64. Dicir do ordenamento xurídico, en xeral, ou do ordenamento xurídico–administrativo, en particular, que constitúen un **sistema** significa chamar a atención sobre dúas características deses conxuntos normativos: **a orde e a unidade**. A idea de orde refírese a unha coherencia valorativa interna racionalmente verificable no conxunto das normas particulares do sistema; e a de unidade a que as múltiples partes individuais han de poder reconducirse a uns cantos principios "informadores" relevantes.

65. É prioritariamente a **función informadora** dos principios xerais do dereito a causa desa orde e desa unidade (CANARIS, 1998: 20-26). A función que lle corresponde ao xurista teórico na construción da súa parcela do dereito consiste, en boa medida, en mostrar as conexións de sentido existentes entre regulacións positivas parciais ao redor das ideas valorativas contidas nos principios xerais que "informan" a súa disciplina; e en mostrar, tamén, a conexión existente entre uns principios "máis xerais" con outros que se derivan deles. Por exemplo, a protección da confianza é un subprincipio do máis xeral de seguridade xurídica; da mesma maneira que a seguridade xurídica se deriva do principio do Estado de dereito (art. 1.1 CE e 2 TUE). Os principios, como criterios informadores, son fonte da unidade interna do ordenamento.

66. Os principios xerais do Dereito administrativo utilizáronse para interpretar o artigo 103.1 CE, que somete a actuación administrativa plenamente "á lei e ao dereito". Aceptar para os principios xerais do dereito o cumprimento das tres funcións ás que acaba de aludirse (fundamentos do ordenamento xurídico, directivas orientadoras do labor interpretativo e fonte en caso de insuficiencia da lei) (DE CASTRO, 1949: 427-429) significa tamén aceptar que o ordenamento xurídico é algo máis que

a mera xustaposición do conxunto de preceptos contidos na lei escrita; que hai algo que fai distintos "a lei", sen máis, e "o dereito", que ten máis contido que o sumatorio daquela. Iso que fai do dereito un círculo normativo máis amplo que o delimitado pola lei positiva son os principios xerais do dereito. Constitúe opinión xeneralizada que esta concepción do ordenamento xurídico administrativo, segundo a cal **o sistema normativo** que rexe a actuación da Administración non se contén só nos preceptos da lei, senón que estes se integran cos **principios, para dar lugar ao dereito** que vincula a actividade administrativa, constitucionalizouse —seguindo o modelo do artigo 20.3 da Lei fundamental de Bonn— no artigo 103.1 CE: a Administración actúa "con sometemento pleno á lei e ao dereito".

9. O PRECEDENTE ADMINISTRATIVO E A XURISPRUDENCIA

67. Se a adopción dunha decisión administrativa en aplicación dunha norma xurídica se explica como o resultado dun proceso de progresiva concreción do texto inicial desa norma aplicable ata referilo optimamente ao caso sobre o que se debe decidir, é fácil caer na conta de que o que se coñece como **"precedente"** no ámbito do Dereito administrativo consiste en volver utilizar, para adoptar unha decisión agora, o **criterio determinante que xa concretou a norma** para facela aplicable a un caso no pasado, caso que debe ser igual no relevante a aquel sobre o que hai que decidir no presente.

68. Pode poñerse o exemplo da aplicación pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación da norma que dispón que para recibir a acreditación como profesor contratado doutor se require que quen a solicite conte, entre outras cualificacións, con **"suficientes méritos de investigación"**. A unha solicitante da devandita acreditación xa se lle aplicou o criterio de que **oito artigos publicados en revistas de prestixio** son "suficientes méritos" dese tipo. O criterio de concreción da norma que xa foi utilizado pode ser considerado "precedente" para decisións futuras en casos semellantes no relevante.

69. Non fai falta xustificar con detemento que a utilización dos mesmos criterios cos que se concretou unha norma no pasado para decidir sobre casos semellantes **facilita o traballo** da Administración e outórgalle á decisión presente a **lexitimidade** que procede do sinxelo argumento de que "xa se decidiu así noutra ocasión", o que se sitúa a medio camiño entre o argumento de autoridade e o de que casos iguais deben resolverse cos mesmos criterios, porque a clave da corrección dun criterio decisorio é a súa **universabilidade** (DÍEZ, 2008: 337-339).

70. Un criterio de concreción da norma aplicable pola Administración pode ser utilizado pola **propia Administración** en decisións anteriores ou por un **órgano xudicial** ao resolver algún conflito. Exponse, por iso, a necesidade de distinguir entre o precedente administrativo e o precedente xudicial.

71. Empecemos coa relación entre o **precedente xudicial** e a actuación administrativa. A cuestión relativa á validez da decisión administrativa que se separa dun precedente xudicial pode abordarse ao redor do debate sobre a seguinte pregunta:

está vinculada a Administración cos criterios de concreción das normas dos órganos xudiciais que coñecen dos recursos contra a actuación administrativa?

72. En balde búscase unha resposta clara a esta cuestión na Constitución. Nela establécese que debe existir un control xudicial da actividade administrativa (art. 106.1 CE), pero nada se di sobre a **vinculación da Administración ao dereito xudicial** (aos criterios de concreción do dereito utilizados polos órganos xudiciais nas resolucións que ditan ao controlar aquela actividade). Os órganos xudiciais exercen a potestade xurisdicional, xulgando e facendo executar o xulgado (art. 117.3 CE). As partes do proceso quedan vinculadas ao xulgado pola forza da intanxibilidade das resolucións xudiciais firmes, que é unha vertente do dereito á tutela xudicial efectiva (art. 24.1 CE) (por todas, STC 200/2003, FX 2). Pero o xuíz é na Constitución un órgano aplicador de normas (como o é a Administración) e non creador de dereito.

73. Con todo, tamén se debe de ter en conta —como xa se expuxo— que a Administración está sometida non só á lei, senón tamén "ao dereito" (art. 103.1 CE). Pero a cuestión volve ser, entón, a mesma: **son Dereito para a Constitución os criterios cos que os órganos xudiciais concretan as normas que aplican?** A resposta, en realidade, non hai que buscala na Constitución, que, como *norma normarum*, é certo que regula boa parte do sistema de fontes, pero non todo o que se refire ao sistema de fontes.

74. De concretos preceptos legais pode deducirse que o lexislador quixo que os criterios de concreción das normas do ordenamento xurídico establecidos en sentenzas ditadas por un concreto procedemento (o da **casación contencioso–administrativa**) e por determinados órganos (o **Tribunal Supremo**, en termos xerais, para o Dereito da Unión Europea e do Estado; e as salas do Contencioso–Administrativo dos **tribunais superiores de xustiza**, en xeral, para o dereito autonómico e local) sexan tidos por **dereito vinculante** para a Administración cando esta ha de decidir sobre casos aos que eses criterios que concretan a norma sexan aplicables.

75. Os artigos 1.6 CC (a **xurisprudencia** do Tribunal Supremo complementa o ordenamento xurídico), e 87 bis.2 e 88.1 LXCA (a infracción dun criterio fixado pola xurisprudencia determina a nulidade dunha sentenza) explícanse correctamente se se entende que **os criterios fixados pola vía do recurso de casación** para concretar o dereito son *dereito* (no sentido do art. 103.1 CE) e, como tal, tamén vinculan á Administración (SANTIAGO, 2021: 141 e ss.).

76. Polo que incumbe aos demais órganos xudiciais da xurisdición contencioso–administrativa, en ocasións sostívose que a independencia xudicial, garantida polo artigo 117.1 CE, é contraria a que os órganos xudiciais inferiores queden vinculados pola xurisprudencia dos superiores. Con todo, parece máis adecuado soster que a lei (o art. 1.6 CC e os preceptos reguladores do recurso de casación na LXCA) pode converter en vinculantes para os órganos xudiciais inferiores os criterios cos que o Tribunal Supremo concreta unha norma e facer así desaparecer a marxe de indeterminación do texto legal, sen que iso supoña ningún atentado contra a **independencia xudicial (art. 117.1 CE)**. A independencia xudicial non é un *prius* con respecto ao ordenamento xurídico, senón ao contrario: o *prius* é o ordenamento xurídico e, despois, vén a independencia xudicial. O ordenamento xurídico non ten que retraerse para deixarlle espazo á independencia xudicial, senón que a independencia xudicial empeza onde acaba o ordenamento xurídico.

77. Con todo, non se pode falar de xurisprudencia vinculante en relación co criterio que adopte un órgano xudicial en **calquera outro recurso distinto do de casación**. A Administración non está vinculada a utilizar ese criterio xudicial de concreción da norma aplicable no caso B, aínda que no caso A (anterior e semellante ao caso B) fose estimado o recurso xudicial que se interpuxo contra a decisión administrativa con fundamento, especificamente, na incorrección do criterio co que a Administración concretou a norma.

78. Con todo, cabería dicir que do **principio de seguridade xurídica** (art. 9.3 CE) pode derivarse unha directiva que obriga a Administración para actuar dunha forma tal que evite a estimación de recursos contra as súas decisións (e os prexuízos que, precisamente, esa estimación ten para a estabilidade das situacións xurídicas declaradas por acto administrativo). Só nesta medida pode afirmarse que o órgano administrativo ha de seguir o criterio fundado do órgano xudicial competente para controlar as súas decisións, o que é especialmente relevante no suposto dos "procesos en masa" (cadeas de asuntos semellantes ou idénticos en materia sancionadora, tributaria, de persoal etc.).

79. Débese agora dirixir a atención ao **precedente administrativo**. O criterio co que a Administración concretou a norma no caso anterior A non vincula directamente a Administración ao adoptar a decisión no caso B, posterior e semellante. Pero o eventual cambio de criterio pode indirectamente determinar a invalidez da decisión do caso B a través da súa integración no suposto de feito de certas normas de control utilizadas polos órganos xudiciais para revisar este tipo de comportamento da Administración: se **non se motiva** suficientemente a separación do criterio seguido en actuacións precedentes [art. 35.1 c) LPAC]; ou se concorren os requisitos para considerar que o cambio de criterio vulnera o **principio de igualdade** na aplicación da lei (art. 14 CE), a **interdición da arbitrariedade** (art. 9.3 CE) ou a **protección da confianza lexítima** (principio derivado da seguridade xurídica, art. 9.3 CE) (DÍEZ, 2008: 244 e ss.).

80. Con perfís moi difusos preséntase tradicionalmente o requisito da **reiteración** do precedente administrativo para que se desencadee ese efecto vinculante, aínda que flexible e indirecto. Se o que o ordenamento pretende protexer como principio de fondo é a seguridade xurídica ou a confianza lexítima, pode explicarse que se requira unha reiteración que é a que xera a expectativa de que se vai seguir decidindo co criterio co que se decidiu habitualmente. Se o valor ao que se pretende servir, con todo, é o da igualdade na aplicación da lei, non ten sentido esixir a reiteración: a Administración xa vulnera a igualdade cando —en concorrencia tamén con outros requisitos— trata de forma desigual a dous suxeitos, sen máis; non é necesario que o último se compare cun grupo de casos anteriores.

10. BIBLIOGRAFÍA

10.1. Bibliografía citada

Mariano BACIGALUPO, *La discrecionalidad administrativa (estructura normativa, control judicial y límites constitucionales de su atribución)*, Marcial Pons, Madrid, 1997.

Claus–Wilhelm CANARIS, *El sistema en la Jurisprudencia* (trad. esp. de 1998 la 2.ª ed. alemana *Systemdenken und Systembegriff in der Jurisprudenz*), Civitas, Madrid, 1983.

M. Mercè DARNACULLETA GARDELLA, "La autorregulación y sus fórmulas como instrumentos de regulación de la economía", *Revista General de Derecho Administrativo*, núm. 20, 2009.

Federico DE CASTRO Y BRAVO, *Derecho civil de España. Parte general*, tomo I, 2.ª ed., Instituto de Estudios Políticos, Madrid, 1949.

Gustavo Manuel DÍAZ GONZÁLEZ, *La reserva de ley en la transposición de las directivas europeas*, Iustel, Madrid, 2016.

Silvia DÍEZ SASTRE, *El precedente administrativo. Fundamentos y eficacia vinculante*, Marcial Pons, Madrid, 2008.

José ESTEVE PARDO, *La nueva relación entre Estado y sociedad. Aproximación al trasfondo de la crisis*, Marcial Pons, Madrid, 2013.

Georg JELLINEK, *Gesetz und Verordnung. Staatsrechtliche Untersuchungen auf rechtsgeschichtlicher und rechtsvergleichender Grundlage*, Mohr Siebeck, Freiburg i. B, 1887.

Paul LABAND, *Das Budgetrecht nach den Bestimmungen der preußischen Verfassungsurkunde*, Guttentag, Berlin, 1871.

Paul LABAND, *Das Staatsrecht des Deutschen Reichs*, tomo 2, Laupp, Tübingen, 1878.

Rosario LEÑERO BOHÓRQUEZ y M. Mercè DARNACULLETA GARDELLA, "Derecho administrativo y Derecho internacional", en José María RODRÍGUEZ DE SANTIAGO, Gabriel DOMÉNECH PASCUAL y Luis ARROYO JIMÉNEZ, *Tratado de Derecho administrativo, vol. I, Introducción. Fundamentos*, Marcial Pons, Madrid, 2021, pp. 665-742.

Blanca LOZANO CUTANDA, "Introducción al Derecho ambiental y a la intervención administrativa para la protección del medio ambiente", en Blanca LOZANO CUTANDA y Juan–Cruz ALLI TURRILLAS, *Administración y legislación ambiental*, 9.ª ed., Dykinson, Madrid, 2016, pp. 99-y ss.

Julia ORTEGA BERNARDO, *Derechos fundamentales y ordenanzas locales*, Marcial Pons, Madrid, 2014.

Ignacio DE OTTO, *Derecho Constitucional. Sistema de fuentes*, 2.ª ed., Ariel, Barcelona, 1988.

Juan Luis REQUEJO PAGÉS, *El sueño constitucional*, KKK, Oviedo, 2016.

Diana SANTIAGO IGLESIAS, *La jurisprudencia y su función en el ordenamiento jurídico administrativo. Un estudio desde la óptica de los principios de igualdad y seguridad jurídica*, Marcial Pons, Madrid, 2021.

María Amparo SALVADOR ARMENDÁRIZ, "El principio constitucional de estabilidad presupuestaria en el marco de la macroeconomía: consecuencias y dificultades de su juridificación", *Revista de Derecho Público: Teoría y Método*, núm. 2 (2020), pp. 161-206.

Juan Alfonso SANTAMARÍA PASTOR, *Fundamentos de Derecho administrativo*, Ceura, Madrid, 1988.

Marc TARRÉS VIVES, "Las normas técnicas en el Derecho Administrativo", *Documentación Administrativa*, núms. 265-266, 2003.

Francisco VELASCO CABALLERO, *Derecho local. Sistema de fuentes*, Marcial Pons, Madrid, 2009.

10.2. Bibliografía complementaria recomendada

Ignacio DE OTTO, *Derecho Constitucional. Sistema de fuentes*, 2.ª ed., Ariel, Barcelona, 1988.

José María RODRÍGUEZ DE SANTIAGO, *Sistema de fuentes del Derecho administrativo. La dirección de la Administración a través del Derecho*, Marcial Pons, Madrid, 2021.

Manual de Dereito administrativo
Revista de Derecho Público: Teoría y Método
pp. 183-208
Madrid, 2026
Marcial Pons Ediciones Jurídicas y Sociales
DOI: 10.37417/ManDerAdm/L07
© Dolores Utrilla Fernández-Bermejo
Editado bajo licencia Creative Commons Attribution 4.0 International License.

LECCIÓN 7

SITUACIÓNS SUBXECTIVAS E RELACIÓNS XURÍDICAS

Dolores Utrilla Fernández-Bermejo
Universidad de Catilla-La Mancha

SUMARIO: 1. INTRODUCIÓN.—2. SUXEITOS: 2.1. Administración; 2.2. Suxeitos privados. —3. SITUACIÓNS SUBXECTIVAS: 3.1. Situacións activas ou de poder: *3.1.1. Potestade; 3.1.2. Dereito subxectivo; 3.1.3. Interese lexítimo;* 3.2. Situacións pasivas ou de deber: *3.2.1. Suxeición; 3.2.2. Obriga; 3.2.3. Deber; 3.2.4. Carga.*—4. RELACIÓN XURÍDICO-ADMINISTRATIVA.—5. TIPOS ABSTRACTOS DE RELACIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS: 5.1. Relacións *ad intra* e *ad extras*; 5.2. Relacións bipolares e multipolares; 5.3. Relacións materiais e procedementais; 5.4. Relacións instantáneas e continuadas; 5.5. Relacións de suxeición xeral e de suxeición especial.—6. BIBLIOGRAFÍA; 6.1. Bibliografía citada; 6.2. Bibliografía complementaria recomendada.

1. INTRODUCIÓN

1. Existen **dúas maneiras ideais de aproximarse ao Dereito administrativo**. A primeira delas, que pode cualificarse como aproximación en clave ou **perspectiva obxectiva**, fíxase prioritariamente no estatuto e a actuación da Administración pública considerada en relación co ordenamento xurídico ou dereito obxectivo. Trátase, por tanto, dun enfoque analítico no que as nocións centrais son as de legalidade e control, e no que os suxeitos que interactúan coa Administración non son contem-

plados prioritariamente como partes activas da devandita interacción, senón como meros obxectos da actuación administrativa. A segunda perspectiva de análise, que cabe cualificar como aproximación en clave ou **perspectiva subxectiva**, contempla a realidade xurídica poñendo o foco de atención nas interaccións intersubxectivas (isto é, entre suxeitos) disciplinadas polas normas desta rama do ordenamento. Fíxase sobre todo nas situacións subxectivas correlativas —de poder e de deber— que o dereito atribúe a eses suxeitos, así como na maneira en que tales situacións xorden, se despregan ao longo do tempo e se extinguen.

2. Cada un destes ángulos de análise sérvese de **estruturas ordenadoras características**. A perspectiva obxectiva apóiase sobre estruturas prioritariamente dirixidas a formalizar o exercicio do poder público. Trátase, fundamentalmente, da teoría das **formas de actuación da Administración** (regulamento, acto, contrato etc.) e, en menor medida, dos **tipos de actividade administrativa** (ordenación, prestación, fomento…). Pola súa banda, a perspectiva subxectiva utiliza como estrutura de ordenación a **relación xurídico-administrativa**, cuxas partes son suxeitos (persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas) e cuxo contido está integrado polas súas situacións xurídicas correlativas (dereitos e deberes, entendidos aquí estes conceptos en sentido amplo).

3. Esta distinción entre análise subxectiva (instrumentado a través da relación xurídica) e análise obxectiva (canalizado mediante as formas e tipos de actividade administrativa) é unha **dicotomía ideal ou extrema**. En realidade, trátase de perspectivas e instrumentos ordenadores **perfectamente compatibles e necesariamente complementarios entre si**, en tanto que formas de observación e explicación dunha mesma realidade. O verdadeiramente relevante non consiste en «optar» por un Dereito administrativo explicado na linguaxe subxectiva da relación xurídica ou na linguaxe obxectiva das formas e tipos de actividade administrativa, senón en «combinar» ambos os enfoques de xeito que poida aprehenderse e racionalizarse do modo máis completo posible o Dereito administrativo contemporáneo.

4. Por motivos históricos, existe en **España** unha forte tendencia a contemplar o Dereito administrativo desde unha **perspectiva obxectiva** e, por tanto, a súa regulación, aplicación e explicación teórica apóiase fundamentalmente na clasificación das formas de actuación da Administración e nos tipos de actividade administrativa. Por este motivo, neste libro préstase ampla atención a estas cuestións (§§ 15-21 e §§ 22-27, respectivamente). Con todo, e como se verá ao longo desta obra, a esta construción lóxico-formal subxacen en todo caso, como **realidades xurídicas substantivas**, distintos tipos de relacións xurídicas entre a Administración e os suxeitos que interaccionan con ela, que condicionan e guían a creación e a aplicación do Dereito administrativo.

5. A **finalidade** desta lección é presentar as nocións elementais necesarias para identificar, analizar e ordenar tales relacións xurídicas. Para iso, o seu contido **estrutúrase** do modo seguinte. Estúdanse, en primeiro lugar, os suxeitos que se someten ás normas de Dereito administrativo (*infra* § 7.6). A continuación examínanse os tipos principais de situacións xurídicas nas que tales suxeitos poden atoparse por efecto das devanditas normas (*infra* § 7.10). E, en terceiro lugar, estúdanse as relacións xurídicas que se traban entre eles. Neste último punto, o noso estudo limitarase a acoutar o concepto de relación xurídico-administrativa (*infra* § 7.62) e a trazar unha clasificación elemental dos seus principais tipos abstractos (*infra* § 7.71).

2. SUXEITOS

2.1. Administración

6. Os suxeitos aos que prioritariamente se dirixen as normas de Dereito administrativo son as administracións públicas. Como suxeito deste tipo de normas e, por tanto, como parte das relacións xurídicas gobernadas por elas, o concepto de Administración ha de entenderse en sentido moi amplo. Inclúe non só ás entidades públicas con personalidade xurídica propia (**entes públicos** ou administracións en sentido estrito: *infra* § 8.21) senón tamén ás súas divisións internas, formalmente carecedoras de personalidade xurídica (**órganos:** *infra* § 8.43). Así mesmo, inclúese no devandito concepto a outros suxeitos na medida que **exercen funcións administrativas** (o chamado «aparello administrativo» do resto dos poderes públicos, as entidades privadas do sector público, as corporacións de dereito público, os concesionarios do sector público etc.).

2.2. Suxeitos privados

7. Ademais dos órganos e entes públicos, as normas de Dereito administrativo adoitan ter como como destinatarios a círculos máis ou menos amplos de **persoas físicas ou xurídicas** privadas (particulares, sociedades mercantís, asociacións etc.), entendendo por tales a todas aquelas que gocen de capacidade **xurídica**, isto é, de capacidade para ser titulares de dereitos e obrigas.

8. Un concepto similar pero non idéntico é o de **"administrado"**, termo tradicionalmente empregado no Dereito administrativo para aludir a calquera suxeito de dereito que é destinatario do exercicio dunha potestade administrativa. O concepto de administrado segue sendo útil na medida que quen se relaciona coa Administración non soamente son suxeitos privados, senón que poden ser tamén outros entes ou órganos públicos (así, por exemplo, un concello pode xirar unha declaración do imposto sobre bens inmobles ao Estado con motivo dun inmoble que este posúa dentro do territorio municipal). Con todo, desde hai varias décadas obsérvase unha tendencia ao **paulatino abandono** do concepto de administrado debido, por unha banda, á súa incapacidade para expresar con claridade a situación de quen se relaciona coa Administración (que non é unha mera situación pasiva ou de sometemento, senón que inclúe tamén posicións activas ou de poder) e, doutro lado, ao seu sinal autoritario (pois adoita criticarse que a noción remite á consideración das persoas como "súbditos" do poder público).

9. Os suxeitos privados poden operar validamente o tráfico xurídico e exercitar tales dereitos e obrigas cando gocen de **capacidade de obrar**. Esta réxese, en principio, polas normas civís (art. 3.a) LPAC), pero presenta importantes especialidades no ámbito do Dereito administrativo. Por unha banda, con carácter xeral gozan dela os **menores de idade** para o exercicio e defensa daqueles dos seus dereitos e intereses cuxa actuación estea permitida polo ordenamento xurídico sen a asistencia da persoa que exerza a patria potestade, tutela ou curatela, a excepción do suposto dos menores incapacitados cando a incapacitación afecte o exercicio e defensa dos dereitos ou intereses de que se trate (art. 3.b) LPAC). Doutro lado, gozan de capacidade de

obrar, cando unha lei así o declare expresamente, os **grupos de afectados**, as unións e entidades sen personalidade xurídica e os patrimonios independentes ou autónomos (art. 3.c) LPAC). Todo iso sen prexuízo de que a capacidade de obrar de determinados suxeitos privados poida ser **limitada ou excluída** polas normas administrativas, que serán as de alcance sectorial, pois o Dereito administrativo xeral carece dunha regulación unitaria das causas limitativas ou excluíntes da capacidade de obrar (así, dependendo do tipo de relación xurídica de que se trate, poden modificar ou excluír a capacidade de obrar factores como a idade, a nacionalidade, a (in)solvencia ou a enfermidade, entre outros).

3. SITUACIÓNS SUBXECTIVAS

10. As situacións subxectivas son as distintas **posicións recíprocas de poder e deber** en que poden atoparse os suxeitos que forman parte dunha relación xurídica. A teoría das situacións subxectivas presenta no Dereito administrativo un **alto nivel de complexidade**. Iso é consecuencia do tradicional entendemento de que o interese público protexido pola norma de Dereito administrativo obxectivo pode xustificar a ruptura da correlación entre dereito e obriga —prototipo da relación xurídica de dereito privado— e, con iso, dar lugar ao xurdimento doutras posibles combinacións de poder e de deber.

11. Aínda que aquí se estudan as situacións subxectivas como contido das relacións xurídico-administrativas, ha de terse en conta que aquelas poden existir tamén **na marxe da relación xurídica**, pois as normas de dereito obxectivo poden atribuír directamente situacións de poder ou deber a determinadas categorías de suxeitos con carácter previo á constitución dunha relación xurídica concreta; así sucede, por exemplo, cos chamados deberes legais, ou cos dereitos fundamentais recoñecidos na Constitución.

12. A **clasificación** das situacións xurídicas subxectivas máis estendida (e á que se atenderá aquí) é a que distingue entre situacións **activas** ou favorables (situacións de poder) e situacións **pasivas** ou desfavorables (situacións de deber). No ámbito do Dereito administrativo, parte da doutrina introduce un *tertium genus*, referíndose á existencia de «situacións intermedias» (GARCÍA DE ENTERRÍA E FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, 2015: 32-33) ou "situacións mixtas e complexas" (SANTAMARÍA, 1988: 875), que implican á vez poderes e deberes para un mesmo suxeito e que, por tanto, non son senón combinacións das posicións puras de poder e de deber. Por exemplo, as leis de solo atribúenlles aos propietarios o dereito para edificar sobre as súas parcelas e conforme o plan urbanístico, pero ao mesmo tempo impóñenlles o deber de efectivamente edificar dentro do prazo que fixe o plan (así, art. 18 b) da Lei madrileña 9/2001, do 17 de xullo, do solo]. No mesmo sentido, conforme o artigo 6.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema uni 14 versitario, "a docencia constitúe, así mesmo, un dereito e un deber do persoal docente e investigador".

3.1. Situacións activas ou de poder

3.1.1. Potestade

13. O concepto de potestade alude a toda situación de poder atribuída e taxada polo dereito obxectivo que habilita o seu titular para **intervir de modo unilateral** na esfera xurídica doutros suxeitos, sexa ben a través da creación, modificación ou extinción de situacións xurídicas (potestades innovativas) ou ben mediante a conservación ou tutela das preexistentes (potestades conservativas). En Dereito administrativo as potestades atribúense normalmente a unha Administración pública, aínda que non se poden descartar potestades atribuídas a suxeitos privados.

14. Exemplo de potestades que permiten a creación ou extinción de situacións xurídicas son a potestade regulamentaria (art. 97 CE), a potestade subvencional (art. 2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, LXS) ou a potestade sancionadora (art. 25.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, LRXSP). Como exemplo de potestade para a conservación dunha situación xurídica pódese mencionar a potestade de recuperación posesoria dos bens públicos (art. 41.1.c) da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, LPAP) ou a potestade de execución forzosa dos actos administrativos (art. 99 LPAC).

15. A **delimitación** do concepto de potestade adoita realizarse mediante a súa confrontación co dereito subxectivo, pois ambos definen situacións subxectivas de poder que se diferencian entre si en virtude da súa orixe, o seu obxecto, e o interese xuridicamente protexido a través do seu recoñecemento (ROMANO, 2002: 173-174).

16. A potestade ten a súa **orixe** nunha norma que, ademais de configurala, atribúea en concreto, trátese de norma con rango de lei (potestades heteroatribuídas) ou rango regulamentario (potestades autoatribuídas, no caso das administrativas), posibilidade esta última limitada polo xogo dos principios de legalidade e reserva de lei (por exemplo, o art. 33.1 CE reserva á lei a atribución de potestade expropiatoria á Administración; e o art. 133.1 CE fai o propio coa potestade tributaria). Pola contra, o dereito subxectivo pode ter a súa orixe, ademais de nunha norma, en actos xurídicos concretos adoptados en exercicio dunha potestade. Por exemplo, do contrato administrativo de concesión de obras nace o dereito subxectivo do concesionario á explotación das obras que execute (art. 14.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, LCSP).

17. O **obxecto** da potestade é de carácter xenérico, pois esta consiste na posibilidade abstracta de producir efectos xurídicos ou materiais sobre un suxeito ou un colectivo de suxeitos. Pola contra, o obxecto do dereito subxectivo é necesariamente específico, concreto e determinado, xa que consiste na posibilidade de realizar unha conduta ou omisión determinadas fronte a un ou varios suxeitos específicos. Por este motivo, a diferenza do que sucede co dereito subxectivo (que tería sempre como equivalente no plano pasivo unha obriga), a potestade non supón a existencia doutro suxeito especificamente obrigado respecto do seu titular, senón que ten como equivalente no plano pasivo unha mera situación de suxeición dos círculos xenéricos de sometidos a ela, isto é, un deber pasivo de soportar na propia esfera xurídica os efectos (favorables e/ou desfavorables) do exercicio lexítimo da potestade.

18. Polo que incumbe ao **interese protexido**, a potestade é un poder fiduciario, isto é, unha situación activa dirixida a velar polo interese dun suxeito distinto do seu titular. Pola contra, o dereito subxectivo protexe un interese do propio suxeito ao que se recoñece a súa titularidade. Esta circunstancia vén matizar o carácter meramente activo ou de poder da potestade, determinando que esta sexa en puridade un poder funcional, en tanto que o seu recoñecemento para a protección dun interese alleo converte o seu exercicio en obrigatorio para o seu titular cando así o requira aquel interese.

19. Canto acaba de dicirse explica que a potestade, a diferenza do que sucede co dereito subxectivo, sexa **inmodificable** pola vontade do seu titular, **inalienable**, **irrenunciable** e **imprescritible** (aínda que, baixo determinadas condicións, caiba a delegación e a caducidade do seu mero exercicio).

20. A potestade é unha situación subxectiva característica do Dereito administrativo, pero non é privativa del, senón que existe tamén **noutros ámbitos do Dereito público** e, en moita menor medida, no dereito privado. No ámbito público, as potestades repártense entre a Administración e o resto dos poderes públicos: así, a potestade regulamentaria e as inherentes á función executiva (art. 97 CE), a potestade lexislativa (art. 66.2 CE), a potestade xurisdicional (art. 117.3 CE) ou a potestade de control de constitucionalidade das leis (art. 161.1 CE). Subsisten, con todo, algunhas potestades en mans privadas, normalmente inherentes á posición de mando que determinadas persoas posúen no seo de organizacións deste carácter (como a patria potestade no ámbito familiar e as potestades estatutaria, organizatoria e disciplinaria nas persoas xurídicas).

21. Polo que se refire estritamente ás **potestades administrativas**, estas posúen no dereito español contemporáneo un significado marcado pola súa indisoluble conexión co **modelo constitucional de Administración** pública que resulta da vixencia das cláusulas de Estado social e democrático de dereito (art. 1.1 CE); significado que difire notablemente do que lles atribuían o Dereito administrativo e a doutrina académica preconstitucionais (RODRÍGUEZ DE SANTIAGO, 2025).

22. A ligazón da potestade administrativa coas cláusulas de Estado **social** e de Estado **democrático** exprésase no imperativo constitucional de que aquela se dirixa en todo caso á protección —eficaz— do **interese xeral** (art. 103.1 CE), interese cuxa identificación, que lles corresponde aos poderes públicos dotados de lexitimidade democrática, ha de realizarse procurando que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas (art. 9.2 CE). Iso supón, en sentido positivo, converter en obrigatorio o exercicio das potestades administrativas cando o interese xeral o exixa e, en sentido negativo, prohibir o seu uso para fins distintos dos xerais. Esta última consecuencia plásmase na consagración positiva do fin das potestades como instrumento de control xudicial da actuación administrativa (arts. 106.1 CE e 70.2 LXCA) e na configuración da desviación de poder como causa da súa invalidez (arts. 47.2 e 48 LPAC).

23. En canto á cláusula de Estado **de dereito**, a figura técnica da potestade administrativa atópase intimamente unida, por unha banda e como veu destacándose desde as orixes do Dereito administrativo, co **principio de legalidade**, entendido aquí o sentido amplo de suxeición da Administración ao dereito obxectivo (e, primariamente, á lei) que supón a submisión do poder público a límites normativos certos, vinculantes e previamente establecidos. Afírmase que a potestade é o concepto capital para explicar a relación entre Administración e legalidade porque, no Estado de dereito, a supremacía do poder público non é xenérica e ilimitada, senón que se concreta na figura da potestade como conxunto de poderes establecidos, limitados e taxados polo dereito obxectivo. En nada obsta a esta afirmación a densidade variable con que a lei pode regular as condicións de exercicio das potestades administrativas e a consecuente distinción entre potestades regradas e potestades discrecionais (*supra* § 5.8 e 5.11).

24. Doutro lado, a figura da potestade atópase tamén estreitamente vinculada co principio, así mesmo derivado da cláusula de Estado de dereito, de **control xudicial** da Administración (arts. 24.1 e 106.1 CE). Agora ben, os termos da relación entre potestades administrativas e control xudicial sufriron profundas modificacións ao longo do tempo, que determinaron unha paralela transformación do significado técnico-xurídico do concepto de potestade administrativa.

25. Ata a entrada en vigor da Constitución fraguouse un modelo de Dereito administrativo que concibía como característica inherente das potestades administrativas —en puridade, dos actos ditados no seu exercicio— a prerrogativa da hoxe chamada **autotutela administrativa**, isto é, o poder atribuído á Administración para adoptar declaracións de dereitos capaces de alterar situacións xurídicas ou estados posesorios (autotutela declarativa), así como para vencer a eventual resistencia ao cumprimento mediante a execución coactiva de tales declaracións (autotutela executiva), sen necesidade de intervención xudicial e, por tanto, desprazando cara aos particulares a carga de impugnar a decisión administrativa para tentar evitar os seus efectos.

24. A **administración corporativa** agrupa un heteroxéneo conxunto de entidades caracterizadas, primeiro, pola súa base asociativa e representativa de suxeitos privados, vinculados por algún interese económico ou profesional colectivo, e, segundo, polo exercicio de funcións públicas de atribución legal, compatibles con outras privadas da mesma organización (*infra* § 9.90-93 e § 10.63). Máis que administracións públicas como tales, estas **corporacións de dereito público** son manifestacións de autoadministración de intereses xerais, ás que a lexislación dota, xunto a esas funcións, dunha forma organizativa e de goberno que aquí non cabe desenvolver. É o caso dos **colexios profesionais** (Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, LCP), das **comunidades de usuarios de augas** (e de regantes) (arts. 81 e ss. do Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, TRLA), das **confrarías de pescadores** (arts. 45 e ss. da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, LPME) e das **cámaras oficiais de comercio, industria e navegación (**Lei 4/2014, do 1 de abril, básica das cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación, LBCOCISN). Tamén o serían, na miña opinión, a pesar da súa cualificación formal como meras asociacións privadas de configuración legal ás que se confire o exercicio de funcións públicas de carácter administrativo (STC 67/1985, FX 3, citada noutras posteriores), as federacións deportivas (arts. 43 e ss. da Lei 39/2022, do 30 de decembro, do deporte, LD), posto que son únicas (por territorio e modalidade deportiva), de inscrición obrigatoria para o deportista que queira participar en competicións oficiais, e exercen evidentes funcións públicas delegadas, a máis diso o seu papel representativo do Estado, sobre todo no ámbito internacional.

25. O panorama organizativo das administracións públicas debe ser complementado con tres supostos engadidos que ofrece o noso sistema xurídico. Por unha banda, os **órganos constitucionais e estatutarios** non incardinados no poder executivo (o Senado, o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Valedor do Pobo galego…) contan cunha estrutura ou "administración pública" ao seu servizo. Son organizacións específicas e vicarias, de "textura" administrativa, que se rexen substancialmente polas normas de Dereito administrativo (*supra* § 2. 31). Doutra banda, existen diversos suxeitos aos que se lles atribúe o **exercicio privado de funcións públicas**, que tamén requiren de certa organización de apoio —que será de carácter privado—, como é o caso dos notarios e rexistradores da propiedade ou do operador do sistema eléctrico (*supra* § 2. 33). Finalmente, está o ámbito das **organizacións internacionais** e, en especial, da Unión Europea, que teñen unha inequívoca dimensión administrativa, coas súas regras organizativas e de funcionamento interno (*supra* § 2. 34).

2.2. O fenómeno da creación de entidades instrumentais polas administracións públicas

26. Como se indicou, as administracións territoriais ou necesarias poden organizarse para atender as súas tarefas creando entidades dependentes e especializadas, ás que dotan de personalidade xurídica propia e dunha maior ou menor autonomía operativa. Fenómeno cuxa análise desagregamos en sete comentarios. **Primeiro**, trátase dunha **técnica de descentralización funcional**, é dicir, de opcións organizativas de cada Administración territorial para a xestión das súas competencias. **Segundo**, estas organizacións instrumentais non só se crean **en réxime de Dereito público**, como administracións públicas especializadas (o Instituto das Mulleres, Enaire, ou a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento), senón tamén **en réxime de Dereito privado** (fundamentalmente, sociedades mercantís como INECO, e fundacións como a FECYT), sendo necesario estender cara a elas certos aspectos do réxime xurídico administrativo, sobre todo na medida que exerzan funcións públicas (o caso do seu réxime de contratación é paradigmático) (*supra* § 2.32). **Terceiro**, como consecuencia desa expansión, as leis administrativas tenden a ampliar o seu ámbito subxectivo de aplicación para abarcar a todas esas entidades (administracións territoriais e as súas entidades instrumentais públicas, e mesmo privadas) mediante o uso dun concepto aglutinador de base económica: **o sector público** (*supra* § 1.15-17 e *infra* § 9.3).

27. Cabe poñer o exemplo de dúas pezas fundamentais da lexislación administrativa como son a lei de réxime xurídico e a lei de contratos "do sector público". No réxime de Franco, caracterizado como Estado centralista, ditáronse a Lei de réxime xurídico da Administración "**do Estado**" (1957) e a Lei de contratos "**do Estado**" (1965). Logo, no período constitucional, de signo descentralizador, pasaron a substituírse pola Lei de réxime xurídico "**das administracións públicas**" (1992) e pola Lei de contratos "**das administracións públicas**" (1995). Finalmente, como consecuencia da descentralización funcional e do vigoroso recurso á creación de entidades instrumentais privadas, esa lexislación renovouse como Lei de réxime xurídico "**do sector público**" (2015) e como Lei de contratos "**do sector público**" (2017).

28. Cuarto, dentro das entidades instrumentais públicas hai un **abanico moi variado de moldes posibles** que, ademais, cada Administración territorial deseña para si. Aínda que na práctica non son tan diverxentes e, en xeral, adóitase mirar cara ao modelo estatal, chama a atención que a competencia do artigo 149.1.18 CE non se utilizou para establecer referencias homoxéneas. O cal non é de estrañar cando a propia lexislación estatal fracasou nos seus intentos sucesivos de racionalización (Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da administración xeral do Estado [LOFAXE], Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos, e LRSXP de 2015). Para empezar, todas estas reformas foron incompletas, no sentido de deixar á marxe entidades apátridas, cun réxime singular ou traxe a medida (habilitado a través das disposicións adicionais desas normas), como a Axencia Tributaria ou o Fondo de Garantía de Depósitos. Pero é que, ademais, daquela a práctica non foi coherente coa aspiración de poñer disciplina e reconducir as entidades existentes aos patróns xerais. Como se explica en detalle máis adiante (*infra* § 9.49 e ss.), hoxe na Administración xeral do Estado (art. 84 LRXSP) identifícanse tres tipos de organismos públicos comúns (organismos autónomos, entidades públicas empresariais e axencias estatais), pero acompañados doutras variadas figuras: dous tipos de organismos públicos "separados" (as autoridades administrativas independentes, e as universidades estatais), unha fórmula de cooperación administrativa (os consorcios), dúas formas organizativas importadas do dereito privado (sociedades mercantís e fundacións), e unha figura heteroxénea (os fondos sen personalidade xurídica ou dotacións orzamentarias que reciben esa configuración, que, se seica, son unha forma de organización ou xestión do patrimonio financeiro do Estado, pero non unha entidade organizativa instrumental como tal). Todo iso sen prexuízo de posibles combinacións organizativas ao estilo dos conglomerados societarios privados (por exemplo, do organismo autónomo Consello Superior de Deportes depende pola súa vez a Axencia Estatal Antidopaxe; da entidade pública empresarial Enaire —Administración pública— depende a sociedade mercantil pública Aena, SA; ou da empresa pública Tragsa —entidade de dereito privado en man pública— depende á súa vez a filial Tragsatec, tamén sociedade mercantil; ademais, ambas están integradas nun grupo pertencente á Sociedade Estatal de Participacións Industriais, que é unha entidade pública empresarial).

29. Sendo quizais demasiado simplistas, pódense utilizar tres trazos para categorizar ese conxunto de figuras: a personificación pública ou privada da entidade; o seu réxime xurídico fundamental de actuación, tamén público ou "privado", con matices; e a súa relación de dependencia ou independencia coa súa administración matriz. Así, unha entidade instrumental de carácter público, que actúa en réxime de dereito público e con dependencia funcional respecto á súa matriz —aínda que soe paradoxal— é un **organismo autónomo** (ou figuras equivalentes) (*infra* § 9.55-56). Se, con esas características, ten un grao maior de autonomía funcional (e, en consecuencia, de responsabilidade), atopámonos ante unha **axencia** (á que se dota dun órgano colexiado presidencial para a rendición de contas) (*infra* § 9.57-58). Se a entidade instrumental é pública e ten dependencia funcional respecto á súa Administración, pero actúa nas súas relacións externas con suxeición a dereito privado (cos matices que esta afirmación require), prestando servizos e obtendo ingresos de mercado, é unha **entidade pública empresarial** (ou figuras equivalentes) (*infra* § 9.63-65). Se realiza estas últimas actividades, pero a súa forma de personificación é xa directamente privada, tratarase dunha **empresa pública** (normalmente sociedade anónima) (*infra* § 9.67-73 e § 11.87-89). Se ten forma de personificación privada, pero as súas actividades son

de interese xeral e sen ánimo de lucro, será unha **fundación do sector público** (*infra* § 9.74-75). Se a entidade ten carácter público e actúa en réxime de dereito público, pero ten independencia funcional asegurada respecto á administración de referencia e fronte aos operadores económicos e sociais, será unha administración ou **autoridade administrativa independente** (*infra* § 9.78-82 e § 10.64). Tamén poden considerarse independentes, aínda que con fins específicos e trazos organizativos propios, a chamada Administración electoral (*infra* § 9.87-89) e as universidades públicas (*infra* § 9.85 e § 10.62) (aínda que a STC 101/2003, FX 5, destaca máis ben a estrutura e goberno corporativos destas últimas). Finalmente, a todas esas figuras básicas hai que sumar as que aparecen como asociacións destas, con distintas modalidades: **consorcios** (asocian administracións públicas, entidades instrumentais e mesmo suxeitos privados); **mancomunidades** (asocian municipios para a xestión común de determinados servizos, *infra* § 11.77-79); e **áreas metropolitanas** (asocian municipios ao redor dun macro núcleo de poboación, *infra* § 12.71-76).

30. Os **consorcios** (*infra* § 9.63-65) son un mecanismo frecuente de cooperación voluntaria interadministrativa para o desenvolvemento de actividades de interese común (tales como medidas de fomento, prestacionais ou de xestión común de servizos públicos) caracterizado, primeiro, porque dá lugar ao nacemento dunha organización pública instrumental nova e distinta dos seus participantes, e segundo, porque permite a participación de administracións públicas de distinto nivel territorial, dos seus organismos dependentes, e mesmo de suxeitos privados (sempre que o consorcio non teña ánimo de lucro). En principio, as administracións participantes achegarán o persoal funcionario ou laboral necesario, sen prexuízo da contratación excepcional de persoal adicional. Os consorcios nacen mediante un convenio de colaboración e réxense polos seus estatutos propios. A súa regulación básica atópase na LRCSP (arts. 118 a 127) e na LBRL (art. 57), que é o ámbito no que xurdiron e desde o que se expandiron. Un exemplo é o Consorcio de Transportes da Baía de Cádiz, constituído para a creación e xestión de infraestruturas de transporte nese espazo, e no que participan sete municipios, a deputación provincial e a comunidade autónoma, cunha repartición do 45, o 4 e o 51 por 100, respectivamente.

31. Dada a súa composición plural e para clarificar o seu réxime, o noso ordenamento esixe desde 2013 que todo consorcio estea adscrito a unha Administración pública específica. O cal comporta consecuencias relevantes de carácter xurídico (determina a regulación aplicable aos orzamentos, contabilidade, control e persoal do consorcio) e financeiro (as finanzas do consorcio pasan a formar parte, aínda que sexa diferenciada, dos orzamentos da Administración pública de adscrición e da súa conta xeral). Dada a súa índole orzamentaria, esa **adscrición** defínese ao comezo de cada exercicio, polo que pode cambiar, e réxese por unha serie pechada e xerarquizada de criterios, que a STC 93/2017, FX 7.d), sancionou como básicos. Trátase fundamentalmente de identificar a Administración dominante do consorcio en función de quen exerce maior control efectivo ou achega maiores fondos. En caso de participación igualitaria será a Administración de maior tamaño en termos de poboación ou de territorio. O resto do réxime da súa organización e funcionamento virá determinado polos estatutos do consorcio. As entidades consorciadas poden exercer o seu dereito de separación, e en caso de disolución do consorcio será necesario proceder á súa liquidación e extinción, nun proceso que será liderado pola Administración de adscrición. Por último, cabe apuntar que a LCSP diferenza entre consorcios segundo que se financien ou non maioritariamente con ingresos de mercado. E que existen consorcios aduaneiros e sanitarios, que se rexen polas súas disposicións específicas.

32. Quinto, o dereito da organización administrativa, pensado para as administracións territoriais e institucionais públicas, non se aplica como tal ás **entidades privadas en man pública** (outra cousa é a extensión a estas dalgúns aspectos e garantías propias do Dereito administrativo). Por tanto, a súa organización será a propia desas entidades privadas (a dunha sociedade anónima co seu consello de administración e o seu xunta xeral, ou a dunha fundación, co seu padroado e o protectorado ao que rende contas). Cuestión distinta é que a titularidade destes entes instrumentais sexa pública (cando o seu accionariado ou o seu patrimonio fundacional, inicial ou actual, sexan públicos en máis do 50 por 100) e que, en consecuencia, sexa unha

Administración pública formal a que exerza o control destas entidades e designe polo menos á metade máis un dos membros dos seus órganos de goberno (consello de administración da sociedade anónima ou padroado da fundación).

33. De todos os xeitos, é certo que a LRXSP inclúe algunhas prescricións especiais sobre as **sociedades mercantís** (arts. 103 a 108) e sobre as **fundacións** (arts. 128 a 136) pertencentes ao sector público institucional do Estado, algunhas das cales teñen implicacións organizativas (*infra* § 9.66-75). A través destes preceptos defínense estas figuras, introdúcense requisitos para a súa creación (previos e adicionais á súa constitución conforme o dereito privado) e establécense as regras de dereito público que en todo caso lles serán de aplicación (adicionais á normativa xurídico-privada propia de cada figura). Trátase de regras societarias ou fundacionais especiais ("administrativas") que desprazan a aplicación das normas xerais do dereito privado.

34. Sexto, non existe un criterio claro delimitador de **cando pode unha Administración territorial dar a luz a unha destas entidades**, máis alá da necesidade de contar cos medios económicos, orzamentarios e de persoal suficientes para que sexa viable. Polo menos, con motivo da crise financeira desatada en 2008 e da súa continuación coa crise da covid-19 e dos prezos da enerxía, as administracións víronse compelidas a adelgazar algo a súa organización e o seu sector público dependente para cumprir coas esixencias do novo dogma da estabilidade orzamentaria pública (art. 135 CE e Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira). Ademais, o lexislador estatal tentou poñer algo de disciplina na creación e mantemento de entidades instrumentais, introducindo previsións sobre un control de eficacia e de necesidade das mesmas na LRXSP, que non se aplican con todo o seu rigor.

35. O informe CORA de 2013, elaborado pola **Comisión para a Reforma das Administracións Públicas** pretendeu ser unha achega relevante para a reorganización burocrática pública ao nivel macro do que estamos a tratar. Finalizaba cunha serie de propostas concretas de reestruturación de entidades do sector público que en parte foron levadas a cabo, e algúns dos seus criterios foron plasmados na LRXSP. Máis ben pódese falar dunha boa oportunidade perdida para acometer, aproveitando o impulso dunha aguda crise financeira pública, un proceso de racionalización da heteroxénea constelación das entidades satélite públicas e da propia Administración.

36. Sétimo, tampouco está claro cando estas entidades se deben crear en **réxime de dereito público ou de dereito privado**, máis alá de que o primeiro sexa o apropiado para o exercicio de funcións públicas, sobre todo cando comporten uso de autoridade (como a aprobación de normas xurídicas ou a persecución de infraccións), e o segundo sexa o adecuado para a actuación en réxime de mercado, como un operador económico ou social máis. A capacidade de autoorganización das administracións públicas permite moitas posibilidades que ás veces non son fáciles de comprender cando estas se visten para actuar con traxes propios do tráfico xurídico-privado.

37. Por exemplo, resulta en principio sorprendente a creación de **fundacións "privadas"** por parte das administracións públicas. No sentido de que aquelas se definen como organizacións sen fin de lucro que teñen afectados de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral (art. 2.1 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións). E é que unha Administración pública ten xa de seu esas notas características e pode cumprir eses obxectivos de interese xeral sen temer á caducidade da súa vida biolóxica. A explicación pode estar, como sinala GARCÍA-ANDRADE (2001: 113 e ss.), na necesidade de darlle un sentido material ao dereito de fundación consagrado no art. 34 CE, ligado á actividade de beneficencia en xeral, e non meramente formal ou civilista, pensando nesas específicas

persoas xurídicas, que en principio poderían ter tamén como fundador a un suxeito público. De xeito que só as entidades realmente benéficas ou altruístas promovidas por particulares serían exercicio do dereito fundamental de fundación en canto dereito de liberdade para a consecución de fins de interese xeral, e quedarían amparadas polos arts. 22 e 34 CE. En cambio, as fundacións dependentes dunha Administración pública, a pesar de ser fundacións en sentido civil, non terían esa cobertura, sendo personificacións privadas meramente instrumentais coas que o sector público procura a consecución dos fins aos que serve (2001: 142). Postura que foi despois acollida pola xurisprudencia constitucional (STC 120/2011, FX 5).

38. Ante a falta de criterios estritos de delimitación, polo menos é preciso defender que o exercicio de funcións públicas propiamente ditas, con independencia da forma xurídica do suxeito que actúe, debe comportar a "extensión" ou "expansión" do **réxime e garantías propias do Dereito administrativo**. Ese é o sentido no que hai que interpretar o inciso final do art. 2.2.b) LRXSP [coincidente ademais co art. 2.2.b) LPAC], que alude ao posible exercicio excepcional de potestades administrativas por entidades de dereito privado en man pública. Así, por exemplo, as leis administrativas aplícanse ás posibles decisións imperativas sobre o servizo de transporte urbano adoptadas por Metro de Madrid, SA (a pesar de ser formalmente unha sociedade mercantil da Comunidade de Madrid).

39. De todos os xeitos, hai límites na **correspondencia entre a forma xurídica e o réxime xurídico** destas entidades instrumentais que non se poden pasar. Destaca neste sentido a STS do 14 de setembro de 2020, ECLI:ES:TS:2020:2812, que anula a imposición dunha **sanción administrativa** por canto o procedemento sancionador aberto por unha Administración pública (a Confederación Hidrográfica do Guadiana) fora "externalizado" e tramitado substancialmente por unha entidade de dereito privado (Tragsa, SA) mediante unha encomenda de xestión impropia (*infra* § 8.65). Todo iso a pesar de ser o capital de Tragsa integramente público e de contar con medios e competencia para realizar con rigor a tarefa encomendada. Porque non abonda con que a resolución final proviñese dun organismo autónomo: todo o exercicio da potestade sancionadora debe corresponderlle a unha Administración en sentido formal.

39 *bis*. Cabe pechar este apartado cun apuntamento ilustrativo da magnitude do fenómeno das entidades instrumentais das administracións públicas. A través do INVENTE (Inventario de entidades do sector público estatal, autonómico e local), previsto no art. 82 LRXSP e que cabe consultar *en liña*, pódese comprobar que en 2026 en España hai censados case 4.800 entes distintos (dos cales 866 son organismos autónomos, 109 entidades públicas empresariais, 50 axencias, 10 autoridades administrativas independentes, 49 universidades públicas, 704 consorcios, 66 fondos sen personalidade xurídica, 847 fundacións do sector público e 1826 sociedades mercantís). Todo un panorama.

3. A DIMENSIÓN ORGANIZATIVA MICRO: OS ÓRGANOS ADMINISTRATIVOS

40. A organización administrativa interna de cada Administración pública constrúese mediante a combinación de pezas orgánicas (órganos e unidades administrativas, coas súas dotacións de medios e persoais) e de funcións asignadas a eses elementos (competencias). Todas elas harmonízanse grazas a unha serie de principios e mecanismos de funcionamento interno (*infra* § 14).

3.1. O triplo nivel organizativo de persoa, órganos e unidades administrativas

41. Coas limitacións que ten o recurso ao antropomorfismo, resulta ilustrativo expoñer que as administracións públicas son **persoas xurídicas** (a atribución de personalidade xurídico-pública dálle unidade ao complexo orgánico que constitúen), compostas, pola súa vez, de moi diversos **órganos administrativos** que lles dan vida (subconxuntos orgánicos con funcións específicas que exercen en nome da Administración), nos que, pola súa vez, se integran e aos que serven múltiples tecidos ou **unidades administrativas** (cadros nos que se integran os empregados da Administración, que son esenciais, pero que carecen de autonomía e de visibilidade externa). Con todo, non sempre son conceptos ben delimitados.

42. O noso ordenamento afirma hoxe con claridade e contundencia que **cada unha** das administracións públicas ten **personalidade xurídica única** para o cumprimento dos seus fins (art. 3.4 LRXSP). Sinteticamente, houbo unha evolución relevante neste recurso á ficción xurídica que é a personalidade xurídica, construída no dereito privado para facilitar a cooperación de persoas físicas e recursos en proxectos de carácter común que os transcendan (*supra* § 1.14 e 19-20). Nun primeiro estadio, a dogmática alemá do século XIX defendeu a posibilidade de atribuír personalidade xurídica ao Estado como conxunto ou entidade política. A mediados do século pasado GARCÍA DE ENTERRÍA (1960) formulou a súa soada teoría estatutaria do Dereito administrativo, segundo a cal a personalidade xurídica do Estado é en realidade encarnada, dentro das súas fronteiras, pola súa Administración pública, á que se dotaría dun réxime xurídico especial de actuación, plasmado en dereitos e deberes exorbitantes ao dereito común (os outros poderes do Estado representarían máis ben o pobo —as Cortes Xerais— e o dereito —o poder xudicial—). Esa concepción predominou e tivo plasmación no dereito positivo, pero o seu logro de unificación e clarificación das relacións xurídicas entre o cidadán e a Administración foi pronto esvaecido pola eclosión de organismos públicos con personalidade xurídica propia, a causa da descentralización política e do abuso na xeración de múltiples entidades instrumentais.

43. Os **órganos administrativos** son os elementos identificados e cualificados dentro de cada organización pública (por exemplo, a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado é un órgano da Administración xeral do Estado). Segundo o art. 5.1 LRXSP, son as unidades administrativas que teñen atribuídas funcións con efectos xurídicos fronte a terceiros ou cuxa actuación teña carácter preceptivo. Por tanto, os órganos administrativos son aquelas partes identificadas da estrutura administrativa con capacidade para expresar a vontade da persoa ou Administración no seu conxunto e vinculala (emitindo actos administrativos, celebrando contratos ou convenios, ditando disposicións de carácter xeral etc.), ou polo menos con capacidade para intervir na súa formación de maneira necesaria e identificada (un órgano consultivo ou un órgano de selección). Os órganos non son pezas excluíntes, no sentido de que na liña xerárquica directa os superiores van envolvendo os inferiores, como *matriuskas*,

ata que ao final atopamos meras unidades que xa non constitúen órganos. O cal non quere dicir que se permitan duplicidades orgánicas (art. 5.4 LRXSP).

44. Por exemplo, na Administración da Generalitat valenciana, persoa xurídica, existe unha *Consellería de Xustiza e Administración Pública,* **órgano administrativo**, da que forma parte a *Secretaría Autonómica de Administración Pública,* tamén **órgano administrativo**, da que pola súa vez forma parte a *Dirección Xeral de Función Pública,* tamén **órgano administrativo,** no que pola súa vez se integra a *Subdirección Xeral de Promoción Profesional*, tamén **órgano administrativo**, do que dependen varios servizos. A subdirección xeral, a dirección xeral, a secretaría autonómica e a consellería son órganos da Administración autonómica, pero en cada competencia o nivel de decisión e de intervención previa será diferente. O feito de que o concepto de órgano se estenda ata o exercicio de funcións de intervención preceptiva nun procedemento ten un efecto moi expansivo. Así, en todo procedemento sancionador debe existir un "órgano instrutor", que normalmente é exercido por un por un funcionario concreto, ás veces coa asistencia dun secretario.

45. Finalmente, as **unidades administrativas** son o resto de elementos inferiores que compoñen a organización administrativa, sen chegar a estar individualizados con funcións específicas nas normas organizativas e procedementais. *Áreas, servizos, seccións e negociados* adoitan ser as denominacións das estruturas ou divisións en que se articulan os órganos administrativos. Estas unidades chéganse a confundir xa con elementos persoais da organización, posto que nos seus últimos niveis poden incluso estar encarnados por un único empregado público. A pesar diso, debido ao sentido xerárquico da organización administrativa, nos cadros de persoal orgánicos eses postos serán designados como "xefatura" de negociado ou "xefatura" de sección, aínda que literalmente non haxa ninguén sobre quen exercelas.

3.2. Os órganos administrativos e os seus tipos

46. Os órganos administrativos son os elementos centrais da organización interna das administracións (*supra* § 1.25-27), e son enormemente variados na súa configuración e funcións. Pódense clasificar conforme diversos criterios ou pares conceptuais, independentes e combinables, que axudan a valorar esa heteroxeneidade.

3.2.1. Órganos de goberno ou de dirección política e órganos administrativos

47. É unha clasificación que provén da distinción e simultánea integración entre Goberno e Administración. Como sabemos, as administracións territoriais teñen como cabeza un **órgano político de dirección** (goberno da nación, consello de goberno autonómico, xunta de goberno local ou comisión de goberno, así como as súas comisións delegadas, integradas de maneira respectiva por ministros, conselleiros ou concelleiros, fundamentalmente). A través deste chega a lexitimación democrática á organización administrativa da que é cabeza e formúlanse as orientacións programáticas para a xestión para realizar, aínda que tamén pode exercer puras funcións administrativas. Pola súa banda, a Administración estatal, autonómica ou local respectiva estrutúrase en **órganos de natureza administrativa** para atender funcións con

ese carácter. A distinción non é nítida, porque estes órganos administrativos teñen como titular a unha autoridade de confianza política para asegurar a implantación das orientacións do goberno respectivo. En concreto, os compoñentes do órgano de dirección política encabezan a título individual partes desa administración burocrática (ministerios, consellerías, concellerías), e designan a dirixentes da súa confianza para facerse cargo de parcelas inferiores de xestión sectorial, que serán nomeados formalmente polo órgano de goberno (secretarios de Estado, viceconselleiros, subsecretarios, secretarios xerais, directores xerais ou figuras semellantes). A todos eles considéraselles **altos cargos** para efectos de responsabilidade e de incompatibilidades (art. 1.2 da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado). Máis alá destes niveis atópanse os subdirectores xerais ou equivalentes, que tamén deben contar coa confianza da autoridade directa da que dependan, pero que encabezan órganos xa nitidamente administrativos ou de xestión, e que non teñen a consideración de alto cargo.

48. Por ese motivo, chégase a considerar como integrantes do Goberno da Nación ou dunha comunidade autónoma aos altos cargos que son nomeados por eses órganos de dirección política para ocupar a xefatura de órganos que formalmente son administrativos. Para este respecto, resulta de interese a **distinción entre o órgano** (a dirección xeral) **e a autoridade titular** (o ou o directora xeral). Doutra banda, no ámbito da Administración xeral do Estado **diferénciase entre órganos administrativos superiores e directivos** (art. 55 LRXSP), baixo cuxa dependencia estarían "todos os demais órganos da Administración" (aínda que máis ben habería que dicir "unidades", que é realmente o que queda) (*infra* § 924-33). Na AXE son órganos superiores os ministros e os secretarios de Estado, mentres que órganos directivos son o resto de altos cargos, máis os subdirectores xerais. A lei só indica que os primeiros establecen os plans de actuación, e os segundos desenvólvenos e executan. En realidade, simplemente se lles recoñece un maior peso político aos primeiros que aos segundos, pero sen que a distinción entre órganos superiores e directivos teña verdadeiras consecuencias de réxime xurídico.

3.2.2. Órganos centrais, periféricos e extraterritoriais ou no exterior

49. Esta clasificación atende ao feito de que a organización administrativa debe ramificarse non só en sentido xerárquico, senón tamén territorial, para cumprir as súas funcións en todo o ámbito xeográfico sobre o que unha Administración exerce as súas competencias. Así, xunto aos órganos **centrais** que exercen funcións sobre todo o seu territorio (como a Consejería de Agricultura, Pesca, Auga e Desenvolvemento Rural da Junta de Andalucía), aparecen tamén os órganos **territoriais ou periféricos** que actúan só sobre un ámbito territorial parcial (por exemplo, a Delegación do Goberno da Junta de Andalucía en Almería). Na práctica, aínda que o noso modelo político está moi descentralizado, as nosas administracións públicas teñen o peso burocrático moi concentrado nos seus órganos centrais. Por outro lado, a organización periférica non só é propia das administracións territoriais: tamén hai administracións instrumentais que necesitan esa rede de dependencias (como a Axencia Tributaria, que conta con delegacións especiais territoriais, delegacións, administracións e administracións de aduanas). Finalmente, unha periferia especial é a **extraterritorial**, porque o exercicio de competencias administrativas pode requirir a dotación de servizos exteriores ao ámbito territorial de cada Administración. Sobre todo, a do Estado,

debido á súa competencia exclusiva en materia de relacións internacionais (apoiada nunha rede de embaixadas, consulados e delegacións permanentes), e algúns dos seus organismos, debido ao tipo de labores que realizan (como o ICEX ou o Instituto Cervantes) (*infra* § 9. 40-42). Pero tamén algunhas comunidades autónomas abriron oficinas ou delegacións máis alá dos seus territorios respectivos e mesmo no estranxeiro, pois desenvolven certa acción exterior (SSTC 165/1994; 31/2010, FX 125; 46/2015, FX 4; 228/2016, FX 2; e 135/2020, FX 4) (*infra* § 10. 47-49).

3.2.3. Órganos activos, consultivos e de control interno, e as súas variedades

50. Máis ca un criterio de clasificación dos órganos en si, trátase de identificar de maneira aproximativa o tipo de tarefas principais que desempeñan estes. É tradicional distinguir entre **órganos activos** (o groso da Administración, dedicada a xestionar asuntos públicos e tomar decisións: como o Servizo de Licenzas e Disciplina Urbanística do Concello de Badaxoz), **consultivos** (órganos que asisten os anteriores para asesorar técnica ou xuridicamente na toma de decisións, situados na marxe da liña xerárquica —art. 7 LRXSP—:como a Asesoría xurídica da Alcaldía de Badaxoz) (*infra* § 14.49) **e de control interno** (do exercicio das súas funcións por parte dos anteriores: a Intervención do Concello de Badaxoz) (*infra* §§ 14.56 e 33). Sen que haxa impedimento de partida para que os órganos cumpran funcións mixtas, como a secretaría xeral técnica dun ministerio, salvo en casos que requiran de especial independencia operativa.

51. Como afirma SANCHEZ MORÓN (2024: 241-243) esta triloxía clásica de órganos, substancialmente válida, debe ser enriquecida, aínda que as categorías complementarias non están do todo asentadas e recoñecidas. Na miña opinión, máis ben trataríase de identificar algunhas especies dentro deses tres grandes conxuntos. Así, as funcións "activas" son enormemente variadas, podéndose polo menos especificar polas súas singularidades o labor dos **órganos arbitrais e de resolución de conflitos** (a súa misión activa consiste en dirimir conflitos entre particulares, asumindo para iso a Administración unha posición neutral: como a Xunta Arbitral de Consumo da Generalitat Valenciana: *infra* § 33.92); dos **órganos funcionalmente independentes de resolución de recursos** (a súa misión activa está en decidir sobre impugnacións dentro dunha Administración, pero na marxe da liña xerárquica de mando: como o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais do Ministerio de Facenda) (*infra* § 33. 81); e dos **órganos de coordinación, colaboración e cooperación administrativa** (cuxa misión é concertar e harmonizar o exercicio de competencias dentro de ou entre administracións públicas: como a Comisión Interconsellerías castelán-leonesa de Apoio á Familia ou a Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural) (*infra* § 13.54-63 e 14.33). Pola súa banda, dentro dos órganos consultivos deberíanse especificar os **órganos consultivos solemnes** (como o Consello de Estado), os **órganos técnico-xurídicos** (como a Dirección Xeral de Servizo Xurídico da Comunidade Autónoma de Cantabria), os **órganos de apoio interno** (cuxa misión non é en sentido estrito de asesoramento, como as xerencias informáticas ou de equipamentos e infraestruturas, ou vai máis alá deste, como os gabinetes) e os **órganos representativos ou de participación** (en cuxas tarefas prevalece a función de darlles voz á sociedade e ao sector privado a través de organizacións representativas e/ou especializadas: é o caso do Consello da Cidade de Zaragoza). Finalmente, en materia de control interno cabe diferenciar entre órganos de **control económico-financeiro** (a Intervención Xeral da Seguridade Social) e **órganos de control de persoal** (como a Inspección de Servizos dun ministerio).

3.2.4. Órganos unipersoais e órganos colexiados

52. Todo órgano administrativo ten un **suxeito titular oficialmente nomeado**, que pode ser **individual** (un alto cargo ou autoridade administrativa concreta) **ou colexiado** (un grupo de persoas, xa sexan autoridades, empregados públicos —da mesma ou de distinta Administración—, ou mesmo particulares con algunha calidade técnica ou representativa), nese caso un dos seus membros asumirá a presidencia. A titularidade supón a capacidade de toma de decisións e a responsabilidade polo seu exercicio ou pola falta del. Outra cousa é a **dotación persoal do órgano**. Así, o Ministerio de Defensa ten miles e miles de empregados que prestan servizo, pero un único titular ou cargo que dirixe o conxunto do ministerio, que é o ministro ou ministra que ocupa esa carteira. En cambio, é frecuente que haxa órganos colexiados cuxo elemento persoal se limita aos seus membros compoñentes ou titulares, carecendo de persoal de apoio propio, aínda que reciban certa asistencia administrativa da organización á que pertenzan. Os órganos unipersoais son típicos de estruturas verticais e xerárquicas de mando, mentres que os colexiados son máis apropiados para funcións consultivas e de participación (o Consello Español de Turismo —CONESTUR—). Pero tamén hai órganos colexiados de goberno de máximo nivel, que adoitan ter carácter presidencialista (o Consello de Goberno da Rioxa). Con certa frecuencia os órganos colexiados están compostos por autoridades que son pola súa vez titulares de órganos unipersoais (como a Comisión Interministerial de Prezos de Medicamentos e Produtos Sanitarios). En todo caso, o funcionamento dos órganos colexiados está moito máis formalizado e suxéitase a regras que condicionan a formación da vontade nestes. As pautas fundamentais veñen expostas nunha lección posterior (*infra* § 14.74 e 75).

4. AS COMPETENCIAS ADMINISTRATIVAS E O SEU RÉXIME DE EXERCICIO

4.1. A atribución de competencias

53. As competencias administrativas son unha cuestión nuclear do Dereito administrativo en xeral e da organización das administracións públicas en particular. Trátase das **concretas habilitacións funcionais e materiais de atribucións** (poderes-deberes en realidade, xa que son irrenunciables: art. 8.1 LRXSP) que se encomendan a cada un destes suxeitos públicos e que, do mesmo xeito que o conxunto da organización administrativa, teñen unha dobre dimensión de repartición ou asignación: a xeral, **intersubxectiva ou *ad extra*** (a que organización corresponde exercer cada tarefa pública), e a particular, **intraorgánica ou *ad intra*** (que órgano dentro desa organización actúa esas atribucións).

54. As administracións públicas —desde a europea á local— son poderes constituídos ao servizo dos intereses xerais, e só poden exercer aquelas facultades que

expresamente se lles atribúan, e na materia, no modo e co fin cos que estea previsto utilizalas. As competencias administrativas han de ser primeiro distribuídas entre administracións, e débese desconfiar ou non tomar en sentido literal as cláusulas xerais de apoderamento como verdadeiras atribucións competenciais, así como descartar poderes implícitos (SANTAMARÍA, 1988: 883-884). A distribución faise **normativamente** (en disposicións constitucionais, legais e regulamentarias) e utiliza para a súa concreción coordenadas de carácter material, funcional e territorial. Desde o **punto de vista material** referímonos aos sectores e aos subsectores de actividade económica e social susceptibles de intervención administrativa (pesca marítima, propiedade intelectual, ou convocatoria de referendos, por exemplo), que ás veces son de difícil deslinde entre si, xa que a realidade non está parcelada en compartimentos estancos e admite niveis diferentes de identificación. Desde o **punto de vista funcional** as competencias poden ser de regulación ou de execución. Ademais, dentro das primeiras é frecuente diferenciar, pola súa vez, entre regulación básica e de desenvolvemento, mentres que dentro das segundas caben distintas especificacións materiais (autorización, inspección, sanción etc.). Desde o **punto de vista territorial** o exercicio de competencias pódese asignar por referencia ás distintas circunscricións administrativas recoñecidas no noso sistema (municipio, illa, comarca, provincia, comunidade autónoma e territorio nacional) e, cando non é posible, apélase a outros criterios máis abertos de funcionalidade operativa para a súa atribución (como ocorre coa cualificación de certas infraestruturas —obras, portos ou aeroportos— como de "interese xeral" para reservalos ao Estado). O resultado da repartición pode dar lugar a **competencias exclusivas, compartidas ou mesmo concorrentes**, cos seus problemas respectivos, que non é posible describir aquí. No caso das entidades locais, pola súa peculiar idiosincrasia, as súas competencias cualifícanse de propias, delegadas e impropias (art. 8 LBRL) (*infra* § 11.30-33 e 52-56). Unha vez asignadas, as competencias poden ser alteradas por distintos mecanismos, como se verá a continuación, e son exercidas a través de medidas normativas e administrativas e de actuacións materiais, podendo xurdir conflitos por exceso ou mesmo por defecto con outras organizacións, para cuxa resolución existen varias canles, en función da quen afecta e do instrumento xurídico utilizado (*infra* § 13.85-92).

55. Resulta rechamante, nun Estado renovado e descentralizado como o noso, a cantidade de enerxía investida no deseño da repartición de competencias entre administracións e, posteriormente, na resolución de conflitos derivados do reclamo da súa titularidade e exercicio, moitas veces cun relevante fondo político. Despois de máis de corenta anos de xurisprudencia constitucional, o máximo intérprete da Constitución segue dedicando gran parte dos seus pronunciamentos para abordar problemas competenciais e a atallar excesos duns e outros, demostrando que o modelo non está do todo ben deseñado, que resulta artificioso, e que a voracidade competencial das instancias políticas non respecta as regras elementais de lealdade e cooperación institucionais.

56. Nun segundo nivel esas competencias de titularidade de cada Administración han de ser adxudicadas internamente para o seu lexítimo exercicio. De feito, a atribución de competencias é o que realmente converte a unha unidade administrativa en órgano, porque lle dá capacidade de actuar, decidir ou intervir nunha actuación administrativa. E a competencia, xunto co procedemento, son os dous condicionantes formais previos que enmarcan calquera acción administrativa, a cal pode quedar

viciada na súa validez cando non se axustan a esas dúas coordenadas (*infra* § 17.26 e 66.76). Así, os **defectos competenciais** poden ser causa de **nulidade de pleno dereito** dun acto administrativo [cando son ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio: art. 47.1.b) LPAC], pero tamén de **anulabilidade** (cando o defecto de competencia é meramente xerárquico, nese caso cabe a validación: art. 52.3 LPAC), ou simplemente constituír **irregularidades non invalidantes** (por exemplo, cando non se indica expresamente nunha resolución que se adoptou por delegación, delegación de firma ou suplencia: STS do 13 de abril de 2012, ECLI:ES:TS:2012:2616). O mesmo pode ocorrer, cos seus matices, con outros produtos da acción administrativa (contratos, regulamentos, actuacións materiais…). Neste ámbito interno tamén poden xurdir conflitos competenciais entre órganos que se cualifican "de atribucións", e que normalmente lle corresponde resolver ao superior xerárquico común.

4.2. As técnicas de alteración do exercicio de competencias

57. A práctica administrativa e o lexislador (en especial a través dos arts. 8 a 14 da LRXSP, de carácter básico) foron decantando unha serie de instrumentos que permiten reatribuír a atribución ou o exercicio total ou parcial das competencias administrativas, por razóns de conveniencia ou para superar distintas situacións que poden presentarse. Por razóns de espazo limitámonos a esbozar o seu concepto e clasificación. As opcións dispoñibles poden clasificarse conforme tres criterios. O primeiro e máis importante está en función do **obxecto da alteración competencial**: pode transplantarse a competencia desde a súa raíz (**transferencia de competencias**); pode trasladarse o exercicio da competencia, pero conservando a titularidade (dando lugar á **delegación de competencias**, cando é unha operación voluntaria, á **substitución** forzosa, que ten a súa orixe en incumprimentos graves, e á **avocación**, cando haxa un órgano xerárquico superior que solicite para si o exercicio dunha competencia); ou pode alterarse só algún dos elementos do exercicio dunha competencia (introducindo unha colaboración material ou técnica no exercicio da competencia, denominada **encomenda de xestión**; auxiliando na tarefa de asinar as resolucións administrativas resultantes, chamada **delegación de sinatura**; ou asumíndose o exercicio temporal e provisional dunha competencia, figura coñecida como **suplencia**). Dentro dese instrumental, hai unha especial continuidade gradual ou graduada, que vai de maior a menor, entre as transferencias, as delegacións e as encomendas de xestión. Loxicamente esas operacións poden comportar o transvasamento de medios materiais ou persoais, así como compensacións económicas polo apoio prestado. Tamén se poden clasificar estas técnicas segundo que o **suxeito destinatario** da alteración sexa un órgano da mesma ou de distinta Administración, de xeito que hai alteracións internas, producidas dentro dunha organización (**interorgánicas**), que segundo a LRXSP inclúen as que se producen entre unha Administración e os seus entes instrumentais dependentes (aínda que en puridade serían intersubxectivas), e alteracións externas, ou efectuadas entre administracións diferentes (**interadminis-**

trativas). Poñeremos a énfase, aínda que sucintamente, nestas últimas, por ter un carácter máis institucional, deixando as técnicas interorgánicas para a lección sobre o funcionamento interno da Administración (*infra* § 14.41 a 48). Finalmente, estes mecanismos pódense clasificar segundo o **sentido xerárquico** da alteración (que pode ser descendente, como normalmente pasa coa transferencia ou a delegación de competencias, ou ascendente, como ocorre coa avocación e coa revogación de competencias delegadas).

4.2.1. Alteración da titularidade: transferencia

58. O traslado íntegro dunha competencia (titularidade e, por tanto, o seu exercicio) con todas as súas consecuencias denomínase **transferencia de competencias**. Adoita ter sentido intersubxectivo (entre administracións) e descentralizador, realízase por lei orgánica ou lei ordinaria, e pode ter por obxecto competencias de regulación ou de execución, nese caso débese acompañar dos medios persoais e materiais necesarios. O Estado pode transferir competencias ás comunidades autónomas (art. 150.2 CE), co teito marcado polo artigo 149.1 CE, pero dado que os estatutos de autonomía tenderon a asumir o máximo de competencias apenas queda na actualidade marxe de crecemento (STS de 19 de marzo de 2025, ECLI:ES:TS:2025:1156). E ambos poden transferir competencias ás entidades locais, tamén modificando a súa lexislación local. Cando estas operacións de reatribución prodúcense dentro dunha mesma organización falamos de **desconcentración** (art. 8.2 LRXSP) e se é entre organizacións de **descentralización**, que pode ser territorial ou funcional.

4.2.2. Alteración do exercicio: delegación e substitución

59. O traslado voluntario, pero só das facultades de exercicio, conservándose a titularidade de orixe (coas súas consecuencias para efectos de impugnación e de lexislación aplicable), denomínase **delegación de competencias** e obedece a razóns de eficacia. Poden ser intersubxectivas (plasmadas en leis ou en convenios interadministrativos) ou interorgánicas (por resolución administrativa, que pode requirir aprobación dun órgano superior, como ocorre na AXE, e será publicada no boletín oficial). Estas últimas son moi frecuentes e necesarias, porque a asignación de competencias adoita sobrecargar inicialmente os órganos superiores de cada Administración, que non poden na práctica exercelas. Malia que en ambos os casos fálase de delegacións, en realidade o seu réxime xurídico é moi diferente, e aquí só nos referiremos ás primeiras, ao abordarse as delegacións interorgánicas en *infra* § 14.42.

60. As **delegacións interadministrativas** non contan cunha regulación xeral e homoxénea. En primeiro lugar, están as delegacións do Estado **ás comunidades autónomas**, que o artigo 150.2 CE prevé que se aproben por lei orgánica. Ata o de agora, a súa utilización foi moi residual (como excepción está a Lei orgánica 5/1987, do 30 de xullo, de delegación de facultades do estado nas comunidades autónomas

60. Exemplos son: Axencia Estatal Boletín Oficial do Estado, Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios, Axencia Española de Seguridade Aérea, Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, e a popular Axencia Estatal de Meteoroloxía.

8.3. Os organismos públicos sectoriais

61. Os organismos públicos sectoriais caracterízanse fronte aos comúns pola prioridade da súa **regulación sectorial** sobre a regulación xeral da organización administrativa no Estado, en definitiva, a LRXSP. Constitúen exemplos de organismos públicos sectoriais as entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social, a Axencia Estatal de Administración Tributaria, o Centro Nacional de Intelixencia, as autoridades portuarias e portos do Estado. Todos eses tipos e entidades contan con lexislación sectorial específica. A LRXSP prevé mediante disposicións adicionais específicas (12ª, 17ª, 18ª) a súa aplicación supletoria. No caso das entidades integrantes da Administración da Seguridade Social, a disposición adicional 13ª LRXSP prevé a supletoriedade específica dos preceptos da LRXSP aplicables aos organismos autónomos.

62. Ademais dos exemplos citados, axústanse a esta categoría, algúns museos obxecto de lei específica como a Lei 46/2003, do 25 de novembro, reguladora do Museo Nacional do Prado, cuxo estatuto se aprobou por Real decreto 433/2004, do 12 de marzo. O réxime xurídico detallado é o establecido na lei de creación e no estatuto, onde se detallan cuestións relativas ao seu persoal, os seus bens, recursos económicos, acceso a espazos, cesión de coleccións, participación en sociedades ou fundacións. A Lei 34/2011, do 4 de outubro, reguladora do Museo Centro de Arte Raíña Sofía, segue case á letra a regulación da Lei 46/2003 para o Museo Nacional do Prado.

8.4. Os organismos públicos de cooperación: os consorcios

63. Os organismos públicos de cooperación entre administracións públicas xerais son entidades administrativas especializadas dependentes que desempeñan funcións de fomento, prestación ou xestión común de servizos públicos. Estas entidades

caracterízanse por manifestar, mediante a creación dunha persoa xurídica pública a **cooperación voluntaria** entre administracións públicas xerais conscientes de que esa fórmula pode supoñer unha máis eficaz realización dunha actividade ou prestación dun servizo. Outros trazos que caracterizan aos organismos públicos de cooperación son: a) a súa actuación está sometida a Dereito administrativo e, excepcionalmente, ao dereito privado en función do previsto na normativa ou nos propios estatutos, b) a súa consideración como administracións públicas creadas mediante convenio das administracións públicas xerais intervenientes, c) a súa organización, réxime de persoal, económico-financeiro, orzamentario, de contabilidade e patrimonial réxese polo Dereito administrativo. Nesta categoría, dentro do sector público estatal, inclúense os consorcios.

64. Os **consorcios** estatais regulados nos artigos 118 a 127 LRXSP son creados pola AXE e outras administracións de distinto nivel. Perséguese o desenvolvemento de actividades de interese común no ámbito das súas respectivas competencias (*supra* § 8.30) e é posible que participen no consorcio entidades privadas (art. 118.1 LRXSP).

65. Exemplos de consorcios son: a Casa de América, creada por convenio da AXE a través do Ministerio de Asuntos Exteriores, a Comunidade de Madrid e o Concello de Madrid; o Instituto de Astrofísica de Canarias, o Consorcio Centro de Investigación Biomédica en Rede (CIBER); o Consorcio da Cidade de Cuenca. É notorio, con todo, a utilización moito máis intensa desta figura no nivel local (CASTILLO, 2017: 1963, 1988).

8.5. As entidades públicas de dereito privado

66. As entidades de dereito privado baixo control directo ou indirecto da AXE son entidades estatais especializadas dependentes (*supra* § 8.32). Fronte aos organismos públicos caracterízanse por: a) contar con personalidade xurídico-privada e b) a aplicación de normas de dereito privado á súa organización e actuación. A esas normas de dereito privado propias da constitución e actuación desas entidades súmase un conxunto cada vez máis tupido de regras de dereito administrativo. En realidade, atendendo ao disposto polo artigo 113 LRXSP para as sociedades mercantís estatais e polos artigos 130 e 131 LRXSP para as fundacións do sector público estatal, a aplicación do ordenamento xurídico privado aparece constrinxido polas disposicións da LRXSP, da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas (LPAP) e da normativa (pública) orzamentaria, contable, de persoal, de control económico-financeiro e de contratación. O Dereito administrativo aplicable a estas persoas xurídico privadas é, por tanto, máis extenso e intenso do que puidese parecer a primeira vista. Na categoría de entidades administrativas de dereito privado atópanse as sociedades mercantís estatais e as fundacións do sector público.

8.5.1. As sociedades mercantís estatais

67. A regulación administrativa das **sociedades mercantís estatais** contense nos artigos 111 a 117 LRXSP (*supra* § 8.33) e nas disposicións sobre patrimonio

empresarial do Estado contidas no título VII da LPAP. A LRXSP establece para as sociedades estatais: a) unha definición (art. 111) na que se concretan as condicións que determinan cando se considera controlada pola AXE: participación no seu capital social superior ao 50 por 100 ou control efectivo directo ou indirecto da AXE aplicando os criterios da normativa mercantil, b) uns principios xestores aplicables á súa xestión e á dependencia da AXE (art. 112), c) regras sobre o seu réxime xurídico (art. 113), sobre a súa creación, adquisición deste carácter de forma sobrevinda e liquidación (art. 114) cuxa autorización lle corresponde ao consello de ministros (conforme o art. 169 f) LPAP), d) o réxime de responsabilidade aplicable aos membros dos consellos de administración designados pola AXE (art. 115), e) a tutela pola Administración matriz que implica a posibilidade de impartirlles instrucións ás devanditas sociedades (art. 116); e f) regras sobre réxime orzamentario, de contabilidade, de control económico-financeiro e de persoal (art. 117).

68. O art. 113 LRXSP prohibe que as sociedades mercantís estatais dispoñan de facultades que impliquen o **exercicio de autoridade pública** "sen prexuízo de que excepcionalmente a lei poida atribuírlle o exercicio de potestades públicas". A actualización desa posibilidade atrae para o exercicio das potestades "administrativas" por sociedade mercantil a suxeición, en todo caso, ao disposto nas normas da LRXSP conforme o inciso final do artigo 2.2.b) LRXSP e ao artigo 2.2.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC). O exercicio excepcional desas potestades queda, pois, sometido a Dereito administrativo.

69. Este exercicio é abertamente criticado pola doutrina como letal para as garantías dos administrados (MONTOYA, 2021: III.1) e mesmo se negou abertamente a súa posible existencia real (MÍGUEZ, 2021: 37). En última instancia, a aplicación das leis administrativas a estas sociedades depende de que se entenda por exercicio de **"potestades públicas"**. Se se segue un concepto amplo (así, GAMERO, 2021; 104 e VELASCO, 2022, 52) efectivamente pódense atopar situacións nas que unha sociedade mercantil exerce "potestades públicas".

70. A LPAP distingue entre sociedades mercantís estatais meramente **controladas** directa ou indirectamente pola AXE (art. 166.1.c) LPAP) e aqueloutras cuxo capital social sexa na súa totalidade de **titularidade directa ou indirecta** da devandita Administración (art. 166.2 e arts. 176 a 182 LPAP). En ambos os casos, a posición da Administración matriz inclúe o control interno da sociedade.

71. Esa distinción exprésase con propiedade empregando as categorías de sociedades con accionariado público excluínte e sociedades con accionariado público concorrente con accionariado en mans privadas, entre as que, pola súa vez, pode diferenciarse, segundo a participación pública sexa de control ou minoritaria (VILLAR, 1950/2022: 505 - 506). Só cando hai unha **posición de control** cabe considerar que estamos ante unha sociedade mercantil pública.

72. A distinción entre unhas e outras sociedades mercantís estatais é relevante para efectos do previsto na normativa de contratos do sector público, en concreto da posibilidade de realizar encargos a medios propios personificados (M.P.).

73. Exemplos de sociedade mercantil estatal son: Axencia EFE S.A. S.M.E., Renfe Mercadorías S.M.E. S.A., Minas de Almadén e Arrayanes S.A. S.M.E., Navantia, S.A., Empresa Nacional de Residuos Radioactivos (ENRESA), AENA/AENA S.M.E. S.A., Empresa de Transformación Agraria S.A. S.M.E. M.P. (TRAGSA).

8.5.2. As fundacións do sector público estatal.

74. As fundacións do sector público estatal regúlanse polos artigos 128 a 136 LRXSP (*supra* § 8.33 e 37). Estas fundacións deben constituírse como tales e estar baixo control directo ou indirecto da AXE, conforme o artigo 128.1 LRXSP. As súas actividades deben realizarse sen ánimo de lucro para o cumprimento de fins de interese xeral propios da fundación, independentemente de que o servizo se preste de forma gratuíta ou baixo contraprestación, (artigo 128.2 § 1, b). Ao que se engaden dúas previsións importantes no artigo 128.2 § 2 LRXSP: a) que "unicamente poderán realizar actividades relacionadas co ámbito competencial das entidades do sector público fundadoras, debendo coadxuvar á consecución dos seus fins, sen que iso supoña a asunción das súas competencias propias, salvo previsión legal expresa (…)"; e b) que non poderán exercer potestades públicas; neste caso, sen matices nin excepcións.

75. Exemplos de fundacións son: Centro Nacional de Investigacións Oncolóxicas Carlos III M.P., F.S.P. Instituto de Cultura Xitana, Fundación Lázaro Galdiano F.S.P., Fundación Pluralismo e Convivencia F.S.P.

8.6. Os fondos sen personalidade xurídica

76. Os fondos estatais sen personalidade xurídica inclúense no sector público institucional estatal polos artigos 84.1.f) e 137 a 139 LRXSP. Carecen, con todo, de subxectividade externa propia e de estrutura organizativa polo que constitúen unha anomalía entre as entidades administrativas. Trátase, máis ben, de canles para a disposición de recursos financeiros destinados a finalidades específicas. Así o confirman as remisións contidas neses preceptos á normativa orzamentaria e patrimonial.

77. Exemplos de Fondos son: Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas F.C.P.X., Fondo de Recapitalización de Empresas Afectadas polo COVID F.C.P.X., Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa F.C.P.X., Fondo de Financiamento das Comunidades Autónomas, Fondo de Compensación para as Vítimas do Amianto F.C.P.J.

9. AS ENTIDADES ESTATAIS SEPARADAS

9.1. As autoridades independentes de regulación ou supervisión

78. As autoridades independentes realizan actuacións de regulación ou supervisión sobre sectores económicos ou actividades determinadas. Para iso contan cunha **especial autonomía** ou independencia organizativa e funcional respecto das administracións públicas xerais, tamén a AXE, e respecto de calquera interese empresarial ou comercial. Desempeñan funcións especializadas en ámbitos de control, de supervisión de enteiros sectores ou de consulta previstas na lei que regula o seu xurdimento e actuación. Conforme a lei de creación, xeralmente, considéranse administracións públicas.

79. O elemento que determina o xurdimento de autoridades independentes é a **neutralidade** no exercicio de funcións e potestades administrativas. Xustifica esa neutralidade que se trata de entidades cuxa acción se proxecta tamén sobre as administracións públicas xerais polo que a dependencia destas converteríaas en xuíz e parte.

80. A neutralización política significa en determinadas circunstancias o bloqueo da dirección do Goberno (prevista con carácter xeral no art. 97 CE) salvo unha **mínima supervisión** encamiñada a evitar situacións gravemente irregulares, en favor do servizo obxectivo ao interese xeral (art. 103.1 CE) como forma de limitación do poder político co fin de evitar a súa utilización partidista (MAGIDE, 2000: 124, 125 e 246). Desde a perspectiva constitucional, é posible esa neutralización se se entende a Administración que o Goberno dirixe *ex* art. 97 CE no sentido mencionado (supra § 9. 5); como, con matices, suxire (MAGIDE, 2000: 237 a 240).

81. As **leis de creación** destas autoridades, en ocasións pola incidencia do Dereito da Unión Europea, determinan o detalle das súas funcións e regulación. Os artigos 109 e 110 LRXSP establecen uns mínimos que non fan senón remitir á lei de creación, aos estatutos da autoridade correspondente; declarando de aplicación supletoria o previsto na LRXSP sobre os organismos autónomos. A lei de creación adoita coincidir coa lexislación do sector regulado como é o caso do Consello de Transparencia e Bo Goberno creado pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTBG), ou a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIReF) creada pola Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, de creación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (LOAIReF). Outros exemplos de autoridades independentes de regulación ou supervisión serían: a Axencia Española de Protección de Datos, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, ou a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

9.2. As entidades de participación ou prestación dotadas de autonomía

82. As entidades de participación ou prestación dotadas de autonomía inclúen persoas xurídicas vinculadas á AXE, pero dotadas de garantías de separación debidas ao seu carácter participativo e de consulta, ou á relación entre a prestación encomendada e o exercicio de dereitos fundamentais.

83. Entre as entidades de participación dotadas de personalidade xurídica e de garantías de separación respecto da AXE atópase o **Consello Económico e Social** previsto constitucionalmente no artigo 131.2 CE. As súas características son: a) realiza funcións consultivas e de asesoramento en materias socioeconómicas, b) en réxime de autonomía organizativa e funcional, c) conta con personalidade xurídico pública, d) conta cunha importante participación de entidades sociais: sindicatos, confederacións de empresarios, e representantes de sectores agrarios, marítimos, de economía social; así como de persoas de recoñecido prestixio. A Lei 21/1991, do 17 de xuño, de creación do Consello Económico e Social, determina o réxime desta entidade, a súa composición e os elementos básicos do seu funcionamento.

84. Dentro da categoría de entidades de participación ou prestación dotadas de autonomía sitúanse os **medios de comunicación dependentes do Estado** ou de

calquera ente público para os que o artigo 20.3 CE dispón que a lei regulará a súa organización e o control parlamentario "garantindo o acceso aos devanditos medios dos grupos sociais e políticos significativos, respectando o pluralismo da sociedade e das diversas linguas de España". A partir de aí, a regulación legal deste tipo organizativo responde aos caracteres esenciais de: a) control parlamentario, b) separación respecto do goberno correspondente e c) autonomía de xestión conforme co específico da función peculiar encomendada. No ámbito estatal a Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e televisión de titularidade estatal (LRTVE) regula a Corporación RTVE como sociedade mercantil estatal cuxo capital é exclusivamente estatal, dotada de especial autonomía e independencia funcional (art. 5 LRTVE), respecto da que as Cortes Xerais exercen control de modos diversos entre os que se contan a aprobación, cada nove anos, de mandatos-marco (art. 4 LRTVE) e a designación dos membros do Consello de Administración a razón de once membros o Congreso e catro o Senado (art. 11 LRTVE). Os obxectivos específicos a desenvolver pola corporación concrétanse cada catro anos en contratos-programa entre o Goberno e a Corporación RTVE, de cuxo cumprimento deben ser informadas anualmente as Cortes Xerais (art. 32 LRTVE).

9.3. As universidades públicas non transferidas

85. As universidades públicas están dotadas de autonomía recoñecida pola Constitución nos termos que a lei estableza conforme o artigo 27.10 CE e atópanse vinculadas o despregamento de dereitos fundamentais como os de produción científica e técnica ou a liberdade de cátedra recoñecidos no artigo 20.1 b) e c) CE. A LRXSP sitúa as universidades públicas no sector público institucional (art. 2.1.c), e dispón que se rexerán pola súa **normativa específica** e supletoriamente polas previsións da LRXSP. As universidades públicas non transferidas forman parte do sector público institucional estatal (art. 84.1 g) LRXSP). Estas rexeranse pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria e pola LRXSP no que non estea previsto na súa normativa específica. Esa normativa específica atópase na Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario. A inmensa maioría das universidades públicas (na actualidade, todas, excepto a Universidade Pública Menéndez Pelayo e a UNED) forman parte do sector público autonómico e non do estatal.

9.4. As entidades de soporte de funcións constitucionais

86. As entidades de soporte de funcións constitucionais son entidades carecedoras de personalidade xurídica, pero dotadas de subxectividade externa propia no sentido antes referido (*supra* § 9. 46 e 47) que desenvolven funcións auxiliares específicas reguladas polo Dereito administrativo. Non constitúen Administración pública ao non contar con personalidade xurídica propia nin estar previstas como tales na LRXSP.

87. A **Administración electoral** carecedora de personalidade xurídica constitúe un exemplo claro de entidade administrativa especializada de soporte de funcións constitucionais na que a neutralidade política xoga un papel esencial. A pesar da súa aparencia feble e de contar cun entroncamento constitucional difuso (art. 68 CE), resulta unha peza angular do funcionamento de todo o sistema de Estado social e democrático de dereito. Regulada na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral (LOREX), título I, capítulo III, a Administración electoral está formada pola Xunta Electoral Central, as xuntas electorais de cada comunidade autónoma, as xuntas electorais provinciais, as xuntas electorais de zona e as mesas electorais (art. 8.2 LOREX).

88. A función específica confiada a esta Administración electoral é a de ordenar o proceso electoral consonte os principios de transparencia, obxectividade e igualdade (art. 8.1 LOREX); función que se desprega coa atribución ás respectivas xuntas dun amplo grupo de competencias directamente vinculadas co desenvolvemento do proceso electoral e doutras, previstas explicitamente no artigo 19 LOREX, que puidesen cualificarse como auxiliares ou instrumentais respecto das funcións específicas que desenvolve esta Administración electoral.

89. Esta "Administración" aparece na LOREX dotada de fortes garantías orgánicas e funcionais de independencia e neutralidade destacadas no seu día pola STC 24/1990, FX 2. As garantías de carácter orgánico refírense á designación dos membros das xuntas (arts. 9-11) e á súa inamobilidade (art. 16). As garantías funcionais inclúen o réxime de recursos administrativos, no que se exclúen as alzadas impropias ante administracións públicas xerais, ou outras entidades (art. 21). A independencia da Administración electoral é paradigmática e mostra que a Administración independente é posible no noso sistema institucional (SOLOZÁBAL, 1993: 73).

9.5. As corporacións sectoriais de base privada

90. As corporacións sectoriais de base privada constitúense por previsión legal sobre a base dunha **asociación de persoas físicas ou xurídicas** que comparten intereses económicos ou profesionais comúns (*supra* § 8.23). A súa lexislación específica atribúelles personalidade xurídico-pública e algunhas **funcións públicas** que exercen conforme o Dereito administrativo. Non son administracións públicas e réxense polo Dereito administrativo no relativo ao exercicio das funcións públicas atribuídas. A actividade que realizan é, en gran parte, privada e sometida ao dereito privado.

91. As corporacións sectoriais de base privada non se contemplan na LRXSP, pero o art. 2.4 LPAC ao delimitar o ámbito de aplicación da devandita lei dispón que "as corporacións de dereito público se rexerán pola súa normativa específica no exercicio das funcións públicas que lles fosen atribuídas por lei ou delegadas por unha Administración pública, e supletoriamente pola presente lei". Algunhas desas corporacións teñen entroncamento constitucional. Tal é o caso dos **colexios profesionais** respecto dos que o artigo 36 CE dispón que a súa estrutura interna e funcionamento deben ser democráticos. A Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesio-

nais (LCP), regula no seu artigo 9 os consellos xerais dos colexios profesionais e os colexios de ámbito nacional. Ambos os casos son tipos de corporacións sectoriais estatais de base privada.

92. A previsión legal e a ancoraxe constitucional fan que da dobre función que cumpren os colexios profesionais —velar polos intereses dos seus membros dun lado e cumprir funcións públicas do outro—, deba considerarse prevalente a de **velar polos intereses xerais** respecto das funcións públicas encomendadas (NOGUERA, 2017: 122).

93. Tamén contan con cobertura constitucional as **cámaras oficiais** como organizacións profesionais que contribúen á defensa de intereses económicos que lles sexan propios e cuxa estrutura interna e funcionamento deberán ser democráticos segundo dispón o artigo 52 CE, sen mencionar a denominación "cámaras oficiais". A Lei 4/2014, do 1 de abril, básica das cámaras oficiais de comercio, servizos e navegación, regula no artigo 5, con carácter básico as funcións públicas destas cámaras de ámbito normalmente autonómico. O seu capítulo V, artigos 20 a 33, trata da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España, unha corporación sectorial estatal de base privada.

10. BIBLIOGRAFÍA

10.1. Bibliografía citada

Mariano BAENA DEL ALCÁZAR, *Instituciones Administrativas*, Marcial Pons, Madrid, 1992.

Alejandra BOTO ÁLVAREZ, "Disposiciones generales, principios de actuación y funcionamiento del sector público", en Humberto GOSÁLBEZ PEQUEÑO (Director), *El nuevo régimen jurídico del sector público*, El Consultor de los Ayuntamientos, Wolters Kluwer, Madrid, 2016, pp. 197-283.

Federico A. CASTILLO BLANCO, "La incidencia de la nueva ley de régimen jurídico del sector público en los instrumentos de cooperación del Estado Autonómico: especial referencia a los consorcios públicos", en Luciano PAREJO ALFONSO e José VIDA SORIA (Coordinadores), *Los Retos del Estado y la Administración en el Siglo XXI, Libro Homenaje al Profesor Tomás de la Quadra–Salcedo Fernández del Castillo*, Tomo II, Tirant lo Blanc, Valencia, 2017, pp. 1961-1989.

Eduardo GAMERO CASADO, "Delimitación conceptual de la potestad administrativa", en Eduardo GAMERO CASADO, *La potestad administrativa*, Tirant Lo Blanc, Valencia, 2021, pp. 50-152.

Jorge GARCÍA–ANDRADE GÓMEZ, "El «sector público» como referente actual del derecho administrativo", *Revista de Administración Pública,* n*úm*. 209 (2019), pp. 175-208.

Francisco B. LÓPEZ–JURADO, "Los criterios doctrinales de clasificación de las organizaciones administrativas", *Revista de Derecho Público: Teoría y Método*, núm. 1 (2020), pp. 101-146.

Mariano MAGIDE HERRERO, *Límites constitucionales de las Administraciones Independientes*, INAP, Madrid, 2000.

Luis MÍGUEZ MACHO, *La modernización del procedimiento administrativo*, Thomson Reuters Aranzadi, Cizur Menor, 2021.

María Jesús MONTORO CHINER, "La sociedad requiere normas útiles. El esfuerzo por mejorar la legislación tras la Ley 39/2015 ¿Principios, Reglas, Directrices de técnica legislativa o núcleo esencial del procedimiento de elaboración de normas?", *Revista Española de Derecho Administrativo*, núm. 182 (2017), pp. 27-57.

Encarnación MONTOYA MARTÍN, "Las sociedades estatales en la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen jurídico del Sector Público", e*n Francisco LÓPEZ MENUDO (Director), Innovaciones en el procedimiento administrativo común y el régimen jurídico del sector público*, Instituto García Oviedo, Editorial Universidad de Sevilla, Sevilla, 2021, pp. 199-234 (recurso electrónico).

Alejandro NIETO, "Entes territoriales y no territoriales", *Revista de Administración Pública,* núm. 64 (1971), pp. 29-51.

Alejandro NIETO, "La Administración sirve con objetividad a los intereses generales", en Sebastián MARTÍN–RETORTILLO (Coordinador), *Estudios sobre la Constitución Española. Homenaje al profesor E. García de Enterría*, Vol. III, Civitas, Madrid, 1991, pp. 2185-2251.

Belén NOGUERA DE LA MUELA, "Los Colegios Profesionales a la luz de las Leyes 39 y 40/2015: algunos aspectos de su régimen jurídico", en Joaquín TORNOS MAS (Coordinador), *Estudios sobre las Leyes 29/2015 del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas y 40/2015 del régimen jurídico del sector público*, Atelier, Barcelona, 2017, pp. 107-129.

Juan José SOLOZÁBAL ECHAVARRÍA, "Una visión institucional del proceso electoral", *Revista Española de Derecho Constitucional*, núm. 39 (1993), pp. 63-80.

Francisco VELASCO CABALLERO "Aplicación de la Ley de Procedimiento Administrativo Común a sujetos privados", en Mário AROSO DE ALMEIDA e Luis MÍGUEZ MACHO (Coordinadores), Regimes Gerais do Procedimento e da Atividade Administrativa*: XIV Colóquio Luso–Espanhol de Professores de Direito Administrativo, Coimbra,* 2022, págs. 45-71.

José Luis VILLAR PALASÍ, "La actividad industrial del Estado en el Derecho administrativo", *Revista de Administración Pública*, núm. 3 (1950), pp. 53-130, también en Alberto RUIZ OJEDA (Editor), *José Luis Villar Palasí (1922-2012) Obras Selectas*, Iustel, Madrid, 1950/2022, pp. 451-520.

10.2. Bibliografía complementaria recomendada

Germán FERNÁNDEZ FARRERES, *Sistema de Derecho Administrativo I*, 5ª edición, Civitas Thomson Reuters, Navarra, 2020.

Miguel SÁNCHEZ MORÓN, *Las Administraciones españolas*, Tecnos, Madrid 2018.

Francisco VELASCO CABALLERO, "Reformas de la Administración pública: fenomenología, vectores de cambio y función directiva del Derecho administrativo", *Anuario de la Facultad de Derecho de la Universidad Autónoma de Madrid*, núm. 23 (2019), pp. 107-143.

Manual de Dereito administrativo
Revista de Derecho Público: Teoría y Método
pp. 257-277
Madrid, 2026
Marcial Pons Ediciones Jurídicas y Sociales
DOI: 10.37417/ManDerAdm/L10
© Alba Nogueira López
Editado bajo licencia Creative Commons Attribution 4.0 International License.

LECCIÓN 10
ADMINISTRACIÓNS E SECTORES PÚBLICOS AUTONÓMICOS

Alba Nogueira López
Universidade de Santiago de Compostela

SUMARIO: 1. O SISTEMA ADMINISTRATIVO AUTONÓMICO: 1.1. Nacemento, traspaso de efectivos e medios materiais; 1.2. Diversidade de tipoloxías organizativas.—2. AUTONOMÍA POLÍTICA, POTESTADE DE AUTOORGANIZACIÓN E LÍMITES DERIVADOS DA LEXISLACIÓN ESTATAL: 2.1. Autonomía política e autoorganización; 2.2. A incidencia dos principios de estabilidade orzamentaria e unidade de mercado na organización autonómica.—3. A LEXISLACIÓN DE RÉXIME XURÍDICO AUTONÓMICA: 3.1. As previsións dos estatutos de autonomía; 3.2. Leis autonómicas de réxime xurídico das administracións e dos seus sectores públicos.—4. AS ADMINISTRACIÓNS AUTONÓMICAS: 4.1. Estrutura orgánica central e periférica; 4.2. A actividade exterior das comunidades autónomas; 4.3. Algúns procesos de innovación e mellora organizativa nas administracións autonómicas.—5. OS SECTORES PÚBLICOS AUTONÓMICOS. TIPOLOXÍA DE ENTES INSTRUMENTAIS.—6. BIBLIOGRAFÍA: 6.1 Bibliografía citada: 6.2. Bibliografía complementaria recomendada.

1. O SISTEMA ADMINISTRATIVO AUTONÓMICO

1.1. Nacemento, traspaso de efectivos e medios materiais

1. A Constitución española de 1978 (CE) marcou o inicio dun proceso de **descentralización política** ao abrir as portas ao **Estado autonómico.** O título VIII da Constitución recollía a posibilidade de que a articulación territorial puidese engadir un nivel institucional ata o momento inexistente: as comunidades autónomas. Un nivel territorial que, malia a Constitución non establecer como necesario (art. 137 CE: "O Estado organízase territorialmente en concellos, en provincias e nas comunidades autónomas que se constitúan. Todas estas entidades gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses"), co paso do tempo impulsou un proceso xeneralizado de descentralización. Hoxe todo o territorio español está articulado en comunidades autónomas. A diferenza dos concellos e das provincias, as comunidades autónomas teñen unha **autonomía de "natureza política", non administrativa**, caracterizada polo autogoberno para a xestión dos seus asuntos e o poder lexislativo sobre o seu ámbito competencial.

2. O **Tribunal Constitucional** foi construíndo unha xurisprudencia que fixa os límites desta autonomía política. As comunidades autónomas no exercicio do seu autogoberno contan con cámaras parlamentarias que lexislan no marco das súas competencias, poden determinar os seus orzamentos, ordenar os seus gastos ou establecer certos tributos. "En efecto, a Constitución prefigura, como antes diciamos, unha distribución vertical do poder público entre entidades de distinto nivel que son fundamentalmente o Estado, titular da soberanía; as comunidades autónomas, caracterizadas pola súa autonomía política; e as provincias e concellos, dotadas de autonomía administrativa de distinto ámbito" (STC 32/1981, do 28 de xullo, FX 3). Teñen "competencia exclusiva para ordenar e regular a súa facenda", "como elemento indispensable para a consecución da súa autonomía política" (STC 31/2010, FX 130). Igualmente, "unha das facetas máis significativas da autonomía orzamentaria que as comunidades autónomas teñen constitucionalmente recoñecida como manifestación da súa autonomía política e financeira (arts. 2, 137 e 156.1 CE), é a capacidade para definir e ordenar os seus gastos nos correspondentes orzamentos (STC 127/2019, FX 4). Tamén as habilita para desenvolver unha "acción exterior" en defensa dos seus intereses ante a UE ou terceiros países, incluso abrindo oficinas de representación exterior sempre e cando estas non supoñan a formalización de tratados (*ius contrahendi*), a representación exterior do Estado (*ius legationis*), así como a creación de obrigas internacionais e a responsabilidade internacional do Estado (STC 165/1994, STC 85/2016).

3. As comunidades autónomas accederon ao seu autogoberno por vías diversas que tiveron un impacto no seu **ámbito competencial de partida**. Un primeiro grupo formado polos territorios que plebiscitaran o seu estatuto de autonomía durante a Segunda República (Euskadi, Cataluña, Galicia), ao que se uniu Andalucía, accederon pola denominada "vía rápida" (disposición transitoria 2ª, art. 151.1 CE) cun maior número de competencias. As comunidades autónomas de "vía lenta" (art. 143.2 CE) naceron cun menor teito competencial e con outros aspectos da súa autonomía política máis acoutados (limitación da capacidade presidencial de convocatoria electoral, realización obrigatoria das súas eleccións conxuntamente coincidindo coas eleccións municipais). Os pactos entre os partidos políticos UCD e PSOE que impulsaron a Lei 12/1983, do 14 de outubro, do proceso autonómico (LPrA) para frear o proce-

so autonómico, aínda que foron declarados substancialmente inconstitucionais pola STC 76/1983, tiveron un efecto claro en que estas comunidades autónomas tardasen en nivelar o seu teito competencial coas que accederan pola vía rápida.

4. Estes **pactos autonómicos de 1981** para MUÑOZ MACHADO (2007) "xeneralizan en todo o territorio español as comunidades autónomas e uniforman ou homoxeneizan o contido da autonomía (aínda que se manteña a diferenciación, que pode ser simplemente transitoria, se ao termo de cinco anos de aprobados os estatutos se reforman estes, entre as comunidades constituídas pola vía do artigo 151 e as que dispoñen de estatutos elaborados polo procedemento previsto nos artigos 143 e concordantes da Constitución)".

5. Posteriormente, sucesivas reformas destes estatutos de autonomía (1991, 1994, 1996-2001) supuxeron **ampliacións competenciais** en ámbitos centrais do autogoberno autonómicos como sanidade ou educación. As relacións entre o Estado e as comunidades autónomas non estiveron exentas de **conflitos competenciais**, que foron especialmente acusados neses momentos coincidentes co nacemento ou reformas estatutarias ou en períodos en que se producen procesos de recentralización (os datos apuntan picos de conflitividade nas lexislaturas 1982-1989, 2000-2004 e 2011-2016).

6. A medida que foron aprobando os seus respectivos estatutos de autonomía, as comunidades autónomas foron construíndo as súas propias administracións públicas. Do mesmo xeito que sucede no ámbito da Administración xeral do Estado (AXE, *supra* § 9.1), tamén no plano autonómico (*supra* § 1.18) en cada comunidade autónoma hai unha **Administración xeral** da que dependen **administracións especiais** (organismos públicos e axencias), ademais doutras entidades con formas xurídico-privadas (sociedades de capital e funcionais) que, aínda que non son formalmente administracións públicas teñen personalidade xurídica e integran o chamado sector público autonómico porque xestionan servizos públicos ou desenvolven tarefas de interese público.

7. As comunidades autónomas dispoñen de **potestade de autoorganización** polo que a configuración dos seus modelos organizativos autonómicos dálles amplas doses de liberdade para adoptar solucións organizativas diversas (por exemplo, unha Administración máis centralizada e compacta ou unha Administración máis descentralizada con oficinas por todo o territorio autonómico; un sector público instrumental máis reducido ou extenso; a creación de organismos conxuntos cos entes locais para a prestación de servizos etc.). Non obstante, debe lembrarse que o nacemento das administracións autonómicas veu marcado inicialmente por un proceso de **traspaso de medios persoais, materiais e económicos** que anteriormente formaban parte da AXE. Na medida en que a Constitución e os estatutos de autonomía atribuíanlles ás comunidades autónomas competencias que anteriormente xestionaba o Estado e agora corresponderíanlles ás comunidades autónomas houbo aquí uns acordos xurídicos para facer efectivos os mandatos constitucionais de descentralización —os reais decretos de traspasos—. Estes establecían que empregados públicos e medios materiais (orzamento, edificios…), previamente dependentes da AXE, eran necesarios para desempeñar as novas competencias autonómicas, pasando a estar ao servizo dos novos gobernos e administracións autonómicas.

8. Polo tanto, o nacemento das administracións autonómicas non pode dicirse que se producise no seu inicio cun persoal totalmente novo recrutado por procesos selectivos propios e organizando internamente os seus servizos cunha estrutura deseñada para o efecto, senón que é debedor deses traspasos que, sobre todo, incorporaron empregados públicos cunhas **formas de organización, hábitos administrativos e rutinas xa asentados**. ARGULLOL (1985, 100) sinalou precisamente que "as decisións adoptadas para configurar a Administración das comunidades autónomas se produciron nun marco no que aínda non chegou a ser realidade unha renovación en profundidade da Administración estatal, polo que, dalgunha forma, certas disonancias que afectan ás administracións autonómicas poden atopar explicación na continuidade do anterior modelo estatal".

9. En total producíronse máis de 2.000 traspasos ás comunidades autónomas de diverso alcance. Aínda que na última década o ritmo retardouse e moitos anos non houbo ningún ou apenas unha manchea deles, nos anos de arranque do Estado autonómico (1982-1985) e naqueles que encadearon reformas dos estatutos de autonomía para ampliar o seu marco competencial (1994-1998) realizáronse decenas de traspasos cada ano de funcións e servizos que anteriormente xestionaba a AXE. Os traspasos non cesaron coa constitución das administracións autonómicas, senón que, aínda que de forma menos intensa, **seguen producíndose na actualidade** cando o Goberno central e os gobernos autonómicos acordan a cesión total ou parcial dalgunha competencia. Así, por exemplo, en 2021 traspasábanse a Euskadi "as funcións de dirección, supervisión, organización, xestión económica e administrativa e inspección dos centros penais situados no seu ámbito territorial" acompañadas dunha extensa relación de inmobles (os cárceres), a subrogación do goberno autonómico nos contratos necesarios para o funcionamento penal (subministracións, mantemento etc.) e o persoal que presta aí os seus servizos. Ese mesmo ano 2021 a Comunidade de Madrid vía ampliados os medios sanitarios traspasados cunha modificación á alza correlativa do orzamento dispoñible para estes fins.

1.2. Diversidade de tipoloxías organizativas

10. O nacemento das administracións autonómicas ligado ao proceso de traspaso de servizos e persoal tivo unha influencia en que a estrutura organizativa nacente fose bastante **semellante á da AXE** (isomorfismo institucional: JIMÉNEZ ASENSIO, 2023: 99), polo que aínda hoxe en día existen moitos trazos comúns en canto a como se organizan administrativamente a maioría das comunidades autónomas. Non obstante, existen certos aspectos territoriais, políticos, lingüísticos que introducen elementos de diversidade organizativa.

11. Desde o punto de vista da forma na que a Administración autonómica **se desenvolve no territorio autonómico ou coexiste con outras administracións territoriais** pódese distinguir unha certa diversidade de modelos. En primeiro lugar, a disposición adicional primeira da Constitución española facía un recoñecemento expreso dos "dereitos históricos dos **territorios forais**", que implica que tanto Euskadi como Navarra teñen un sistema de financiamento singular mediante concerto —recadando os impostos estatais e achegando unha "cota" para soster os gastos centrais no seu territorio— e manteñen as súas estruturas administrativas históricas (singularmente as deputacións forais vascas). A necesidade de dispoñer de estruturas dimensionadas para recadar e fiscalizar todos os impostos en materia tributaria e a existencia en Euskadi das deputacións forais e do goberno autonómico implica unha serie de adaptacións organizativas relevantes (arts. 37-39 Estatuto de autonomía Euskadi [Lei orgánica 3/1979, do 18 de decembro, de Estatuto de autonomía para o

País Vasco [EAPV]). En segundo lugar, as Illas Baleares e Canarias pola súa **insularidade** tamén contan con modulacións organizativas características: os consellos insulares baleares e os cabidos insulares canarios son entidades territoriais híbridas (autonómicas e locais) para cada illa que contan con órganos de goberno autónomos e capacidade de iniciativa lexislativa ante os parlamentos autonómicos. No caso das comunidades autónomas **uniprovinciais** (Asturias, Cantabria, A Rioxa, Madrid, Murcia e Navarra, coa excepción das Illas Baleares), prodúcese unha asunción das competencias propias das deputacións provinciais para evitar que exactamente sobre o mesmo territorio se solapen dúas administracións, a autonómica e a provincial, debido ao cal as administracións autonómicas uniprovinciais experimentan unha ampliación da súa esfera competencial e paralelamente dos medios para exercela. O artigo 40 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL) establece que "as comunidades autónomas uniprovinciais e a foral de Navarra asumen as competencias, medios e recursos que lles corresponden no réxime ordinario ás deputacións provinciais. Exceptúase a Comunidade Autónoma das Illas Baleares nos termos do seu estatuto propio".

12. O Tribunal Constitucional na súa STC 32/1981 estableceu unha interpretación diferenciada para a desaparición das **deputacións provinciais nas comunidades autónomas uniprovinciais** que, segundo o Tribunal Constitucional (TC), viría supoñer unha "potenciación" da súa autonomía institucional, fronte ao intento da Generalitat de Catalunya de suprimir tamén as deputacións provinciais no seu territorio que violaría a "garantía constitucional das autonomías locais". "É necesario distinguir, porén, consonte a Constitución e desde a perspectiva territorial, entre as comunidades cuxo ámbito comprenda varias provincias e aqueloutras de carácter uniprovincial que poidan constituírse cando se dean os supostos previstos nos artigos 143 e 144 da Constitución. No primeiro caso, consonte as ideas antes expostas, parte das competencias que ata ese momento foron das provincias pasarán a ser funcións da comunidade á que haberá tamén que atribuír, en consecuencia, a parte correspondente dos recursos provinciais e, loxicamente, dos servizos desa natureza, e reducir, en consecuencia, por así dicir, o ámbito de competencias da entidade provincial. Esta resultará, pola contra, potenciada naqueloutros casos nos que, ben por ter a provincia caracteres propios de rexión histórica (art. 143), ben en virtude dunha autorización especial das Cortes (art. 144), unha soa provincia se erixa en comunidade autónoma e asuma así un superior nivel de autonomía. Nestes casos o seu goberno e administración estarán confiados á comunidade, tal e como permite o artigo 141.2 da Constitución" (FX 3).

13. Finalmente, algunhas comunidades autónomas optaron por introducir **niveis territoriais novos** (comarcas, *veguerías* etc. [*infra* § 11.64]) adaptados ás súas singularidades históricas, xeográficas ou simplemente para **desconcentrar servizos autonómicos** con maior proximidade á cidadanía. Nalgúns casos, as previsións nos estatutos de autonomía non foron obxecto de desenvolvemento, pero algunhas comunidades autónomas si que deron o paso substituíndo ou complementando a Administración periférica de base provincial con entes de natureza administrativa dun ámbito territorial menor.

14. Sempre e cando estes niveis diferentes aos provinciais formen parte da Administración autonómica e non pretendan a supresión da provincia como división territorial do Estado, o Tribunal Constitucional non aprecia problemas de constitucionalidade para a súa creación. Así, a STC 31/2010 sinalou que "en tal sentido, a previsión estatutaria da existencia de *veguerías*, sexan cales sexan os seus límites xeográficos, non pode supoñer a supresión das provincias en Cataluña nin a das súas funcións constitucionais". Afírmase a constitucionalidade do artigo 83.1 EAC "ao introducir **a *veguería* como entidade estruturadora da organización territorial básica da Generalitat de Catalunya** e non facer

mención, en cambio, da provincia, pois non por iso se ve afectada, con carácter xeral, a división territorial do Estado en provincias, nin, en particular, a división de Cataluña nas catro provincias actualmente existentes".

15. A existencia de dúas linguas oficiais en varias comunidades autónomas (País Vasco, Galicia, Navarra, Comunidade Valenciana e Illas Baleares), tres en Cataluña, ten unhas claras repercusións administrativas ao fixar un **réxime lingüístico** que garante que a cidadanía nas súas relacións con todas as administracións presentes nese territorio poida escoller con plena validez a lingua na que se comunica e tramita os seus procedementos.

16. A STC 82/1986 sentaba os efectos xurídico-públicos que ten a **oficialidade lingüística**: "é oficial unha lingua, independentemente da súa realidade e peso como fenómeno social, cando é recoñecida polos poderes públicos como medio normal de comunicación en e entre eles e na súa relación cos suxeitos privados, con plena validez e efectos xurídicos (sen prexuízo de que en ámbitos específicos, como o procesual, e para os efectos concretos, como evitar a indefensión, as leis e os tratados internacionais permitan tamén a utilización de linguas non oficiais polos que descoñezan as oficiais)". Ademais, "a consecuente **cooficialidade** éo con respecto a todos os poderes públicos radicados no territorio autonómico, sen exclusión dos órganos dependentes da Administración central e doutras institucións estatais en sentido estrito, sendo, polo tanto, o criterio delimitador da oficialidade do castelán e da cooficialidade doutras linguas españolas o territorio, independentemente do carácter estatal (en sentido estrito), autonómico ou local dos distintos poderes públicos" (FX 2).

17. Por este motivo a lexislación autonómica establece previsións específicas para garantir que no acceso ao **emprego público** se acredita o coñecemento das dúas linguas oficiais para que a cidadanía poida facer efectivo o seu dereito de elección lingüística. A STC 46/1991 avalaba a esixibilidade do coñecemento no acceso para todos os empregados públicos, entendendo que formaba parte do "mérito e a capacidade", ademais de que garante o dereito de elección lingüística da cidadanía e contribúe á eficacia da propia Administración.

18. As modulacións organizativas que esixe esta cooficialidade lingüística tamén adoitan incluír **garantías procedementais** de uso das dúas linguas ou regras sobre a dispoñibilidade de documentos administrativos, publicacións oficiais ou sinalización nas linguas oficiais.

19. Este réxime lingüístico ten manifestacións de menor intensidade (sen proclamar a oficialidade) noutras comunidades autónomas: ben porque expresamente o prevén os seus estatutos, establecendo mandatos de protección e facilitación do seu uso público (o galego en Castela e León, "as linguas e modalidades propias de Aragón", o asturiano/bable en Asturias), ben porque a Carta europea de linguas rexionais ou minoritarias —un tratado internacional ratificado por España— introduce na súa parte II disposicións activas de protección na vida pública e na educación con repercusións administrativas tamén para outras linguas non oficiais en España ou en toda España (galego en Estremadura, catalán en Murcia, *amazigh* en Melilla, árabe/dárixa en Ceuta, portugués en Castela e León e Estremadura).

2. AUTONOMÍA POLÍTICA, POTESTADE DE AUTOORGANIZACIÓN E LÍMITES DERIVADOS DA LEXISLACIÓN ESTATAL

2.1. Autonomía política e autoorganización

20. As comunidades autónomas poden organizar a súa Administración da forma que consideren máis conveniente para xestionar as súas competencias e atender a cidadanía. A STC 77/2017, do 21 de xuño (FX 4), lémbranos con precisión os trazos definitorios desa potestade de autoorganización da comunidade autónoma: "supón a potestade para crear, modificar e suprimir os órganos, unidades administrativas ou entidades que configuran a respectiva Administración autonómica ou dependen dela (STC 55/1999, FX 3, e as que alí se citan) que a nosa doutrina identificou coa competencia autonómica en materia de réxime de organización do seu autogoberno, isto é, de decidir como organizar o desempeño das súas propias competencias. Resulta do anterior **que a comunidade autónoma pode «conformar libremente a estrutura orgánica** do seu aparato administrativo» (STC 165/1986, FX 6), creando os departamentos ou unidades que estime convenientes coa finalidade do adecuado exercicio das competencias que lle foron atribuídas, sempre e cando con iso non interfira nas que son propias do Estado".

21. A capacidade autonómica de configurar libremente a súa Administración está condicionada porque o artigo 149.1.18. da CE atribúelle ao Estado a competencia exclusiva sobre "as bases de réxime xurídico das administracións públicas e do réxime estatutario dos seus funcionarios que, en todo caso, lles garantirán aos administrados un tratamento común ante elas". Estas **bases que pode fixar o Estado** constituirían o mínimo común denominador para todas as administracións públicas (principios que rexen a actividade administrativa, réxime básico dos órganos administrativos, regras esenciais do emprego público). En síntese, estas disposicións están hoxe recollidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP) e no Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP). Estas dúas leis cabeceiras do réxime xurídico da Administración e dos seus medios persoais —o persoal empregado público— recollen esas bases comúns que deben respectar as comunidades autónomas cando exercen a súa potestade de autoorganización. No caso da LRXSP faise cunha técnica normativa algo máis confusa, posto que só unha parte do seu articulado se aplica ao conxunto das administracións públicas. A disposición derradeira décimo cuarta da LRXSP especifica que preceptos da lei se ditan en virtude desa competencia básica estatal, ao redor dun terzo, e cales soamente regulan e son aplicables á Administración e sector público estatal, pero non ao autonómico.

2.2. A incidencia dos principios de estabilidade orzamentaria e unidade de mercado na organización autonómica

32. Neste sentido, un sector da doutrina, sinaladamente BOCANEGRA (2005: 29), propón unha definición de acto administrativo como **decisión ou resolución administrativa, de carácter regulador e con efectos fronte a terceiros,** ditada pola Administración no exercicio dunha potestade administrativa distinta da regulamentaria. Definición que, desde o punto de vista constitucional, debe ser completada coa nota **da súa irrevogabilidade** como regra xeral. Axudará a entender esta última esixencia se se ten presente que en gran medida o concepto do acto administrativo se elaborou a semellanza da sentenza xudicial e neste sentido a esixencia dun procedemento administrativo e a regra xeral da irrevogabilidade dos actos administrativos son o resultado da translación ao ámbito administrativo da esixencia do proceso e do valor da cousa xulgada, está claro, coas debidas adaptacións. Desta maneira explícase mellor que a CE esixa a tramitación dun procedemento para a produción deste tipo de actos administrativos. Ademais, se os actos administrativos se presumen válidos, con carácter executivo e como regra xeral resultan irrevogables, é porque a Administración puido adoptar a súa decisión coas necesarias garantías para lograr o acerto da resolución, tanto en favor da persoa interesada (coa súa participación e cando así proceda a súa audiencia), como en favor do interese xeral (instruíndose respecto dos feitos e do dereito aplicable). Acerto para o que se esixe a previa tramitación formal dun procedemento.

33. Pola contra, en **situacións de emerxencia,** que requiran a **inmediatez** da actuación administrativa ou cando a natureza da decisión adoptada **requira poder ser revogada en calquera momento**, non tería sentido esixir a previa tramitación dun procedemento administrativo, polo que se xustifica que a Administración poida actuar sen tramitar un procedemento administrativo.

34. A este respecto, convén formular dúas aclaracións. A primeira é que o concepto constitucional de acto administrativo non necesariamente ten que coincidir co **concepto dogmático** ou da legalidade ordinaria (*supra* § 17.12), de xeito que esta última poderá establecer a tramitación dun procedemento para a adopción das resolucións administrativas, mesmo se non reúnen as características dos actos administrativos na súa acepción constitucional. A segunda é que a regra xeral da irrevogabilidade significa que, unha vez ditados, a Administración tamén queda vinculada aos actos administrativos sen que, como regra xeral, poida **modificalos ou suprimilos** libremente, o que non obsta que a Administración proceda á súa **revisión** nos supostos legalmente previstos (*supra* § 17.65 e § 33.22).

35. A partir desta noción constitucional de acto administrativo é posible identificar os **criterios habilitantes da actuación sen procedemento** da Administración na súa relación coa cidadanía.

36. En primeiro lugar, a Administración poderá actuar sen procedemento naqueles supostos nos que a actividade administrativa, aínda sendo declarativa, **non implique unha declaración de contido regulador dos dereitos ou obrigacións** do cidadán, que é propio dos actos administrativos. Así, terá cabida a actuación sen procedemento cando a Administración emita certificados, responda a consultas, ou estenda actas de inspección, por ser todas elas declaracións administrativas carecedoras de contido regulatorio ou definitorio de situacións xurídicas.

37. A actuación administrativa declarativa e sen procedemento será igualmente válida aínda cando consista na adopción de **decisións de contido regulador** se concorren dous **requisitos** que deben darse acumulativamente e que permiten predicar a revogabilidade da decisión adoptada: o primeiro deles é que a natureza da actividade administrativa requira unha **axilidade, dinamismo ou inmediatez** incompatibles coa tramitación dun procedemento; o segundo é que tales decisións **carezan de permanencia** no ordenamento xurídico.

38. Constitúen exemplos a orde que dirixe a policía para disolver unha manifestación; a ordenación do tráfico polos axentes municipais; as ordes e instrucións sobre o uso de instalacións públicas, dirixidas de forma directa aos usuarios; ou a adopción de medidas provisionais previas á iniciación do procedemento, previstas no artigo 56 da LPAC.

39. Así mesmo, a actuación sen procedemento tamén se xustifica cando ten por obxecto **actuacións administrativas de contido material ou técnico sen un contido regulatorio**, como a prestación de atencións sanitarias. En tal caso, dado que falta o elemento regulatorio, escapa da categoría do acto administrativo, polo que é posible o seu desenvolvemento directo sen procedemento administrativo.

40. Sen abandonar o plano das actuacións sen procedemento de contido material sitúase o caso singular da **coacción directa** consistente no emprego da forza física para reconducir unha situación contraria ao dereito, previr a produción de danos, pescudar ilícitos ou preservar a seguridade. A doutrina, sinaladamente GARCÍA DE ENTERRÍA e FERNÁNDEZ (2020, vol. I: 852 e ss.), coincide en que a coacción directa só se xustifica por razóns de urxencia que se concretan nunha necesidade de inmediatez na actuación administrativa. En tales casos, a efectiva atención ao interese xeral impide na práctica que a Administración poida tramitar un procedemento e ditar o acto administrativo que habilite a imposición da actuación material. Nestes supostos de coacción directa, a necesidade de inmediatez opera como criterio habilitante.

3.5. A problemática arredor da execución forzosa

41. Un dos problemas que suscita a falta dunha regulación xeral e abstracta da actuación sen procedemento da Administración é a indefinición respecto do poder do que aquela dispón **para facer cumprir as decisións que adopta sen procedemento**, normalmente mediante ordes, cando se enfronta á resistencia da cidadanía.

42. Algunhas disposicións sectoriais prevén estes supostos e habilitan expresamente a Administración para o exercicio das potestades públicas correspondentes, como exemplifica o artigo 23. 2 e 3 da LOSEG, que faculta a policía para disolver reunións logo de advertir a este respecto. No entanto, a maioría das normas sectoriais que lle recoñece á Administración a potestade para decidir sen procedemento sobre a esfera da cidadanía mediante ordes, instrucións e outras fórmulas de natureza declarativa, non complementa esta regulación cunha previsión sobre as potestades administrativas de execución para o caso de que se dea un incumprimento daquelas (si adoita tipificarse como infracción administrativa a desatención daquelas ordes, como pode verse, por exemplo, no artigo 5 do Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, que tipifica como infracción administrativa a negativa ou resistencia a fornecer datos ou facilitar a información requirida polas autoridades competentes ou os seus axentes en exercicio das súas funcións de información, vixilancia, investigación ou inspección alimentaria).

43. En contraste coa falta de ordenación da execución forzosa das actuacións sen procedemento de contido declarativo, cando se trata de **actos administrativos**, a LPAC si outorga a seguridade propia de toda regulación detallada, pois nela disponse con carácter xeral o seu carácter executivo e executorio (*supra* § 17.81), así como os requisitos e fórmulas para a súa **execución forzosa** (arts. 38, 39 e 97 e seguintes).

44. A falta de regulación da execución da actuación administrativa sen procedemento de contido declarativo é normalmente inconsciente, pois da lectura das leis sectoriais que regulan este tipo de potestades públicas parece desprenderse que están a tratar con actos administrativos, aos que en consecuencia se lles aplicaría o réxime xeral da súa execución. Non obstante, xa nos consta que as actuacións sen procedemento de contido declarativo non reúnen os trazos identificadores daqueles nin se tramita procedemento ningún para a súa produción.

45. En consecuencia, o principio de legalidade (arts. 9 e 53.1 CE), que esixe a habilitación legal e expresa á Administración pública cando restrinxe dereitos fundamentais dos particulares, impide entender que a propia Administración pública poida salvar a resistencia dos particulares ao cumprimento mediante a execución forzosa das súas propias declaracións sen procedemento, salvo que a lei conteña a habilitación correspondente.

3.6. A posición xurídica da cidadanía

46. En moitos aspectos **a posición xurídica da cidadanía respecto da Administración non varía** en función de se esta exerce as súas potestades a través do procedemento ou sen el. Comezando polos dereitos fundamentais, o seu recoñecemento constitucional acompaña o cidadán e, en consecuencia, limita o poder da Administración calquera que sexa a canle de actuación que esta última siga. No plano da lexislación ordinaria, tamén o artigo 13 da LPAC recoñécelle xenericamente certos dereitos á cidadanía na súa relación coa Administración pública, sen que distinga segundo que a Administración actúe ou non a través de procedemento. E, por último, a aplicación dos principios xerais do dereito, como o de proporcionalidade, así como a regulación sectorial das potestades administrativas, mediante o establecemento de requisitos ou protocolos para o seu exercicio, configuran indirectamente a posición xurídica da cidadanía.

47. **Porén**, en determinadas ocasións, a falta dunha regulación xeral da actuación administrativa sen procedemento coloca a cidadanía nunha situación de **indefinición xurídica**. En particular, o artigo 53 da LPAC enumera os dereitos que o interesado ten exclusivamente "nun procedemento administrativo", sen que exista unha xustificación para que moitos daqueles dereitos só poidan exercerse no seo do procedemento, pois a maioría dos dereitos alí enunciados sería plenamente aplicable á relación xurídica que a Administración establece co cidadán nas súas restantes actuacións. É o caso dos dereitos á identificación dos servidores públicos, a non presentar documentos orixinais ou que xa estean en poder da Administración.

48. A falta de regulación desta materia presenta un problema adicional respecto dos **titulares de intereses lexítimos** (*supra* § 7.36). En efecto, a LPAC só os recoñece e lles dispensa protección cando comparecen no procedemento administrativo (arts. 4, 8 e 53), pero o certo é que a cidadanía que se relaciona coa Administración tamén pode verse afectada nos seus intereses lexítimos pola actuación administrativa sen procedemento. A falta de recoñecemento legal fóra do procedemento con frecuencia impide que o cidadán atope canles polos que esixir que a Administración acomode á lei a súa actuación, xa se trate de requirimentos de comparecencia, ordes de policía ou inspeccións.

49. Non obstante, debe subliñarse que, malia que a LPAC restrinxa a condición de persoa interesada ao ámbito procedemental, o certo é que os titulares de intereses lexítimos si atopan recoñecemento e tutela xudicial no artigo 24 da CE, calquera que sexa a forma de actuación seguida pola Administración. En todo caso, a falta de acomodo entre a CE e a LPAC produce o efecto paradoxal de que a cidadanía cuxos intereses lexítimos se poidan ver afectados pola actuación administrativa sen procedemento poderá solicitar o **amparo xurisdicional** e, porén, non conta con canles xurídicas para facelas valer ante a Administración actuante.

3.7. Singularidades na atribución de competencias

50. Unha singularidade da actuación administrativa sen procedemento prodúcese respecto da atribución competencial dentro da organización administrativa. Neste ámbito os que deciden ou actúan sen procedemento son xeralmente **axentes ou funcionarios públicos** e non órganos administrativos no sentido no que os define o artigo 5. 1 LRXSP (*supra* § 8.41). Ademais, no caso das actuacións sen procedemento, a atribución da competencia ou do seu exercicio non se canaliza a través das regras dos artigos 8 e seguintes da LRXSP, senón que adoita operar coa mera **designación nominativa** do responsable correspondente, sexa para o posto ou para cada tipo de actuación, e mesmo coa elección polo usuario, como pode ocorrer co profesional sanitario.

51. Ocorre que, como en tantos outros aspectos, a regulación dos órganos administrativos e da súa competencia está esencialmente concibida para a súa actuación a través de actos administrativos e, con moita frecuencia, é dificilmente aplicable nos seus estritos termos á actuación sen procedemento, pois a LPAC omite case

por completo o tratamento destas singularidades. Só ocasionalmente así o establece, por exemplo, en relación coas informacións e actuacións previas ao procedemento, que serán realizadas pola persoa ou órgano administrativo que determine o órgano competente para a iniciación ou resolución do procedemento, a falta de órganos con funcións de investigación, investigación e inspección na materia (art. 55.2).

3.8. A modificación das actuacións sen procedemento

52. Convén lembrar que o ordenamento xurídico administrativo rodea de cautelas, requisitos e formalidades a modificación dos actos administrativos na medida en que con eles se afectan os dereitos, obrigacións e intereses da cidadanía (arts. 106 e seguintes LPAC). Por exemplo, a revogación dunha licenza de apertura dunha sala de espectáculos está rodeada de límites e garantías formais (*infra* § 33.37). Con todo, este réxime xurídico tan garantista ten mal acomodo cando se trata de aplicar ás actuacións sen procedemento, para as que non foi concibido (por exemplo, cando se modifica a actividade física diaria dunha persoa internada nunha residencia de anciáns). A razón é que este tipo de actuacións se xustifica pola necesidade que a Administración ten de desenvolver a súa actividade sen sometemento a procedemento ningún, por razóns de urxencia ou inmediatez. E estas mesmas razóns poden esixir a súa **alteración** pola mesma canle, isto é, **sen seguir procedemento** ningún.

53. De xeito que no ámbito das actuacións administrativas sen procedemento, salvo que pola súa natureza non sexa posible ou a norma expresamente o impida, unha vez levada a cabo a actuación de que se trate, xeralmente a Administración poderá volver exercer a súa competencia incidindo sobre a posición xurídica do cidadán, sen sometemento a requisitos ou formalidades adicionais. Isto ten a particularidade de que a súa modificación estará suxeita aos presupostos de feito e requisitos do exercicio da potestade, pero non a un réxime xurídico reforzado que preserve a posición xurídica correspondente.

54. Pénsese nas ordes que, ao abeiro do artigo 23.2 da LOSEG, dirixe a policía no curso dunha manifestación, que poden ser alteradas de maneira inmediata, e con elas as obrigas que nacen nos manifestantes, tantas veces como vaian esixindo os acontecementos.

3.9. A protocolización da actuación sen procedemento

55. Tanto as normas xurídicas como as propias administracións públicas a través de instrucións internas poden ordenar a actuación sen procedemento da Administración pública, establecendo supostos de feito para o exercicio da competencia, límites e outros requisitos aos que deberá adecuarse a Administración cando execute as disposicións correspondentes. Como resultado, moi frecuentemente **o exercicio das actuacións sen procedemento está protocolizado**, é dicir, pautado e deben seguirse fases, trámites ou pasos, así como recoñecerlle á cidadanía determinadas intervencións e dereitos.

56. Constitúen exemplos de actuacións sen procedemento, pero protocolizadas, os **protocolos** de actuación para as **profesións sanitarias** [art. 4.7.c) e d) da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias], as **pautas de actuación** dos **centros sanitarios** e dos **pacientes** recollidas, respectivamente, no Real decreto 1088/2005, do 16 de setembro, polo que se establecen os requisitos técnicos e condicións mínimas da hemodoazón e dos centros e servizos de transfusión, así como no Real decreto 1575/1993, do 10 de setembro, polo que se regula a libre elección de médico nos servizos de atención primaria do Instituto Nacional da Saúde; no ámbito da seguridade cidadá, a Instrución 7/2015, da Secretaría de Estado de Seguridade relativa á práctica da dilixencia de **identificación**, **os rexistros corporais externos e actuacións con menores**, previstos na Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, e a Instrución 1/2017, da Secretaría de Estado de Seguridade, pola que se actualiza o "Protocolo de actuación policial con menores".

57. En rigor, a protocolización da actuación non procedementalizada da Administración non quere dicir que se someta a un procedemento administrativo de corte procesual, como o que regula a LPAC e que se caracteriza por dirixirse á adopción formal dunha decisión baixo unha das formas tipificadas polo ordenamento (normalmente un acto administrativo). Trátase só de que a Administración siga certas **pautas ou requisitos** no exercicio da actividade. Ordenación que xeralmente se xustifica na procura da mellor prestación do servizo mediante a súa planificación na norma ou instrución, así como no maior respecto dos dereitos da cidadanía. Por tal motivo a ordenación pautada desígnase aquí como unha protocolización para diferenciala da actuación administrativa sometida a procedemento en sentido formal.

58. Debe terse en conta que o procedemento formal e a protocolización diverxen no seu réxime xurídico positivo e nos efectos xurídicos que o ordenamento xurídico lles asocia. Así, o procedemento en sentido estrito debe concluír coa adopción formal dunha decisión, que no caso dos actos administrativos se configura como unha obriga para a Administración, e cuxo incumprimento dá lugar a efectos xurídicos moi característicos: silencio positivo ou negativo, caducidade, nulidade de pleno dereito [arts. 21, 24, 25 e 47.1.e) LPAC]. En cambio, a protocolización non alcanzou a mesma relevancia xurídica. Certamente, a protocolización eríxese nun **canon de referencia** en cuxa desatención cabería fundamentar a esixencia de **responsabilidade patrimonial**, disciplinaria dos empregados públicos, as queixas da cidadanía e mesmo podería chegar a afectar á validez de certos trámites que incidise sobre outro tipo de pronunciamentos xurídicos distintos (como a obtención das probas nun control de alcoholemia ou nun rexistro corporal). Pero, dado que esta materia non é obxecto de tratamento polas leis xerais do dereito administrativo e apenas existe xurisprudencia ao respecto, non resulta posible pronunciarse con carácter xeral sobre as consecuencias da súa infracción.

4. GARANTÍAS DE REACCIÓN CIDADÁ

59. Seguramente, o principal problema que presenta a actuación sen procedemento para o Dereito administrativo é a inexistencia dun sistema de **recursos** que lle permita reaccionar ao cidadán que se sinta prexudicado. En efecto, a case absoluta omisión da actuación non procedementalizada nas leis xerais do Dereito

administrativo conduciu a que o sistema de recursos fronte á actuación administrativa se construíse principalmente arredor do acto e do regulamento, así como fronte á inactividade administrativa e a vía de feito, sen que aparentemente o lexislador caese na conta de que, ademais dos anteriores, existe outro obrar da Administración, de enorme amplitude cuantitativa e importancia cualitativa, pero que carece de referente no sistema de garantías.

4.1. Inexistencia de sistemas xerais de impugnación na vía administrativa

60. En efecto, as leis vertebradoras do Dereito administrativo tipifican de maneira taxada as actuacións fronte ás que a cidadanía poden reaccionar na vía administrativa: o sistema de recursos fronte aos actos administrativos, contido nos artigos 112 e seguintes da LPAC (*infra* §33. 51-89); e o réxime de reclamacións administrativas fronte á inactividade da Administración e a vía de feito, contido nos artigos 25, 29 e 30 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA) (*infra* §34. 59-61). Non obstante, aquelas normas non establecen que os cidadáns que se consideren prexudicados nos seus dereitos e intereses lexítimos por unha actuación sen procedemento da Administración poidan reaccionar na vía administrativa fronte a ela.

61. Dáse así o paradoxo de que o ordenamento xurídico lle atribúe á Administración determinadas competencias e potestades cuxo exercicio non se manifesta a través de actos administrativos, pero as leis non articulan vías de reacción fronte a elas, malia que poden afectar de maneira moi incisiva na esfera xurídica da cidadanía. Tan importante **carencia** non pode ser suplida pola posibilidade que ten a cidadanía de formular queixas, solicitar a adopción de medidas disciplinarias ou mesmo reclamar a responsabilidade patrimonial da Administración polos danos causados, senón que o cidadán debe dispoñer de instrumentos xurídicos eficaces cos que instar o cesamento e, de ser o caso, a declaración de ilegalidade da actuación administrativa sen procedemento que afecta os seus dereitos e intereses lexítimos cando considere que esta non se axusta ás esixencias xurídicas para o seu exercicio.

4.2. Deficiente sistema de control xurisdicional

62. A Constitución recoñécelle á cidadanía o dereito á **tutela xudicial efectiva** e encoméndalles aos tribunais que controlen a legalidade da actuación da Administración e o seu sometemento aos fins que a xustifican (arts. 24.1 e 106.1). Neste sentido, a STC 34/1995, FX 3, afirma que "o recoñecemento da submisión da Administración á lei e ao dereito, que a Constitución eleva a núcleo central que preside o obrar administrativo (art. 103.1 CE), equivale a unha prohibición xeneralizada de áreas de inmunidade nesta parcela do ordenamento xurídico (…). Corolario inevitable deste marco normativo no que a Constitución encaixa a actuación administrativa é, pola súa vez, a suxeición dos actos desta ao control dos tribunais de xustiza (art. 106. 1

CE)". Pola súa banda, o artigo 1.1 da LXCA confíalles aos órganos xurisdicionais da orde contenciosa-administrativa o coñecemento das pretensións que se deduzan en relación "coa actuación das administracións públicas" suxeita ao Dereito administrativo. Son, polo tanto, disposicións que deberían permitir o axuizamento efectivo da actuación sen procedemento da Administración ante a xurisdición contencioso-administrativa.

63. Porén, a propia LXCA introduce importantes **obstáculos** a este axuizamento cando regula o obxecto do recurso contencioso-administrativo e establece os requisitos para que unha materia administrativa poida ser impugnable, pois omite calquera referencia ás actuacións sen procedemento da Administración. Así resulta do artigo 25 LXCA, que limita a admisibilidade do recurso contencioso-administrativo respecto das disposicións de carácter xeral de rango inferior á lei, os actos expresos e presuntos da Administración, a inactividade da Administración e as "actuacións materiais que constitúan vía de feito". Como resultado, non caberá recurso fronte ás actuacións sen procedemento da Administración que afecten os dereitos e intereses lexítimos da cidadanía.

64. Na práctica procesual, son numerosas as **inadmisións** de recursos que se deducen fronte a actuacións administrativas sen procedemento, pois, como se encargan de lembrar as defensas das administracións demandadas, tales modalidades de actuación non revisten ningunha das formas tipificadas do artigo 25 da LXCA, susceptibles de impugnación contencioso-administrativa. Con todo, para evitar situacións manifestas de indefensión é igualmente frecuente que os tribunais cualifiquen aquelas actuacións como actos administrativos, aínda cando non revistan tal forma. Sirva como exemplo a STSX de Madrid do 28 de maio de 2018 (ECLI:ES:TSXM:2018:5512), relativa, entre outros aspectos, á admisión a trámite dunha impugnación contra a orde ditada pola delegada do Goberno na Comunidade de Madrid pola que se dispoñía a retirada de bandeiras nacionalistas no acceso a un estadio de fútbol.

65. A este respecto, debe terse presente que a Constitución non dispón que necesariamente a cidadanía conte cunha canle na vía administrativa coa que reaccionar fronte a aquela actuación da Administración pública que considere ilícita, pero a Constitución si esixe que os tribunais dispensen unha tutela xudicial efectiva dos dereitos e intereses lexítimos da cidadanía, calquera que sexa a forma en que se manifeste a actuación administrativa, sexa por vías con ou sen procedemento. Así pois, ante as evidentes lagoas que presenta a LXCA neste punto e en tanto non se reforme para adecuala ao mandato constitucional, imponse unha **interpretación *pro actione*** da norma que permita a impugnación das actuacións sen procedemento da Administración suxeitas ao dereito administrativo. A este respecto, son de lembrar as palabras do Tribunal Constitucional sobre a necesidade de facilitar unha interpretación conforme a CE que permita a efectividade da tutela xudicial: "O principio de interpretación conforme a Constitución de todo o ordenamento xurídico reclama, no que agora importa, a necesidade de interpretar as normas procesuais no sentido máis favorable á efectividade do dereito á tutela xudicial efectiva (…), moi especialmente cando está en xogo non o acceso aos recursos senón o acceso á xurisdición (…), para permitir así un pronunciamento xudicial sobre o fondo do asunto, contido propio e normal daquel dereito" (STC 76/1996, FX 7).

5. BIBLIOGRAFÍA

5.1. Bibliografía citada

Eduardo GARCÍA DE ENTERRÍA e Tomás Ramón FERNÁNDEZ, *Curso de derecho administrativo*, Civitas, Madrid, 2020.

Iñaki AGIRREAZKUENAGA ZIGORRAGA, *La coacción administrativa directa*, Civitas, Madrid, 1990.

Raúl BOCANEGRA SIERRA, *La teoría del acto administrativo*, Iustel, Madrid, 2005.

Tomás CANO CAMPOS, "Prevenir y cachear: los registros corporales externos", en Manuel IZQUIERDO CARRASCO e Lucía ALARCÓN SOTOMAYOR (directores), *Estudios sobre la ley orgánica de seguridad ciudadana*, Aranzadi, Cizur Menor, 2019, pp. 677-708.

Michael FEHLING, "Informelles Verwaltungshandeln", en Wolfgang HOFFMANN-RIEM, Eberhard SCHMIDT-ASSMANN e Andreas VOSSKUHLE (editores), *Grundlagen des Verwaltungsrechts*, vol. II, Beck, München, 2012, pp. 1457-1521.

Georg HERMES, "Schlichtes Verwaltungshandeln", en Wolfgang HOFFMANN-RIEM, Eberhard SCHMIDT-ASSMANN e Andreas VOSSKUHLE (editores), *Grundlagen des Verwaltungsrechts*, vol. II, Beck, München, 2012, pp. 1523-1575.

Santiago GONZÁLEZ-VARAS e Rolf STOBER, "Las actuaciones materiales o técnicas", *Revista de Estudios de la Administración Local*, núm. 267 (1995), pp. 573-589.

Clara Isabel VELASCO RICO, "La actividad informal de la administración. Premisas para una tentativa de reconstrucción de una categoría (casi) olvidada", *Revista de Derecho Público: Teoría y Método*, núm. 5 (2022), pp. 37-71.

5.2. Bibliografía complementaria recomendada

Jorge AGUDO GONZÁLEZ, "Actuación material e informalidad. El ejemplo de la concertación con la Administración", *Revista Aragonesa de Administración Pública*, núm. 41-42 (2013), pp. 123-172.

José Luis CARRO FERNÁNDEZ-VALMAYOR e Marcos ALMEIDA CERREDA, "Sobre la llamada actividad informal de la administración pública", en Manuel REBOLLO PUIG, Manuel LÓPEZ BENÍTEZ e Eloísa CARBONELL PORRAS (coordinadores), *Régimen jurídico básico de las Administraciones públicas*, Iustel, Madrid, 2015, pp. 393-412.

Jorge GARCÍA-ANDRADE GÓMEZ, *Las actuaciones administrativas sin procedimiento. Relaciones jurídicas en el Estado de Derecho*, Marcial Pons, Madrid, 2021.

Fernando GONZÁLEZ BOTIJA, *Las respuestas de la Administración a las consultas de los ciudadanos*, Aranzadi, Cizur Menor, 2019.

Eberhard SCHMIDT-ASSMANN, "La doctrina de las formas jurídicas de la actividad administrativa. Su significado en el sistema del derecho administrativo y para el pensamiento administrativista actual", *Documentación Administrativa*, núm. 235-236 (1993), pp. 7-31.

Dolores UTRILLA FERNÁNDEZ-BERMEJO, "La relación jurídica en el sistema de derecho administrativo", *Revista de Derecho Público: Teoría y Método*, núm. 2 (2020), pp. 73-118.

Marcos VAQUER CABALLERÍA, "La codificación del procedimiento administrativo en España", *Revista General de Derecho administrativo*, núm. 42 (2016).

Francisco VELASCO CABALLERO, *La información administrativa al público*, Motecorvo, Madrid, 1998.

Manual de Dereito administrativo
Revista de Derecho Público: Teoría y Método
pp. 529-545
Madrid, 2026
Marcial Pons Ediciones Jurídicas y Sociales
DOI: 10.37417/ManDerAdm/L21
© Agustí Cerrillo Martínez
Editado bajo licencia Creative Commons Attribution 4.0 International License.

LECCIÓN 21

ACTUACIÓN AUTOMATIZADA, ROBOTIZADA E INTELIXENTE

Agustí Cerrillo Martínez
Universitat Oberta de Catalunya

SUMARIO: 1. TECNOLOXÍA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEREITO ADMINISTRATIVO.—2. As ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS AUTOMATIZADAS: 2.1. A automatización de tarefas sinxelas, rutineiras e masivas; 2.2. A robotización de procesos; 2.3. O uso da intelixencia artificial nas administracións públicas.—3. ELEMENTOS REGULADORES DA ACTUACIÓN ADMINISTRATIVA AUTOMATIZADA.—4. Os PRINCIPIOS REGULADORES DA AUTOMATIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA: 4.1. O principio de seguridade xurídica; 4.2. O principio de transparencia; 4.3. O principio de igualdade e a non discriminación; 4.4. O principio de protección de datos persoais; 4.5. O principio de seguridade; 4.6. Os principios de neutralidade tecnolóxica e de adaptabilidade ao progreso das tecnoloxías; 4.7. O principio de personalización e proactividade.—5. SUPERVISIÓN E CONTROL DA ACTUACIÓN ADMINISTRATIVA AUTOMATIZADA.—6. O IMPACTO DA AUTOMATIZACIÓN NO EMPREGO PÚBLICO.—7. BIBLIOGRAFÍA: 7.1. Bibliografía citada; 7.2. Bibliografía complementaria recomendada

1. TECNOLOXÍA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEREITO ADMINISTRATIVO

1. A **tecnoloxía** é un dos principais **medios** de que dispón a Administración pública para desenvolver as súas funcións, xestionar os seus recursos e prestar os ser-

vizos públicos. Aínda que desde antigo a Administración pública foi utilizando diversas tecnoloxías no desenvolvemento da súa actividade, foi nas últimas décadas, ao fío do intenso desenvolvemento que experimentou a informática (desde os computadores ás redes de comunicación pasando polos dispositivos móbiles ou, ultimamente, a intelixencia artificial) que se incrementou de maneira significativa a contribución da tecnoloxía aos fins da Administración pública e, mesmo se ampliaron as funcións que realiza a Administración así como os servizos que aguzosa á cidadanía e as empresas.

2. O uso da tecnoloxía na Administración pública non é só un proceso técnico, senón que comporta ao mesmo tempo a introdución de **cambios na organización e os procedementos administrativos**. A tecnoloxía é un motor da innovación pública. Mais, como afirmou a OCDE (2003), "a tecnoloxía é un facilitador, pero non unha solución". Desde esta perspectiva, é necesario recoñecer o importante papel que ten o Dereito administrativo no proceso de incorporación da tecnoloxía na Administración pública e no seu uso nas relacións coa cidadanía. Nesta dirección, nos últimos anos, a medida que a tecnoloxía foi evolucionando e se foi estendendo a súa utilización no desenvolvemento da actividade e no funcionamento da Administración pública, fóronse sucedendo as normas que recoñeceron ou potenciaron o seu uso e tamén as que perseguiron garantir a seguridade xurídica e os dereitos da cidadanía nas súas relacións coa Administración pública (*supra* § 1.45).

3. De feito, iso non constitúe unha novidade da nosa época. Así sucedeu ao longo da **historia do Dereito administrativo**. Como mostra, podemos lembrar que a inicios do século pasado a *Gaceta de Madrid* publicaba unha Real orde do 12 de febreiro de 1900 pola que se dispoñía que en todas as oficinas estatais, provinciais e municipais admitísese calquera instancia ou documento que se presentase feito con máquina de escribir nos mesmos termos e con iguais efectos que os escritos a man.

4. Deste xeito, o Dereito administrativo foi regulando o uso de distintas tecnoloxías pola Administración pública a medida que estas se foron incorporando coa vontade de garantir a seguridade e validez do seu uso polos órganos administrativos e preservar os dereitos da cidadanía. Con todo, a pesar do papel determinante do Dereito administrativo na incorporación da tecnoloxía na Administración pública foi habitual que a normativa fose por detrás dos cambios tecnolóxicos, que con frecuencia se foron producindo con maior celeridade que a capacidade das institucións públicas para aprobar novas normas.

5. Por iso, de maneira complementaria á aprobación de novas normas fóronse utilizando outros instrumentos coa finalidade de regular o uso da tecnoloxía na Administración pública, como a aprobación de normas técnicas (por exemplo, as normas UNE sobre cidade intelixente), a adopción de instrumentos de dereito dúctil (*soft law*) (por exemplo, a Carta de dereitos dixitais de xullo de 2021) ou a asunción de códigos éticos (por exemplo, a Estratexia municipal de algoritmos e datos para o impulso ético da IA do Concello de Barcelona).

6. Ademais das normas de Dereito administrativo non se pode descoñecer que outras normas poden incidir na regulación do uso da intelixencia artificial nas administracións públicas. Nesta dirección, é obrigada a referencia ao **Regulamento de intelixencia artificial** (RIA) que establece as normas harmonizadas para a introdución

no mercado, a posta en servizo e a utilización de sistemas de intelixencia artificial na Unión Europea. O RIA clasifica os sistemas de intelixencia artificial en función dos riscos que poida xerar en intereses públicos ou dereitos fundamentais. En función destes riscos, prohíbese o uso dos sistemas de intelixencia artificial (art. 5), sométese a un conxunto de requisitos e obrigas (capítulo III) ou esíxese o cumprimento de determinadas obrigas de transparencia (art. 50). Boa parte dos sistemas de intelixencia artificial que utilizarán as administracións públicas serán considerados de alto risco (por exemplo, sistemas utilizados para determinar a admisión a centros educativos; sistemas utilizados para avaliar a admisibilidade para beneficiarse de servizos públicos ou sistemas utilizados para avaliar o risco de ser vítima de infraccións penais ou sistemas utilizados na xestión do control fronteirizo) (anexo III).

7. En calquera caso, como mostra a lectura das normas sobre procedemento administrativo aprobadas nas últimas décadas, o Dereito administrativo foi acomodándose á **evolución** que foi experimentando a tecnoloxía.

8. Así, a finais do século pasado, cando os computadores persoais se estendían polas oficinas administrativas e tamén empezaban a formar parte dos fogares españois, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común (LRXPAC) foi pioneira a nivel comparado ao recoñecer a posibilidade de que a Administración pública puidese utilizar os medios electrónicos. Así o resumía o preámbulo desta norma ao recoñecer que "a Lei se abre decididamente á tecnificación e modernización da actuación administrativa na súa vertente de produción xurídica e á adaptación permanente ao ritmo das innovacións tecnolóxicas". Con esta lei perseguiuse mellorar a eficiencia interna á vez que se fortalecían e facilitaban as relacións interadministrativas e as relacións coa cidadanía.

9. Con todo, a LRXPAC non foi suficiente para estender o uso da tecnoloxía na Administración pública nin para garantir o exercicio dos dereitos e obrigas da cidadanía en especial cando as redes de comunicacións xa eran utilizadas de maneira xeneralizada. Por iso, aprobouse a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, que profundou nesta dirección regulando con carácter xeral o uso dos medios electrónicos na tramitación do procedemento administrativo. Segundo o preámbulo desta norma iso debíase a que a regulación introducida na LRXPAC "deixan en mans das propias administracións determinar se os cidadáns van poder de modo efectivo, ou non, relacionarse por medios electrónicos con elas, segundo que estas queiran poñer en pé os instrumentos necesarios para esa comunicación coa Administración". Deste xeito, a Lei 11/2007 fixo unha aposta decidida polo uso dos medios electrónicos ao "dar o paso do «poderán» polo «deberán»". Entre outros aspectos, esta norma regulou o dereito das persoas para comunicarse coa Administración pública por medios electrónicos e determinou os aspectos básicos do réxime xurídico da administración electrónica.

10. A pesar do avance que supuxo a Lei 11/2007, co tempo volveu constatar que a nova regulación non era suficiente para consolidar o uso da tecnoloxía na Administración pública. Por iso, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), partindo da idea de que "na contorna actual, a tramitación electrónica non pode ser aínda unha forma especial de xestión dos procedementos senón que debe constituír a actuación habitual das administracións", recoñece que o procedemento se impulsa de oficio en todos os seus trámites e a través de medios electrónicos (art. 71 LPAC). Deste xeito, non só se persegue servir "mellor aos principios de eficacia e eficiencia, ao aforrar custos a cidadáns e empresas, senón que tamén reforza as garantías dos interesados".

11. A pesar da vontade do lexislador de ir adaptando a normativa ao desenvolvemento da tecnoloxía, nos últimos anos novas tecnoloxías adquiriron unha impor-

tancia relevante, expoñéndolle novos retos á Administración pública e, polo tanto, ao Dereito administrativo. En efecto, na actualidade, as tecnoloxías disruptivas —como a intelixencia artificial, a Internet das cousas ou as cadeas de bloques— están a chamar ás portas da Administración pública pero aínda non son obxecto dunha regulación específica. Ademais, coa incorporación destas novas tecnoloxías, están a sentarse as bases dun novo modelo de Administración pública, a Administración dixital, resultado dun complexo proceso de transformación que implica un cambio profundo tanto desde o punto de vista da súa organización, actividade e funcionamento como das súas relacións coa cidadanía. Este novo modelo, que aínda non atopa un reflexo suficientemente adecuado no noso ordenamento xurídico, irase trasladando aos poucos a través da aprobación de novas normas que permitan garantir a seguridade xurídica e os dereitos das persoas á vez que impulsan a innovación na Administración pública ao ritmo que evoluciona a tecnoloxía.

2. AS ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS AUTOMATIZADAS

12. A tecnoloxía ten numerosas **manifestacións e utilidades** na Administración pública. Desde facilitar a xestión interna ou permitir a comunicación entre a Administración pública e a cidadanía e as empresas, ata a análise de datos xerados na prestación dos servizos públicos pasando pola tramitación do procedemento administrativo.

13. Unha das aplicacións da tecnoloxía na Administración pública que maior efecto pode ter tanto desde o punto de vista organizativo como xurídico é a **automatización da actividade da Administración**. A automatización da Administración pública consiste no uso da tecnoloxía para a adopción de actos ou o desenvolvemento de actuacións sen a intervención directa de persoas. A automatización pódelle reportar numerosos beneficios á Administración pública, como unha maior eficacia, eficiencia ou economía. Con todo, tamén pode xerar riscos, como a despersonalización ou unha maior dificultade para controlar a actuación da Administración pública. A existencia destes riscos esixe adoptar medidas para evitar que, por exemplo, deriven no incumprimento da normativa sobre o procedemento administrativo ou nunha vulneración dos dereitos das persoas.

2.1. A automatización de tarefas sinxelas, rutineiras e masivas

14. A Administración pública está a utilizar a tecnoloxía para desenvolver **tarefas sinxelas e rutineiras**, é dicir, que non implican unha actividade complexa de interpretación do ordenamento xurídico, de razoamento ou de análise dos feitos senón simplemente a comprobación duns determinados datos ou a súa comunicación á persoa interesada. Xeralmente, estas tarefas tamén teñen un carácter masivo e afectan a grandes volumes de persoas interesadas nun mesmo tipo de procedemento administrativo.

15. A automatización de tarefas sinxelas, rutineiras e masivas é unha aplicación da tecnoloxía moi habitual e xeneralizada que, entre outros **beneficios**, supón unha

maior eficiencia administrativa, un importante aforro de recursos e un menor tempo de resposta por parte da Administración pública.

16. Unha lectura da LPAC permite identificar algunhas tarefas sinxelas que se prevé que se desenvolverán pola Administración pública de maneira automatizada, como a expedición automática do recibo do rexistro electrónico (art. 16 LPAC), a comprobación automática de datos dunha solicitude (art. 66 LPAC), a dixitalización automática de documentos presentados en papel (art. 27.1 LPAC), o impulso automático do procedemento (art. 71 LPAC) ou a publicación de notificacións e anuncios no *Boletín Oficial do Estado* (Disposición adicional terceira LPAC).

17. Ademais destas actuacións, existen outras tarefas rutineiras que, malia non estar explicitamente previstas na LPAC como tales, é habitual que as administracións públicas tamén as realicen de maneira automatizada como, por exemplo, a foliación automática de expedientes (art. 70.2 LPAC), a migración automática de documentos electrónicos (art. 17.1 LPAC), a remisión automática de comunicacións electrónicas ao cidadán (art. 43 LPAC) ou o intercambio de datos entre administracións públicas (art. 44 LRXSP).

18. Outras normas tamén previron a automatización de determinadas tarefas masivas. Este sería o caso da tramitación dos **procedementos sancionadores** por infraccións ás normas de circulación e seguridade. A automatización prodúcese tanto na captación dos feitos constitutivos de infracción (a través de cinemómetros fixos, de tramo ou láser) como na tramitación do procedemento sancionador, en particular, na tramitación das denuncias. Nesta dirección, a Administración xeral do Estado creou o Centro de Tratamento de Denuncias Automatizadas encargado de tramitar de maneira automatizada as infraccións que se detectaron a través de medios técnicos (Orde INT/2035/2007, do 2 de xullo) que desde a súa creación tramitou de maneira automatizada máis de vinte millóns de denuncias por exceso de velocidade correspondentes a todas as comunidades autónomas nas que non está transferida a competencia.

2.2. A robotización de procesos

19. A Administración pública tamén está a utilizar a tecnoloxía para robotizar a realización de determinadas tarefas.

20. Os **robots** son dispositivos que se definen pola súa capacidade para relacionarse coa contorna a través de sensores ou do intercambio de datos, para analizar os datos ao seu dispor, así como para adaptar de maneira autónoma o seu comportamento á contorna. Non todos os robots teñen un soporte físico tal e como nos imaxinamos ou vimos. Tampouco todos os robots se basean no uso de intelixencia artificial e en moitas ocasións simplemente actúan consonte as regras programadas previamente.

21. Hoxe en día, a maioría dos robots que utiliza a Administración pública caracterízanse por ser aplicacións que interactúan con outras aplicacións, pantallas ou sistemas de maneira automática, actuando coma se fosen persoas. Pero é probable que, como xa sucede noutros países, nun futuro as administracións públicas tamén utilicen robots para a **prestación de servizos** sanitarios, sociais ou de transporte.

22. Na actualidade, os robots xa se utilizan por moitas administracións públicas para a **automatización de procesos** (automatización robótica de procesos ou RPA,

nas súas siglas en inglés). Neste caso atopámonos ante programas deseñados para realizar un conxunto de accións predefinidas en sistemas de información que teñen a capacidade de emular ou replicar actividades humanas como interpretar ou manipular pantallas, acceder ou cruzar bases de datos, realizar cálculos sen a necesidade de que interveña unha persoa, cubrir formularios, transcribir información ou coordinar aplicacións ou navegar por Internet buscando información. Os robots len datos contidos en ficheiros, bases de datos, documentos ofimáticos ou pantallas de aplicacións; realizan cálculos con eles ou toman decisións a partir deles e, no seu caso, escriben nas devanditas aplicacións ou noutras bases de datos os resultados obtidos, enchen formularios ou conéctanse a sistemas.

23. Por exemplo, algunhas administracións públicas xa robotizaron a tramitación de expedientes relativos ás licenzas para a instalación de terrazas, a localización de persoas que se atopan en concurso de acredores e teñen algunha débeda coa Administración pública ou para identificar apartamentos turísticos que non están inscritos no rexistro correspondente. Estas tarefas son repetitivas e rutineiras e, habitualmente, tamén masivas.

24. Xeralmente, a automatización robótica de procesos baséase en regras precisas, sinxelas, fixadas previamente pola normativa que regula o procedemento.

25. Pero a Administración pública tamén utiliza robots para interaccionar coas persoas en linguaxe natural. Os chamados **robots conversacionais ou *chatbots*** permiten que as persoas se poidan relacionar cos dispositivos utilizando linguaxe oral ou escrita e o computador é capaz de entender a mensaxe recibida e actuar consecuentemente. Na maioría dos casos, os robots conversacionais interactúan coas persoas a partir de información gardada previamente nunha base de datos. Pero xa existen algúns robots que xeran de maneira autónoma a resposta ás demandas formuladas por unha persoa grazas ao uso de intelixencia artificial xenerativa como ChatGPT.

26. A Administración pública está a utilizar robots conversacionais para automatizar a información ou a asistencia ás persoas, en xeral, ou para o asesoramento na tramitación dun procedemento ou respecto á prestación dun servizo público.

27. Así, por exemplo, a Axencia Estatal da Administración Tributaria dispón dun ***chatbot*** para solucionar dúbidas sobre o IVE aos autónomos; o Concello de Madrid pon ao dispor da cidadanía un robot para atender dúbidas tributarias; ou o Concello de Málaga dispón de Victoria la Malagueña, un robot conversacional que lles facilita a veciños e veciñas información de interese xeral como aparcamentos públicos dispoñibles, a frecuencia dos autobuses ou os equipamentos da cidade e, aínda por riba, tamén conta chistes e explica expresións típicas da cidade aos turistas.

28. A robotización de procesos pode xerar numerosos **beneficios** para a Administración pública ao reducir significativamente os custos da realización de determinadas tarefas ou a prestación dalgúns servizos. Ademais, permite incrementar a dispoñibilidade ao ofrecer servizo permanente e ininterrompido 24 horas ao día 7 días á semana, a redución de tempos de espera ou, mesmo, a calidade e a personalización da atención ás persoas. Con todo, a falta de intervención dun empregado público na realización destas tarefas pode xerar unha distancia, falta de empatía ou, mesmo, erros.

2.3. O uso da intelixencia artificial nas Administracións públicas

29. Por último, a Administración pública tamén está a utilizar a tecnoloxía para a **toma de decisións,** ou para apoiar os empregados públicos na toma de decisións.

30. Nesta dirección, o uso da intelixencia artificial abriu un abano de novas posibilidades ao lles atribuír aos computadores a capacidade de realizar **tarefas tipicamente humanas**, é dicir, que entrañan o uso de intelixencia. A través da intelixencia artificial, os computadores poden emular facultades intelectuais humanas para realizar tarefas propias das persoas.

31. Con todo, débese ter presente a dificultade que existe para definir a intelixencia artificial posto que non é unha única tecnoloxía, senón que é un **conxunto diverso de tecnoloxías** que responden a diferentes tradicións científicas e que experimentaron un desenvolvemento diverso. Segundo o Regulamento de intelixencia artificial, esta tecnoloxía consiste "nun sistema baseado nunha máquina deseñado para funcionar con distintos niveis de autonomía, que pode mostrar capacidade de adaptación tras o despregamento e que, para obxectivos explícitos ou implícitos, infire da información de entrada que recibe a maneira de xerar información de saída, como predicións, contidos, recomendacións ou decisións, que pode influír en contornas físicas ou virtuais".

65. As excepcións cuxa administración lle corresponde á Comisión son de **dous tipos**. As excepcións previstas no artigo 107.2 TFUE caracterízanse polo seu carácter **regrado**, polo que a Comisión está obrigada a autorizar calquera axuda que lle sexa notificada e que estea cuberta polos supostos previstos nese precepto.

66. Pola contra, a administración das excepcións previstas no artigo 107.3 TFUE é **discrecional**, no sentido de que a Comisión pode rexeitar a autorización das axudas cubertas polos supostos previstos nese precepto por razóns de oportunidade. Os supostos contemplados no devandito artigo son moi variados e indeterminados: axudas para favorecer o desenvolvemento económico de determinadas rexións, axudas para proxectos de interese común europeo, axudas para remediar graves perturbacións na economía dun Estado membro, axudas destinadas a facilitar o desenvolvemento de determinadas actividades, axudas para promover a cultura e a conservación do patrimonio etc. Son estas excepcións as que están en xogo na maior parte dos casos e, polo tanto, aquelas sobre a base das cales a Comisión europea desenvolveu a súa política de axudas estatais.

67. Esta política plasmouse nunha longa lista de "comunicacións" e **instrumentos de soft-law**, mediante os cales a Comisión veu precisar os criterios que segue na administración destas excepcións. Os instrumentos máis relevantes no ámbito local son as seguintes: Comunicación da Comisión relativa aos elementos de axuda nas vendas de terreos e construcións por parte dos poderes públicos (1997), directrices comunitarias sobre as axudas estatais ás empresas ferroviarias (2008), directrices da Unión Europea para a aplicación das normas sobre axudas estatais ao despregamento rápido de redes de banda ancha (2013), e directrices sobre axudas estatais en materia de protección do medio ambiente e enerxía (2022).

68. Estes instrumentos son **vinculantes para a propia Comisión** (STXCE do 26 de setembro de 2002, *España/Comisión*, C-351/98, ECLI:EU:C:2002:530, apartado 53). Desta forma, a formalización dos criterios de compatibilidade das axudas estatais contribuíu a diminuír a discrecionalidade da que goza a Comisión na administración das excepcións. O feito de que unha medida cumpra cos requisitos establecidos nestes instrumentos non exime a Administración nacional de lle comunicar a axuda á Comisión europea e de absterse de poñela en marcha antes de que esta emita unha decisión favorable. Con todo, o cumprimento dos devanditos requisitos obriga a Comisión para autorizar a axuda e sería un factor determinante á hora de impugnar unha eventual decisión negativa da Comisión ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

5.3. As axudas "de minimis" e as axudas "exentas"

69. O artigo 109 TFUE habilita ao Consello da Unión Europea a precisar as condicións de aplicación dos artigos 107 e 108 TFUE. Este é o propósito do Regulamento (UE) 2015/1588 do Consello, do 13 de xullo de 2015, sobre a aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea a determinadas categorías de **axudas estatais horizontais**. Á súa vez, este regulamento habilita á Comisión para definir con carácter xeral dous tipos de excepcións, cuxa concorrencia lles permite ás autoridades nacionais poñer en marcha medidas de axuda sen necesidade de obter a autorización previa da Comisión. Trátase das axudas menores na súa contía (ou *de minimis*) e as axudas para finalidades específicas (para PEME, por catástrofes etc.).

70. En primeiro lugar, a Comisión está habilitada para declarar que as medidas cuxo importe **non supere un determinado limiar** non teñen a consideración de axuda estatal (art. 2 do Regulamento (UE) 2015/1588). Esta habilitación permitiulle á Comisión adoptar distintos regulamentos *de minimis*. Actualmente, a regra xeral é que quedan fóra do ámbito de aplicación do artigo 107.1 TFUE as axudas cuxo importe sexa inferior a 300 000 euros durante calquera período de tres anos (art. 3.2 do Regulamento (UE) Nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro, relativo á aplicación dos art. 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*). Con todo, existen regras especiais para os servizos de interese económico xeneral: Regulamento (UE) nº 360/2012 da Comisión, do 25 de abril de 2012, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis concedidas a empresas que prestan servizos de interese económico xeneral.

71. En segundo lugar, a Comisión está habilitada para declarar compatibles co mercado interior e non suxeitas á obrigación de suspensión e comunicación previas as categorías de axudas enumeradas no artigo 1 do Regulamento (UE) 2015/1588. Esta habilitación permitiulle á Comisión adoptar distintos regulamentos de "exención", o principal dos cales é o Regulamento (UE) Nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do tratado. Aquí inclúense axudas **de finalidade rexional, axudas ás PEME, axudas de formación**, axudas destinadas a reparar os prexuízos causados por determinados desastres naturais, axudas para infraestruturas de banda ancha, axudas á cultura e a conservación do patrimonio, axudas a infraestruturas deportivas e recreativas multifuncionais, axudas para infraestruturas locais etc. Con todo, estas axudas só están exentas da obrigación de suspensión e notificación cando cumpren todas as condicións previstas no propio regulamento, que se refiren a cuestións como a súa contía, intensidade, efectos e finalidade.

72. A **principal diferenza** entre as medidas suxeitas aos regulamentos "de minimis" e aos regulamentos "de exención" (para finalidades específicas) é que as primeiras non teñen a consideración de axudas estatais e, polo tanto, quedan completamente fóra da normativa sobre axudas estatais. Pola contra, as axudas "exentas" si que teñen a consideración de axuda estatal, porque a exención se refire unicamente á obrigación de suspensión e comunicación previas do artigo 108.3 TFUE. Entre outras cousas, isto implica que as axudas exentas están suxeitas a un sistema de control permanente por parte da Comisión. Por iso é polo que o Regulamento (UE) Nº 651/2014 liga a estas axudas numerosas obrigacións de información e transparencia destinadas a facilitar ese control.

6. A ACTIVIDADE PROMOCIONAL E DE FOMENTO A TRAVÉS DE INSTRUMENTOS NON PECUNIARIOS

73. A actividade promocional e de fomento das administracións non ten por que articularse a través de estímulos económicos ou pecuniarios, que é o que son tanto as subvencións como as axudas estatais. Desde o punto de vista do deseño das políticas públicas, este tipo de medidas presentan dous inconvenientes fundamentais. O primeiro é que as limitacións xurídicas expostas nos apartados anteriores restrinxen a capacidade das administracións públicas de recorrer a este tipo de medidas. O segundo é que este tipo de medidas supoñen unha carga importante para o erario, o cal é un problema en tempos de escaseza e, en xeral, á hora de cadrar as contas públicas. Por iso é polo que a Administración ás veces se serve de estímulos distintos dos estritamente económicos ou pecuniarios para promover os obxectivos das súas políticas públicas. Sen ánimo de exhaustividade, este último apartado aborda tres ins-

trumentos deste tipo: as campañas institucionais de publicidade e de comunicación; o outorgamento de selos, etiquetas ou marcas de calidade; e, finalmente, os *nudges*.

74. O que diferencia a este tipo de instrumentos dos analizados nos apartados anteriores é a **natureza dos estímulos** que empregan para orientar a conduta dos particulares. En lugar de orientar a conduta dos particulares a través de incentivos económicos ou pecuniarios, estes mecanismos operan a través doutro tipo de sinais. Isto esixe facer dúas aclaracións. A primeira é que a caracterización deste tipo de mecanismos de fomento como instrumentos "non económicos" ou "non pecuniarios" non debe interpretarse como unha afirmación de que non teñan ningún impacto sobre as arcas públicas. Como calquera actividade administrativa, o deseño e a posta en marcha deste tipo de instrumentos teñen un custo para a Administración. A segunda é que tampouco debe interpretarse como unha afirmación de que a forza persuasiva deste tipo de instrumentos non descanse indirectamente sobre os beneficios económicos que os operadores privados poden esperar se axustan o seu comportamento aos parámetros promovidos polas Administracións públicas.

6.1. As campañas institucionais de publicidade e comunicación

75. As administracións poden promover os obxectivos das súas políticas públicas a través de **campañas institucionais de publicidade e comunicación**, é dicir, a través da difusión pública de mensaxes en medios de comunicación, redes sociais e soportes publicitarios.

76. A Lei 29/2005, do 29 de decembro, de publicidade e comunicación institucional regula as campañas institucionais de publicidade e comunicación promovidas pola Administración xeral do Estado. A lei esixe que concorran dous presupostos fundamentais para que poidan desenvolverse este tipo de campañas: que concorran razóns de interese público e que a Administración actúe no exercicio das súas competencias (art. 3.2). Moitas das disposicións da lei están orientadas a garantir que este tipo de campañas non se utilicen con **fins espurios ou clientelares**: de aí a prohibición de que este tipo de campañas se utilizan para destacar os logros de xestión e os obxectivos alcanzados polos órganos da Administración xeral do Estado (art. 4.1.a) e a prohibición de que se utilicen para menoscabar, obstaculizar ou perturbar as políticas públicas doutras entidades públicas (art. 4.1.b).

77. A maioría das comunidades autónomas contan con leis similares que regulan as campañas institucionais de publicidade e comunicación das súas respectivas autoridades autonómicas e locais: Lei 18/2000, do 29 de decembro, pola que se regula a publicidade institucional de Cataluña; Orde foral 1/2003, do 11 novembro, sobre directrices de contratación da publicidade institucional da Administración da Comunidade Foral de Navarra; Lei 16/2003, do 24 de marzo, sobre publicidade institucional de Aragón; Lei 6/2005, do 8 de abril, reguladora da actividade publicitaria das administracións públicas de Andalucía; Lei do Principado de Asturias 6/2006, do 20 de xuño, de comunicación e publicidade institucionais; Lei 2/2007, do 9 de febreiro, reguladora das campañas institucionais realizadas polos órganos da Administración da Comunidade Autónoma de Canarias e polas restantes entidades comprendidas no sector público autonómico canario; Lei 4/2009, do 28 de maio, de publicidade institucional de Castela e León; Lei 6/2010, do 23 de decembro, de publicidade e comunicación institucional de Euskadi; Lei 13/2010, do 9 de decembro, de publicidade institucional das Illes Balears; Lei 8/2013, do 27 de decembro, de comunicación e publicidade institucional de Estremadura; Lei 7/2017, do 22 de maio, comunicación e publicidade institucional; Lei 12/2018, do 24 de maio, da Generalitat, de publicidade institucional para o interese cidadán e a concepción colectiva das infraestruturas públicas; Lei 13/2018, do 29 de novembro, de comunicación e publicidade institucional da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia.

6.2. Etiquetaxe de calidade

78. Outro dos instrumentos cos que contan as administracións para promover os obxectivos dalgunhas políticas públicas son as **etiquetas, selos ou marcas de calidade públicas**. A través deste tipo de instrumentos, a Administración outórgalles un recoñecemento público ás empresas que adecúan os seus procesos ou produtos á consecución dos obxectivos dunha determinada política pública.

79. A **etiquetaxe de calidade** baséase na submisión voluntaria por parte das empresas privadas a unha serie de normas e controis, adicionais aos establecidos mediante a actividade de regulamentación e control propia da policía administrativa, que lles outorgan o dereito a utilizar un signo distintivo susceptible de mellorar a súa posición no mercado. Os selos de calidade de produtos da edificación (como o selo INCE, creado pola Orde do 12 de decembro de 1977), os logotipos identificativos dos produtos alimentarios de proximidade (como os regulados no Decreto catalán 24/2013, do 8 de xaneiro, sobre a acreditación da venda de proximidade de produtos agroalimentarios) ou as etiquetas ambientais (como o *Ecolabel*, regulada no Regulamento (CE) núm. 66/2010 relativo á etiqueta ecolóxica da UE ou o logotipo do sistema EMAS, regulado no Regulamento (CE) núm. 1221/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á participación voluntaria de organizacións nun sistema comunitario de xestión e auditoría medioambientais (EMAS) son instrumentos xurídicos que incentivan as empresas para desenvolver a súa actividade económica en consonancia con determinadas políticas públicas.

80. As normas e controis de calidade que outorgan o dereito a utilizar un selo, unha etiqueta, un logotipo ou unha marca de calidade poden ser públicos, como nos exemplos citados, ou privados (como ocorre coa certificación de conformidade de produtos industriais coas normas ISO, a certificación de conformidade de produtos alimenticios coas normas de calidade *de Safe Quality Food* (SQF) ou o recoñecemento que ofrece a etiqueta *Just*, para empresas socialmente responsables). A actividade administrativa de promoción e o fomento de políticas sociais e ambientais por parte das empresas privadas articúlase tamén a través da incorporación de **cláusulas sociais ou ambientais na contratación pública** (*supra* § 19.106), mediante as cales se lle pode dar prioridade á adquisición de obras, subministracións ou servizos que gocen da correspondente etiqueta de calidade (art. 127 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público).

6.3. *Nudges*

81. Este capítulo non pode concluír sen unha referencia, sequera breve, ao impacto que están a ter ultimamente as **ciencias condutuais** sobre o Dereito administrativo (en xeral) e sobre o deseño da actividade promocional e de fomento (en particular). Os avances na comprensión da cognición humana puxeron de manifesto que as persoas non sempre actúan conforme os parámetros de racionalidade que

presupoñen os modelos económicos clásicos (KAHNEMAN, 2011). Isto fixo que creza o interese por unha nova serie de técnicas de orientación da conduta humana, que se serven dos rumbos cognitivos para promover a consecución de determinados resultados. Este tipo de técnicas poden contribuír a mellorar a eficacia de todos os tipos de acción administrativa, pero o seu potencial é máis evidente se cabe en relación coa actividade promocional e de fomento, como unha alternativa menos custosa ao despregamento de estímulos económicos ou pecuniarios. A este tipo de técnicas alternativas refírese o concepto anglosaxón de nudges, un concepto que se fixo moi popular nos últimos anos e que se traduce ás veces como "acicate" ou "empurrón".

82. Por exemplo, a orientación da conduta dos cidadáns cara a comportamentos respectuosos co medio ambiente, como o aforro de auga, de enerxía ou a reciclaxe, pode conseguirse mediante o emprego de nudges, baseados en mensaxes, imaxes ou gráficos destinados a modificar a arquitectura decisional dos individuos. É un *nudge*, por exemplo, unha campaña informativa na que se conta que a maioría da poboación está a aforrar enerxía, pois esta mensaxe estimula a natural propensión do ser humano para actuar en coherencia co grupo. Outro exemplo de nudge é o das opcións predeterminadas, que definen como opción por defecto a que se considere socialmente máis valiosa, respectando a opción dos cidadáns de elixir unha opción diferente.

83. O interese crecente polos *nudges*, como técnica administrativa de promoción e fomento, non debe ocultar que este tipo de técnicas non están exentas de riscos, aínda que só sexa porque comportan unha certa manipulación da conduta privada por parte dos poderes públicos (MOREU, 2022: 101). Entre os problemas que expón a súa utilización por parte da Administración destacan os relacionados co principio de legalidade (posto que a ausencia de coacción non debería liberar os poderes públicos dos límites competenciais e materiais dentro dos cales operan normalmente) e de control e tutela (posto que o feito de que este tipo de técnicas non sempre atopen apoio en actos e disposicións formais non debería eximilos de calquera forma de fiscalización da legalidade) (ALEMANNO e SPINA, 2014: 449 e 454).

7. BIBLIOGRAFÍA

7.1. Bibliografía citada

Christian AHLBORN, y Claudia BERG, "Can State Aid Control Learn from Antitrust? The Need for Greater Competition Analysis under the State Aid Rules", en Andrea BIONDI *et al (eds.)*, *The Law of State Aid in the European Union*, Oxford University Press, Oxford, 2013, pp. 40-65.

Alberto ALEMANNO y Alessandro SPINA, "Nudging legally: On the checks and balances of behavioral regulation", *ICON*, vol. 12 (2014), pp. 429-456.

Luis ARROYO JIMÉNEZ, "La administración de recursos escasos", *InDret*, núm. 1 (2015).

Xabier ARZOZ SANTIESTEBAN, *La revisión de actos administrativos nacionales en derecho administrativo europeo. En particular la recuperación de ayudas de Estado ilegales*, Madrid, Civitas, 2013.

José Luis BUENDÍA SIERRA y Ben SMULDERS, "The limited role of the 'refined economic approach', en *EC State Aid Law. Liber Amicorum Francisco Santaolalla*, Aalphen aan den Rijn, Kluwer Law International, 2008.
Antonio BUENO ARMIJO, "La concesión directa de subvenciones", *Revista de Administración Pública*, núm. 204 (2017), pp. 269-312.
Germán FERNÁNDEZ FARRERES, "La aplicabilidad de la Ley general de subvenciones a las entidades locales y, en particular, a las diputaciones provinciales en el ejercicio de sus competencias de cooperación económica a los municipios", *Cuadernos de Derecho Local*, núm. 5, 2004, pp. 7-33.
Elena HERNÁEZ SALGUERO, "Contratación pública y subvenciones. Unas relaciones peligrosas", *Consultor de los ayuntamientos y de los juzgados,* núm. extra 1 (2019), pp. 145-159.
Luis JORDANA DE POZAS, "Ensayo de una teoría del fomento en el Derecho administrativo", *Revista de Estudios Políticos*, núm. 48 (1949), pp. 41-54.
Daniel KAHNEMAN, *Thinking, Fast and Slow*, 2011
José Carlos LAGUNA DE PAZ, "El otorgamiento de subvenciones", en Germán FERNÁNDEZ FARRERES, (coord.), *Comentario a la Ley General de Subvenciones, Madrid*, Civitas, Madrid 2005, pp. 329-354.
Fernando LOPEZ RAMÓN, "Ámbito de aplicación de la Ley General de Subvenciones", *Revista de Administración Pública*, núm. 165, (2004), pp. 29-52.
Elisa MOREU CARBONELL, "Nudges y Derecho público. Oportunidades y regulación", en Juli PONCE SOLÉ (Coordinador), *Acicates (nudges), buen gobierno y buena administración*, Marcial Pons, Madrid-Barcelona-Buenos Aires Sâo Paulo, 2022, pp. 83-108.
Fernando PASTOR MERCHANTE, "Subvenciones y ayudas locales", en Francisco VELASCO CABALLERO (dir.), *Tratado de Derecho Local*, Marcial Pons, Madrid, 2021, pp. 535-556.
Antonio RODRÍGUEZ CASTAÑO, "Las bases reguladoras en las subvenciones de concesión directa a que se refiere el artículo 22.2 c) de la Ley General de Subvenciones en las Corporaciones Locales", *El Consultor de los Ayuntamientos y los Juzgados*, núm. 14 (2007), p. 2372-2375.

7.2. Bibliografía complementaria recomendada

Richard H. THALER y Cass R. SUNSTEIN, *Nudge: Improving decisions about health, wealth and happiness*, Penguin, 2009.

Manual de Dereito administrativo
Revista de Derecho Público: Teoría y Método
pp. 617-640
Madrid, 2026
Marcial Pons Ediciones Jurídicas y Sociales
DOI: 10.37417/ManDerAdm/L25
© Rosario Leñero Bohórquez
Editado bajo licencia Creative Commons Attribution 4.0 International License.

LECCIÓN 25
ACTIVIDADE DE REGULACIÓN

Rosario Leñero Bohórquez
Universidad de Huelva

SUMARIO: 1. A PROXECCIÓN DA REGULACIÓN NOS TIPOS DE ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA.—2. As ORIXES DA NOCIÓN DE REGULACIÓN E A SÚA DIFUSIÓN GLOBAL: 2.1. O *Regulatory Law* ou dereito regulatorio anglosaxón; 2.2. A globalización como motor da expansión das formulacións da regulación económica.—3. A RECEPCIÓN DA REGULACIÓN ECONÓMICA EN EUROPA.—4. O CONCEPTO DE REGULACIÓN ADMINISTRATIVA: 4.1. A proxección da regulación na actividade de ordenación e control; 4.2. A proxección da regulación no servizo público; 4.3. Notas distintivas da regulación administrativa como actividade de intervención da Administración.—5. INSTRUMENTOS DE REGULACIÓN: 5.1. Clasificación de instrumentos regulatorios en atención ao seu carácter coactivo: *5.1.1. Técnicas regulatorias de carácter coactivo; 5.1.2. Técnicas regulatorias de carácter non coactivo;* 5.2. Clasificación de instrumentos regulatorios en atención á súa finalidade prevalente; *5.2.1. Instrumentos de garantía da competencia; 5.2.2. Instrumentos de garantía de valores non económicos. En particular, a garantía da equidade no acceso aos bens e servizos.*—6. A CONFIGURACIÓN INSTITUCIONAL DA ADMINISTRACIÓN REGULADORA: 6.1. Principio de separación das actividades de regulación e de xestión; 6.2. A axencia reguladora como modelo institucional prevalente.—7. BIBLIOGRAFÍA: 7.1. Bibliografía citada; 7.2. Bibliografía complementaria recomendada.

1. A PROXECCIÓN DA REGULACIÓN NOS TIPOS DE ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA

1. Os diversos tipos de actividade administrativa analizados nas leccións previas (ordenación e control —*supra* § 22—, prestación e garantía —*supra* § 23—, promoción e fomento —*supra* § 24—) son manifestacións da intervención pública na sociedade, fundamentadas na protección da orde pública (ou a xestión de riscos —*supra* § 22.17—) e na persecución dun proxecto de xustiza social (supra §§ 23.20 e 24.3). Cando estas actividades inciden na economía os seus contornos coinciden coa **noción económica de regulación**, que, a diferenza do significado xurídico que tradicionalmente tivo ese termo entre nós, non designa só a produción de normas xurídicas que disciplinan unha materia, senón que se refire a un variado conxunto de actuacións dos poderes públicos sobre os suxeitos que operan na vida económica e que se vincula a uns fins e valores moi concretos. Neste sentido, cando se fala de "Dereito regulatorio" non se está incorrendo nunha redundancia, senón que se pretende designar un concreto sector do ordenamento xurídico administrativo.

2. Esta acepción do termo regulación abriuse paso da man dun fenómeno político e económico que marcou profundamente a configuración do Dereito administrativo económico desde o último cuarto do século xx: a **liberalización da economía**. Este fenómeno incidiu particularmente, como se viu, na configuración actual da actividade de ordenación e control (*supra* § 22.7-11), nas actividades prestacionais que tradicionalmente constituíron o núcleo da actividade administrativa de servizo público (*supra* § 23.27-30), pero tamén na configuración da actividade promocional e de fomento (*supra* § 24.10-13)

3. O termo regulación, entendido como calquera actividade que persegue condicionar condutas ou comportamentos para o cumprimento de certos fins, ten unha **aplicación moi ampla**, por iso é polo que pode ser obxecto de estudo de disciplinas tan diversas como a Psicoloxía, a Socioloxía, a Ciencia Política, a Economía e, por suposto, o Dereito. A noción de regulación que traemos aquí é un concepto político–económico asociado a unha determinada forma de organización da vida económica: **o sistema ou a economía de mercado**.

2. AS ORIXES DA NOCIÓN DE REGULACIÓN E A SÚA DIFUSIÓN GLOBAL

2.1. O *Regulatory Law* ou Dereito regulatorio anglosaxón

4. No **mundo anglosaxón**, onde ten a súa **orixe** a idea de regulación económica, o mercado foi a institución sobre a que descansou a ordenación da vida económica. O que é tanto como afirmar que lles corresponde esencialmente aos suxeitos privados, a través de contratos concertados en exercicio da autonomía da vontade, decidir que e como se produce, como se distribúe e a que prezo se adquiren os bens

e servizos en virtude do xogo da oferta e a demanda. Consonte esta visión, os poderes públicos teñen unha función secundaria, limitada a ofrecer un marco xurídico que asegure o cumprimento dos contratos e a pacífica resolución de controversias. Con todo, da constatación de que o mercado abandonado a si mesmo pode ter un comportamento ineficiente que o prive da súa utilidade como mecanismo de organización da vida económica ou conducir a resultados pouco equitativos, nace a necesidade de **regulación**, entendida como unha actividade de **intervención pública na vida económica** cuxo principal obxecto é preservar as condicións de libre concorrencia (que son presuposto do bo funcionamento do mercado como mecanismo de asignación de recursos), así como, no seu caso, garantir uns niveis mínimos de equidade no acceso a bens e servizos básicos. Esta idea de "regulación económica" difire parcialmente do concepto tradicional de "intervención administrativa na economía", propio do Dereito administrativo do continente europeo.

5. Mentres na cultura xurídico–pública de Europa continental, cunha tradición política autoritaria, a idea da **intervención dos poderes públicos** e, particularmente, da Administración, na vida económica se ve con naturalidade, no mundo anglosaxón abriuse paso tardiamente e con notables resistencias. O dereito público cumpría historicamente unha función marxinal na ordenación da vida económica nos países do *Common Law*, limitada en esencia á represión dos delitos. Por iso é polo que a aparición do *Regulatory Law* ou dereito da regulación anglosaxón se puidese considerar un trasunto do dereito público económico que levaba décadas operando en países con réximes de Dereito administrativo. Agora ben, é importante subliñar que o noso Dereito administrativo económico clásico e o *Regulatory Law* parten de premisas e operan con claves moi diferenciadas.

6. O *Regulatory Law* xorde nos Estados Unidos da man dun tipo especial de organizacións administrativas, as **axencias**, ás que, mediante un encargo do lexislador, atribúenselles poderes normativos e de decisión para disciplinar un concreto sector. Con elas nace o denominado *Administrative State*, que adquiría carta de natureza coas políticas do *New Deal* en resposta á crise económica de 1929. Existe, polo tanto, unha certa ecuación entre *Regulatory Law* e dereito das axencias reguladoras no mundo anglosaxón, sen que no Dereito administrativo económico clásico de corte continental europeo opere esa asociación. O modelo anglosaxón e o continental europeo clásico tamén se diferencian pola atención prestada á garantía da **libre competencia,** que non estivo historicamente entre as prioridades do Dereito administrativo económico. Máis ben ao contrario: a libre competencia foi a principal sacrificada no altar dos intereses públicos. O servizo público, como institución paradigmática do Dereito administrativo económico, ao subtraer á iniciativa privada relevantes actividades económicas, imposibilita a competencia. Igualmente, a favor do mantemento da "orde pública económica", no pasado púidose considerar lexítimo limitar o número de operadores económicos autorizados nun sector ou nun territorio, sen que tal restrición viñese esixida por características intrínsecas da actividade ou do mercado en que se desenvolvía.

7. En todo caso, ante o risco de caer en formulacións excesivamente simplificadoras cando se compara o *Regulatory Law* e o Dereito administrativo económico clásico, hai que sinalar que non sempre o primeiro estivo orientado á regulación da competencia, como acredita o réxime inicial das ***public utilities*** **nos Estados Unidos**, conforme ao cal sectores da economía especialmente relevantes para os intereses xerais (ferrocarril, enerxía eléctrica, teléfono) eran operados monopolisticamente por empresas privadas sometidas á intervención dunha axencia reguladora que fixaba as tarifas e garantía a percepción dun beneficio mínimo. Será a crítica académica a este modelo de regulación protagonizada polos

economistas da Escola de Chicago, unida ao cambio de paradigma en política económica co tránsito do keynesianismo ao neoliberalismo a finais da década dos setenta do século pasado, a que desencadeará unha profunda revisión do modelo de regulación das *public utilities* para a súa apertura á competencia.

8. O *Regulatory Law* anglosaxón ten unha notabilísima **amplitude**, que transcende os límites disciplinares do noso Dereito administrativo económico. Na medida que por regulación se entende calquera intervención que condiciona a liberdade de actuación dos operadores económicos, o *Regulatory Law* pode abarcar desde o Dereito ambiental aos réximes de protección social.

9. Así, para o *Regulatory Law* o **principio xurídico–ambiental "quen contamina paga"** non sería máis que a expresión dunha solución xurídica a un fallo de mercado: o feito de que as actividades de produción de certos bens ou servizos xeran externalidades negativas, isto é, que os prezos de mercado non reflicten a totalidade dos custos sociais que xeran. Pola súa banda, un sistema de **subsidios sociais** sería regulación económica na medida que condiciona o comportamento económico tanto dos que resultan obrigados a financialo como dos beneficiarios das axudas.

10. Esta amplitude en orixe do *Regulatory Law* xerou intensos debates a raíz da súa importación en Europa. Discútese a extensión que se lle debe dar entre nós á noción de regulación económica, sen que poida dicirse que exista un consenso ao respecto.

11. Noutra orde de consideracións é necesario sinalar que se produciu unha inxente literatura académica sobre **teorías da regulación**, con achegas de múltiples disciplinas (Dereito, Economía, Socioloxía, Ciencia Política), que analiza as razóns que explican ou xustifican a regulación, quen son os seus protagonistas e como actúan ou se interrelacionan. Dependendo do enfoque disciplinar, hai teorías que distinguen claramente entre actores públicos (reguladores) e privados (suxeitos regulados) e outras nas que esta fronteira resulta moito máis difusa.

12. De entre as distintas escolas de pensamento, as **teorías do interese público** son as que mellor conectan coas asuncións tradicionais do Dereito administrativo económico de corte continental europeo. Consonte aquelas, a regulación persegue fins que benefician á colectividade no seu conxunto e que, por isto, se consideran de interese xeral (p. ex. a eficiencia mediante a corrección de fallos do mercado, nas formulacións económicas destas teorías; obxectivos éticos, sociais ou redistributivos ou a xestión de riscos nas formulacións políticas ou non económicas destas teorías). En todo caso, recoñécenlles a lexisladores e administracións a capacidade de definir os intereses públicos e as autoridades presúmense sempre aliñadas con tales intereses na súa actuación.

13. Fronte a esta visión idealista, as **teorías do interese privado** adoptan unha postura escéptica e poñen o acento na capacidade dos colectivos (empresarios, políticos, empregados públicos, consumidores) para orientar a regulación cara á satisfacción dos seus intereses particulares, de tal maneira que a realización do interese público sería unha quimera. Este grupo de teorías posúen un carácter máis ben descritivo (que factores explican a aparición da regulación), antes que prescritivo (que fins debe perseguir a regulación), aínda que en última instancia poden inspirar reformas para atallar problemas detectados.

14. Así, débese ás teorías do interese privado a descrición do fenómeno da "**captura do regulador**", polo cal as decisións das autoridades se adoptan en atención aos intereses dos grupos de presión mellor organizados e que posúen maior capacidade de influencia, un fenómeno cuxo recoñecemento impulsou significativas reformas no ámbito institucional e procedemental. Entre as teorías do interese privado, destaca a **teoría da elección pública (*public choice*)**, que se caracteriza por analizar a toma de decisións regulatorias como se se tratase de decisións de mercado. Así, no "mercado político" a oferta de regulación viría marcada polos intereses de reelección dos políticos, por exemplo, e a demanda de

regulación polos intereses económicos dos regulados. Á vista das ineficiencias do "mercado político", desde a teoría da elección pública sostense a superioridade do mercado para autorregularse e postúlase a supresión da intervención estatal (**desregulación**) (*supra* § 2.12).

15. Deben mencionarse, por último, as achegas da Socioloxía ás teorías da regulación, de entre as que sobresae a **teoría dos sistemas autorreferenciais**. Consonte esta teoría, Dereito e Economía constituirían dous subsistemas sociais funcionalmente autónomos, con organizacións e linguaxes propias, de onde se deriva a limitada capacidade do dereito para condicionar eficazmente a vida económica desde os seus instrumentos e enfoques tradicionais. Para superar esta deficiencia postúlanse formas indirectas de regulación, como a **autorregulación regulada,** nas que o dereito se limitaría a fixar os fins e as coordenadas organizativas e procedementais da autorregulación social (neste caso, a autorregulación da economía). Desta maneira, o Estado pode lograr os seus fins sen privar o sistema económico da súa propia funcionalidade e eficacia. Desde este enfoque, a fronteira entre reguladores e regulados non vén marcada pola natureza pública ou privada do suxeito, xa que poden intercambiarse os roles (*supra* § 22.22-25).

16. Estas achegas teóricas non quedan en mera especulación, senón que, como se pode intuír, tiveron un notable impacto nutrindo a discusión política e inspirando multitude de reformas. O peso dos distintos enfoques déixase sentir en cuestións tan transcendentes como, por exemplo, determinar cales son os **fins da regulación** (só a eficiencia económica ou tamén a garantía de valores non económicos?), a **oportunidade da regulación** entendida como intervención estatal (é mellor regular ou non regular?), sobre as **estratexias de regulación** (é mellor acudir a instrumentos imperativos tradicionais, empregar incentivos económicos para estimular ou disuadir de certos comportamentos sen "obrigar" nin "prohibir", ou ben conectar a regulación estatal con experiencias exitosas de autorregulación privada?; é mellor combinar distintas estratexias?) ou **as características das institucións que regulan e/ou aplican o regulado** (que grao de autonomía é conveniente que teñan con respecto á política e, no seu caso, como deben render contas ante as institucións democráticas e a sociedade?, como deben relacionarse cos distintos grupos de interese afectados dun modo ou outro pola súa actividade?). Os principios de Better *regulation* ou boa regulación incorporados no art. 129 LPAC (*supra* § 16.50-52) son un claro reflexo do impacto das teorías expostas.

2.2. A globalización como motor da expansión das formulacións da regulación económica

17. A **exportación a gran escala** das formulacións da regulación económica tivo lugar da man dos procesos de **integración económica** que trae consigo a **globalización**. O termo "globalización" empregouse para designar un fenómeno moito máis complexo que a mera "internacionalización" e que se caracteriza pola profunda interconexión e interdependencia do mundo contemporáneo en múltiples aspectos da vida (económicos, políticos, culturais, sociais, tecnolóxicos, ambientais, etcétera).

18. Desde o punto de vista económico, a **globalización** é, en parte, **resultado de certos postulados regulatorios** (p. ex. a supresión de trabas ao comercio de bens e servizos e á circulación de capitais) e, á súa vez, **promotora da regulación económica** máis aló das contornas culturais onde se orixinou. Os problemas asociados á globalización escapan ás posibilidades de ordenación dos Estados, tanto polas súas

dimensións territoriais como pola inadecuación técnica das ferramentas xurídicas tradicionais. De aí que cobrasen protagonismo unha serie de **actores globais** de moi diversa natureza e ámbitos de actuación que, de maneira espontánea ou por delegación dos Estados, **asumiron funcións de regulación económica** e, ao facelo, contribuíron decididamente a difundir os seus postulados.

19. Entre os promotores no plano global da regulación económica atopamos tanto **organizacións internacionais** como outro tipo de suxeitos que escapan ás categorías tradicionais de suxeitos do Dereito internacional. Entre as primeiras destaca o papel xogado polo **Fondo Monetario Internacional** e **o Banco Mundial**. Ambas as organizacións, con sede en Washington, ao fío da súa función de asistencia financeira aos Estados, contribuíron á difusión de concretas formulacións regulatorias, condicionando a percepción das axudas á implementación de programas de reforma político–económica. Non en balde se acuñou a expresión "**consenso de Washington**" para designar un conxunto de liñas de política económica auspiciadas desde estas institucións, entre as que se contaban a privatización de empresas públicas e a desregulación (WILLIAMSON, 1990), que tiveron en Iberoamérica e, tras a caída do muro de Berlín, ao leste de Europa, un campo privilexiado de experimentación. Tamén é destacable a iniciativa "*Doing Business*", do Banco Mundial, un informe publicado entre 2004 e 2020 que establecía unha *clasificación* de Estados en atención á maior ou menor facilidade para a posta en marcha dunha actividade empresarial e cuxas conclusións inspiraron programas de simplificación e mellora da lexislación administrativa (p. ex.: Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia). Outra organización internacional cun papel destacado na difusión da regulación económica é a **OCDE**, en particular como impulsora dunha revisión das técnicas tradicionais de ordenación e control administrativos, baixo o lema da denominada *Better regulation* para, entre outros obxectivos, mellorar a competitividade das economías nacionais. A **Organización Mundial do Comercio**, pola súa banda, promove no seu ámbito de actuación a substitución de normas xurídico–públicas tendentes a garantir a seguridade dos produtos industriais e alimentarios —as que considera medidas de efecto equivalente aos aranceis— por normas técnicas internacionais —como as elaboradas pola ISO ou a Comisión do *Codex Alimentarius*—.

20. Por último, debe mencionarse o papel das **redes transnacionais de supervisores**, organizacións escasamente formalizadas integradas por representantes de axencias nacionais con funcións de regulación e de supervisión nos seus respectivos Estados. Destacan as redes operativas nos sectores da supervisión financeira (banca, mercados de valores, seguros), que, a través da produción de **estándares internacionais,** promoveron, por exemplo, o carácter técnico das axencias nacionais de supervisión e a súa autonomía respecto aos gobernos, ou a utilización de técnicas de regulación fundadas no funcionamento do mercado.

3. A RECEPCIÓN DA REGULACIÓN ECONÓMICA EN EUROPA

21. A importación das formulacións e técnicas propios da regulación económica vincúlase en Europa á **vontade de facer efectivo o mercado interior**, un obxectivo cuxa consecución se reforza politicamente coa adopción da acta Única Europea en 1986.

22. Aínda que a creación dun mercado único está na orixe das comunidades europeas, como testemuñan as liberdades de circulación e as regras de competencia consagradas desde os tratados fundacionais, os primeiros compases da integración europea orientáronse á supresión das barreiras internas nos intercambios comerciais e á creación dun marco aduaneiro común, sen que se cuestionasen os modelos nacionais de intervención dos Estados na economía. A neutralidade con respecto ao réxime da propiedade nos Estados membros, establecida orixinariamente no artigo 222 do Tratado Constitutivo da Comunidade Económica Europea, TCEE (actual art. 345 do Tratado de Funcionamento da Unión

Europea, TFUE), traduciuse durante as tres primeiras décadas de vida das comunidades europeas nunha extraordinaria deferencia con respecto a políticas nacionais dificilmente conciliables coa letra dos tratados, en especial, os preceptos referidos á participación das empresas públicas no mercado ou á suxeición, como regra xeral, das empresas encargadas da prestación de servizos de interese económico xeral ás regras da competencia. En paralelo á progresiva perda de popularidade do keynesianismo, que dominara a política económica en Europa durante gran parte do século xx, prodúcese a partir dos anos oitenta do século pasado un cambio na orientación da xurisprudencia do Tribunal de Xustiza, moito máis sensible ás reivindicacións dos operadores económicos. O cambio xurisprudencial plásmase nunha **esixencia de maior rigor** aos Estados na **motivación** aducida **para derrogar as regras de competencia** por razón do cumprimento de misións de **servizo público** (antigo art. 90.2 TCEE, actual art. 106.2 TFUE). Multiplícanse así os pronunciamentos que declaran incompatibles cos tratados a reserva de actividades económicas baixo a xustificación de que entrañan servizos económicos de interese xeral (*supra* § 23.31-36).

23. A denominada **integración negativa**, isto é, a supresión de obstáculos ao funcionamento do mercado interior mediante a interpretación rigorosa polo Tribunal de Xustiza de prohibicións establecidas nos tratados, constitúe o antecedente necesario á recepción das formulacións da regulación económica. Esta terá lugar propiamente a través da **integración positiva**, é dicir, mediante a adopción de lexislación específica polas institucións europeas co fin de impulsar e orientar a liberalización de sectores económicos estratéxicos, que se inspirará nas experiencias desenvolvidas previamente nos Estados Unidos e, dentro do territorio da CEE, no Reino Unido.

24. A importación das formulacións da regulación económica prodúcese, fundamentalmente, no contexto da introdución da competencia na prestación de **servizos económicos de interese xeral**, urxida pola necesidade de conciliar a **liberalización** coa preservación de valores tradicionais do **servizo público.** Neste sentido, a expresión **"sectores regulados"**, coa que usualmente se designa unha área de especialización na práctica da avogacía, emprégase convencionalmente para referirse ao réxime dos distintos servizos económicos de interese xeral.

25. A regulación económica aplicada á prestación de servizos económicos de interese xeral supuxo un xiro de cento oitenta graos na abordaxe tradicional da provisión de actividades prestacionais esenciais. Se na tradición do **servizo público** de inspiración francesa se entendía que a aseguranza da súa prestación regular, alcanzable, accesible universalmente e cuns mínimos de calidade requiría asumir a titularidade pública da actividade prestacional como título de intervención, no esquema da regulación económica invértense os termos: a provisión de servizos corresponde en principio aos operadores económicos en réxime de competencia, mentres que á Administración compételle a tarefa de garantir a súa prestación mediante o emprego de técnicas de regulación que, só cando sexa estritamente preciso para preservar a misión de interese xeral asociada a un determinado servizo, poderán modular e, en última instancia, excluír as regras de competencia. A transición dunha **Administración materialmente prestadora** a unha **Administración substancialmente reguladora** supón, en suma, unha devolución á iniciativa privada de actividades económicas, unha evolución que foi descrita —en expresión que fixo fortuna— como unha **reconfiguración das relacións entre Estado e sociedade** (ESTEVE, 2013). Ao respecto, a doutrina alemá acuñou o concepto de "**Estado garante"** (*Gewährleistungsstaat*) que, simplificadamente, fai referencia ao cambio de rol dos poderes públicos en rela-

ción cos servizos —da prestación material á garantía mediante a regulación— e que constituiría unha superación xurídica e material das formulacións clásicas do Estado social (FRANZIUS, 2003) (*supra* § 23.6-7).

26. Outro ámbito relevante de importación de formulacións propias da regulación económica en Europa prodúcese en relación coa **revisión dos instrumentos clásicos de intervención** dos poderes públicos nas actividades económicas dos particulares, en colaboración coas iniciativas da OCDE para a mellora da calidade da regulación. Neste caso, a diferenza da revisión do servizo público clásico, non se trata de lle devolver á sociedade un ámbito de actuación que lle fose subtraído, senón de repensar as técnicas tradicionais ou, dado o caso, a súa substitución por outras novas que permitan, sen diminución dos intereses xerais que xustifican a intervención pública, mellorar a competitividade da economía europea. Trátase, en suma, de optimizar o funcionamento das liberdades económicas que están na base do mercado común, reconfigurando, substituíndo ou suprimindo controis que non se xustifiquen desde o punto de vista da súa finalidade ou da súa eficacia. Esta formulación impacta, como se viu, na actividade de control da Administración (*supra* § 22.7) e na produción de normas, mediante a elaboración de regulamentos e outras disposicións administrativas de carácter xeral (*supra* § 16.50).

4. O CONCEPTO DE REGULACIÓN ADMINISTRATIVA

27. O termo **"regulación administrativa"** remítenos a un obxecto de estudo máis acoutado que o de regulación ou regulación económica pois se refire, especificamente, a unha **actividade despregada pola Administración**. Esta anotación non impide recoñecer a transcendencia que ten a función reguladora do lexislador, cuxa intervención pode vir esixida en ámbitos suxeitos a reserva de lei. Do mesmo xeito, o control despregado polos xuíces sobre a actividade administrativa de regulación ten, á súa vez, un alcance regulador.

28. Feita esta primeira delimitación, **non hai consenso** respecto a que sexa a regulación administrativa. Admítese, con carácter xeral, a existencia dun **concepto amplo** e dun **concepto estrito** de regulación administrativa, pero sen que haxa acordo sobre que se entende incluído nun e outro. Esta indefinición explícase pola propia amplitude da idea de regulación na cultura xurídica anglosaxoa onde se orixinou e a novidade da súa recepción entre nós. A discusión sobre os fins aos que serve a regulación condiciona igualmente o concepto de regulación administrativa defendido. Así, Ariño Ortiz asocia a regulación administrativa exclusivamente á **liberalización dos servizos** públicos económicos, de tal maneira que o que a define é un fin —a orientación á competencia—. Nese contexto, a regulación administrativa é unha intervención xustificada para remediar os fallos do mercado e, no seu caso, para repartir equitativamente a carga que representan obxectivos públicos irrenunciables (p. ex. o servizo universal). Calquera intervención administrativa que persiga outro fin, aínda que poida incidir no comportamento dos operadores económicos, quedaría na marxe da noción de regulación administrativa porque non participa do enfoque económico que impregna a aquela (ARIÑO: 2006, 24-26). En cambio, Esteve Pardo sostén que a regulación é un tipo de actividade administrativa que se cualifica pola especificidade do seu obxecto, que é dobre: **a xestión de riscos**, dunha parte, e a **economía e os servizos de interese xeral**, doutra. Dentro desta, distingue unha regulación xeral e unha regulación máis intensa de certos mercados (os denominados mercados regulados) caracterizados pola existencia de limitacións conxénitas no seu funcionamento, polo carácter estratéxico de certos recursos escasos

ou porque demanden unha especial protección (ESTEVE, 2009: 392-393). Pola súa banda, Montero Pascual avoga por un uso técnico–xurídico restrinxido do concepto de regulación administrativa, ao redor do único ámbito no que na súa opinión cabe apreciar un réxime xurídico con trazos propios e dotado dunha certa coherencia: a intervención administrativa nos **mercados regulados**, é dicir, os dos **sectores estruturados en rede** (telecomunicacións, enerxéticos, transporte ferroviario, servizos postais ou xestión aeroportuaria) e os **mercados financeiros**. Neste contexto, a regulación administrativa definiríase como "a actividade da Administración consistente no control continuo dun mercado mediante a imposición aos seus operadores de obrigacións xurídicas proporcionadas a misións de interese xeral obxectivamente determinadas, segundo a valoración que nun ámbito de extraordinaria discrecionalidade realiza a Administración" (MONTERO, 2023: 48-50).

29. Convencionalmente e con fins estritamente expositivos, tendo presente as particularidades do noso marco constitucional —moi distinto ao norteamericano, podemos definir a actividade de **regulación administrativa** como aquela **actividade de intervención** despregada pola Administración que ten por obxecto conciliar o libre exercicio de actividades económicas coa **tutela de bens constitucionalmente relevantes** no marco dunha economía social de mercado**.** Fronte ao significado elemental do termo regulación en castelán, referido á aprobación de normas para a ordenación xurídica dunha actividade ou conduta, a "regulación" administrativa é, por influencia da *regulation* anglosaxoa, un concepto máis amplo: inclúe non só a aprobación de normas, senón outras formas de actuación —coactivas ou non— da Administración no mercado.

30. Trátase dun concepto deliberadamente amplo que permite adscribir fenómenos de regulación administrativa de **diversa intensidade**. O punto de partida, en todo caso, é o recoñecemento do mercado como institución social básica para a ordenación da vida económica que, en condicións óptimas de competencia, constituiría o medio máis eficiente para a provisión de bens e servizos e a asignación de recursos. Naqueles casos onde espontaneamente as condicións de competencia resulten idóneas, a regulación administrativa orientarase ao mantemento das devanditas condicións e a garantir que o comportamento dos operadores económicos non poña en risco a **satisfacción de bens de natureza non económica** cuxa tutela é responsabilidade pública, sen que con iso se comprometa a eficiencia do mercado. Naqueles casos onde a competencia atope máis dificultades, a regulación administrativa terá unha maior intensidade e dirixirase, en primeiro termo, a **xerar as condicións que permitan o funcionamento do mercado** (re-crear o mercado). Se, aínda promovida a competencia, o mercado non asegurase a provisión de **bens e servizos básicos** en condicións de accesibilidade universal, regularidade e asequibilidade, a regulación administrativa orientarase a **garantir o acceso da cidadanía** aos mesmos mediante a modulación das regras de competencia e a imposición de obrigacións xurídicas aos operadores económicos que resulten proporcionadas aos fins de interese xeral presentes na actividade económica que desenvolven.

31. En síntese, a regulación administrativa non é propiamente un novo tipo de actividade administrativa, senón que é o resultado de proxectar un determinado enfoque, o que representa o **modelo de regulación económica propio da cultura xurídica anglosaxoa**, sobre os tipos clásicos de actividade administrativa de corte continental europeo, cuxas técnicas características resultan moduladas no seu deseño

ou desprazadas por outras novas. Esta proxección adquire dimensións diversas en función das características do mercado.

4.1. A proxección da regulación na actividade de ordenación e control

32. En mercados nos que non existan limitacións intrínsecas á competencia, o enfoque propio da regulación administrativa maniféstase nunha **revisión crítica das técnicas tradicionais de policía administrativa** (isto é, de ordenación e control) coa finalidade de optimizar o exercicio das liberdades económicas, fundamento do mercado, en harmonía con outros bens xurídicos. Esta revisión maniféstase non só na substitución das tradicionais autorizacións e demais controis administrativos *ex ante* por controis *ex post* en tanto sexan igualmente idóneos e eficaces para a tutela dos intereses xerais (*supra* § 22.11), senón eventualmente na superación dunha idea de intervención administrativa que descanse exclusivamente sobre a imperatividade e a coacción administrativa (enfoque tradicional da policía administrativa) e recorra tamén a instrumentos de carácter non coactivo (como a información ao público e as recomendacións aos operadores económicos) que, no contexto dunha economía de mercado, se demostren igualmente eficaces para aliñar o comportamento dos operadores económicos con fins públicos (*supra* § 22.22).

33. A integración europea proporciónanos dous bos exemplos desta dimensión da regulación administrativa, entendida no sentido amplo que se adopta nesta lección. En primeiro lugar, para superar as barreiras técnicas á libre circulación de mercadorías que se derivaban das distintas normativas nacionais ditadas para a tutela de distintos intereses públicos (p. ex. protección da saúde e da vida), a CEE emprendeu a partir de 1985 unha política para a harmonización e a **normalización técnica** dos produtos denominada "Novo Enfoque". Conforme esta formulación, as normas europeas limítanse a fixar imperativamente as esixencias esenciais de seguridade, renunciando a regulamentar os concretos requisitos ou características técnicas que deben cumprir os produtos. A especificación daqueles déixase en mans de organismos técnicos competentes en materia de normalización industrial, organizacións de base privada de carácter profesional que, en exercicio de funcións de autorregulación, aproban as denominadas "normas técnicas". Tales normas non son xuridicamente vinculantes, pero os produtos de quen voluntariamente se adhira ao cumprimento destas normas —cuxa verificación queda igualmente en mans de suxeitos privados—, gozarán dunha presunción de conformidade coas esixencias esenciais de seguridade establecidas na lexislación europea. A confianza na autorregulación dos operadores económicos dentro do marco establecido polo lexislador europeo demostraríase eficaz para tutelar bens xurídicos non económicos, á vez que se suprimen barreiras non xustificadas á libre circulación de mercadorías.

34. Un segundo exemplo de modulación, para fins regulatorios, dos instrumentos tradicionais de ordenación e control proporciónao a Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior. O seu obxectivo é a supresión de obstáculos á **liberdade de establecemento e á libre prestación de servizos no mercado interior** á vez que se garante unha alta calidade dos servizos prestados, coa finalidade última de mellorar a competitividade da economía europea. Para ese efecto, establece que o acceso a unha actividade de servizos só pode quedar suxeito a unha autorización previa cando cumpra cos requisitos de non discriminación, necesidade xustificada nunha razón imperiosa de interese xeral e proporcionalidade. En caso contrario, a actividade só poderá quedar suxeita a un control administrativo *a posteriori*. Por outra banda, prevese a intervención das autoridades para incrementar a información fornecida polos prestadores aos usuarios actuais ou potenciais dos servizos. Esta maior información ao mercado actúa, por si mesma, como un

mecanismo regulador en garantía da calidade dos servizos, pois permite unha elección máis informada por parte do consumidor. Trátase, polo tanto, de disposicións que se orientan claramente a fortalecer a competencia na prestación de servizos dentro do mercado interior sen prexuízo da garantía de bens xurídicos non económicos. (*supra* § 22.8-10).

4.2. A proxección da regulación no servizo público

35. A regulación ou intervención administrativa, no sentido amplo que se segue nesta lección, proxéctase con maior intensidade se cabe en **mercados con limitacións intrínsecas á competencia**. Isto ocorre onde existe un **monopolio natural**, un concepto económico que describe aquela situación en que resulta menos custoso que a produción de bens e servizos recaia nun único operador antes que en varios ou moitos. Dáse, por exemplo, naquelas actividades que requiren un altísimo investimento para a súa posta en funcionamento ou que teñen custos fixos moi elevados: unha vez un operador efectúa o investimento, pode incrementar a produción indefinidamente sen que aumenten os custos marxinais, de tal maneira que se dificulta extraordinariamente ou, mesmo, se impide o acceso ao mercado de novos operadores que poidan competir efectivamente. Isto é o que ocorre naqueles **servizos cuxa prestación depende dunha infraestrutura en rede** (telecomunicacións, enerxía, transporte ferroviario).

36. Fronte á solución adoptada no pasado consistente na **reserva da actividade** a un único operador (un suxeito privado suxeito a unha intensa regulación, no caso norteamericano; a Administración para a súa xestión directa ou indirecta a través de concesionario, no modelo de servizo público "á francesa": *supra* § 22.17), na actualidade postúlase a **prestación en competencia** tamén respecto destes servizos, pois se estima o modo máis eficaz de prover a súa prestación en condicións de calidade, regularidade e accesibilidade —*supra* § 22.34—. A regulación administrativa oriéntase a introducir a competencia naqueles sectores mediante a **garantía do acceso á infraestrutura esencial** de todos os operadores económicos interesados. Con todo, a apertura á competencia dun mercado intrinsecamente limitado non sempre garante a provisión de servizos básicos ou esenciais ou a súa prestación conforme uns determinados niveis de calidade, regularidade e prezo, por iso é polo que a Administración poida intervir **impoñendo obrigacións a un ou varios operadores** (servizo universal, obrigas de servizo público) e, en última instancia, **restrinxindo a prestación a un único operador**. Atopamos esta manifestación da regulación administrativa nos procesos de liberalización en Europa dos servizos económicos de interese xeral (enerxía, telecomunicacións, servizos postais, transportes) para facer efectivo o artigo 106.2 TFUE.

37. A actividade administrativa de regulación ou intervención no mercado presenta unha dimensión singular no sector dos **mercados financeiros** (valores, banca, seguros). Neste caso, trátase de mercados que non están afectados por limitacións intrínsecas á competencia, pero que, con todo, suxéitanse a unha regulación administrativa de alta intensidade polo **carácter esencial da actividade** que desenvolven nunha economía de mercado (a asignación de recursos que financien a economía real) que, ao tempo, **xera enormes riscos** que, caso de verificarse, ameazarían a estabilidade do conxunto

do sistema económico. A intensidade que alcanza a regulación dos mercados financeiros determina que se lles inclúa, xunto cos mercados con restricións intrínsecas á competencia, na relación de "mercados regulados", isto é, intensamente controlados ou intervidos pola Administración.

4.3. Notas distintivas da regulación administrativa como actividade de intervención da Administración

38. Do exposto dedúcese que a regulación administrativa presenta uns **trazos específicos** con respecto ao entendemento tradicional da actividade de ordenación, control e prestación administrativas canalizada a través das técnicas clásicas de policía e do servizo público (regulamentos, autorizacións, ordes e prohibicións, concesións). As notas características da regulación administrativa serían:

39. **Complementariedade do mercado**. O punto de partida da regulación administrativa é que o mercado constitúe o mecanismo ordenador esencial da vida económica. A regulación ou intervención administrativa cumpre, polo tanto, unha función complementaria ou subsidiaria do funcionamento daquel. A primeira consecuencia que se segue diso é a necesidade dun estudo moi preciso dos trazos de cada mercado e dos problemas específicos que presentan en orde a axustar a estratexia regulatoria ás concretas necesidades. Desta nota básica derívanse o resto das notas que definen a regulación administrativa.

40. **Continuidade e dinamicidade**. Á vista do comportamento tan variable do mercado, condicionado por multitude de factores externos (p. ex. crises xeradas por sucesos de orde non económica, como poden ser un desastre natural, unha epidemia, un conflito bélico; a aparición de innovacións tecnolóxicas que liquidan problemas que antes esixían unha medida imperativa do regulador, p. ex. a innecesariedade de impoñer o mantemento dunha rede de cabinas telefónicas polo desenvolvemento da telefonía móbil e a súa accesibilidade xeral) e de factores internos (p. ex. fusións ou absorcións de operadores económicos que determinan a aparición dun operador dominante que distorsione o comportamento do mercado, quebras con efecto sistémico), a regulación administrativa non pode quedar limitada á simple intervención de control ao comezo da actividade económica (mediante unha autorización operativa ou de funcionamento) ou a controis puntuais *ex post*, senón que a acompaña ao longo do tempo. Vinculada ás transformacións do mercado, a regulación administrativa ten, polo tanto, carácter dinámico. Neste sentido, a esixencia de avaliación do marco regulatorio ou o carácter deliberadamente temporal ou experimental co que se adoptan frecuentemente disposicións son reveladoras da dinamicidade da regulación administrativa.

41. **Forte orientación á eficacia e á eficiencia.** A regulación administrativa, aínda que se sirva de instrumentos ordenados polo dereito, presenta unha obvia dimensión económica derivada do obxecto sobre o que se proxecta, o mercado. Desta forma, os principios de eficacia e eficiencia, aplicables con carácter xeral á actuación administrativa en virtude do artigo 103.1 da CE, teñen unha consideración máis acusada no ámbito da regulación administrativa.

42. Desde o punto de vista metodolóxico, esta orientación determina a necesidade de integrar as achegas da ciencia económica tanto no deseño das estratexias regulatorias como na toma de decisións concretas por parte dos reguladores. A denominada "**análise económica do dereito**" constitúe unha ferramenta habitual na avaliación da regulación administrativa, no plano normativo e aplicativo. Máis alá das achegas da economía, a especial orientación á eficacia e á eficiencia explican a especial importancia que a regulación administrativa lle concede, en xeral, ao **coñecemento experto** fronte ás formulacións de carácter político. Isto maniféstase tanto no deseño institucional das organizacións administrativas ás que se lles atribúen funcións regulatorias, como, indo un paso máis, na delegación ou, no seu caso, a retirada das institucións públicas para que sexan as organizacións privadas de base técnica ou profesional as que exerzan as funcións regulatorias.

43. Ampla atribución de discrecionalidade á Administración. A necesidade de responder ás transformacións do mercado é incompatible cunha intensa predeterminación material polo lexislador da regulación administrativa. A lei cumpre unha **función directiva,** determinando os fins públicos que debe servir o regulador e, no seu caso, establecendo a orde de prioridade entre distintos fins públicos en conflito. Correspóndelle tamén ao lexislador, en atención ao principio de reserva de lei, habilitar a utilización de técnicas imperativas e coactivas que comporten unha redución ou límite no exercicio de liberdades. Correspóndelle ao regulador administrativo, en exercicio dunha ampla discrecionalidade, determinar os medios que vai empregar para alcanzar os fins establecidos polo lexislador**.**

44. Diversificación das técnicas de intervención. Na nosa tradición xurídica a intervención administrativa asociouse sempre á imperatividade e ao eventual recurso á coerción administrativa (*command–and–control*, na terminoloxía xurídica anglosaxoa). As achegas de ciencias auxiliares como a Economía ou a Psicoloxía revelan que existen **instrumentos alternativos** tan ou máis eficaces para condicionar ou influír a conduta dos regulados. A regulación administrativa, polo tanto, emprega técnicas moi variadas que se combinan en diverso grao para alcanzar os fins establecidos polo lexislador. Esta cuestión abordarase con maior extensión no seguinte apartado.

5. INSTRUMENTOS DE REGULACIÓN

45. A actividade administrativa de regulación ou intervención no mercado caracterízase polo uso combinado de técnicas tradicionalmente asociadas a modalidades distintas da actividade administrativa, á vez que introduce mecanismos novos de comprobada eficacia para condicionar as condutas dos regulados. A regulación administrativa xera, polo tanto, estratexias regulatorias de **carácter híbrido**.

46. Á súa vez, a análise individualizada dos distintos instrumentos e técnicas de regulación pon de manifesto que non son "quimicamente puros", no sentido de que non descansan nun único elemento condicionante da conduta (a coerción, o incentivo económico ou a información, entre outros), senón que habitualmente combinan varios deles. Outro trazo que merece destacarse é que a regulación administrativa non descansa exclusivamente sobre a acción de autoridades ou organismos insertos nos poderes do Estado, senón que, de maneira crecente, remite ou, no seu caso, se retrae

para que sexan os propios membros do mercado, quen a través de **mecanismos de autorregulación social** se autodeterminen e autolimiten as súas condutas.

47. Ningunha clasificación dos instrumentos regulatorios acerta a reflectir a complexidade que presentan. Con todo, para os efectos meramente expositivos, ofrécese unha ordenación tentativa que toma como referencia dous **criterios**: a) o maior ou menor recurso á imperatividade ou coacción no deseño do instrumento e b) a súa orientación prevalente á competencia ou á garantía da equidade.

5.1. Clasificación de instrumentos regulatorios en atención ao seu carácter coactivo

5.1.1. Técnicas regulatorias de carácter coactivo

48. Unha primeira decisión á que se enfrontan as autoridades reguladoras é determinar se para a consecución dun determinado obxectivo resulta **máis eficaz** a formulación dunha regra imperativa (como a que consiste en impoñer un comportamento debido ou prohibir unha determinada conduta), cuxo cumprimento se pretende asegurar coa ameaza da potestade sancionadora, ou o recurso a instrumentos alternativos de regulación que non descansan prioritariamente sobre a coacción administrativa.

49. Esta elección virá condicionada por unha **diversidade de factores**, como poden ser o eventual custo que comporte para o poder público obter a información precisa que permita formular unha regra eficaz ou o sostemento dunha organización para a inspección e efectivo castigo dos incumprimentos; a rixidez que poida introducir unha regra imperativa no comportamento dos suxeitos regulados, que pode lastrar a súa capacidade de innovación; a conveniencia, desde o punto de vista da ética pública, de que certas condutas estean expresamente prohibidas como manifestación dun xuízo social desfavorable etc.

50. No caso de que se opte por empregar **mecanismos fundados na coacción**, a regulación administrativa aliñaríase co entendemento clásico da actividade de limitación administrativa. Con todo, o enfoque da regulación impón unha revisión dos requisitos aos que se condiciona o acceso ou o exercicio dunha actividade, para evitar cargas innecesarias, así como dos mecanismos tradicionais da policía administrativa, posto que a premisa de partida é preservar, tanto como sexa posible, a capacidade do mercado para ordenar a vida económica. Á luz desta idea, que se fai operativa a través dun xuízo de **proporcionalidade** sobre a necesidade e a intensidade do recurso á coacción, explícase a aposta xeral polas técnicas de control *ex post* das actividades dos particulares (comunicacións e declaracións responsables) e a posición marxinal dos controis *ex ante* (autorizacións, comunicacións previas con potestade de veto) sobre actividades económicas, que se desprende de normas como a Directiva de servizos ou a Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado (*supra* § 22.66).

51. Con todo, se resultase preciso recorrer a controis *ex ante*, o deseño destes debe ter moi presente que non distorsionen o funcionamento do mercado. Así, a Directiva de servizos esixe que as autorizacións, con carácter xeral, teñan unha duración temporal ilimitada (art. 11). Naqueles casos en que o número das autorizacións houbese de ser necesariamente limitado (p. ex. por recaer sobre recursos escasos), o seu outorgamento require a tramitación dun procedemento de concorrencia competitiva e

a eficacia temporal será limitada, para non favorecer aos que xa se atopan realizando esta actividade (operadores incumbentes) fronte aos que desexan incorporarse ao mercado.

52. Aínda cando a estratexia regulatoria nun sector non descanse prioritariamente sobre instrumentos coactivos, a coacción nunca está enteiramente ausente da regulación administrativa. Tamén os **instrumentos non coactivos** descansan en certa medida sobre aquela, co matiz de que a imperatividade non se proxecta directamente sobre a actividade económica do suxeito regulado, senón sobre elementos accesorios da súa conduta que se poñen ao dispor do regulador para o deseño da estratexia regulatoria.

53. Por exemplo, o regulador pode optar por un mecanismo de regulación baseado na difusión de información ao mercado, pero para iso será preciso impoñerlles aos suxeitos regulados a obrigación de difundir a información ou de proporcionar determinados datos á autoridade reguladora, baixo a ameaza da imposición de sancións en caso de incumprimento.

5.1.2. Técnicas regulatorias de carácter non coactivo

54. A maior achega do enfoque da regulación á análise da intervención administrativa reside na **relevancia** que lles outorga aos **mecanismos de base non coactiva**. Algúns deles teñen certa tradición entre nós, como a subvención e, en xeral, as medidas de fomento (*supra* § 24). A clave que o enfoque regulatorio achega no entendemento deste e outros instrumentos é que a elección dos instrumentos está, en esencia, mediada por consideracións de eficacia e eficiencia na consecución dos fins que se estableceron.

55. Entre os instrumentos de carácter non coactivo, podemos **distinguir** os de carácter económico ou de mercado, os que descansan no manexo da información e os que se apoian na Psicoloxía condutual.

56. O deseño dos **instrumentos de carácter económico** toma como referencia as características do comportamento dos suxeitos privados como membros do **mercado** para condicionar a súa conduta. Unha primeira categoría de instrumentos, de deseño máis sinxelo, opera **incentivando** comportamentos socialmente desexables ou **desincentivando** comportamentos reprobables —aínda que non prohibidos, pois pola contra, trataríase dun instrumento coactivo—. Entre os primeiros, atópanse as **subvencións** ou calquera tipo de axuda para estimular a aliñación voluntaria con fins marcados polo regulador. Entre os segundos atópanse a creación de **tributos**, xa no terreo da fiscalidade, cuxo deseño non se orienta a achegar recursos para a facenda pública con base na capacidade económica dos suxeitos obrigados ao pago, senón a gravar aquelas condutas ou comportamentos que se queren corrixir. A efectividade destes mecanismos require un estudo moi preciso das externalidades, positivas ou negativas, que xeran as condutas sobre as que se quere influír para evitar distorsións no funcionamento do mercado (*supra* § 24.11).

57. A **protección ambiental** proporciona exemplos deste tipo de instrumentos económicos. Imaxinemos que se quere suprimir a utilización dunha substancia contaminante. Unha estratexia regulatoria baseada en instrumentos coactivos partiría da prohibición do uso da substancia con ameaza de sanción. Pode ocorrer que non se poida de maneira inmediata, polos enormes custos económicos que

comporta para o sector, prescindir enteiramente da utilización da substancia ou que, eventualmente, a Administración careza dos medios para controlar efectivamente o cumprimento da prohibición. En tal caso, unha estratexia máis realista pode ser a subvención de novas tecnoloxías que non requiran a utilización da substancia contaminante ou, en sentido contrario, crear un tributo que grave a utilización daquela de modo que os operadores atopen un estímulo na introdución dos cambios tecnolóxicos que permitan prescindir da substancia.

58. A **regulación bancaria** que segue os estándares internacionais contidos nos Acordos de Capitais do Comité de Basilea de Supervisores Bancarios tamén emprega este tipo de instrumentos para condicionar as actividades das entidades de crédito. En lugar de prohibir directamente certas condutas, o que podería inhibir a innovación financeira, optouse por esixir requisitos de capital máis elevados a aquelas entidades que realicen actividades de crédito que entrañen maior risco. A valoración do risco recae, no caso das entidades de maior tamaño, en modelos internos de avaliación suxeitos á supervisión do banco central ou da axencia nacional con competencias en materia de supervisión bancaria. Respecto de bancos de menor tamaño, a avaliación do risco en que incorre unha entidade de crédito lévase a cabo por axencias de cualificación (axencias de *rating*), que tamén son supervisadas polo regulador. Neste caso, o carácter económico do instrumento (os maiores ou menores requisitos de capital que se esixen a unha entidade en función do risco contraído) combínanse con mecanismos de autorregulación regulada (os modelos internos de avaliación ou as axencias de cualificación).

59. Outra categoría máis complexa de instrumentos económicos baséase na **comercialización en réxime de competencia de dereitos** creados *ad hoc* polo regulador coa finalidade de alcanzar certos fins públicos. O dereito comercializable pode ter por obxecto o exercicio dunha actividade socialmente indesexable ou cuxo impacto se quere reducir. Fronte ao enfoque estático que implica unha norma que directamente prohibise a actividade, este mecanismo de regulación administrativa parte de fixar un volume global admitido da actividade que se desexa regular —é dicir, o punto de partida é unha disposición de carácter imperativo que fixa un límite xeral en atención ao risco admisible—, volume que se divide en unidades (dereitos) transmisibles. Confíase na capacidade de innovación dos operadores económicos, de tal maneira que os dereitos que se asignan se converten en activos que os operadores máis innovadores, aqueles que introduciron melloras científicas ou tecnolóxicas capaces de reducir a actividade penalizada, lles venden a outros operadores rivais con procesos produtivos máis atrasados, o que fai máis custoso o seu desempeño e lastra a súa competitividade.

60. A esta categoría adscríbese o **comercio de dereitos de emisión** de gases de efecto invernadoiro sobre a cal descansa boa parte da loita internacional contra o cambio climático e que se contempla, no plano internacional, no Protocolo de Kioto, asinado pola UE en 2002 e, no ámbito europeo, na Directiva 2003/87/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro trasposta ao ordenamento español pola Lei 1/2005, do 9 de marzo.

61. Esta técnica tamén se emprega para optimizar a **xestión dun recurso escaso**. Así ocorre con determinados recursos naturais como a auga continental, que se declara de dominio público para proporcionarlle á Administración un título de intervención que permita a súa xestión integral. A titularidade pública da auga non impide que se poidan crear dereitos de uso que poden ser obxecto de comercio. Deste xeito, os operadores máis eficientes na utilización do recurso poden obter unha rendibilidade adicional coa transferencia dos dereitos que non van empregar. Esta é a filosofía que subxace aos "mercados de auga", cuxas bases de funcionamento se estableceron na Lei 46/1999, do 13 de decembro, de modificación da Lei 29/1985, do 2 de agosto de augas (véxase o art. 61 bis da Lei de augas na redacción dada pola Lei 46/1999), e aos que lles deu un definitivo impulso a transposición pola Ley 1/2005, de 9 de marzo da Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

62. As **técnicas** regulatorias **baseadas no uso da información**, en certa medida, constitúen un subtipo de instrumentos de mercado xa que a transparencia e o acceso á información veraz e comprensible sobre os bens e servizos constitúe un dos elementos que permiten a **toma de decisións económicas** polos suxeitos. Un dos fallos máis comúns no funcionamento dos mercados deriva da **asimetría da información** entre quen participa nas transaccións, resultando beneficiada a parte con máis información. Noutras ocasións, a difusión de información oriéntase a loitar contra as denominadas "**preferencias endóxenas**", é dicir, aquelas decisións que non son manifestación dunha vontade auténticamente individual, senon que son moi dependentes do contexto no que xorden e que non se sustentan na racionalidade económica senón en prácticas sociais, valores acriticamente asumidos ou patróns de conduta arraigados e que poden perpetuar inxustizas sociais ou prexudicar aos suxeitos na toma de decisións individuais (p. ex. o consumo de substancias que provocan adicción).

63. Sen ánimo exhaustivo, podemos distinguir entre instrumentos de regulación baseados na **difusión de información polos suxeitos regulados** e aqueles en que son **os reguladores quen difunden a información**, a partir de estudos propios ou dos datos fornecidos polos suxeitos regulados. Os suxeitos regulados poden estar sometidos a un réxime **imperativo** de difusión de información ou de subministración de datos á Administración.

64. Así ocorre no ámbito dos mercados financeiros, no que é moi común o fallo da información asimétrica. Ilustran esta técnica a obriga de publicar un folleto informativo para a oferta de valores ao público ou a súa admisión a cotización (art. 35 da Lei 6/2023, do 17 de marzo, dos mercados de valores e dos servizos de investimento); o réxime de publicidade das contas anuais das sociedades de capital (art. 279-284 do Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital) ou o dos produtos e servizos bancarios (Circular 4/2020, do 26 de xuño, do Banco de España, sobre publicidade dos produtos e servizos bancarios). O incumprimento destas obrigas pode ser sancionado polas autoridades reguladoras.

65. A difusión de información polos suxeitos regulados pode ser tamén consecuencia da súa adhesión a un **programa voluntario**, permitindo un mellor posicionamento no mercado dos suxeitos que libremente asumen maior transparencia sobre as súas prácticas empresariais ou os seus procesos produtivos.

66. Exemplifican esta técnica as etiquetas de calidade ou de carácter ético que descansan de maneira parcial ou total en sistemas de autorregulación privada. Pode mencionarse, no primeiro caso, o réxime da etiqueta ecolóxica europea, un sistema europeo de adhesión voluntaria para a promoción de produtos cun impacto ambiental reducido (Regulamento (CE) 66/2010, do Parlamento Europeo e do Consello do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica a UE). Pola súa banda, constitúe un instrumento de regulación a través da información de carácter estritamente privado a certificación de benestar animal (Animal Welfair) para produtos derivados da gandería ou da cría de aves.

67. A **difusión de información polos reguladores** pode, á súa vez, revestir distintas características en atención á **finalidade dominante na posta ao dispor** da información ao público.

68. Podemos atopar instrumentos de regulación baseados na difusión de información de carácter exhortativo, frecuentemente cun marcado carácter paternalista. Aquí encadraríanse a realización de campañas de publicidade institucional para promover hábitos de vida ou patróns de consumo saudables (p. ex. consumo de alimentos frescos, campañas antitabaco) e as campañas para reforzar o cumprimento

de deberes cívicos ou, mesmo, obrigas legais (p. ex. a separación de residuos para a reciclaxe, a concienciación fronte á compra de produtos falsificados).

69. Noutras ocasións, os reguladores difunden información de carácter pedagóxico ou orientador que lles permite aos suxeitos o mellor exercicio dos seus dereitos ou a toma de decisións económicas. Nesta liña pode citarse como a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia pon ao dispor dos cidadáns na súa páxina web unha ferramenta que permite comparar as características das distintas ofertas de subministración de electricidade e gas dispoñibles no mercado.

70. Unha última variedade de instrumento de regulación baseado na difusión de información polo regulador consiste na publicación de resultados de rendemento ou de cumprimento normativo, un método que, de maneira gráfica, en inglés se denomina "*name and shame*". Aquí sitúanse os réximes de publicidade das sancións, coma o que se contempla no artigo 115.7 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, respecto da publicación polo Banco de España das sancións impostas pola comisión de infraccións moi graves e graves ou nos artigos 334 e 335 da Lei 6/2023, do 17 de marzo, dos mercados de valores e dos servizos de investimento, relativa á publicidade no seu sitio web ou no *BOE* das sancións impostas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

71. Ao catálogo de instrumentos da regulación administrativa súmanse técnicas que aproveitan as achegas da **Psicoloxía condutual** para dirixir a conduta dos regulados cara aos obxectivos marcados polo regulador. Aquí insírense os denominados *nudges* (empurróns ou acicates), que non se basean nos incentivos vinculados ao uso da coerción ou á obtención dunha rendibilidade económica, senón que se fundan no funcionamento de procesos mentais e condutuais automáticos nos que non se chega a tomar propiamente unha decisión. Na marxe da utilidade que poden proporcionar reforzando o cumprimento de normas de carácter imperativo, estas ferramentas poden posuír unha eficacia regulatoria autónoma (*supra* § 24-79).

72. Os *nudges* (*supra* § 24.79-80) poden empregarse para corrixir preferencias intuitivas ou irracionais na toma de decisións individuais. Son *nudges* ou acicates, por exemplo, os protocolos non imperativos de actuación aprobados por unha autoridade regulatoria. Estes protocolos, aínda que non vinculan en sentido estrito os operadores económicos, benefícianse da natural propensión dos seres humanos para conservar o *statu quo* e a acomodar a propia conduta á que consideran a común do grupo. Son tamén *nudges* regulatorios os réximes que propoñen como solución automática por defecto a que a autoridade considera preferible (p. ex. no réxime de doazón de órganos). Frecuentemente, os *nudges* combínanse coa difusión de información. Así, aprovéitase a forza da norma social e a tendencia natural a adaptar a conduta individual á habitual nun colectivo cando, por exemplo, se informa do consumo individual comparado co dos veciños nas facturas de subministración de enerxía co obxectivo de inducir ao aforro.

5.2. Clasificación de instrumentos regulatorios en atención á súa finalidade prevalente

5.2.1. Instrumentos de garantía da competencia

73. A regulación económica oriéntase primordialmente a garantir o correcto funcionamento do mercado como mecanismo preferente para a ordenación da vida económica e a asignación de recursos. Isto require, en primeiro termo, asegurar que se dan as condicións para unha efectiva competencia, o que constitúe o obxecto dunha rama especial do ordenamento xurídico, o **Dereito da competencia**. A ordenación

da competencia pode basearse en instrumentos de dereito privado, pero tamén en instrumentos de dereito público, en particular, de Dereito administrativo, mediante a regulación administrativa. En particular, xunto á sanción polo organismo regulador de condutas prohibidas (abuso de posición dominante, condutas colusorias), a regulación pode ter por obxecto controlar a excesiva **concentración horizontal** no mercado, por efecto de procesos de fusión ou de absorción, o que dá lugar a operadores cunha cota de mercado o suficientemente significativa como para distorsionar o seu funcionamento.

74. Así, a Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia regula nos artigos 55 a 60 un procedemento de **control das concentracións económicas**, en cuxa virtude se lles impón ás empresas un deber de notificación daquelas concentracións económicas que reúnan os trazos especificados na lei á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, organismo ao que se lle atribúe a potestade de autorizalas —con suxeición, no seu caso, a condicións—, ou prohibilas. Unha decisión que, eventualmente, pode requirir confirmación do Consello de Ministros para que despregue efectos.

75. A competencia tamén pode resultar ameazada polo fenómeno da **concentración vertical**, isto é, a realización de varias actividades complementarias para a oferta dun produto ou servizo final por parte dunha soa empresa ou un grupo de empresas sometidas a unha dirección común, con idéntico efecto perturbador do mercado.

76. A liberalización do sector eléctrico enfrontouse precisamente a este problema, co engadido da existencia dun monopolio natural para operar as redes de transporte e distribución, monopolio que reforzaba a posición do titular das redes nas actividades de xeración e de comercialización. Xa a Directiva 96/92/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de decembro de 1996, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade, impuxo, como primeiro paso, a **separación das actividades** de produción, transporte e distribución para os efectos contables, para evitar subvencións cruzadas. Pola súa banda, a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico impuxo a separación xurídica —é dicir, a xestión por persoas xurídicas diferenciadas— das distintas actividades, que, á súa vez deben cumprir certos criterios de independencia no seu funcionamento se pertencen ao mesmo grupo empresarial. A separación de actividades permite, á súa vez, axustar o réxime de competencia ás características intrínsecas do mercado no que teñen lugar, de tal maneira que as actividades de xeración e de comercialización están enteiramente abertas á competencia e, en cambio, nas actividades onde o monopolio natural é ineludible —o transporte e a distribución— a ausencia de competencia compénsase cunha regulación intensa da actividade dos operadores das redes.

77. A regulación para a competencia require limitar os efectos dos **monopolios naturais** naqueles mercados nos que se dean. Neste sentido, xunto coa separación de actividades á que se acaba de aludir, un instrumento esencial para a regulación de certos servizos económicos de interese xeral que requiren a utilización dunha **rede ou infraestrutura básica** é garantir o **acceso de terceiros á rede**, e no caso de que existan varias redes sobre o territorio, asegurar a súa **interconexión.** Normativamente establécense os requisitos e condicións de acceso á rede, á vez que se atribúen ao organismo regulador poderes de resolución de conflitos entre particulares neste ámbito.

78. No sector eléctrico, a rede primaria de transporte de electricidade é operada en exclusiva por Rede Eléctrica de España S.A.U., unha sociedade mercantil suxeita a unha intensa regulación administrativa e que, á súa vez, exerce funcións de regulación mediante o outorgamento do permiso de acceso á rede aos suxeitos autorizados consonte os criterios que establece na actualidade a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, un acceso sometido a un prezo regulado. Pola súa banda, a actividade de distribución eléctrica prodúcese a través de redes interconectadas que son operadas en

monopolio polos seus titulares no territorio no que se despregan. A lei igualmente garante o acceso ás redes de distribución, que deberá ser permitido polos seus titulares aos suxeitos autorizados, quen deberá abonar un prezo regulado.

79. Outro instrumento que se endereita á garantía da competencia é a **compensación pola imposición de obrigacións de servizo público** a prestadores de servizos de interese económico xeral. Como se tratará a continuación, estas obrigacións determinan a necesidade de prestar o servizo en localizacións ou circunstancias nas que pode non ser rendible. Se o cumprimento da devandita obrigación lastrase en exceso a competitividade dos operadores afectados, deberá ser compensada economicamente. Os fondos empregados na compensación, dependendo do sector, poden provir dos orzamentos públicos ou de contribucións efectuadas por todos ou parte dos operadores económicos do mercado.

5.2.2. Instrumentos de garantía de valores non económicos. En particular, a garantía da equidade no acceso aos bens e servizos

80. Xunto coa garantía da competencia, a regulación ten por obxecto conciliar o exercicio de actividades económicas con outros valores constitucionalmente tutelados. Entre eles atópase a aseguranza do acceso pola cidadanía a bens e servizos básicos. Na prestación de servizos económicos de interese xeral, este acceso garantíase no pasado mediante a asunción pública da titularidade da actividade prestacional, para a súa xestión directa pola Administración ou indirecta a través de concesionario. No réxime liberalizado dos servizos económicos de interese xeral, espérase que a propia competencia dos operadores do mercado propicie o acceso aos servizos en condicións de calidade, asequibilidade e regularidade. Pero se isto non fose posible, asegúrase que calquera cidadán, con independencia da súa localización, vai ter acceso ao servizo nunhas condicións de calidade determinadas e cun prezo razoable mediante a regulación do **servizo universal**.

81. A Lei 11/2022, do 28 de xuño, xeral de telecomunicacións, define o servizo universal como "o conxunto definido de servizos cuxa prestación se garante para todos os consumidores con independencia da súa localización xeográfica, en condicións de neutralidade tecnolóxica, cunha calidade determinada e a un prezo alcanzable" (art. 37). Está integrado polo acceso a internet de banda ancha a unha determinada velocidade e servizos de comunicacións vocais, en ambos os casos a través dunha conexión subxacente nunha localización fixa. Pola súa banda, a Lei 43/2010, do 30 de decembro, do servizo postal universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal, que define o concepto de servizo universal en termos moi parecidos, inclúe neste, as actividades de recollida, admisión, clasificación, transporte, distribución e entrega de envíos postais nacionais e transfronteirizos en réxime ordinario de cartas e tarxetas postais de ata 2 kg de peso e paquetes postais de ata 20 kg de peso, así como os servizos accesorios de certificado e de valor declarado (art. 21).

82. Un ulterior instrumento regulatorio é a **imposición de obrigacións de servizo público** a un ou varios operadores do mercado. Estas obrigacións poden ter por obxecto a prestación do servizo universal ou, no seu caso, cubrir outras necesidades asociadas a un servizo económico de interese xeral.

83. No ámbito das telecomunicacións, o Real decreto 424/2005, do 15 de abril, establece o procedemento de designación de operadores obrigados á prestación do servizo universal de telecomunica-

cións, que ten lugar mediante licitación e, se o concurso quedase deserto, mediante designación directa. Ata o 1 de xaneiro de 2027 Telefónica de España S.A.U. é o operador designado para a prestación do servizo universal. A Lei xeral de telecomunicacións recoñece a posibilidade de lle impoñer ao operador designado outras obrigacións de servizo público non vinculadas á prestación do servizo universal. Algo que tamén se recoñece no ámbito dos servizos postais, onde o operador designado para a prestación obrigatoria do servizo postal universal é a Sociedade Estatal Correos e Telégrafos S.A. por un período de quince anos desde a entrada en vigor da Lei do servizo postal universal (Disposición adicional primeira).

84. A **regulación de prezos e tarifas**, xunto ao papel que desempeña para garantir o acceso de terceiros ás infraestruturas e redes esenciais para a prestación de servizo, pode servir para garantir un **acceso equitativo dos consumidores** en tanto o xogo da competencia non proporcione prezos alcanzables.

85. Nos sectores eléctrico e do gas, xunto cos prezos libremente establecidos no mercado, fíxanse **prezos máximos á subministración** para específicas categorías de consumidores determinados na lei que teñen o dereito de acollerse a elas se así o deciden. Trátase do **prezo voluntario para o pequeno consumidor** (PVPC) en electricidade e da **tarifa de último recurso** en gas. Xunto con estes prezos, contémplanse tarifas especiais para os consumidores vulnerables baixo a fórmula do **bono social** no sector eléctrico, cuxo custo se reparte entre todas as empresas que operan no sector eléctrico despois de que a STS 130/2022, do 31 de xaneiro de 2022 (ECLI:ES:TS:2022:130) declarase nulo o réxime precedente de financiamento do bono. No ámbito do gas, a Real decreto–lei 15/2018, do 5 de outubro, de medidas urxentes para a transición enerxética e a protección dos consumidores creou o **bono social térmico**, cuxo financiamento se produce con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

6. A CONFIGURACIÓN INSTITUCIONAL DA ADMINISTRACIÓN REGULADORA

86. A incidencia da regulación nos tipos de actividade administrativa non se proxecta unicamente nos instrumentos propios da actividade de ordenación e control, na substitución da actividade prestacional pola de garantía, nos novos límites xurídicos á concesión de subvencións e axudas públicas ou nas novas modalidades da actividade de fomento, baseadas en estímulos indirectos, senón que se reflicte tamén na **configuración institucional da Administración** que exerce estas actividades. O modelo burocrático e centralizado de Administración no que se baseaba a actividade autorizatoria clásica e o modelo xerencial con base no cal se estruturou a prestación de servizos públicos foron desprazados por outros modelos organizativos (*supra* § 1.32), entre os que adquiriu especial protagonismo o modelo das axencias e, en particular, o das **axencias reguladoras** (*supra* §§ 1.34, 8.28 e 9.79).

87. No ámbito da policía administrativa, a substitución da actividade de control e inspección administrativa pola actividade de comunicación e certificación privada leva aparellada a creación de **autoridades de acreditación** (*supra* § 22.31-33), á vez que a avaliación de riscos previa á adopción das decisións administrativas en materias tecnicamente complexas comportou a necesidade de crear axencias ou organismos altamente especializados, como a Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios ou a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (*supra* § 22.17).

6.1. Principio de separación das actividades de regulación e de xestión

88. No ámbito da prestación de servizos públicos no territorio e, en particular, dos **servizos de interese económico xeral** (como os servizos postais, a enerxía, os transportes ou as telecomunicacións), a supresión dos monopolios públicos derivada da liberalización e a aplicación do principio de competencia non impide que as administracións públicas sigan prestando servizos, pero, no caso de que o fagan, o dereito europeo imponlles a obriga de separar debidamente as actividades de **xestión** das de **regulación**.

89. En España, algúns destes servizos, como os servizos postais ou os de transporte ferroviario, seguen sendo prestados por entidades do sector público estatal (Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, Renfe operadora) en concorrencia con entidades privadas. Desde a perspectiva da garantía da libre competencia é importante que todas as entidades prestadoras de servizos poidan acceder en igualdade de condicións ás redes. A **xestión das redes** necesarias para a prestación dos servizos de interese económico xeral está principalmente en mans de sociedades mercantís con participación pública no seu capital (como Rede Eléctrica de España, ENAGAS ou a Compañía Loxística de Hidrocarburos para o sector da enerxía, ou AENA/AENA para a rede aeroportuaria) ou de entidades públicas empresariais (como ADIF, para a rede ferroviaria). Estas entidades, xunto co desenvolvemento da actividade de regulación como titulares de infraestruturas esenciais, poden desenvolver tamén as súas propias actividades económicas, pero baixo un réxime de separación funcional. Á súa vez, sométense á **regulación e supervisión** da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC), que é a encargada de garantir a efectiva prestación dos servizos públicos, en condicións de accesibilidade, seguridade, continuidade, mutabilidade e igualdade, así como a competencia en todos os mercados e sectores produtivos e, en particular, os que foron obxecto de liberalización (enerxía —gas e electricidade—, comunicacións electrónicas e audiovisuais, servizos de transporte ferroviario e aeroportuario e servizos postais).

6.2. A axencia reguladora como modelo institucional prevalente

90. A CNMC responde tendencialmente ao modelo de **axencia reguladora** propio da Administración norteamericana (*supra* § 1.35) e que se caracteriza pola autonomía e, eventualmente, **independencia** que posúe, tanto respecto do Goberno como respecto dos suxeitos regulados. A existencia deste tipo de entidades, cuxa autonomía se consagra nas súas propias leis de creación e se garante a través do seu peculiar estatuto orgánico, foi recoñecida na lexislación xeral e, en concreto, no artigo 109 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que regula as autoridades administrativas independentes de ámbito estatal e as define como "entidades de dereito público que, vinculadas á Administración xeral do Estado e con personalidade xurídica propia, teñen atribuídas funcións de regulación ou supervisión de carácter externo sobre sectores económicos ou actividades determinadas, por requirir o seu desempeño de independencia funcional ou unha especial autonomía respecto da Administración xeral do Estado, o que deberá determinarse nunha norma con rango de lei" (*supra* §§ 8.29 e 9.68).

91. A independencia das axencias reguladoras —que se garante a través do carácter experto dos seus membros, das particularidades do seu nomeamento (que non queda en mans exclusivas do Goberno, senón que pode ter participación o Parla-

mento), a duración do seu mandato, a limitación das causas de cesamento, a revisión xurídica das súas decisións, a autonomía orzamentaria ou o financiamento das súas actividades—, exponse como presuposto ineludible para cumprir coa esixencia de **neutralidade** na súa actuación e imparcialidade das súas decisións. Unha esixencia que conecta co principio de separación das actividades de xestión e de regulación e que cobra especial importancia se se ten presente, dunha parte, que poden existir empresas públicas operando no sector regulado, tendo en conta que o Dereito europeo non cuestiona o réxime de propiedade dos Estados membros (art. 345 TFUE), e, doutra, a frecuente atribución de competencias de resolución de controversias entre operadores do sector regulado. Esta garantía foi subliñada polo TXUE, que declarou contrarias ao Dereito europeo operacións de reforma institucional consistentes na fusión de organismos reguladores (como a que implicou a creación da CNMC), no relativo ao cesamento anticipado dos vogais dos órganos reitores por causas non contempladas na lexislación (STXUE do 19 de outubro de 2016, asunto C-424/15 – Ormaetxea Garai e Lorenzo Almendros, ECLI:EU:C:2016:780) Con todo, na configuración destas axencias o principal problema estriba en atopar cal é a **distribución óptima de funcións regulatorias** entre instancias que gozan de lexitimidade democrática e instancias con lexitimidade de tipo técnico, pois aínda que a independencia ou autonomía das axencias se erixe como un requisito para preservar a competencia no mercado, a súa débil lexitimidade democrática fainas inidóneas para adoptar decisións que lles dean prioridade a intereses públicos en conflito. De aí a importancia de que as axencias conten cunhas competencias orientadas á consecución de fins públicos ben definidos, así como que queden suxeitas a mecanismos rigorosos de rendición de contas.

92. O modelo institucional de axencias reguladoras, configuradas como autoridades independentes non se limita aos **sectores** que foron obxecto de liberalización, senón que se estende tamén a ámbitos vinculados á protección de dereitos fundamentais (Axencia Española de Protección de Datos), de especial complexidade técnica (Consello de Seguridade Nacional) ou sinaladamente sensibles desde un punto de vista social (Consello de Transparencia e Bo Goberno). Por descontado, nos sectores capaces de provocar un risco sistémico na economía, nos que resulta particularmente esixible a adopción de decisións técnicas, totalmente independentes da acción política do Goberno, como é o caso do sector bancario e os mercados de valores, a regulación tamén se instrumenta mediante axencias reguladoras independentes ou cun alto grao de autonomía (o Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores).

93. O impulso ao modelo institucional de axencia reguladora dotada de independencia con respecto aos gobernos en parte responde tamén á necesidade de garantir unha execución harmonizada do Dereito sectorial da Unión Europea. A harmonización dos trazos destas administracións é unha operación de enxeñería organizativa auspiciada pola lexislación europea de carácter sectorial co obxectivo de mellorar as posibilidades de cooperación transnacional destas entidades, mediante fórmulas de **Administración en rede**, a través da cooperación transnacional de reguladores.

94. Para seguir cos mesmos exemplos que vimos analizando, as autoridades nacionais de regulación que operan no ámbito das telecomunicacións e a enerxía coordinan a súa actuación a nivel europeo grazas á súa participación, respectivamente, no Organismo de Reguladores Europeos de Comunicacións Electrónicas e a Axencia para a Cooperación de Reguladores de Enerxía. No ámbito dos mercados financeiros, as autoridades nacionais de regulación bancaria e dos mercados de valores intégranse no

órgano decisorio da Autoridade Bancaria Europea (ABE) e a Autoridade Europea de Valores e Mercados (AEVM). En ámbitos especialmente afectados pola globalización, como é o dos mercados financeiros, estas autoridades participan nos respectivos organismos reguladores globais, como o Comité de Basilea de Supervisión Bancaria (*Basel Committee on Banking Supervision*, BCBS) e a Organización Internacional de Comisións de Valores (*International Organization of Securities Commissions*, IOSCO).

7. BIBLIOGRAFÍA

7.1. Bibliografía citada

Gaspar ARIÑO ORTIZ, "Fallos y logros de los sistemas regulatorios", en VV. AA., *Regulación, desregulación, liberalización y competencia,* Círculo de Empresarios, Fundación Rafael del Pino y Marcial Pons, Madrid, 2006, pp. 23-40.

José ESTEVE PARDO, "El encuadre de la regulación de la economía en la sistemática del Derecho público", en Santiago MUÑOZ MACHADO y José ESTEVE PARDO (Directores), *Derecho de la regulación económica. I. Fundamentos e instituciones de la regulación*, Iustel, Madrid, 2009, pp. 387-405.

José ESTEVE PARDO, *La nueva relación entre Estado y sociedad. Aproximación al trasfondo de la crisis*, Marcial Pons, Madrid–Barcelona–Buenos Aires, São Paulo, 2013.

Claudio FRANZIUS, "Der „Gewährleistungsstaat"- Ein neues Leitbild für den sich wandelnden Staat?", *Der Staat,* vol. 42, núm. 4 (2003), pp. 493-517.

Juan José MONTERO PASCUAL, *Regulación económica. La actividad administrativa de regulación de los mercados,* 5.ª ed. Tirant lo Blanch, Valencia, 2023.

John WILLIAMSON, *Latin America Adjustment: How Much Has Happened?*, Institute for International Economics, Washington, 1990.

7.2. Bibliografía complementaria recomendada

Anthony OGUS, *Regulation: Legal Form and Economic Theory,* Hart Publishing, Oxford–Portland, 2004.

Gaspar ARIÑO ORTIZ (Autor), Juan Miguel DE LA CUÉTARA MARTÍNEZ y Lucía LÓPEZ DE CASTRO GARCÍA–MORATO (Colaboradores), *Principios de Derecho Público Económico. Modelo de Estado, gestión pública, regulación económica,* Fundación de Estudios de Regulación y Comares, Granada, 1999.

M. Mercè DARNACULLETA GARDELLA, *Autorregulación y Derecho público: La autorregulación regulada,* Marcial Pons, Madrid, 2005.

Juan DE LA CRUZ FERRER, *Principios de regulación económica en la Unión Europea,* Instituto de Estudios Económicos, Madrid, 2002.

Elisenda MALARET i GARCÍA, "Administración pública y regulación económica", en *La autonomía municipal. Administración y regulación económica. Títulos académicos y profesionales,* Asociación Española de Profesores de Derecho Administrativo, Thomson Aranzadi, Cizur Menor, 2007, pp. 127-160.

Bronwen MORGAN y Karen YEUNG, *An Introduction to Law and Regulation: Text and Materials,* Cambridge University Press, 2003.

Santiago MUÑOZ MACHADO y José ESTEVE PARDO (Directores), *Derecho de la regulación económica. I. Fundamentos e instituciones de la regulación,* Iustel, Madrid, 2009.

Manual de Dereito administrativo
Revista de Derecho Público: Teoría y Método
pp. 641-666
Madrid, 2026
Marcial Pons Ediciones Jurídicas y Sociales
DOI: 10.37417/ManDerAdm/L26
© Juan Antonio Chinchilla Peinado
Editado bajo licencia Creative Commons Attribution 4.0 International License.

LECCIÓN 26
ACTIVIDADE EXPROPIATORIA

Juan Antonio Chinchilla Peinado
Universidad Autónoma de Madrid

SUMARIO: 1. DETERMINACIÓNS CONSTITUCIONAIS SOBRE A ACTIVIDADE EXPROPIATORIA DA ADMINISTRACIÓN: 1.1. Concepto de expropiación forzosa; 1.2. Distribución competencial entre o Estado e as comunidades autónomas.—2. O OBXECTO DA EXPROPIACIÓN. BENS INCLUÍDOS NO TRÁFICO XURÍDICO.—3. OS SUXEITOS DA EXPROPIACIÓN: 3.1. A Administración expropiadora; 3.2. O beneficiario da expropiación; 3.3. O suxeito expropiado.—4. O PROCEDEMENTO EXPROPIATORIO: 4.1. O orzamento previo. A declaración de utilidade pública ou interese social; 4.2. O procedemento ordinario (I). A concreción dos bens que deben expropiarse. A declaración de necesidade de ocupación: *4.2.1. O procedemento de determinación da necesidade de ocupación*; *4.2.2. Expropiación parcial e solicitude de expropiación total*; 4.3. O procedemento ordinario (II). A determinación do prezo xusto: *4.3.1. Modalidades de determinación do prezo xusto*; *4.3.2. Os criterios de valoración. A indemnización por demérito; 4.3.3. A caducidade do prezo xusto polo transcurso do tempo. A figura da retaxación;* 4.4. A desistencia da expropiación; 4.5. O procedemento ordinario (III). O pago e a ocupación do ben: *4.5.1. Pago e consignación; 4.5.2. Xuros de mora;* 4.6. O procedemento urxente; *4.6.1. A declaración de urxencia; 4.6.2. A valoración e a determinación dos xuros de mora na expropiación urxente; 4.6.3. A insolvencia do beneficiario;* 4.7. O control xudicial da expropiación forzosa: *4.7.1. Control xudicial do acordo de necesidade de ocupación na expropiación ordinaria; 4.7.2. O control xudicial da declaración de urxencia; 4.7.3. O control xudicial da fixación do prezo xusto;* 4.8. A expropiación por ministerio da lei no ámbito urbanístico.—5. A REVERSIÓN EXPROPIATORIA: 5.1. Concepto e supostos; 5.2. O titular do dereito de reversión e a existencia de terceiros adquirentes; 5.3. O procedemento para exercer a reversión. A restitución da indemnización; 5.4. A imposibilidade legal da reversión.—6. A OCUPACIÓN TEMPORAL.—7. BIBLIOGRAFÍA: 7.1. Bibliografía citada; 7.2. Bibliografía complementaria recomendada.

1. DETERMINACIÓNS CONSTITUCIONAIS SOBRE A ACTIVIDADE EXPROPIATORIA DA ADMINISTRACIÓN

1.1. Concepto de expropiación forzosa

1. A expropiación forzosa é unha institución tradicional cuxa finalidade é a **adquisición de bens e dereitos dos particulares por vía coactiva** por parte das Administracións públicas para a realización das competencias sectoriais que teñen atribuídas. Pénsese, por exemplo, na expropiación dun predio para a construción dunha estrada. Aínda que as expropiacións máis frecuentes se refiren a bens inmobles, e moitas delas traen causa da ordenación urbanística das cidades, tamén poden expropiarse outros bens e dereitos (por exemplo, un cadro, un libro histórico ou as accións dunha sociedade mercantil). Dado que a expropiación de predios é cuantitativamente a máis frecuente, a lexislación expropiatoria xeral implicitamente pensa nos inmobles ao regular o procedemento e as garantías expropiatorias. No mesmo sentido, tamén esta lección se refire de forma preferente ás expropiacións de predios.

2. A expropiación está prevista na Constitución (tamén no dereito europeo —art. 17 Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea, CDFUE— e no convenio de Roma —art. 1 do Protocolo adicional 1.º—). O artigo 33.3 da Constitución española (CE), aínda que non utiliza a expresión "expropiación forzosa", si recoñece e lexitima a súa existencia ao referirse á posible privación de bens e dereitos por causa xustificada de utilidade pública ou interese social, mediante a correspondente indemnización. A expropiación forzosa aparece así como un **concepto formal** no artigo 33.3 da CE. A intervención sobre a propiedade só pode considerarse expropiatoria se reúne os requisitos formais alí establecidos (declaración de utilidade pública ou interese social, procedemento legalmente establecido e indemnización). Esta determinación constitucionalizou o concepto establecido pola Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 (LEF) e polo Regulamento de desenvolvemento (REF), aprobado polo Decreto do 26 de abril de 1957 (crítico RODRÍGUEZ DE SANTIAGO, 2008: 180), onde se concibe a expropiación como a **privación imperativa de bens e dereitos dos particulares**, en canto concepto formal articulado sobre a afectación singular a un círculo determinado ou determinable de afectados (a partir do traballo clásico de GARCÍA DE ENTERRÍA, 1984: 67).

3. O concepto formal de expropiación forzosa permite diferenciala doutra institución moi próxima e consagrada no artigo 106.2 da CE, como é a **responsabilidade patrimonial** da Administración polos danos e perdas causados na súa actuación (*infra.* § 32.4). Mediante a responsabilidade patrimonial, a Administración indemniza os particulares polos danos e perdas causado na súa actuación, non os priva dun ben ou dereito mediante un procedemento específico (o de expropiación forzosa). Mentres que a responsabilidade patrimonial simplemente atende a un posible **resultado danoso**, a expropiación forzosa é unha decisión procedementalizada da Administración pola que, en determinadas circunstancias (utilidade pública ou interese social), mediante un concreto procedemento regulado pola lei, e mediando un prezo xusto, pode adquirir coactivamente ou privar un particular dun ben ou dereito. Conforme a actual regulación da responsabilidade patrimonial pública (arts. 32 a 37 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, LRXSP), cando a Administración expropia

formalmente un ben ou dereito, seguindo o procedemento específico regulado na LEF, obviamente cáusalle un dano ou prexuízo ao expropiado, e ese dano ha de ser indemnizado. Pero non está a incorrer en responsabilidade patrimonial, pois a expropiación é precisamente un dos supostos nos que existe o que o artigo 32.1 da LRXSP considera como "danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo coa lei".

4. Conforme a doutrina constitucional, por todas STC 116/2019, FX 3, a funcionalidade da expropiación no noso sistema é dobre. Dunha parte, configúrase como unha **técnica (potestade, competencia) ordinaria** que as administracións poden utilizar para a consecución dos intereses públicos. Doutra parte articúlase como unha **garantía constitucional do dereito de propiedade privada**, na medida en que con ela se asegura unha xusta compensación económica a quen, por razóns de utilidade pública ou interese social, se ve privado dos seus bens ou dereitos de contido patrimonial. Podería pensarse que o papel do **principio de proporcionalidade** na protección da dereito propiedade podería pensarse que requiriría o intento de adquisición da propiedade a través de negocios xurídico-privados, optando pola expropiación só se a adquisición voluntaria non resulta factible. Non obstante, salvo que a concreta norma legal que regula a utilización da expropiación forzosa impoña ese intento de adquisición voluntaria, a falta de tal intento non ten transcendencia invalidatoria ningunha. Porén, se a administración expropiante ou o beneficiario da expropiación ostenta xa a disponibilidade do terreo en virtude dun negocio xurídico-privado que permita a utilización para o fin de utilidade pública ou interese social, o devandito terreo debe excluirse do expediente expropiatorio (STS do 12 de xuño de 2025, ECLI:ES:TS:2025:2744).

5. Además da figura da expropiación executada pola Administración con base na lei, esta pode efectuarse directamente por unha lei (non existe aquí unha reserva de Administración); por exemplo, a **expropiación lexislativa** realizada para a adquisición coactiva dun inmoble destinado á ampliación do parlamento autonómico pola Lei canaria 2/1992. A doutrina constitucional (STC 45/2018, FX 4) configura como expropiación lexislativa "a privación singular dun dereito subxectivo de contido patrimonial, a subtracción ou ablación dun dereito imposta a un só suxeito, que aparece nominalmente identificado, que se estende a toda clase de dereitos e intereses patrimoniais, e cobre os dereitos recoñecidos a través de accións de protección social" realizada directamente por unha norma con rango de lei. Tratándose dunha lei, o único control xurisdicional posible correspóndelle ao Tribunal Constitucional. Para este posible control, o canon de constitucionalidade destas leis expropiatorias singulares está conformado por un dobre nivel. En primeiro lugar, o canon de constitucionalidade esixido a toda lei singular. A lei expropiatoria singular debe respectar o principio de igualdade, que demanda que a lei singular responda a unha **situación excepcional** igualmente singular (canon de razonabilidade, proporcionalidade e adecuación). Ademais, debe respectar o dereito á tutela xudicial efectiva, na medida en que unha lei singular pode impedir o acceso ao control xudicial de dereitos e intereses lexítimos afectados e eliminar a posibilidade dun control xudicial da mesma intensidade que puidesen realizar os tribunais da xurisdición contencioso–administrativa. En segundo lugar, e dado o seu concreto obxecto, a lei singular expropiatoria debe respectar as **garantías do artigo 33.3 da CE**, fundamentalmente a esixencia dunha *causa expropiandi*. Isto é, requiren unha específica finalidade de utilidade pública ou interese social. Obviamente, tamén deben garantir a indemnización correspondente. En canto á garantía do procedemento, tamén mencionada no artigo 33.3 da CE, a propia singularidade do suposto de feito que lexitima a expropiación lexislativa autoriza o lexislador para introducir no procedemento xeral as modificacións que esixa

esta singularidade excepcional, sempre que se insiran como especialidades razoables que non dispensan da observancia das demais normas dos procedementos contidos na lexislación xeral.

6. A dificultade de compatibilizar a lei singular co **dereito á tutela xudicial efectiva** (art. 24 CE) é evidente: tratándose dunha lei, o particular afectado non pode impugnala ante a xurisdición contencioso-administrativa; só o Tribunal Constitucional pode axuizar as leis e é así que os particulares carecen de lexitimación para impugnar as leis ante o Tribunal Constitucional. Conforme a STEDH do 23 de xuño de 1993 —Asunto Ruiz Mateos vs. España—, debe articularse un trámite de audiencia ante o TC cando os recorrentes institucionais lexitimados cuestionasen a lei ante o Tribunal Constitucional (por exemplo, mediante a cuestión de inconstitucionalidade que poden elevar os xuíces e tribunais ante o Tribunal Constitucional) e os afectados así o soliciten —a pesar de non estar previsto na LOTC e non ser unha práctica seguida polo TC—. Segundo a STC 48/2005, FX 6, un acto lexislativo expropiatorio só será constitucionalmente admisible se o control xurisdicional que admiten as normas con rango de lei (recurso directo, cuestión e autocuestión de inconstitucionalidade; esta última logo de amparo) é suficiente, en cada caso, para brindar unha **tutela materialmente equivalente** á que pode dispensar fronte a un acto administrativo un xuíz do contencioso. Iso supón que o control do TC sobre as leis expropiatorias singulares se proxecta sobre a idoneidade dos bens para expropiar para a consecuencia do fin lexitimamente perseguido e sobre se a natureza mesma deses bens, a súa identidade, diversidade ou localización tornan imposible, por insuficiente, o recurso á expropiación administrativa.

7. En ocasións, así e todo, non é fácil determinar cando unha lei expropiou un ben ou dereito (que é o que regula o artigo 33.3 da CE e que xa vimos que esixe indemnización) e cando unha lei **configurou lexitimamente un dereito patrimonial conforme a súa función social** (ao que se refire o art. 33.2 da CE), e que non require indemnización. Nos anos oitenta do século xx, diversas leis sobre bens de dominio público natural (como as augas e as costas) impuxeron diversos deberes e límites aos dereitos patrimoniais sobre eses bens naturais ou sobre predios lindeiros con eles. En termos xerais, o Tribunal Constitucional considerou que aqueles límites e deberes legais non eran unha privación de bens particulares, senón a configuración legal de concretos dereitos patrimoniais sobre certos bens nos que o interese social está presente dunha forma especialmente intensa (STC 227/1988, sobre a Lei de augas de 1985, e STC 149/1991, sobre a Lei de costas de 1988).

8. Nesta liña, diversos tratados internacionais, fundamentalmente en materia de investimentos internacionais, incorporan a protección do investidor estranxeiro tanto fronte á figura da expropiación formalizada (administrativa ou lexislativa) como fronte á figura denominada polo Dereito administrativo global como **"expropiación indirecta".** Trátase de medidas lexislativas que, malia non privaren da súa propiedade os investidores, teñen efectos equivalentes a esta ao afectar negativamente ás lexítimas expectativas dos investidores estranxeiros que ven modificado o réxime normativo existente no momento inicial do investimento e que reduce os beneficios esperados. O principio do trato xusto e equitativo plasmado nos diversos tratados require que o Estado anfitrión actúe coa debida transparencia, proporcionalidade e non discriminación nas súas decisións gobernamentais, absténdose de frustrar as lexítimas expectativas dos investidores, xeradas a partir da súa propia actuación. O fundamento da figura da "expropiación indirecta" é, polo tanto, a confianza lexítima. En caso contrario, debe indemnizar ese investidor estranxeiro pola afección ao valor do investimento realizado, sendo determinada tanto a existencia da expropiación indirecta como a contía indemnizadora polo órgano arbitral determinado polo correspondente tratado internacional. Iso ocorreu, por exemplo, ante a modificación do réxime de beneficios e exencións outorgadas á produción de enerxía renovable no período 2010-2013, cuxa redución motivou múltiples laudos arbitrais do Ciadi (Banco Mundial) desfavorables a España nos termos previstos polos artigos 10 e 13 do Tratado da Carta da Enerxía.

9. Graficamente, o desenvolvemento dun procedemento expropiatorio pode describirse como unha sucesión de diferentes elementos (ou "pezas separadas") que integran un procedemento complexo. Requírese, en primeiro lugar, a declaración da utilidade pública ou o interese social dunha actividade (por exemplo, construción de

estradas, reforma agraria, desenvolvemento de telecomunicacións). Tras iso requírese declarar a necesidade de ocupación dos bens ou dereitos concretos necesarios para desenvolver esa actividade (identificando as concretas parcelas que se van expropiar); deben valorarse os bens ou dereitos (peza separada de prezo xusto), así como procederse ao seu pago e ocupación. A orde na que se desenvolven esas fases varía en función de que se trate do denominado procedemento ordinario ou o procedemento urxente de expropiación (*infra* § 26.26 e ss.).

1.2. Distribución competencial entre o Estado e as comunidades autónomas

10. Conforme o artigo 149.1.18 da CE, a competencia primaria para regular o instituto expropiatorio correspóndelle ao lexislador estatal, co fin de garantir a existencia dunha **regulación xeral** da institución expropiatoria en todo o territorio do Estado. Esta non é unha «simple» competencia básica susceptible de desenvolvemento polas comunidades autónomas (CHINCHILLA, 2009:134). A uniformidade requirida pola Constitución (art. 14 CE) supón a igual configuración e aplicación das garantías expropiatorias en todo o territorio do Estado. Garantías que se concretan na existencia dun **único sistema de valoración do prezo xusto** e dunhas **garantías comúns no procedemento expropiatorio** (STC 14/2007, FX 4). Tamén pode o Estado fixar, na lexislación xeral ou nunha lei sectorial, normas de procedemento con carácter mínimo ou principial en ámbitos sectoriais de competencia autonómica en canto expresión ou modulación das normas procedementais xerais.

11. Iso ocorre, por exemplo, no ámbito urbanístico coa previsión do artigo 43.2 do Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana (TRLSRU). Esta lei sectorial permite o pago do prezo xusto en especie (terreos ou aproveitamento urbanístico) na xestión das actuacións sobre o medio urbano sen que se requira o consentimento do propietario, se se cumpren uns determinados requisitos. Esta regulación constitúe unha especialidade con respecto á regulación xeral do procedemento expropiatorio establecida no art. 48 da LEF, onde se esixe o consentimento do propietario para o pago en especie (STC 143/2017, FX 18).

12. A **competencia autonómica** respecto do procedemento expropiatorio circunscríbese á regulación das especialidades por razón da materia (por exemplo, no ámbito urbanístico incorpórase o procedemento de taxación conxunta para valorar globalmente o conxunto de solos expropiados) sempre que non alteren esa igualdade substancial (STC 164/2001, FX 38), así como á dimensión organizativa no desenvolvemento do procedemento (STC 364/2006, FX 2), respecto da composición dos órganos autonómicos de valoración.

13. A definición dos **supostos de utilidade pública ou interese social** presenta un carácter meramente instrumental, vinculándose á competencia substantiva sobre o sector material de que se trate. En consecuencia, a declaración de utilidade pública ou interese social correspóndelle ao Estado ou á comunidade autónoma a través da correspondente lei, segundo quen sexa o titular da competencia sectorial material. E aquí a competencia autonómica está limitada pola eficacia territorial do exercicio

das competencias autonómicas (STC 158/2019, FX 7). Porén, o Estado si pode establecer a operatividade da expropiación forzosa (afirmando a utilidade pública ou o interese social), aínda que non con carácter obrigatorio en materias de competencia autonómica (por exemplo, en materia de urbanismo, art. 42 TRLSRU) baixo a cobertura do artigo 149.1.1 CE, con independencia do sector material no que este se insira (STC 54/2002, FX 3).

2. O OBXECTO DA EXPROPIACIÓN. BENS INCLUÍDOS NO TRÁFICO XURÍDICO

14. A expropiación pode proxectarse sobre calquera **ben ou dereito de contido patrimonial, xa se trate dun ben inmoble ou dun ben moble,** que non estea excluído legalmente do tráfico xurídico. Non cabe, polo tanto, a expropiación de bens demaniais, como, por exemplo, unha rúa ou praza de titularidade pública. Se se inicia tal procedemento expropiatorio sobre bens demaniais, este será nulo de pleno dereito tanto por non seguir o procedemento administrativo legalmente establecido (desafectación previa ou mutación demanial) como pola incompetencia da Administración expropiadora para destinar o ben demanial a outro destino público (STS do 30 de xuño de 2015, ECLI:ES:TS:2015:3102).

3. OS SUXEITOS DA EXPROPIACIÓN

3.1. A Administración expropiadora

15. O artigo 33.3 da CE, en relación co artigo 53.1 da CE, incorpora unha **reserva de lei** na determinación do suxeito xurídico-público que poderá exercer a potestade expropiatoria. Con carácter xeral (art. 2.1 LEF) as **administracións territoriais ou xerais** (Administración xeral do Estado, administracións xerais das comunidades autónomas e entidades locais) poderán exercer no ámbito competencial outorgado polas leis sectoriais a potestade expropiatoria. Tamén a **Administración instrumental ou especial** *(supra* § 8.26) pode ter a condición de Administración expropiadora (crítico GARCÍA DE ENTERRÍA, 1956: 46), pero só cando a lei expresamente lle outorgue tal competencia [por exemplo, o artigo 30.2.j) do Decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, TRLA, outorga a competencia expropiatoria ás confederacións hidrográficas]. En caso contrario, a Administración instrumental só poderá ter a consideración de beneficiario da expropiación (art. 89.2 LRXSP).

16. Na Administración estatal a representación do Estado nos expedientes expropiatorios correspóndelle ao **delegado do goberno** (art. 3.3 REF e 73.2 LRXSP) salvo que unha norma lle atribúa expresamente a competencia a outro órgano distinto. Iso ocorre, por exemplo, coas facultades de incoación e tramitación de expedientes relacionados cos servizos de obras públicas, que lles corresponderán aos enxeñeiros xefes dos servizos respectivos (art. 98 LEF). No ámbito das comunidades autónomas, as competencias exerceranas os órganos que cada estatuto de autonomía e as normas sectoriais

determinen. Na Administración local, correspóndelles aos concellos, ás provincias e ás illas a potestade expropiatoria (art. 4.1.d) da Lei 7/1985, do 25 de abril, reguladora das bases do réxime local [LBRL]).

3.2. O beneficiario da expropiación

17. En moitas ocasións, a finalidade de relevancia pública que xustifica o recurso á expropiación non o leva a cabo directamente a Administración expropiadora, senón un terceiro ao que se denomina **beneficiario** da expropiación e que como obrigación principal asume o pago do prezo xusto e obtén ora a propiedade, ora o uso temporal dos bens expropiados. A condición de beneficiario da expropiación atribúeselle (art. 2.2 LEF e 3.1 REF) por lei ou con base na lei (a través dunha autorización resolutiva ou unha concesión contractual) ao suxeito que representa o interese público ou social para cuxa realización está autorizado a instar da Administración expropiadora o exercicio da potestade expropiatoria.

18. A atribución da condición de beneficiario realízase directamente **por lei** (por exemplo, o artigo 6.3 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario atribúelle esa condición ao administrador de infraestruturas ferroviarias); **ou con base na lei** ao outorgarse unha autorización de operador privado (por exemplo, conforme o artigo 44.1 da Lei 11/2022, do 28 de xuño, xeral de telecomunicacións). Tamén pode atribuírse mediante unha concesión contractual (por exemplo, conforme o artigo 183.3 da Lei 5/2022, do 15 de xullo, de ordenación do territorio e urbanismo de Cantabria, atribúese tal condición ao axente urbanizador seleccionado en pública concorrencia).

19. O beneficiario **subrógase** en determinadas e limitadas facultades da Administración expropiadora. O beneficiario non é, en puridade, máis que un "interesado cualificado" no procedemento expropiatorio (CHINCHILLA, 2018: 46) **especial** *(supra* § 15.37). A responsabilidade da tramitación e da competencia sobre o expediente expropiatorio segue estando residenciada na Administración expropiadora.

20. No procedemento expropiatorio, a Administración expropiadora exerce unha **tutela material** sobre a actuación do beneficiario. Consecuentemente, a Administración expropiadora pode incidir sobre a concreción dos bens e dereitos afectados, tanto no momento inicial da aprobación dos correspondentes proxectos como nun momento posterior, sexa no momento da concreción da superficie na acta de ocupación sexa ante a solicitude de exclusión de bens realizada polo suxeito expropiado. A Administración expropiadora tamén reserva para si a facultade de decidir executoriamente sobre a procedencia e extensión das facultades e obrigacións do beneficiario. Para o Tribunal Supremo, o vínculo que xorde entre a Administración e o beneficiario non estende os seus efectos fronte ao suxeito expropiado (STS do 19 de febreiro de 2016, ECLI:ES:TS:2016:538).

21. As Administracións territoriais e os seus entes instrumentais poden ser tamén beneficiarias da expropiación tramitada por outra Administración territorial, o que se determinará por lei ou mediante un convenio de colaboración *(supra* § 13.46).

3.3. O suxeito expropiado

22. A Administración expropiadora (e o beneficiario) debe verificar as actuacións expropiatorias co **titular do ben ou do dereito expropiado.** Para ese efecto, considerará propietario ou titular a quen con este carácter conste en rexistros públi-

cos que produzan presunción de titularidade (Rexistro da Propiedade), que só pode ser destruída xudicialmente, ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais (Catastro). Só en ausencia de ambas as situacións, poderá considerarse titular o que o sexa pública e notoriamente (art. 3 LEF).

23. Se a Administración expropiadora ou o beneficiario obvian a información das titularidades proclamada polo Rexistro da Propiedade e acoden directamente ao Catastro, presúmese **indefensión** do expropiado e a consecuencia será a nulidade do expediente expropiatorio (STS do 19 de setembro de 2014, ECLI:ES:TS:2014:3681).

24. Unha vez que se produce a transmisión xurídico-privada do ben expropiado antes da conclusión da tramitación do procedemento expropiatorio ou de calquera outro dereito ou interese, deberá continuarse o expediente expropiatorio co novo titular, que se considerará **subrogado** nas obrigas e dereitos do anterior (art. 7 LEF). A Administración expropiadora só está obrigada a tomar en consideración as transmisións xudiciais, as *inter vivos* que consten en documento público e as *mortis causa* verbo dos herdeiros ou legatarios (art. 7 REF).

25. Se non consta identificado propietario ningún, as actuacións seguiranse co **Ministerio Fiscal**. Se se presentan perante a Administración títulos contraditorios, o predio terá a condición de **litixioso** e entenderanse as actuacións con todos eles (STS do 6 de febreiro de 2012, ECLI:ES:TS:2012:480). En ambos os casos se consignará na Caixa Xeral de Depósitos o importe do prezo xusto ata que se determine na vía civil a titularidade correspondente (art. 5 LEF).

26. Respecto dos titulares de **dereitos reais e dereitos arrendaticios** que existan sobre o ben expropiado, a súa participación no expediente expropiatorio require a solicitude da persoa interesada e a acreditación ante a Administración da existencia e titularidade de tal dereito (art. 4 LEF). Só se iniciará unha peza separada de prezo xusto para o titular do dereito arrendaticio. O resto dos titulares de dereitos reais integraranse na peza separada de prezo xusto do propietario e obterán a súa indemnización do prezo xusto fixado para aquel.

4. O PROCEDEMENTO EXPROPIATORIO

27. A LEF articula dúas modalidades do procedemento expropiatorio. Unha, configurada aparentemente como a modalidade **ordinaria**, onde se identifican os bens, se valoran e posteriormente se pagan e ocupan. A outra é a expropiación **urxente**, formalmente cualificada como extraordinaria, pero que na práctica se converteu na utilizada habitualmente, onde se identifican os bens, se ocupan e, posteriormente, se determina e se aboa o seu valor. Por razóns explicativas exponse en primeiro lugar a modalidade ordinaria e a continuación sinálanse as modulacións propias do procedemento urxente. Ademais, a LEF incorpora diversas especialidades ou modulacións en función do obxecto expropiado (cando afecta a zonas ou grupos de bens, arts. 59 a 70 LEF; cando afecta a bens de valor histórico ou artístico, arts. 76 a 84 LEF; ou cando dea lugar ao traslado de poboacións, arts. 86 a 96 LEF).

4.1. O requisito previo. A declaración de utilidade pública ou interese social

28. O artigo 33.3 da CE incorpora unha **reserva de lei**, estatal ou autonómica en función do ámbito competencial ao que sirva instrumentalmente a expropiación, para a identificación da causa de utilidade pública ou interese social que xustifica a expropiación (denominada na doutrina e na xurisprudencia como causa expropiandi). Conforme a STC 166/1986, FX 13, a concepción constitucional da *causa expropiandi* inclúe tanto as expropiacións forzosas nas que o fin predetermina o destino dos bens e dereitos como aqueloutras nas que o fin admite varios posibles destinos.

29. A declaración de utilidade pública ou interese social pode ter distintas formulacións: **xenérica, implícita e específica ou singular** (GALLEGO, 1993: 10). A lei pode conter unha **declaración xenérica** de utilidade pública para unha categoría ou grupo de bens. O seu recoñecemento para cada caso concreto deberá facerse entón por **acordo** (acto administrativo) do órgano competente, salvo que, para categorías determinadas de obras, servizos ou concesións, as leis que as regulan dispuxesen outra cousa (art. 10 LEF).

30. Así, por exemplo, a Lei galega 1/2019, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas (arts. 24 e 32), declara o interese social da expropiación como reacción ante o incumprimento do deber de conservar as edificacións e evitar a súa situación de ruína. O recoñecemento concreto do interese social establécese respecto de cada inmoble polo acordo do pleno do concello que, tras un procedemento contraditorio, declare o incumprimento do deber de conservación e fixe a expropiación como medio de execución.

31. En segundo lugar, a lei pode considerar que a declaración de utilidade pública ou interese social está implícita nun concreto acto ou decisión administrativa. Así, o artigo 10 da LEF incorpora unha **declaración implícita** de utilidade pública para todos os plans de obras e servizos do Estado, comunidade autónoma, provincia e concello (art. 10 LEF). Trátase, en rigor, dun suposto de declaración xenérica, aínda que non require posterior recoñecemento para cada caso concreto, en virtude do disposto directamente pola LEF. Este mesmo esquema adóptano outras leis sectoriais que lle atribúen esta declaración implícita á aprobación de instrumentos de planeamento, planificación e construción de infraestruturas públicas ou ao outorgamento de concesións.

32. Así, en materia de **urbanismo** (art. 42.2 TRLSRU) precísase que a aprobación dos instrumentos da ordenación territorial e urbanística que determine a súa lexislación reguladora suporá a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos correspondentes, cando estes instrumentos habiliten para a súa execución e esta deba producirse por expropiación. Determinación que é reiterada pola lexislación urbanística autonómica. Por exemplo, a Lei balear 12/2017, do 29 de decembro, de urbanismo (art. 132.3). A práctica lexislativa puxo de relevo como, de feito, a declaración de utilidade pública implícita é a formulación habitual, o que, unido a que en moitas delas se prevé, ademais, o carácter implícito da necesidade de ocupación e a urxencia desta (§ *infra.* 26.56), permite cuestionarse se iso respecta as necesarias garantías de defensa do suxeito expropiado (FUERTES, 2012: 161). Non é xa directamente a lei a que xustifica a expropiación, senón que é a Administración a través da aprobación do plan quen determina a prevalencia da obra ou infraestrutura (pública ou privada) sobre o dereito de propiedade privada, sen que quede garantida unha adecuada ponderación dos custos causados e da utilidade obtida. A iso deben unirse as dificultades que o propietario ten para cuestionar tal necesidade de ocupación (§ *infra.* 26.65).

33. Finalmente, cabe que a lei estableza unha **declaración especifica** da utilidade pública para un caso concreto (art. 11 LEF). Aquí prodúcese unha declaración concreta da *causa expropiandi*, pero con suxeición ás garantías e ao procedemento expropiatorio xeral.

34. Así, por exemplo, a Lei andaluza 11/1998 (art. 13) declara a utilidade pública e o interese social, para os efectos de expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios, a realización das actuacións precisas para recuperar o equilibrio ecolóxico e os recursos naturais da zona afectada pola rotura da balsa de decantación de residuos da mina situada no concello de Aznalcóllar (Sevilla).

4.2. O procedemento ordinario (I). A concreción dos bens que deben expropiarse. A declaración de necesidade de ocupación

4.2.1. O procedemento de determinación da necesidade de ocupación

35. A primeira fase do expediente expropiatorio diríxese a concretar os bens que serán obxecto da expropiación. O artigo 33.3 da CE (STC 166/1986, FX 13) impón unha **estrita vinculación** entre a *causa expropiandi* e o obxecto expropiado, podendo expropiarse só aqueles bens que resulten indispensables e que se concretan (art. 15 LEF) a través do acordo de necesidade de ocupación. Este acordo enténdese **implícito** na aprobación dos proxectos de obras e servizos, e instrumentos de plan, que comprendan unha descrición detallada dos bens ou dereitos de necesaria expropiación (art. 17.2 LEF). Se non incorporan tal descrición detallada, é necesaria esta identificación mediante a adopción posterior do acordo de necesidade de ocupación. Noutro caso, debe adoptarse de forma **explícita** mediante o correspondente procedemento, onde se require que o beneficiario (ou a propia Administración expropiadora, se non existe aquela figura) elabore "unha relación concreta e individualizada na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria expropiación" (art. 17.1 LEF). Tal relación sométese á información pública e notifícaselles individualmente aos propietarios afectados. Nese trámite pódese alegar tanto sobre a concreta superficie afectada e a identificación dos bens e dereitos, como sobre a non necesidade de expropiación dos bens, achegando a xustificación correspondente. A falta de notificación persoal determina a nulidade do acordo de ocupación (STSX de Castela-A Mancha do 18 de decembro de 2023, ECLI:ES:TSXCLM:2023:2906).

4.2.2. Expropiación parcial e solicitude de expropiación total

36. Se a expropiación se proxecta só sobre unha parte dun predio, o suxeito expropiado pode solicitarlle á Administración expropiadora ou ao beneficiario a expropiación total cando a conservación ou explotación do resto resulte **antieconómica** para aquel. A Administración pode decidir libremente se estende a expropiación á totalidade do predio (art. 23 LEF), aboando o valor correspondente á súa totalidade. A Administración non está obrigada a ampliar a expropiación, xa que esoutros bens

non resultan necesarios. Mais perante a negativa da Administración de proceder á expropiación total, por resultar antieconómica a conservación de parte do predio non expropiado, o particular ten dereito a unha indemnización por tal prexuízo (art. 46 LEF) (*infra* § 26.43).

4.3. O procedemento ordinario (II). A determinación do prezo xusto

4.3.1. Modalidades de determinación do prezo xusto

37. A LEF (art. 24) posibilita que entre a Administración expropiadora ou, de ser o caso, o beneficiario se este existe e o suxeito expropiado, se acorde o prezo xusto a través dun **convenio expropiatorio**. A través deste fíxase o valor do ben expropiado e, de ser o caso, establécense estipulacións sobre o pago (ou calquera outra cláusula), o que lle pon fin ao procedemento simple de determinación do prezo xusto, substituíndo a resolución que fixa o valor do ben, nese caso debe ser completado coa correspondente acta de pago e ocupación. Pero este convenio tamén pode tornar innecesarias as actuacións materiais que posibilitan a transferencia da titularidade do ben ou dereito (CHINCHILLA, 2009: 79). Configúrase así como unha modalidade de remate convencional do procedemento do artigo 86 LPAC *(supra* § 15.82)

38. De rexeitarse o mutuo acordo sobre a valoración do ben, debe procederse á determinación contraditoria do prezo xusto. Para iso, a Administración expropiadora requirirá do suxeito expropiado que presente unha valoración motivada —nun documento denominado **folla de aprecio**— por referencia aos criterios legais de valoración (art. 29 LEF). Se a Administración expropiadora ou o beneficiario, de ser o caso, considera adecuado o valor solicitado polo suxeito expropiado, aceptarao e entenderase fixado en tal momento de forma definitiva o prezo xusto do ben (art. 30.1 LEF). Se considera tal valor incorrecto, rexeitarao e formulará, pola súa vez, a correspondente folla de aprecio (se existe a figura do beneficiario, correspóndelle exclusivamente a este formular a folla de aprecio), que poderá ser ou non aceptada polo suxeito expropiado (art. 30.2 LEF). Se é rexeitada, as actuacións elévanse ao **xurado provincial de expropiación forzosa ou órgano autonómico de valoración** para que, á vista das follas de aprecio formuladas polos propietarios e pola Administración, decida executoriamente sobre o prezo xusto que lles corresponda aos bens ou dereitos obxecto da expropiación (art. 34 LEF). A competencia correspóndelle ao órgano autonómico de valoración se a comunidade autónoma o creou e ela ou os entes locais son a Administración expropiadora. Se non o creou ou a Administración expropiadora é a Administración estatal, a competencia correspóndelle a cada xurado provincial de expropiación forzosa.

39. As follas de aprecio do suxeito expropiado e da Administración ou do beneficiario configúranse como simples «declaracións de vontade mediante as cales as partes fixan de modo concreto o prezo que estiman xusto» (STS do 21 de abril de 2009, ECLI:ES:TS:2009:2959). Estas teñen un **carácter vinculante** para as partes (arts. 29

e 34 LEF) polo que o valor total alí fixado non pode ser modificado ao longo da tramitación da fase de prezo xusto ou no posterior recurso contencioso-administrativo.

40. No procedemento de **taxación conxunta** regulado polas leis autonómicas en materia de urbanismo, a Administración expropiadora ou o beneficiario han de elaborar unha folla de aprecio global para todos os bens e unha individual para cada un deles que, ademais de ser sometidas a información pública co resto da documentación, teñen que ser notificadas individualmente ao titular do ben. Fronte a esta caberá formular as alegacións correspondentes, que poderán consistir, entre outros extremos, na realización dunha nova valoración do ben (é dicir, formulando o propietario a súa folla de aprecio). Tras iso, a Administración adopta unha resolución que lle pon fin ao procedemento de taxación conxunta aprobándoo e, polo tanto, fixando o valor que lle corresponde ao ben ou dereito. Esta resolución devén eficaz tras a súa notificación, autorizando a ocupación do ben, fornecendo o pago ou depósito do importe da valoración establecida para os efectos previstos no artigo 52 da LEF, con independencia do posible recurso ao xurado provincial de expropiación ou órgano autonómico de valoración. No procedemento de taxación conxunta, o silencio do suxeito expropiado fronte á folla de aprecio da Administración expropiadora ou do beneficiario determina a súa firmeza.

41. O xurado provincial de expropiación forzosa ou o órgano autonómico de valoración non pode ser configurado como un órgano de natureza arbitral, posto que a súa decisión non ten forza de cousa xulgada nin o acceso ao devandito órgano é voluntario (como alternativa aos medios «ordinarios» de impugnación) para o suxeito expropiado. Pola contra, ambos os dous se articulan como **órganos administrativos descentralizados** que actúan con independencia funcional (xerarquía debilitada) respecto da Administración na que se integran (CHINCHILLA, 2009: 110).

42. En canto á composición destes órganos de valoración, os xurados provinciais de expropiación forzosa integran unha representación que se cualifica doutrinalmente de equilibrada entre funcionarios da Administración e profesionais libres (como sinala FERNÁNDEZ, 2000: 96, ao afirmar que a súa composición é "paritaria"). Pola súa banda, os órganos autonómicos de valoración presentan dous tipos: aquel que, en liñas xerais, segue a composición «paritaria» regulada na LEF (por exemplo, País Vasco) e aqueloutro que lles outorga un predominio, máis ou menos significativo, aos funcionarios da Administración expropiadora (por exemplo, Canarias, Madrid ou Castela-A Mancha, ou Cataluña). O predominio de funcionarios da Administración expropiadora e a inexistencia ou minoría dos "representantes" dos intereses dos propietarios conduciu un sector doutrinal (FERNÁNDEZ, 2000: 105) a cuestionar a súa independencia e a imparcialidade das súas decisións. Fronte a iso pode opoñerse que a independencia e neutralidade de todos estes órganos non atopa o seu fundamento na paridade ou non da súa composición, posto que de ningún xeito representan no seu seo os intereses do propietario os membros non designados pola Administración. Pola contra, a imparcialidade e obxectividade debe atoparse exclusivamente na adopción dunha decisión con pleno sometemento á lei e con aplicación estrita dos criterios legais de valoración. O réxime de garantías do particular suxeito a un procedemento expropiatorio materialízase, de forma suficiente, no dobre eixe da garantía do procedemento e das regras de valoración do prezo xusto fixadas polo lexislador estatal (STC 364/2006, FX 2).

4.3.2. Os criterios de valoración. A indemnización por demérito

43. A valoración dos bens expropiados debe remitirse ao **momento** de iniciación do expediente de prezo xusto individualizado ou de exposición ao público do proxecto de expropiación se se segue o procedemento de taxación conxunta [arts. 36.1 LEF e 34.2.b) TRLSRU]. Na determinación do valor dos bens non poden tomarse en conta as plusvalías que se xeren pola execución da expropiación. Tampouco poden tomarse en conta as melloras realizadas con posterioridade á incoación do

expediente de expropiación, salvo que sexan indispensables para a conservación dos bens (art. 36 LEF).

44. Cando a expropiación non se proxecta sobre a totalidade dun predio, se non se acorda a expropiación total do predio, deberá outorgarse unha indemnización polos prexuízos que se produzan como consecuencia da expropiación parcial do predio (art. 46 LEF). Pero esa indemnización só resulta procedente se o resto non expropiado do predio devén **antieconómico** por ser insusceptible de calquera tipo de aproveitamento ou rendemento económico e iso como consecuencia desa expropiación parcial (STS do 23 de abril de 2018, ECLI:ES:TS:2018:1583). Polo tanto, da división do predio non nace automaticamente ningún dereito á indemnización, é precisa a proba do prexuízo producido. Se a parte do terreo non expropiada non devén antieconómica, pero o rendemento económico da súa explotación se ve diminuído, tamén ten que ser compensado mediante a indemnización proporcionada ao prexuízo real producido (STS do 1 de marzo de 2018, ECLI:ES:TS:2018:685).

45. A Constitución non garante, en todo caso, o **valor de mercado** como valor indemnizador (STC 218/2015, FX 3). Con carácter xeral, a indemnización debe corresponderse co valor real do ben ou dereito, aínda que o lexislador estatal pode establecer criterios de valoración que non respondan a ese valor de mercado, sempre e cando garden un "**proporcional equilibrio" co valor económico** do ben expropiado e non resulten manifestamente carecedores de "base razoable" ou sexan "confiscatorios" (marxe de apreciación para establecer distintos métodos de valoración, na medida en que o mercado está suxeito a tensións especulativas que o lexislador debe tender a evitar por mandato constitucional). Desde a perspectiva constitucional (STC 166/1986, FX 13), **non se require que a indemnización haxa de ser previa á ocupación do ben** (que supón a extinción da titularidade privada), sendo constitucionalmente admisible que o pago se efectúe con posterioridade á ocupación dos bens e dereitos (*infra* § 26.56).

46. Os criterios de valoración, cando o obxecto expropiado sexa **un terreo ou as instalacións**, **construcións, edificacións** e os dereitos constituídos sobre tal terreo, establécense no TRLSRU. De forma sintética (CHINCHILLA, 2023), o solo valórase conforme a **situación básica** na que se atope. Así, o solo en situación básica rural valórase conforme a renda real ou potencial da explotación agrícola do terreo (art. 36 TRLSRU), incrementada, de ser o caso, cunha porcentaxe que atenda o factor de localización (posibles expectativas urbanísticas). Tamén se valora nese caso a privación da facultade de urbanizar (arts. 38 e 39 TRLSRU). O solo en situación básica de urbanizado valórase conforme o aproveitamento que teña atribuído (art. 37 TRLSRU), de ser o caso, a través do método residual. As edificacións e construcións valóranse conforme o seu custo de reposición (art. 35.3 TRLSRU). Pola súa vez, as concesións administrativas e os dereitos reais sobre inmobles que deban ser extinguidos pola expropiación valóranse conforme as normas fiscais (art. 35.4 TRLSRU). O principio de liberdade estimativa, artigo 43 LEF, non se aplica á expropiación de solos ou edificacións.

47. A cifra fixada como prezo xusto increméntase (art. 47 LEF) nun 5 por 100 adicional en concepto de "premio de afección" (que compensa o valor afectivo do ben expropiado) e que se calculará exclusivamente sobre o importe final dos bens ou dereitos expropiables, sen que proceda o seu aboamento sobre as indemnizacións complementarias (STS do 26 de outubro de 2015, ECLI:ES:TS:2015:4407).

4.3.3. A caducidade do prezo xusto polo transcurso do tempo. A figura da retaxación

48. Unha vez que o prezo xusto é determinado polo xurado provincial ou polo órgano autonómico de valoración (arts. 35.3 e 58 LEF), se este non é aboado nun prazo de catro anos, o suxeito expropiado ou os seus habentes causa poden instar unha **nova valoración** do ben. A **retaxación** configúrase así como o dereito do expropiado a unha nova avaliación das cousas ou dereitos obxecto de expropiación, polo mero transcurso de catro anos sen que o pago da cantidade fixada como prezo xusto se faga efectivo ou se consigne. A retaxación ten como *dies a quo* a data do acordo do órgano de valoración fixando o prezo xusto, a cal non se interrompe pola interposición de recursos xurisdicionais, senón unicamente polo pago ou consignación do prezo xusto fixado dentro do prazo fixado de catro anos (STS do 20 de novembro de 2017, ECLI:ES:TS:2017:4220).

49. A aceptación do pago con posterioridade ao prazo de catro anos sen que previamente se solicitase a retaxación, ou sen que conste unha reserva de accións na acta de pago, ten efectos liberatorios e resulta entón improcedente a retaxación [STS do 15 de setembro de 2016 (ECLI:ES:TS:2016:4139)].

50. A **retaxación** implica a realización dunha nova valoración que determina un novo prezo xusto. Non é unha mera actualización do prezo xusto orixinario. A nova valoración toma en conta os trazos xurídicos que presenta o ben no momento da solicitude de retaxación (como o aproveitamento e a clasificación urbanística de predios, que poden variar desde a fixación do prezo xusto inicial), así como as características físicas orixinarias do ben expropiado (tamaño etc.). Os cambios físicos producidos nun terreo como consecuencia da execución da obra que lexitima a expropiación non poden ser tomados en conta (art. 36 LEF), ao quedar excluídas do novo prezo xusto as plusvalías ou minusvalías que sexan consecuencia directa do proxecto de obras que dá lugar á expropiación (STS do 27 de abril de 2019, ECLI:ES:TS:2017:1716). Consecuentemente, trátase dun **novo expediente de prezo xusto** referido aos mesmos bens ou dereitos co único matiz do momento ou tempo ao que a nova valoración ha de contraerse, que será o día no que a retaxación se solicite. Esta configuración da retaxación determina que a normativa de valoración que debe aplicarse é a que se atope vixente no momento da solicitude (STS do 27 de abril de 2019, ECLI:ES:TS:2017:1716) e é indiferente se a normativa de valoración aplicada na determinación do prezo xusto foi outra distinta.

51. Na determinación do novo valor en retaxación, o xurado provincial ou o órgano autonómico de valoración (e en caso de impugnación a xurisdición contencioso-administrativa) **non pode fixar un valor inferior** ao valor do prezo xusto inicial, máis os intereses devindicados por esa cantidade ata o momento da solicitude da retaxación (STS do 27 de abril de 2019, ECLI:ES:TS:2017:1716). Establécese así unha prohibición de *reformatio in peius*, actuando o prezo xusto inicial como límite inferior da nova valoración (STS do 4 de decembro de 2017, ECLI:ES:TS:2017:4368).

4.4. A desistencia da expropiación

52. Unha vez que se iniciou o procedemento expropiatorio e antes de verificarse a ocupación dos terreos, a Administración, ou o beneficiario, pode apreciar que a totalidade ou parte destes **non resultan necesarios** e desistir da expropiación *(supra.* § 15.83). Iso pode realizarse ata o momento no que se fixou o prezo xusto do ben. A partir dese momento impónselle á Administración ou ao beneficiario a obrigación de ter que consumar a expropiación, sen posibilidade de poder renunciar á expropiación xa iniciada (STS do 17 de xullo de 2018, ECLI:ES:TS:2018:2967).

4.5. O procedemento ordinario (III). O pago e a ocupación do ben

4.5.1. Pago e consignación

53. A cantidade fixada como prezo xusto deberá **aboarlla** ao suxeito expropiado o beneficiario ou a Administración expropiadora, se aquel non existe, no prazo de seis meses (art. 48 LEF). O pago estará exento de toda clase de gastos, impostos ou gravames (art. 49 LEF). Se o expropiado rexeita recibir o pago ou existe litixio pendente, a Administración deberá proceder á súa consignación (art. 50 LEF e art. 51 REF). A **consignación** efectuarase "en metálico e en concepto de depósito necesario, sen xuro, á disposición do expropiado" na Caixa Xeral de Depósitos, á disposición do órgano xurisdicional. Téñense en conta así dous supostos distintos (STS do 20 de novembro de 2017, ECLI:ES:TS:2017:4220): (i) que, sen existir litixio, o propietario expropiado rexeite o pago e nese caso, para que a Administración expropiadora ou a beneficiaria queden liberadas da súa obriga de pagamento, é imprescindible que faga o ofrecemento de pago e, rexeitado este, se proceda a consignar o prezo xusto á disposición do expropiado; (ii) que exista litixio en relación co importe do prezo xusto e neste suposto o expropiado ten dereito a recibir ese límite mínimo do prezo xusto (parte do prezo xusto plenamente executiva na marxe da súa impugnación xurisdicional) e debe consignarse a cantidade restante.

54. O pago ou a consignación, no procedemento expropiatorio ordinario, posibilita que a Administración expropiadora ou o beneficiario procedan á **ocupación do ben expropiado**. A acta de ocupación, na que se detallan material e xuridicamente os bens e dereitos que se expropian, esténdese a continuación do pago, acompañada dos xustificantes deste. Esa acta é **título suficiente** para inscribir no Rexistro da Propiedade a transmisión do dominio, e cancélanse as cargas, gravames e dereitos reais de toda clase a que estivese afectado o ben ou dereito expropiado e que resulten incompatibles coa expropiación. A acta de ocupación, acompañada do xustificante da consignación do prezo ou do correspondente resgardo de depósito producirá os mesmos efectos (arts. 51 LEF e 55 REF).

4.5.2. Xuros de mora

55. Así que transcorran seis meses desde a iniciación legal do expediente expropiatorio sen que se fixase o prezo xusto (arts. 56 LEF e 71 REF), a cantidade en que se fixe este deberá implementarse cunha cantidade adicional cuxa contía virá determinada pola aplicación do **interese legal do diñeiro** proxectado sobre o prezo xusto polo prazo en que se supere eses seis meses. Pola súa vez, a cantidade que se fixe definitivamente como prezo xusto devindicará o interese legal correspondente a favor do expropiado, ata que se proceda ao seu pago e desde o momento en que transcorresen seis meses desde a súa fixación polo xurado provincial de expropiación ou o órgano autonómico de valoración. Os xuros de mora na fixación e no pagamento do prezo xusto devindícanse *ope legis*, de tal forma que a obriga de pagar xuros de mora vén imposta pola lei. A acción para reclamar os xuros de mora queda sometida a**o prazo de prescrición** de catro anos (art. 25 LXP). Mentres os xuros non sexan integramente pagados, tratándose dunha obrigación imposta por ministerio da lei, o expropiado sempre poderá instar, dentro dos prazos de prescrición, as oportunas accións para pedir ante a Administración ou os tribunais o debido cumprimento da obrigación (STS do 11 de outubro de 2001, ECLI:ES:TS:2001:7807).

4.6. O procedemento urxente

4.6.1. A declaración de urxencia

56. No esquema inicial da LEF incorpórase, con carácter excepcional (art. 52 LEF), a figura da expropiación urxente. A especialidade deste procedemento reside en que se altera a regra xeral do pago previo á ocupación. Conforme a doutrina constitucional (STC 166/1986, FX 13), debe considerarse este procedemento axustado ao artigo 33. 3 da CE, xa que este **non esixe o pago previo** da indemnización.

57. A práctica lexislativa puxo de relevo como o procedemento urxente se converteu, de feito, no procedemento expropiatorio habitual ao incorporarse na maioría de leis o carácter urxente desta, o que, unido á incorporación simultánea do carácter implícito da necesidade de ocupación na aprobación de plans ou proxectos, permite cuestionarse se iso respecta as necesarias garantías de defensa do suxeito expropiado (FUERTES, 2012: 161).

58. A declaración de **urxencia** pode establecerse **directamente nunha norma legal sectorial** ou posibilitar que sexa incorporada na **aprobación dun concreto proxecto de obras**.

59. Por exemplo, o artigo 118.10 da Lei galega 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, determina no ámbito urbanístico que na tramitación do sistema de expropiación a través do procedemento de taxación conxunta «o acordo de aprobación definitiva do expediente de taxación conxunta implicará a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados».

60. Mais tamén pode ser acordada de forma **individualizada** polo órgano administrativo competente. A natureza xurídica de tal declaración é a de acto administrativo, cun único destinatario ou unha pluralidade determinada de destinatarios

(STS do 11 de maio de 2015, ECLI:ES:TS:2015:1979). Neste suposto, con carácter xeral a declaración de urxencia na ocupación correspóndelle ao Consello de Ministros ou ao consello de goberno da comunidade autónoma en función da competencia material, e implica que se entenda cumprido o trámite de declaración de necesidade de ocupación dos bens que haxan de ser expropiados, segundo o proxecto e trazado de planta aprobados e os reformados posteriormente e dará dereito á súa ocupación inmediata, no prazo de quince días (art. 52 LEF). En principio, as entidades locais non poden formular esta declaración de urxencia, deben solicitarlla ao consello de goberno da comunidade autónoma, salvo que por lei autonómica se trasladase esta competencia ás entidades locais. Iso ocorre, por exemplo, no ámbito de Andalucía, onde a disposición adicional primeira, apartado 1.b), da Lei andaluza 5/2010, do 11 de xuño, de autonomía local, lle atribúe esa competencia á xunta de goberno local de cada concello.

61. A declaración de urxencia da ocupación, cando non está predeterminada legalmente, debe serlles **notificada individualmente** aos propietarios afectados, non bastando coa súa mera publicación no boletín oficial correspondente (STS do 4 de xuño de 2008, ECLI:ES:TS:2008:2666). Nas expropiacións urxentes segue sendo necesario o trámite de **información pública** para que calquera persoa poida opoñerse por motivos de fondo ou de forma á necesidade da ocupación e poida indicar as razóns polas que considera preferente a ocupación doutros bens ou a adquisición doutros dereitos distintos e non comprendidos na relación como máis conveniente para o fin que se persegue. E iso aínda que a urxencia estea implícita na aprobación do correspondente proxecto de obras e na aprobación deste se verifique un trámite de información pública esixido pola lexislación sectorial, xa que este só responde á corrección do trazado da infraestrutura e non permite a defensa do suxeito expropiado. Debe verificarse un trámite de información específico, pleno, non limitado á simple denuncia de erros na relación de bens e dereitos. O relevante é que ese trámite específico de información pública pode ser previo ou posterior á aprobación do proxecto de obras, no cal debe conterse a relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados, permitindo a plena defensa dos intereses dos suxeitos afectados (STS do 19 de novembro de 2018, ECLI:ES:TS:2018:3835).

62. Unha vez que se adopta a declaración de urxencia, convócanse os titulares á redacción das **actas previas á ocupación**, que ten por finalidade determinar a incidencia que a expropiación presenta sobre o obxecto expropiado (nela describiranse o ben ou dereito expropiable e faranse constar todas as manifestacións e datos que acheguen uns e outros e que sexan útiles para determinar os dereitos afectados, os seus titulares, o valor daqueles e os prexuízos determinantes da rápida ocupación). Tras iso procédese ao depósito das cantidades fixadas sobre a base do valor catastral do ben e a Administración ou o beneficiario ocupa o ben, para o que se redacta a acta de ocupación.

4.6.2. A valoración e a determinación dos xuros de mora na expropiación urxente

63. Tras a ocupación prodúcese o inicio da fase de determinación do prezo xusto, onde só existe unha peculiaridade en materia de xuros de mora. Aquí (art. 52.4 LEF) a devindicación de xuros prodúcese sen solución de continuidade desde a data da **efectiva ocupación ata a data en que se verifica o pago**, sendo o momento ao que debe referirse a taxación tamén o da ocupación, dado que é nese momento cando ha de iniciarse a peza de prezo xusto (STS do 22 de xaneiro de 2013, ECLI:ES:TS:2013:101). Agora ben, se entre o inicio do expediente expropiatorio e a efectiva ocupación dos terreos transcorren máis de 6 meses, a data de inicio do cómputo no cálculo de xuros de mora será non a da efectiva ocupación, senón a do día en que se cumpren os seis meses desde a declaración de urxencia por aplicación analóxica (art. 56 LEF), co fin de non prexudicar o expropiado pola vía de urxencia fronte ao expropiado pola vía ordinaria. Pero só se devindicarán os xuros a partir dos seis meses desde a aprobación do proxecto construtivo que implica a declaración de urxencia se este proxecto contén a relación de bens ou dereitos expropiables por referencia a un proxecto ou trazado de planta. En caso contrario, será desde o momento en que se publique esta relación de bens ou dereitos expropiables, momento cando se coñecerán os bens que haberán de ser expropiados (STS do 23 de outubro de 2006, ECLI:ES:TS:2006:6710). Os xuros de mora proxéctanse sobre o importe do prezo xusto incluído o premio de afección (STS do 26 de maio de 2005, ECLI:ES:TS:2005:3404). Aquí debe terse en conta que tamén integra o prezo xusto unha partida que indemniza os prexuízos derivados da rapidez da ocupación, tales como mudanzas, colleitas pendentes e outras igualmente xustificadas (art. 52.5 LEF).

64. O problema que deriva da expropiación urxente, coa ocupación inmediata do ben e o posterior pago do prezo xusto nun lapso indeterminado ten dúas claras ramificacións. Dunha parte, a compensación ao propietario que se ve privado do seu ben dilátase no tempo (ás veces por prazos superiores aos catro ou cinco anos) e xorde a dúbida de se a adición dos xuros de mora logra materializar unha compensación adecuada. Doutra parte, prodúcese un financiamento cuestionable da actividade pública, na marxe das canles establecidas na lexislación orzamentaria, que pode dar lugar a importantes endebedamentos que poñan en cuestión a regra do equilibrio orzamentario, máxime se media unha sentenza condenatoria, que obrigue a Administración a tramitar unha ampliación extraordinaria do orzamento.

4.6.3. A insolvencia do beneficiario

65. Como regra xeral, se no procedemento expropiatorio intervén a figura do beneficiario, é a este a quen lle corresponde verificar o pago do prezo xusto (art. 5.5 REF) —se non existe tal figura, a obrigación recae sobre a Administración expropiadora—. O problema que pode xurdir é que, tras esa ocupación urxente, o beneficiario non poida facerlle fronte ao pago do prezo xusto (por exemplo, por atoparse nunha situación de concurso) e xa ocupase os bens expropiados (e, polo tanto, adquirise a propiedade ben o beneficiario ben a Administración expropiadora). En tal suposto de insolvencia, a obriga de pagamento correspóndelle á Administración expropia-

dora, pero non en virtude da figura da responsabilidade patrimonial, senón como **esixencia da regulación constitucional do dereito de propiedade** e da figura da expropiación forzosa (CHINCHILLA, 2018:752). O artigo 33.3 da CE configura a obriga da indemnización ao suxeito expropiado como requisito de lexitimidade da expropiación (STS do 18 de novembro de 2014, ECLI:ES:TS:2014:4861).

4.7. O control xudicial da expropiación forzosa

4.7.1. Control xudicial do acordo de necesidade de ocupación na expropiación ordinaria

66. O acordo da necesidade de ocupación (expreso ou implícito) **inicia** o expediente expropiatorio (art. 21.1 LEF). A interpretación constitucional da LEF, conforme co recoñecemento do dereito á tutela xudicial efectiva (art. 24.1 CE) e co sometemento de toda actuación administrativa ao control xurisdicional (art. 106.1 CE), determina que o acordo de necesidade de ocupación e a resolución sobre a solicitude de expropiación total poidan ser **recorridos** en vía administrativa e perante a xurisdición contencioso-administrativa, a pesar do teor literal da LEF (arts. 22 e 23).

67. A norma de control aplicada pola xurisdición contencioso-administrativa concrétase en verificar que o acordo da necesidade de ocupación sexa **adecuado** ao fin da expropiación e, aínda que o órgano xurisdicional non pode determinar o terreo sobre o que haxa de executarse unha obra determinada, ha de declarar se, ao elixilo, a Administración incorreu en arbitrariedade ou irracionalidade por non reunir aquel as condicións que xustifican a concreta expropiación (STS do 8 de xuño de 1996, ECLI:ES:TS:1996:3484). Agora ben, a carga de acreditar a innecesariedade do ben recae sobre o suxeito expropiado. É este o que debe acreditar que existe "outro trazado alternativo máis conveniente e demostrativo dunha inadecuada ou incorrecta declaración da necesidade de ocupación do solo da súa propiedade" (STS 23 de novembro de 2002, ECLI:ES:TS:2002:7819).

68. A consecuencia da declaración de nulidade do acordo da necesidade de ocupación determinará o dereito do titular do ben para obter unha indemnización (disposición adicional LEF) só se acredita a existencia dun **dano efectivo** e indemnizable na forma e condicións da figura da responsabilidade patrimonial (debe acreditarse a existencia dunha lesión efectiva e indemnizable) *(supra* § 26.33).

4.7.2. O control xudicial da declaración de urxencia

69. A declaración de urxencia, cando é adoptada de forma individualizada e non vén implícita na aprobación dun proxecto de obras ou dun instrumento de plan, só resulta admisible na medida en que (i) concorren causas de **carácter excepcional** que xustifiquen a utilización deste procedemento no momento en que se declara a urxencia e (ii) se xustifiquen estas causas no acordo que declara a urxencia. A necesidade de motivación da declaración de urxencia configúrase así como elemento esencial da validez desa declaración de urxencia (arts. 35 LPAC e 56.1 REF).

70. Consecuentemente, a urxencia ha de valorarse a teor da **motivación** proporcionada no momento da súa declaración, sen que as circunstancias posteriores ou a demora (razoable) na efectiva

ocupación do ben incidan na validez da declaración de urxencia (STS do 13 de outubro de 2014, ECLI:ES:TS:2014:3998). A urxencia deriva da imperiosa necesidade de executar inmediatamente unhas obras, que non permita empregar o procedemento común. Se tras a declaración de urxencia a demora na ocupación e execución da obra é significativa (irrazoable) ou os elementos xurídicos que permiten a execución da obra son posteriores, non existe xustificación para o mantemento da declaración de urxencia e debe tramitarse a expropiación conforme o procedemento ordinario (STS do 10 de decembro de 1997, ECLI:ES:TS:1997:7520).

71. Se se aprecia a inexistencia das circunstancias excepcionais que xustifican a expropiación urxente, a **anulación** polo órgano xurisdicional proxéctase só sobre o acordo que declara a urxente ocupación, pero non alcanza a declaración de necesidade de ocupación. Por iso, o procedemento expropiatorio continuará a súa tramitación, aínda que conforme as normas do **procedemento ordinario** e, polo tanto, debe procederse a establecer o prezo xusto dos bens respecto dos que se declarou a necesidade de ocupación con carácter previo á ocupación se esta non se produciu aínda (STS do 10 de marzo de 2014, ECLI:ES:TS:2014:954). Pola contra, se xa se ocupou o ben, non se produce unha retroacción de actuacións, senón que simplemente xorde o dereito a unha indemnización pola ocupación ilegal que lles puidese ocasionar aos afectados (STS do 10 de marzo de 2014, ECLI:ES:TS:2014:954).

72. Cando a nulidade se proxecta sobre unha expropiación urxente, a nulidade da declaración de necesidade de ocupación supón a devolución dos predios dos que se viu privado ilexitimamente o expropiado, ao incorrer a Administración (ou o beneficiario) en **vía de feito**. Pero tamén unha indemnización dos danos e perdas causados pola actuación anulada, en canto supuxo unha privación temporal do ben e na medida en que afectase os dereitos de uso, gozo e disposición sobre o ben expropiado. Para que poida prosperar a pretensión indemnizadora, será preciso xustificar que concorren os requisitos esixidos. Se non resulta posible a devolución *in natura* do ben ocupado (por imposibilidade material de devolución ao integrarse no dominio público pola execución dunha obra pública), a falta de devolución debe compensarse (art. 105.2 LXCA), mediante a correspondente **indemnización substitutoria** referida á data en que esta imposibilidade é apreciada polo tribunal e que se concreta na valoración do ben, atendendo á privación definitiva que supón a imposibilidade de devolución, cuxa liquidación conxunta coa indemnización de danos e perdas causados pola actividade ilegal (disposición adicional LEF) supón a **reparación integral** das consecuencias da ilegal actividade administrativa. Alternativamente, e cando así sexa solicitado polo particular, ante a imposibilidade de devolución *in natura* do ben, a indemnización compensatoria pode fixarse atendendo á valoración asignada polo órgano de valoración cuxo contido é obxecto de cuestionamento en vía xurisdicional, incrementada nun 25 por 100 para evitar a formulación doutro recurso. Mais para incorporar ese incremento resulta esixible e necesario acreditar a concorrencia do dano (STS do 24 de setembro de 2018, ECLI:ES:TS:2018:3414).

4.7.3. O control xudicial da fixación do prezo xusto

73. A resolución pola que fixa o prezo xusto o xurado ou o órgano autonómico tamén pode ser obxecto de cuestionamento en sede xurisdicional (ben de forma individual ben ampliando o recurso para cuestionar o acordo da necesidade de ocupación e a regularidade do procedemento expropiatorio). A decisión do órgano de valora-

ción ten recoñecida pola xurisprudencia unha "**presunción de acerto e veracidade**" na determinación do prezo xusto. Tal presunción non é senón a presunción *iuris tantum* de validez das resolucións administrativas (art. 39 LPAC) (*supra* § 17.59) derivada da necesaria obxectividade da Administración. En canto presunción *iuris tantum*, admite proba en contrario e son relevantes para eses efectos os resultados das **probas periciais** practicadas no proceso e que, como actividade procesual, non poden desmerecer en canto á imparcialidade e especialidade de quen a emite sobre a daqueles órganos administrativos de valoración (STS do 20 de novembro de 2017, ECLI:ES:TS:2017:4154). O límite aquí é a valoración non arbitraria da proba polo órgano xurisdicional.

4.8. A expropiación por ministerio da lei no ámbito urbanístico

74. A lexislación urbanística recoñece a facultade do titular do ben de impoñerlle á Administración local a expropiación do seu terreo cando este está destinado polo plan urbanístico a unha dotación pública que se obterá por expropiación —actuación asistemática— e transcorresen os prazos previstos pola lexislación urbanística para a execución do plan (no caso da Lei 9/2001, de solo da Comunidade de Madrid, art. 94, o prazo é de cinco anos desde a aprobación do plan). O titular do ben, logo de que transcorra ese prazo legal, pode advertir a Administración municipal en calquera momento para que proceda a incoar o correspondente procedemento expropiatorio. Transcorrido o prazo legalmente conferido á Administración para levar a cabo esa expropiación (no caso da Lei 9/2001, de solo da Comunidade de Madrid, art. 94, o prazo é dun ano), o titular do solo pode iniciar en por si o procedemento expropiatorio e impedir así que o seu dereito de propiedade quede baleiro de contido económico. Ese inicio prodúcese directamente coa presentación da folla de aprecio (STS do 9 de xullo de 2018, ECLI:ES:TS:2018:2595). O que xustifica a expropiación por ministerio da lei é a inactividade administrativa na execución do plan que definiu suficientemente o alcance do dereito de propiedade, cuxa finalidade é evitar que a inactividade administrativa prexudique ou impida a efectividade do dereito do propietario. A lexislación urbanística autonómica non pode suspender temporalmente os prazos para instar a expropiación por ministerio da lei, xa que iso supón unha interferencia no libre uso da súa propiedade durante o devandito período de tempo que debe considerarse desproporcionada e inxustificada (STC 168/2023, FX 5).

75. Unha vez formulada a folla de aprecio polo propietario, a Administración municipal só pode opoñerse, de ser o caso, á folla de aprecio, formulando a que estime conveniente e, de ser o caso, impugnando en sede xurisdicional o prezo xusto fixado polo xurado provincial de expropiación ou polo órgano autonómico de valoración, ben porque ao seu xuízo non concorren os presupostos para a expropiación *ope legis* ben porque non comparta os criterios de valoración ou a cuantificación do prezo xusto. A falta de resposta do concello non pode considerarse como unha desestimación por silencio (STS do 5 de maio de 2014, ECLI:ES:TS:2014:1844).

5. A REVERSIÓN EXPROPIATORIA

5.1. Concepto e supostos

76. A reversión, en canto facultade do suxeito expropiado ou os seus habentes causa de recuperar a titularidade do ben expropiado, configúrase como un **dereito de configuración legal**, que non está regulada no artigo 33.3 da CE, polo que o

seu réxime xurídico é definido enteiramente polo lexislador que, mesmo, pode non recoñecelo ou introducir restricións en canto ao seu prazo de eficacia ou en canto aos supostos determinantes desta (STS do 3 de marzo de 2017, ECLI:ES:TS:2017:795). O límite á regulación do lexislador é que a reversión se acomode á finalidade da expropiación, de modo que os posibles requisitos e límites non poidan ser tachados de arbitrarios ou irrazoables e lesivos do dereito de igualdade consagrado no artigo 14 da Constitución (STC 67/1988, FX 6).

77. O TS configura o dereito de reversión como un **dereito novo e autónomo** respecto da expropiación da que trae causa, polo que o procedemento a través do que se actúa non é continuación do expediente expropiatorio. A consecuencia que se extrae diso é que a reversión se ha de rexer pola lei vixente no momento de exercitarse, aínda que o expediente de expropiación se incoase baixo a vixencia dunha lei distinta, a cal non previse tal dereito ou o regulase doutro xeito (STS do 21 de setembro de 2015, ECLI:ES:TS:2015:3910). Isto é, os prazos e requisitos para o exercicio do dereito de reversión non son os establecidos na normativa existente no momento da expropiación, senón no momento en que se solicita a reversión. Con menos precisión xurídica, nalgunhas decisións xudiciais configúrase a reversión "como un efecto especial producido polo xogo da causa da expropiación podendo ser caracterizado como a consecuencia dunha **invalidez sobrevida** á expropiación pola desaparición do elemento esencial da causa que a motiva" (STS do 21 de marzo de 2018, ECLI:ES:TS:2018:1104).

78. A actual regulación permite exercer o dereito de reversión en tres supostos. En todos eles pode o primitivo dono ou os seus habentes causa recobrar a totalidade ou a parte sobrante do expropiado, **aboándolle á Administración o seu prezo xusto**. En primeiro lugar, resulta procedente a reversión (art. 54.1 LEF) cando "non se executa efectivamente a obra ou se instala o servizo de utilidade pública ou interese social" que lexitimou a expropiación. Esta previsión comprende, por unha banda, aqueles supostos onde a Administración expropiadora ou o beneficiario **non desenvolvese actividade, xurídica ou material**, ningunha. Aquí debe terse en conta que a execución da obra dá comezo coa simple realización dos estudos técnicos ou xurídicos precisos e a aprobación dos instrumentos normativos necesarios para que a finalidade social da expropiación poida levarse a efecto, sempre e cando iso se realice nos prazos ordinarios previstos na normativa de aplicación, e teña por finalidade a efectiva e real implantación do uso de utilidade pública ou interese social. A determinación da inexecución determinante da reversión non pode efectuarse desde a perspectiva dun predio illado ou de parte dos terreos expropiados, senón que ha de entenderse referida á falta da instalación da obra ou infraestrutura prevista. Doutro lado, quedan comprendidos nesta previsión aqueles supostos onde exista **unha falta de identidade** entre o destino real dado ao obxecto expropiado polo beneficiario e o concretado no acordo de necesidade de ocupación, salvo que o novo destino fose declarado de utilidade pública ou interese social [art. 54.2.a) LEF].

79. Non concorre esta causa cando non se produce un abandono da execución da obra (incumprimento), senón unha **execución progresiva da obra** que afecta a múltiples parcelas que ocupan gran superficie —por exemplo, obras de regadío (STS do 21 de marzo de 2018, ECLI:ES:TS:2018:1104)—. Aí a determinación de se se produciu ou non o cambio de destino ou a inexecución determinante da reversión non pode efectuarse desde a perspectiva do predio illado, senón en relación coa finalidade conxunta e dentro das tarefas de execución.

80. En segundo lugar (art. 54.1 LEF), procederá o exercicio do dereito de reversión ante a existencia de **terreos sobrantes**, unha vez executada a finalidade que

motivou a expropiación. Premisa básica desta causa é que a obra ou servizo público se executase e os terreos sobre os que non se implantase tal finalidade non teñan un novo uso dotacional público (STS do 7 de novembro de 2006, ECLI:ES:TS:2006:6674).

81. Non concorre este suposto cando parte dos terreos non estea ocupada por construcións se esta parte é **necesaria** para que estas cumpran a súa función. Por exemplo, na expropiación para a instalación dunha fábrica química non poden computarse tan só os terreos ocupados polos edificios e instalacións da industria mesma, senón tamén os terreos necesarios para as vías de comunicación necesarias para o acceso á devandita industria, así como as instalacións e espazos anexos a ela (STS do 21 de setembro de 2015, ECLI:ES:TS:2015:3910).

82. O terceiro suposto prodúcese ante a **desafectación** dos bens ou dereitos das obras ou servizos que motivaron a expropiación. A desafectación ten lugar (art. 54.1 LEF) en dous supostos, unha vez implantada a finalidade de utilidade pública. En primeiro lugar, cando sobre o ben non se realice actividade ningunha, o que determinará o seu **abandono**. E, en segundo lugar, cando sobre o obxecto expropiado se realice de forma efectiva (e non meramente potencial ou frustrada) outra **actividade distinta**. Agora ben, se a Administración expropiadora de forma simultánea á desafectación do fin que xustificou a expropiación acorda xustificadamente unha nova afectación a **outro fin que fose declarado de utilidade pública ou interese social**, exclúese o dereito de reversión (art. 54.2.a) LEF). Aquí debe incoarse un procedemento onde se permita ao suxeito expropiado cuestionar o novo fin, así como solicitar a actualización do prezo xusto se non se executase a obra ou establecese o servizo inicialmente previsto. En todo caso, o dereito de reversión queda excluído se a afectación ao fin que xustificou a expropiación ou a outro declarado de utilidade pública ou interese social se prolonga durante **dez anos** desde o remate da obra ou o establecemento do servizo (art. 54.2.b) LEF).

83. A carga da proba da concorrencia das circunstancias fácticas dos supostos onde procede a reversión recae no suxeito que insta a reversión (STS do 17 de abril de 2015, ECLI:ES:TS:2015:1509). A concorrencia dalgunha das tres causas non é requisito suficiente, xa que ha de terse en conta a **dimensión temporal** desde o momento en que se verificou a toma de posesión dos bens expropiados. Cando a procedencia da reversión deriva do incumprimento ou desaparición da *causa expropiandi*, se esta circunstancia é notificada expresamente pola Administración aos interesados, o prazo para o exercicio do dereito será de tres meses, contados desde a citada notificación. En defecto da notificación expresa (art. 54.3 LEF), cando se producise un exceso de expropiación ou a desafectación do ben ou dereito expropiado e non transcorresen vinte anos desde a toma de posesión daqueles. Se a causa é a falta de inicio de execución da obra ou a implantación do servizo, a reversión poderá solicitarse transcorridos cinco anos desde a toma de posesión do ben ou dereito expropiados sen iniciarse a execución da obra ou a implantación do servizo. Aquí establécese un prazo mínimo de cinco anos para poder exercer a acción, pero, a diferenza doutros supostos de reversión, non se establece un prazo máximo para o seu exercicio. Pola súa vez, cando a execución da obra ou as actuacións para o establecemento do servizo estivesen suspendidas máis de dous anos por causas imputables á Administración ou ao beneficiario da expropiación sen que se producise por parte destes ningún acto expreso para a continuación, poderá solicitarse a reversión.

5.2. O titular do dereito de reversión e a existencia de terceiros adquirentes

84. Os **titulares do dereito de reversión** son o primitivo dono ou os seus habentes causa (art. 54.1 LEF), a título *mortis causa* ou *inter vivos*. Para este último suposto, requírese que a transmisión do dereito de reversión (de forma individualizada ou de forma conxunta co resto do terreo se se tratou dunha expropiación parcial) se efectúe de forma expresa e nominada (STS do 19 de marzo de 2013, ECLI:ES:TS:2013:1323).

85. Para estes efectos, nas inscricións no **Rexistro da Propiedade** relativas a bens adquiridos por expropiación farase constar o dereito preferente dos reversionistas fronte a terceiros posibles adquirentes para recuperar o ben ou dereito expropiado. Sen esa constancia rexistral, o dereito de reversión non será opoñible fronte a adquirentes rexistrados conforme o previsto na Lei hipotecaria (art. 54.5 LEF). Aínda cando non estea inscrito o dereito de reversión no Rexistro da Propiedade, o terceiro adquirente non poderá esgrimir esa causa para opoñerse á reversión se a súa adquisición ten a súa orixe no mesmo procedemento expropiatorio ou se consta no asento rexistral a adquisición por expropiación do predio, pois ser terceiro de boa fe significa ser un adquirente xuridicamente alleo a aqueles actos que contradín a titularidade do transmitente e, en consecuencia, á formación defectuosa, resoluble ou meramente ficticia do seu dereito, ou aos actos polos que se desposúe dunha titularidade que antes tiña (STS do 18 de novembro de 2008, ECLI:ES:TS:2008:6175). En todo caso, eses terceiros adquirentes deberán ser oídos no expediente e terán dereito a repetir contra quen proceda polos danos e perdas ocasionados (art. 69 REF).

5.3. O procedemento para exercer a reversión. A restitución da indemnización

86. O procedemento de reversión iníciase mediante unha solicitude presentada **ante a Administración** que no momento actual sexa a titular do ben ou dereito ou á que se atope vinculado o beneficiario titular daqueles (art. 54.4 LEF). O órgano competente resolverá sobre a procedencia da reversión. Se a considera improcedente, desestimará a solicitude de forma motivada. Se a considera procedente, no mesmo acordo determinará o importe do prezo que haberá de aboarse para a restitución (art. 55.1 LEF). Este non é un novo expediente (contraditorio) de prezo xusto, senón que o importe o fixa unilateralmente a Administración. A regra é a **actualización do valor segundo o IPC**, pero, por excepción, "se o ben ou dereito expropiado experimentase cambios na súa cualificación xurídica que condicionasen o seu valor ou incorporasen melloras aproveitables polo titular daquel dereito ou sufrise menoscabo de valor", procederase a unha nova valoración. Polo tanto, neste caso, si se aplican as regras relativas ao prezo xusto (valoración contraditoria e resolución polo xurado provincial de expropiación ou órgano autonómico de valoración). En ambos os casos debe tomarse como data de valoración a data da presentación da solicitude ante a Administración titular do ben, aplicándose no segundo suposto as normas de valoración vixentes nese momento (STS do 23 de xaneiro de 2015, ECLI:ES:TS:2015:84). O cambio de cualificación xurídica prodúcese cando a clasificación urbanística do

ben cambiou desde o momento da expropiación (STS do 16 de novembro de 2015, ECLI:ES:TS:2015:4645). Por exemplo, porque un predio inicialmente clasificado como urbanizable máis tarde se clasifica como urbano.

87. Unha vez que se determina a valoración do ben ou dereito, o reversionista deberá **aboar ou consignar o seu importe** no prazo máximo de tres meses, desde a determinación en vía administrativa ou desde a notificación da sentenza, de ser o caso (art. 55.3 LEF). En caso contrario, caduca o seu dereito (STS do 3 de marzo de 2017, ECLI:ES:TS:2017:795). Só será preciso o outorgamento de escritura pública para formalizar a reversión se o solicitan as persoas interesadas (art 70.1 REF).

5.4. A imposibilidade legal da reversión

88. Cando non sexa posible a devolución do ben cuxo dereito de reversión se recoñece (en sede administrativa ou xurisdicional) por concorrer unha imposibilidade material ou unha inefectividade legal como consecuencia de que os bens sufriron unha alteración indebida (derivada da súa integración no dominio público e, polo tanto, do seu carácter inalienable por determinación constitucional), o dereito de reversión materialízase nunha indemnización substitutoria (art. 66.2 REF) determinada conforme as regras de valoración da ocupación temporal de inmobles (arts. 112 e 113 LEF).

89. Esta indemnización materialízase nunha **cantidade equivalente ao 5 por 100 do valor do ben**. A concreción de tal valor é evidente. Para materializar o seu dereito de reversión, o suxeito expropiado debería aboar o valor do ben no momento de solicitar a reversión. Como o ben segue afecto a un destino público, a súa adquisición inmediata pola Administración esixiría que esta aboase o seu prezo xusto, máis o 5 por 100 do premio de afección. A diferenza entre ambos os valores é a indemnización substitutoria que debe aboarse (STS do 17 de xuño de 2013, ECLI:ES:TS:2013:3431).

6. A OCUPACIÓN TEMPORAL

90. A LEF (art. 108) permítelle á Administración expropiadora ou ao beneficiario a ocupación temporal de terreos de titularidade privada para (i) realizar estudos previos coa finalidade de deseñar unha obra ou instalación; (ii) establecer depósitos de materiais ou almacéns temporais que requiran a execución dunha obra pública; e (iii) para a extracción de materiais de toda clase necesarios para a execución das devanditas obras. Aquí non se produce unha expropiación que extinga a propiedade privada. Só existe unha ocupación temporal e o seu titular recupera a posesión dos terreos ao finalizar tal ocupación. A tramitación do procedemento é idéntica á expropiación total. O propietario ten dereito a unha indemnización (art. 115 LEF) que abarca tanto os rendementos deixados de percibir durante a ocupación como os prexuízos causados ou os gastos para restituíla ao seu primitivo estado.

7. BIBLIOGRAFÍA

7.1. Bibliografía citada

Alfredo GALLEGO ANABITARTE, "Expropiaciones y supuestos indemnizatorios en el texto refundido de 1992", *Catastro*, núm. 17 (1993), pp. 8-15.

Eduardo GARCÍA DE ENTERRÍA, *Los principios de la nueva Ley de Expropiación Forzosa*, Instituto de Estudios Políticos, 1956 (cítase pola reimpresión de Civitas, 1984).

Juan Antonio CHINCHILLA PEINADO. *El convenio expropiatorio. Teoría y práctica administrativa*, La Ley, 2009.

Juan Antonio CHINCHILLA PEINADO, "¿Quién paga esta ronda? La tutela de la administración expropiante ante la obligación subsidiaria de abonar el justiprecio en situaciones de impago por el beneficiario", *Libro homenaje al prof. Menéndez Rexach*, Aranzadi Thomson Reuters, 2018, pp. 741-765.

Juan Antonio CHINCHILLA PEINADO, *Derecho de propiedad, expectativas y especulación. Reglas de racionalidad jurídica (y técnico-económica) en los criterios de valoración urbanística*, Aranzadi Thomson Reuters, 2023.

Tomás Ramón FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, "Notas sobre el proceso continuo y silencioso de erosión del derecho estatal y de las garantías jurídicas de los ciudadanos: el caso de los jurados autonómicos de expropiación", *Revista de Administración Pública,* núm. 153 (2000), pp. 91-106.

Mercedes FUERTES LÓPEZ, "¿Una nueva Ley de Expropiación Forzosa?, *Actas del VII Congreso de la Asociación Española de Profesores de Derecho Administrativo. Estructuras administrativas y racionalización del gasto público. Problemas actuales de la expropiación forzosa. La reforma de los entes locales en Italia en el contexto de la crisis económica* (2012), pp. 157-186.

José María RODRÍGUEZ DE SANTIAGO, "Las garantías constitucionales de la propiedad y de la expropiación forzosa a los treinta años de la Constitución española", *Revista de administración pública*, núm. 177 (2008), pp. 157-194.

7.2. Bibliografía complementaria recomendada

Lucía CASADO CASADO, "Veinte años del Jurado de Expropiación de Cataluña: balance y perspectivas", *Cuadernos de Derecho Local,* núm. 39 (2015), pp. 63-106.

Juan Antonio CHINCHILLA PEINADO, "La tutela jurisdiccional de los propietarios ante las declaraciones implícitas y urgentes de necesidad de ocupación. La nulidad del procedimiento expropiatorio y la figura del beneficiario de la expropiación", *Actas del VII Congreso de la Asociación Española de Profesores de Derecho Administrativo* (2012), pp. 353-360.

Antonio EZQUERRA HUERVA, "Acerca del plazo para resolver el expediente expropiatorio y las consecuencias de su incumplimiento", *Actas del VII Congreso de la Asociación Española de Profesores de Derecho Administrativo* (2012), pp. 371-384.

Isabel GALLEGO CÓRCOLES, *El derecho de reversión en la expropiación forzosa*, La Ley, 2006.

Dolores UTRILLA FERNÁNDEZ–BERMEJO, *Expropiación forzosa y beneficiario privado: una reconstrucción sistemática*, Marcial Pons, 2015.

Manual de Dereito administrativo
Revista de Derecho Público: Teoría y Método
pp. 667-690
Madrid, 2026
Marcial Pons Ediciones Jurídicas y Sociales
DOI: 10.37417/ManDerAdm/L27
© Carlos Alberto Amoedo-Souto
Editado bajo licencia Creative Commons Attribution 4.0 International License.

LECCIÓN 27
ACTIVIDADE SANCIONADORA

Carlos Alberto Amoedo-Souto
Universidade da Coruña

SUMARIO: 1. A ATRIBUCIÓN DUNHA POTESTADE SANCIONADORA Á ADMINISTRACIÓN PÚBLICA: 1.1. División de poderes e autotutela sancionadora da Administración; 1.2. O desenvolvemento histórico da potestade sancionadora en España.—2. A CONSTITUCIONALIZACIÓN DA POTESTADE SANCIONADORA: 2.1. A configuración da legalidade sancionadora como un dereito fundamental (art. 25.1 CE); 2.2. A privación de liberdade como límite material absoluto da sanción administrativa (art. 25.3 CE); 2.3. A irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais (art. 9.3 CE); 2.4. A aplicación de dereitos procedementais fundamentais ao procedemento sancionador (art. 24 CE); 2.5. A distribución competencial da potestade sancionadora.—3. O DESENVOLVEMENTO BÁSICO DA POTESTADE SANCIONADORA: 3.1. Da LRXPAC á LRXSP e á LPAC; 3.2. Os principios substantivos na LRXSP: *3.2.1. Principio de legalidade sancionadora (art. 25); 3.2.2. Principio de irretroactividade (art. 26); 3.2.3. Principio de tipicidade (art. 27); 3.2.4. Principio de responsabilidade (art. 28); 3.2.5. Principio de proporcionalidade (art. 29); 3.2.6. Regras relativas á prescrición de infraccións e sancións (art. 30); 3.2.7. Concorrencia de sancións e prohibición de bis in idem (art. 31);* 3.3. As regras especiais básicas de procedemento sancionador (LPAC).—4. A EVOLUCIÓN INTERNACIONAL DO DEREITO ADMINISTRATIVO SANCIONADOR: CARA A UN *IUS GENTIUM PUNIENDI*.—5. BIBLIOGRAFÍA: 5.1. Bibliografía citada; 5.2. Bibliografía complementaria recomendada.

1. A ATRIBUCIÓN DUNHA POTESTADE SANCIONADORA Á ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

1. A actividade sancionadora das administracións públicas constitúe o obxecto dunha das **potestades administrativas** características da nosa disciplina: o poder administrativo de constatar o incumprimento dunha norma e impoñer ás persoas físicas ou xurídicas responsables, tras a tramitación do correspondente procedemento, un acto administrativo de gravame, normalmente consistente no pago dunha cantidade de diñeiro ao erario público, cuxa finalidade é o castigo polo incumprimento da norma e a disuasión (incentivo ou reforzo negativo, na psicoloxía condutista) para que non se volva cometer. Trátase dunha **técnica represiva** destinada a garantir a eficacia dos mandatos normativos en múltiples ámbitos sectoriais do intervencionismo administrativo. O acto administrativo de gravame de natureza pecuniaria e finalidade punitiva que expresa esta potestade é o que coñecemos como **sanción administrativa**. O procedemento especial que debe tramitarse para formalizar xuridicamente a constatación dunha infracción e a imposición dunha sanción é o **procedemento administrativo sancionador**.

2. Grazas á recorrencia destes tres elementos (unha Administración pública titular da potestade sancionadora, un procedemento destinado a constatar o incumprimento da norma e unha sanción individualizada adaptada ao contido de tal incumprimento), a potestade sancionadora gozou dunha **tradicional singularización**, que a fai facilmente recoñecible a ollos dos seus destinatarios, a cidadanía en xeral, como unha das experiencias administrativas máis comúns e, ao propio tempo, máis temidas. Isto explica que, como obxecto de regulación xurídica, esta potestade gozase no noso país dunha especial atención por parte da xurisprudencia, e tamén por parte da doutrina contemporánea do Dereito administrativo, que buscou dotala dun **réxime garantista** (tanto no substantivo como no procedemental) proporcional á súa intensidade como técnica de gravame.

3. Inicialmente entendida como unha das manifestacións "técnicas" do poder de policía, a súa configuración doutrinal foi avanzando a través de sucesivas etapas e momentos histórico-xurídicos, durante os cales o enfoque garantista se foi enriquecendo con materiais provenientes doutros campos (fundamentalmente, o Dereito penal), ata lograr unha **densidade xurídica** que pasa xa o ámbito administrativo e adopta xa non só unha dimensión interna constitucional, senón mesmo internacional.

1.1. División de poderes e autotutela sancionadora da Administración

74. Precisamente por iso, a disposición adicional primeira da LRISP establece o deber do Goberno de desenvolver **plans e programas dirixidos a facilitar a reutilización** da información do sector público e, máis en concreto, o seu artigo 4.5 prevé a obriga de todas as administracións públicas de crear dispositivos e sistemas de xestión documental que lles permitan aos cidadáns unha recuperación eficaz da información, dispoñible en liña e que enlacen cos dispositivos e sistemas de xestión postos ao dispor por outras administracións. Así mesmo, facilitarán ferramentas informáticas que permitan o acceso en liña ás listaxes dos documentos que poidan ser amplamente reutilizables e a procura dos documentos dispoñibles para a súa reutilización, cos metadatos pertinentes, de conformidade co establecido nas normas técnicas de interoperabilidade, accesibles, sempre que sexa posible e apropiado, en liña e en formato lexible por máquina. Destaca, en relación con este extremo, o deber de crear un catálogo de información pública reutilizable que estea accesible a través dun punto único e interoperable cos doutras administracións.

75. Este mandato está a ser cumprido a través da **iniciativa Aporta**, promovida desde 2009, para fomentar a apertura de información pública e contribuír ao desenvolvemento de servizos avanzados baseados en datos. No contexto desta, púxose ao dispor dos cidadáns o portal https://datos.gob.es, a través do cal pode accederse a máis de sesenta mil conxuntos de datos da Administración xeral do Estado, das diferentes administracións autonómicas e das entidades locais sobre materias tan variadas como vivenda, saúde, sector público, emprego, educación, economía ou deporte.

76. Neste contexto, unha iniciativa sumamente interesante, impulsada pola Unión Europea e vinculada á súa estratexia de datos, son os chamados espazos europeos de datos, que poden definirse como unha infraestrutura baseada en mecanismos comúns de gobernanza, organizativos, normativos e técnicos, que facilita o acceso aos datos e, con iso, o desenvolvemento de modelos de negocio baseados na súa explotación e exploración. En esencia, é un ecosistema a partir do cal se pode materializar a compartición voluntaria dos datos por parte dos seus participantes —públicos e privados— nunha contorna de soberanía, confianza e seguridade, que permite crear novos produtos e xera valor. A Axencia Española de Protección de Datos publicou un interesante documento sobre esta cuestión: https://www.aepd.es/es/documento/aproximacion-espacios-datos-RXPD.pdf. A primeira concreción desta iniciativa centrarase nos datos sanitarios, aínda que existen outras en proceso, como a relativa aos datos para a contratación pública.

4. A PROTECCIÓN DA INFORMACIÓN E DOS DATOS

77. A **transformación dixital** da Administración pública non só trae consigo a promesa dunha maior eficacia e eficiencia no funcionamento e no acceso aos servizos públicos electrónicos, tamén implica **un risco importante** —que, sen dúbida, constitúe o seu principal reto desde a perspectiva material— derivado da eventual maior vulnerabilidade dos sistemas, aplicacións e solucións informáticas e, polo tanto, da información que conteñen e, xunto con iso, da necesidade de conservar esa información, particularmente importante nun contexto tecnolóxico tan cambiante. Consciente diso, o noso ordenamento xurídico configurou a **protección da información e dos datos como un dereito e como un deber**.

78. Efectivamente, o artigo 13 h) LPAC recoñece o **dereito das persoas á protección de datos de carácter persoal** e, en particular, á seguridade e confidencialidade dos datos que figuren nos ficheiros, sistemas e aplicacións das administracións públicas. Como contrapartida, o artigo 17.3 esixe que os medios ou soportes nos que se almacenen documentos conten con **medidas de seguridade**, de acordo co previsto no Esquema Nacional de Seguridade, que garantan a integridade, autenticidade, confidencialidade, calidade, protección e conservación dos documentos almacenados. Así mesmo, dispón que asegurarán a identificación das persoas usuarias e o control de accesos, así como o cumprimento das garantías previstas na lexislación de protección de datos, esixencias todas elas reiteradas polo artigo 46 LRXSP.

4.1. Seguridade

79. A relevancia da **seguridade** das redes e dos sistemas de información e comunicacións no ámbito público é tal que o artigo 3 LRXSP a configura como un **principio xeral da actuación administrativa**, que se proxecta igualmente —tanto na propia norma coma no RAFME— sobre os diferentes compoñentes da Administración dixital (sede electrónica, sinatura electrónica, intercambio e transmisións de datos entre administracións, arquivo electrónico, xestión compartida de servizos, reutilización de aplicacións e sistemas etc.). Os requisitos en que se concreta este deber, desde a perspectiva tecnolóxica, recóllense no Esquema Nacional de Seguridade que, de conformidade co previsto no artigo 156.2 LRXSP, ten por obxecto establecer a política de seguridade na utilización de medios electrónicos e está constituído polos principios básicos e requisitos mínimos que garantan adecuadamente a seguridade da información tratada.

80. Estas previsións han de ser completadas coa regulación —máis ampla en canto á súa perspectiva— contida na Lei 36/2015, do 28 de setembro, de seguridade nacional, que parte dos complexos riscos que trae consigo esta cuestión na actualidade e que concibe a **seguridade nacional** como "a acción do Estado dirixida a protexer a liberdade e o benestar dos seus cidadáns, a garantir a defensa de España e os seus principios e valores constitucionais, así como a contribuír xunto aos nosos socios e aliados á seguridade internacional en cumprimento dos compromisos asumidos". Todo iso concrétase nunha serie de órganos, organismos, recursos e procedementos que configuran o Sistema de Seguridade Nacional. O marco estratéxico para garantir a ciberseguridade regúlase actualmente no Real decreto 1150/2021, do 28 de decembro, polo que se aproba a Estratexia de Seguridade Nacional 2021.

81. Con carácter xeral, a garantía de seguridade das redes e das telecomunicacións é unha **competencia estatal**. Na súa STC 142/2018, a propósito da creación da Axencia de Ciberseguridade de Cataluña, manifestou o Tribunal Constitucional que "a ciberseguridade se inclúe en materias de competencia estatal en canto, ao referirse ás necesarias accións de prevención, detección e resposta fronte ás ciberameazas, afecta a cuestións relacionadas coa seguridade pública e a defensa, as infraestruturas, redes e sistemas e o réxime xeral de telecomunicacións" (FX 4).

82. Do mesmo xeito que ocorre co principio de interoperabilidade, a garantía da seguridade da información no ámbito do sector público (con esixencias tanto para

os poderes públicos coma para quen se relacione con eles) estrutúrase ao redor do **Esquema Nacional de Seguridade**, concibido como un instrumento que ten por obxecto establecer a política de seguridade na utilización de medios electrónicos no ámbito administrativo, constituído polos principios básicos e requisitos mínimos que garantan adecuadamente a seguridade da información tratada.

83. O Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, foi o encargado de regulalo orixinariamente, concretando a política de seguridade no uso dos medios electrónicos por parte do sector público. Esta norma foi derrogada e substituída polo **Real decreto 311/2022**, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, co fin de adaptar as esixencias aos cambios tecnolóxicos e xurídicos experimentados nos últimos anos. En esencia, establece toda unha serie de principios e requisitos para garantir a adecuada protección da información tratada e os servizos prestados polas entidades que integran o sector público —estatal, autonómico e local—. Concibe a seguridade como un proceso integral constituído por todos os elementos humanos, materiais, técnicos, xurídicos e organizativos relacionados co sistema de información e parte da xestión da seguridade baseada nos riscos, cun claro enfoque preventivo. Todo iso tradúcese en órganos, guías, instrucións técnicas e, en definitiva, esixencias xurídicas e tecnolóxicas de obrigado cumprimento. Xunto con iso, debe terse presente a Directiva (UE) 2022/2555 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro de 2022, relativa ás medidas destinadas a garantir un elevado nivel común de ciberseguridade en toda a Unión.

84. Cada Administración pública, e dentro dela os seus diferentes departamentos e entidades, ha de contar cunha política de seguridade adaptada á súa organización que responda aos principios e requisitos recollidos no Esquema Nacional. Así mesmo, incorpóranse medidas de auditoría regular e o deber de informar do estado da seguridade a través da Comisión Sectorial de Administración Electrónica.

85. Todo iso haberá de facerse, en aplicación do **principio de proporcionalidade** —consagrado no artigo 2 e) RAFME—, conciliando as medidas de seguridade coa natureza e as circunstancias dos diferentes trámites e actuacións por medios electrónicos. Ademais, en tanto que esixencias de tipo tecnolóxico pero plasmadas en normas xurídicas, os instrumentos garantes da seguridade da información, así como a actividade administrativa vinculada a estes, son susceptibles de **impugnación e control** (FONDEVILA, 2017).

86. Por último, do mesmo xeito que ocorre co principio de interoperabilidade, a propia LPAC trata de garantir o cumprimento do principio de seguridade en relación coas plataformas autonómicas e locais, ben facilitando a adhesión voluntaria ás estatais ben esixindo, no caso de optar por plataformas propias, que se acredite o cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade.

4.2. Protección de datos de carácter persoal

87. Do mesmo xeito que no caso da seguridade, o artigo 3 LRXSP concibe a protección de datos de carácter persoal como un **principio xeral de actuación das administracións públicas** que responde igualmente a un dereito recoñecido, xa non só na LPAC, senón directamente na Constitución española —como **dereito fundamental**, conceptualizado como tal na STC 292/2000—, cuxo artigo 18.4 sinala que "a lei limitará o uso da informática para garantir a honra e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos dereitos". Principio e dereito que se atopa plenamente desafiado coa constante evolución do desenvolvemento tecnolóxico que,

xunto con posibilidades de innovación, trae consigo novos riscos, como ocorre no caso da intelixencia artificial e as neurociencias (YUSTE, 2025).

88. Este dereito, ademais, ten unha clara **dimensión europea**, non só porque foi incorporado ao catálogo de dereitos fundamentais da Unión Europea a través do artigo 8 da Carta de dereitos fundamentais e está recoñecido explicitamente no artigo 16 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, senón tamén polo valor que representan os datos e polos desafíos que trae consigo a rápida evolución das tecnoloxías. Efectivamente, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (RXPD), parte da premisa de que o tratamento de datos persoais debe estar concibido para servir a humanidade, de tal modo que o dereito á protección de datos non é un dereito absoluto, senón que debe considerarse en relación coa súa función na sociedade e ponderarse con outros dereitos fundamentais sobre a base do principio de proporcionalidade. Deste xeito, regula os tratamentos que levan a cabo tanto as persoas físicas e xurídicas como as administracións públicas, tratando de conciliar o control dos propios datos persoais co seu tratamento para fins lexítimos e, en particular, de garantir a libre circulación destes dentro do territorio da Unión coas debidas cautelas.

89. No eido nacional, a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ten por obxecto principal adaptar o ordenamento xurídico español ao citado regulamento europeo —a pesar da súa eficacia directa— para eliminar posibles incompatibilidades entre un e outro. Recolle os **principios** reguladores da protección de datos —exactitude, confidencialidade e consentimento— e os **dereitos** das persoas en relación cos tratamentos —transparencia e información e acceso, rectificación, limitación do tratamento, portabilidade e supresión—, con remisión expresa en todos estes casos aos preceptos do regulamento que regulan a materia (artigos 12 a 22 RXPD). Xunto con iso, establece as **obrigas** dos distintos suxeitos que teñen o deber de garantir a adecuada protección dos datos persoais —responsable, encargado do tratamento e delegado de protección de datos— e aposta polos códigos de conduta e certificación como instrumentos concretos para garantir unha adecuada tutela dos datos en cada organización. O control do cumprimento das obrigas impostas pola lei correspóndelle á Axencia Española de Protección de Datos, á que se lle atribúen potestades de inspección, vixilancia e control e, en particular, potestade sancionadora.

90. Para que estas normas resulten de aplicación resulta preciso que a información conteña datos persoais. Por **dato persoal** enténdese toda información sobre unha persoa física identificada ou identificable, é dicir, toda persoa cuxa identidade poida determinarse, directa ou indirectamente, en particular mediante un identificador, como por exemplo un nome, un número de identificación, datos de localización, un identificador en liña ou un ou varios elementos propios da identidade física, fisiolóxica, xenética, psíquica, económica, cultural ou social da devandita persoa (artigo 4.1 RXPD). Malia o anterior, a normativa reguladora da protección de datos

de carácter persoal non resulta de aplicación naqueles casos nos que, aínda contendo datos persoais, se levan a cabo procesos de disociación entre os datos e a persoa titular destes, de tal modo que non permitan identificala.

91. A citada normativa pivota ao redor de tres **eixes.** En primeiro lugar, a súa aplicación baséase no concepto de **tratamento**, definido, de forma certamente ampla, como calquera operación ou conxunto de operacións realizadas sobre datos persoais ou conxuntos de datos persoais, xa sexa por procedementos automatizados ou non, como a recollida, rexistro, organización, estruturación, conservación, adaptación ou modificación, extracción, consulta, utilización, comunicación por transmisión, difusión ou calquera outra forma de habilitación de acceso, cotexo ou interconexión, limitación, supresión ou destrución (artigo 4.2 RXPD).

92. En segundo lugar, a protección dos datos baséase na necesidade de que concorra polo menos unha das **condicións que lexitiman o tratamento** (as chamadas bases de lexitimación), que haberá de ser lícito e leal. Desde a perspectiva do seu titular, o consentimento para o tratamento cun ou varios fins concretos, que será libre, específico, informado e inequívoco; xunto con iso, a necesidade do tratamento para a execución dun contrato, o cumprimento dunha obriga legal, a protección de intereses vitais do interesado ou outra persoa física, o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos ou, finalmente, a satisfacción de intereses lexítimos do responsable do tratamento (neste último caso, sempre que non prevaleza sobre os dereitos do titular dos datos). Ademais, establécense toda unha serie de **medidas —preventivas e reactivas— para garantir a licitude do tratamento**, tales como limitacións, obrigas formais e técnicas (rexistro, notificación de violacións de seguridade, avaliacións de impacto, cifrado de información) e sancións. En calquera caso, o principio de transparencia esixe que a información relativa ao tratamento sexa accesible e facilmente comprensible.

93. En terceiro lugar, desde o **punto de vista organizativo**, regúlanse polo miúdo as concretas obrigas tanto de quen leva a cabo tratamentos —o responsable do tratamento, a quen lle corresponde determinar os fins e os medios deste (artigo 4.7 RXPD) e o encargado do tratamento (artigo 4.8 RXPD), que é quen trata os datos persoais por conta do anterior— coma do delegado de protección de datos, con funcións de asesoramento, supervisión e colaboración no control (artigo 37.1 RXPD).

94. Como foi anticipado, as obrigas e esixencias contidas na normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal resultan igualmente de **aplicación ás administracións públicas**. Estas son responsables de tratamentos e, en ocasións, encargados deste; en consecuencia, han de elaborar un rexistro de actividades de tratamento, analizar as bases xurídicas destes, efectuar análises de riscos, incorporar e verificar medidas de seguridade, designar un delegado de protección de datos e potenciar plans de formación para os empregados públicos. De feito, a maior parte das consultas que se expoñen ante a Axencia Española de Protección de Datos refírense ao sector das administracións públicas. É máis, non poucas das súas resolucións en materia de incumprimentos teñen por obxecto actuacións infractoras de administracións públicas que, a diferenza dos particulares, só teñen como consecuencia xurídica un apercibimento e non a imposición de multa. Na Memoria anual de 2021, por ofrecer algún dato, o 5 % das reclamacións ante a axencia expuxéronse contra as administracións públicas —un 47 % máis que en 2020—; en relación cos procedementos sancionadores, o 8 % ten por obxecto unha acción ou omisión das administracións públicas —un 26 % máis que en 2020—.

5. BIBLIOGRAFÍA

5.1. Bibliografía citada

Antonio David BERNING PRIETO, *Validez e invalidez de los actos administrativos en soporte electrónico*, Aranzadi-Thomson Reuters, Cizur Menor, 2019.

Anahí CASADESÚS DE MINGO, "Gobernanza de datos", en Agustí CERRILLO I MARTÍNEZ (director), *La Administración digital*, Dykinson, Madrid, 2022, pp. 257-284.

Agustí CERRILLO I MARTÍNEZ e Anahí CASADESÚS DE MINGO, "El impacto de la gestión documental en la transparencia de las administraciones públicas. La transparencia por diseño", *Gestión y análisis de políticas públicas*, núm. 19 (2018), pp. 6-16.

José María DELGADO BÁIDEZ, *El derecho a no aportar información al procedimiento administrativo en el contexto de la transformación digital*, Comares, Granada, 2023.

Jorge FONDEVILA ANTOLÍN, "Seguridad en la utilización de los medios electrónicos. El esquema nacional de seguridad", en Eduardo GAMERO CASADO (director), *Tratado de procedimiento administrativo común y régimen jurídico del sector público*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2017, pp. 597-674.

Isaac MARTÍN DELGADO, "La configuración legal de los consejos autonómicos de transparencia: algunos riesgos para el ejercicio de su función de control", *Dilemata,* núm. 27 (2018), pp. 178-220.

Isaac MARTÍN DELGADO, "Transparencia, reutilización y datos abiertos. Algunas reflexiones generales sobre el acceso libre a la información pública", en Julián VALERO TORRIJOS e Manuel FERNÁNDEZ SALMERÓN (coordinadores), *Régimen jurídico de la transparencia del sector público: del derecho de acceso a la reutilización de la información*, Aranzadi-Thomson Reuters, Cizur Menor, 2014, pp. 367-406.

Rubén MARTÍNEZ GUTIÉRREZ, *Administración pública electrónica,* Civitas-Thomson Reuters, Cizur Menor, 2009.

Juli PONCE SOLÉ, *Deber de buena administración y derecho al procedimiento administrativo debido. Las bases constitucionales del procedimiento administrativo y del ejercicio de la discrecionalidad,* Lex Nova, Valladolid, 2001.

Julián VALERO TORRIJOS, "El régimen jurídico de los datos de alto valor: dificultades y retos para su aplicación práctica", en Julián VALERO TORRIJOS e Rubén MARTÍNEZ GUTIÉRREZ (directores), *Datos abiertos y reutilización de la información del sector público,* Comares, Granada, 2022, pp. 81-102.

Clara Isabel VELASCO RICO, "Personalización, proactividad e inteligencia artificial. ¿Un nuevo paradigma para la prestación electrónica de servicios públicos?". *IDP. Revista de Internet, Derecho y Política*, núm. 30 (2020), https://doi.org/10.7238/10.7238/idp.v0i30.3226.

Rafael YUSTE, "Neurotecnología y neuroderechos", en María Emilia CASAS BAAMONDE (directora), *Derecho y tecnologías*, Fundación Ramón Areces, Madrid, 2025, pp. 719-727.

5.2. Bibliografía complementaria recomendada

Dolors CANALS AMETLLER, "El fenómeno colaborativo en la gestión pública local: algunas experiencias en curso", en Eloísa CARBONELL PORRAS (directora), *Gobierno locales y economía colaborativa*, Iustel, Madrid, 2022, pp. 69-93.

Mercedes FUERTES, *Metamorfosis del Estado. Maremoto digital y ciberseguridad*, Marcial Pons, Madrid, 2022.

Emilio GUICHOT REINA e Concepción BARRERO RODRÍGUEZ, *El derecho de acceso a la información pública*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2020.

Isaac MARTÍN DELGADO, *El procedimiento administrativo y el régimen jurídico de la Administración pública desde la perspectiva de la innovación*, Iustel, Madrid, 2020.

Rubén MARTÍNEZ GUTIÉRREZ, "Problemas prácticos de la reutilización y transferencia de tecnologías entre administraciones", *Contratación Administrativa Práctica*, núm. 182 (2022), pp. 48-59.

Manual de Dereito administrativo
Revista de Derecho Público: Teoría y Método
pp. 715-733
Madrid, 2026
Marcial Pons Ediciones Jurídicas y Sociales
DOI: 10.37417/ManDerAdm/L29
© María Amparo Salvador Armendáriz
Editado bajo licencia Creative Commons Attribution 4.0 International License.

LECCIÓN 29
MEDIOS ECONÓMICOS

María Amparo Salvador Armendáriz
Universidad de Navarra

SUMARIO: 1. PRESUPOSTOS MACROECONÓMICOS: 1.1. Ingresos públicos; 1.2. Gasto *versus* investimento público; 1.3. A política económica como instrumento de políticas públicas.—2. O ORZAMENTO COMO INSTRUMENTO DE POLÍTICA ECONÓMICA; 2.1. O orzamento, o principio democrático e o Estado de Dereito; 2.2. Principios: economía, eficiencia, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade; 2.3. Límites materiais materias incluídas e excluídas; 2.4. Requisitos formais: *2.4.1. Límites constitucionais; 2.4.2. Límites derivados da LOEPSF e o alcance do principio de estabilidade orzamentaria.*—3. A DÉBEDA PÚBLICA E O SEU RÉXIME XURÍDICO: 3.1. Límites constitucionais: exixibilidade e prioridade na cobranza; 3.2. Límites cuantitativos e o pacto fiscal europeo.—4. A DINÁMICA DA XESTIÓN DE MEDIOS ECONÓMICOS: 4.1. Os principios do dereito orzamentario e da contabilidade pública; 4.2. Elaboración, aprobación e modificación do orzamento; 4.3 Execución do orzamento.—5. CONTROL E FISCALIZACIÓN: 5.1. O control dos recursos públicos, en xeral; 5.2. A función de intervención; 5.3. O papel da AIReF.—5.4. A fiscalización do Tribunal de Contas.—6. BIBLIOGRAFÍA: 6.1. Bibliografía citada; 6.2. Bibliografía complementaria recomendada

1. PRESUPOSTOS MACROECONÓMICOS

1. A satisfacción dos intereses xerais e o cumprimento das funcións que as administracións públicas teñen encomendadas pasan, inexorablemente, pola disposición de **medios económicos suficientes**, como tamén ocorre con familias e empresas. As de-

cisións tanto duns como doutros —poderes públicos, familias e empresas— teñen impacto directo na evolución da economía xeral. Con todo, fronte ao papel agregado de familias e empresas, este é moito maior no caso as decisións económicas das administracións públicas (especialmente, no caso da Administración xeral do Estado) pois, en boa medida, son capaces de marcar, por si mesmas, a evolución da economía dun país ou rexión. En definitiva, de **dirixir a súa economía**, ou polo menos, de pretendelo.

2. A ciencia económica vén ocupándose de explicar o modo en que se interrelacionan economicamente os individuos, as empresas e os estados, así como o por que e **cara a onde evolucionan a riqueza, os prezos e o traballo**. En 1776, Adam SMITH, na súa obra *An Inquiry into the Nature and Causes of the Wealth of Nations*, propoñía a resposta clásica sobre como o mercado e o sistema de prezos permiten crear riqueza e mellorar a situación das nacións e, polo tanto, dos individuos. A partir de aquí —e xa antes, en realidade, mercantilistas e fisiócratas—, a ciencia da economía pretendeu explicar primeiro e propoñer despois o modo de xerar riqueza e traballo. O papel do dereito, público e privado, atende principalmente a repartición da riqueza, a partir dos principios de xustiza e igualdade. Con todo, a partir 1936, coa publicación por John M. KEYNES de The *General Theory of Employment, Interest, and Money,* a xeneralización da explicación do papel que ten o **gasto público na evolución da demanda agregada**, puxo os estados no centro do debate político-económico. Neste sentido, as decisións relativas ao orzamento público —ingresos e gastos— van poder ser analizadas tanto desde a perspectiva económica como xurídica.

3. Así e todo, os enfoques macroeconómicos sobre os que se centrou a ciencia económica ao longo do século xx, tendo ao Estado como actor principal, resultan hoxe completamente insuficientes. A **globalización** económica, e tamén política, desprazou a análise e esixe tomar en conta as interconexións sobre as que se asentan nas decisións de política económica dos distintos estados. Esta consideración resulta especialmente certa no contexto dos países da eurozona, que comparten moeda e política monetaria.

1.1. Ingresos públicos

4. A necesidade de dispoñer de grandes recursos económicos está vinculada á propia existencia e subsistencia das distintas formas de poder público. Desde época romana, e antes mesmo, pasando por cada un dos momentos da historia, a disposición de medios económicos —xa fose a través do saqueo, as requisas, os impostos, os matrimonios ou as herdanzas…— marcou o devir, o porvir e o declive das sucesivas estruturas de poder que se sucederon. Nas economías actuais, os ingresos públicos proveñen en primeiro lugar e de forma maioritaria dos **tributos**. Aínda que poden tamén existir rendas patrimoniais e financeiras, así como, eventualmente, ingresos extraordinarios (herdanzas, comisos, doazóns). Xunto con estas fontes de ingresos, e se estes non alcanzan a cubrir os gastos públicos, os poderes públicos recorrerán ao **endebedamento** mediante a emisión de distintos tipos de títulos de **débeda pública** (bonos, letras ou obrigas de pagamento). Economicamente, iso supón que o pago dos gastos actuais se traslada ás xeracións futuras (*infra* §§ 29.34 e ss.).

5. Foi precisamente a necesidade dos monarcas medievais de aumentar os seus capitais, impoñéndolles aos seus súbditos novos impostos, o que dará orixe ao nacemento das primeiras cortes medievais. Deste xeito, a imposición de tributos vincúlase coa orixe da democracia parlamentaria na súa máis afastada expresión. Aínda hoxe, a aprobación da Lei de orzamentos anuais é o momento decisivo que mide

o apoio parlamentario dun goberno, configurándose desde esta perspectiva na lei politicamente máis relevante que cada ano aproba o órgano lexislativo —Cortes Xerais ou parlamento autonómico— ou representativo —pleno do concello—.

1.2. Gasto *versus* investimento público

6. A idea de **gasto público**, pode entenderse, en sentido amplo, como destino dos recursos públicos previsto nos orzamentos que anualmente deben aprobarse (*infra* § 29.18). Pero tamén pode entenderse "gasto público", en sentido estrito, desde unha perspectiva económico-contable, diferenciándoo do **investimento** público, isto é, como gasto corrente. Este terá **carácter recorrente**, como ocorre co pago de pensións, gastos en sanidade ou estrutura burocrática-administrativa, así como co pago dos intereses e principal da débeda, por exemplo. A diferenza deste e desde o punto de vista macroeconómico e do seu impacto nos obxectivos de política económica, o uso de recursos públicos para investimento será **temporal e con retorno**, como pasa en xeral coa construción de infraestruturas. Neste sentido, o investimento público implica o uso de recursos públicos actuais que xeran unha riqueza futura.

7. Mesmo así, as diferenzas entre gasto e investimento non sempre son claras nin evidentes: o gasto en educación: é gasto ou é investimento? O investimento en infraestruturas mal deseñadas: é investimento ou gasto?

1.3. A política económica como instrumento de políticas públicas

8. A utilización e o destino dos recursos económicos públicos constitúen, xunto coa regulación, a principal **manifestación das políticas públicas** dun Estado, comunidade autónoma ou entidade local. A través do orzamento público, os poderes públicos, cada un no seu ámbito competencial, expresan as súas prioridades, así como a súa concepción da política económica. Os obxectivos da política económica, tal e como sinala o **artigo 40.1 da Constitución Española (CE)** deben orientarse a promover «as condicións favorables para o progreso social e económico e para unha distribución da renda rexional e persoal máis equitativa, no marco dunha **política de estabilidade económica**. De maneira especial realizarán unha política orientada ao pleno emprego».

9. Que deba entenderse como política de estabilidade económica suxire unha mirada cara aos fundamentos que constrúen a teoría e a ciencia económica. Para esta, tradicionalmente estes foron: o **crecemento económico** (medido en termos de evolución do produto interior bruto —PIB—), a **estabilidade de prezos** (medida en termos de variación do índice de prezos ao consumo —IPC—), a **consecución do pleno emprego** (medido en termos variación da porcentaxe de desemprego en relación coa poboación activa) e o **equilibrio da balanza de pagos** (relación entre exportacións e importacións), sendo produto nacional bruto e a taxa de desemprego as principais **macrovariables** que se utilizan para medir a macroeconomía (GARCÍA-ANDRADE, 2020).

10. A estabilidade da política económica coexiste coa finalidade á que, con carácter xeral, serve o uso os recursos públicos: a garantía da prestación das funcións públicas e os servizos esenciais, mediante a execución das políticas públicas que sa-

tisfán a consecución dos obxectivos sinalados polos principios reitores da política económica e social recollidos no capítulo III do título I da CE.

11. Os **instrumentos** a través dos cales os poderes públicos poden influír sobre a evolución destas macrovariables son: dunha parte, **a regulación** das actividades económicas, que indirectamente determinan o impulso, ou o freo, da actividade e as condicións nas que se desenvolve da economía; e, doutra, o uso das **políticas monetaria e fiscal**. Eventualmente, os poderes públicos poderán influír tamén a través da actividade desenvolvida polas súas **empresas públicas**, influencia que será función, loxicamente, do peso que estas empresas teñan en estrutura económica de cada territorio.

12. Na actualidade, e tendo en conta que, no caso de España e resto de países da eurozona, a **política monetaria** como instrumento da política económica corresponde ao Banco Central Europeo, a política económica está maioritariamente en mans da **política fiscal** ou de gasto. Isto é, do orzamento público. A partir do orzamento, determínase o alcance dos ingresos públicos, así como o volume do gasto público. As decisións políticas relativas á presión tributaria —subir ou baixar impostos— e as relativas ao volume de gasto, a súa estrutura e composición —máis ou menos gastos correntes ou de investimento— virán determinadas polas preferencias políticas representadas no órgano democrático que en cada momento aproba o orzamento. A súa estrutura virá, pola súa vez, condicionada polo modo de entender o papel que corresponde ao poder público na evolución da economía e da confianza —maior ou menor— que cada goberno deposita na política fiscal como elemento de dirección económica.

13. Con todo, hai que considerar que unha parte importante das decisións relativas ao orzamento como instrumento de política económica vén predeterminada por decisións anteriores que arrastran **compromisos previos de gasto** (salarios de funcionarios e traballadores, pago de pensións, pago da débeda pública e da débeda comercial etc.), o cal suscita non poucas dúbidas desde a perspectiva do alcance do **principio democrático e da sustentabilidade financeira interxeracional**. Con todo, seguirá existindo marxe para deseñar as políticas públicas preferentes de quen goberna, que se manifestan a través da posta en marcha —ou se é o caso, eliminación— de programas e proxectos de actuación que implican o maior ou menor uso de recursos públicos.

14. O reto principal da política fiscal reside precisamente na idea de **sustentabilidade das contas públicas** e, vinculado con el, a súa compatibilidade co **principio democrático** e o respecto á capacidade de decisión de xeracións futuras. O peso que poida supoñer o pago da débeda pública para as próximas xeracións, levou á UE para cifrar o límite do endebedamento e a concretar o principio operativo de toda institución de que **"ninguén pode gastar máis do que ten".** En concreto, o protocolo 12 do TFUE fixa estes límites no 60 por 100 o volume total de débeda pública en relación co PIB e no 3 por 100 o déficit público en relación co devandito PIB. Con este acordo, o que nun principio era un criterio de prudencia económico-financeira —axustado segundo previsións e expectativas— transformouse en norma xurídica.

2. O ORZAMENTO COMO INSTRUMENTO DE POLÍTICA ECONÓMICA

15. Tradicionalmente, o dereito orzamentario formou parte da área de dereito financeiro e tributario (MARTÍNEZ/GARCÍA, 2018). Sen pretender entrar en polémicas acerca do encaixe da materia, o certo é que as normas que ordenan a elaboración, xestión e control do orzamento son normas de dereito público. Sen unha mirada aos medios económicos cos que conta e dispoñen as administracións públicas (AAPP) para a execución de políticas públicas, a cabal comprensión do Dereito administrativo quedaría incompleta. De aí a necesidade de incluír esta lección, de contido básico, dentro desta obra.

2.1. O orzamento, o principio democrático e o estado de dereito

16. No ámbito xurídico–público, o orzamento como "expresión cifrada, conxunta e sistemática dos dereitos e obrigas a liquidar durante o exercicio por cada un dos órganos e entidades que forman parte do sector público" (art. 32 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria [LXP]) non é só un instrumento imprescindible para a xestión pública eficiente e ordenada. A súa aprobación polo órgano de **representación democrática** convérteo, ademais, no instrumento que **autoriza legalmente** os poderes públicos a dispoñer dos recursos públicos en favor de terceiros. O uso dos devanditos recursos públicos —na súa inmensa maioría, de orixe tributaria— requiriu o desenvolvemento de todo tipo de cautelas, *ex ante* e *ex post*. Desde o punto de vista dos controis *ex ante*, a aprobación anual do orzamento —xa sexa polo parlamento, a asemblea autonómica ou o pleno do concello— cumpre a dobre función de control político do executivo e de control da legalidade do uso dos recursos públicos. O artigo 133.4 CE prevé que as administracións públicas só poden contraer obrigacións financeiras e realizar gasto de acordo coas leis. O artigo 46 LXP, pola súa vez, concreta o chamado **principio de legalidade orzamentaria**, dispoñendo que **os créditos para gastos son limitativos**, non podendo adquirirse compromisos de gasto nin obrigacións por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo **nulos de pleno dereito** os actos administrativos e as disposicións xerais con rango inferior a lei que incumpran esta limitación (*supra* § 17.73).

17. A regra da nulidade de pleno dereito dos actos administrativos adoptados sen existencia de crédito suficiente non é absoluta nin pacífica. Así, por exemplo, o apartado segundo da disposición adicional terceira da LCSP prevé a **tramitación anticipada de contratos públicos**, permitindo a adopción dun acto administrativo (a adxudicación dun contrato), antes de que exista crédito suficiente, no caso de que a execución material do contrato haxa de comezar no exercicio seguinte, ou naqueles nos que o seu financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención; e a mesma LXP, no seu artigo 34.3, prevé un sistema de **recoñecemento extraxudicial de créditos** para poder pagar as obrigas adquiridas pola Administración fronte a terceiros a pesar da invalidez administrativa do acto adoptado sen consignación orzamentaria.

2.2. Principios do dereito orzamentario

18. Con carácter xeral, a CE fai referencia no seu artigo 31.2 aos principios de **eficiencia e economía** ao tratar do gasto público, en relación coa súa programación e execución. Menciónase ademais que haberá de realizarse unha **asignación equitativa** dos recursos públicos. Pola súa banda, o artigo 134.2 CE ao regular o contido dos orzamentos xerais do Estado, esixe que estes teñan **carácter anual** e que inclúan a **totalidade** dos gastos e ingresos do sector público estatal, debendo de consignarse neles o importe dos beneficios fiscais que afecten os tributos do Estado, na medida que, aínda que non son gasto, si son un menor ingreso. O artigo 135 CE, reformado en 2011, no contexto da crise financeira, incorporou á norma fundamental o **principio de estabilidade orzamentaria**, e os consecuentes límites en materia de déficit e débeda pública (*infra* § 29.14).

19. Independentemente do alcance da descentralización do noso sistema político, os principios e regras constitucionais relativos ao dereito orzamentario son de aplicación xeral ao conxunto das administracións públicas, como se deduce os artigos 134, 135, 156 e 157 CE. Así queda reflectido tanto nos estatutos de autonomía (EEAA) das distintas comunidades autónomas (CCAA) e nas súas leis de facenda, como nas normas básicas reguladoras das entidades locais (EELL), na Lei 7/1985, do 25 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLHL).

20. O **marco legal básico e xeral** en materia orzamentaria está contido, dunha parte, na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEPSF), que desenvolve a previsión do artigo 135.2, 2.º parágrafo CE e, doutra, na LXP. As comunidades autónomas pola súa banda e no marco das súas competencias, dispoñen das súas correspondentes leis de facenda. Para o ámbito local, a LBRL (art. 112) recolle pola súa vez a necesidade de aprobar anualmente orzamentos por parte das EELL así como, se é o caso, a súa prórroga en ausencia de aprobación en prazo. O TRLHL, completa o marco do réxime local en materia orzamentaria.

21. En relación cos principios do dereito orzamentario convén distinguir entre os **principios aplicables ao seu plan e programación** e os aplicables á súa **xestión** (*infra* § 29.42). En relación cos primeiros, resultou determinante a reforma do artigo 135 CE ao constitucionalizar o **principio de estabilidade orzamentaria**, engadindo aos principios propios da técnica contable xa existentes, novos límites que afectan a contía e, en definitiva, na marxe da política fiscal (*infra* § 29.14). En concreto, o artigo 26 LXP alude aos principios materiais de "estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira, plurianualidade, transparencia, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, responsabilidade e lealdade institucional…", redacción que se incluíu en virtude do disposto na Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012. Nesta nova redacción incorporáronse, como novidade, os citados principios de **sustentabilidade financeira, responsabilidade e lealdade institucional**, no contexto dos compromisos que España adquiriu no marco do pacto fiscal europeo, e que agora son extensibles ao conxunto das administracións públicas.

2.3. Límites materiais: materias incluídas e excluídas

22. Xunto cos principios, a CE prevé tamén regras que delimitan o contido material da Lei de orzamentos xerais. En concreto, o artigo 134.2 establece positivamente que se deberán incluír a **totalidade dos gastos e ingresos** do sector público estatal, ademais do importe dos beneficios fiscais que afecten os tributos do Estado, na medida que supoñen un menor ingreso. O artigo 135.2 CE garante que se inclúa tamén o **pago da débeda, capital e intereses**.

23. Desta maneira, as leis de orzamentos que cada exercicio anual han de aprobar o Estado, CCAA e, se é o caso, as entidades locais mediante o correspondente acordo do Pleno, cumpren a función de documento de previsión de xestión económica. Doutra banda, e dado que pola parte dos ingresos, pode ser necesario axustar anualmente certas contías, como ocorre no caso dos prezos e taxas públicas, e mesmo de certos tipos impositivos, o artigo 134.7 CE contempla que a Lei de orzamentos xerais poida **incorporar axustes e modificacións nas normas tributarias**, sempre que a lei tributaria substantiva así o prevexa. Con todo, o alcance desta potestade limítase mediante a prohibición de crear novos tributos mediante Lei de orzamentos xerais.

24. Fóra desta expresa limitación, a CE non di máis. Iso deu pé a que se xeneralice unha práctica que pasa por **alargar o contido das leis de orzamentos** coa incorporación, na súa parte adicional, dunha infinidade de reformas de todo tipo e cor. Malia que o TC deixou clara reiteradamente a **inconstitucionalidade** desta forma de lexislar, os malos modos arraigaron e mesmo contaxiaron as 17 asembleas autonómicas. Aínda que esta práctica tentou substituírse mediante a tramitación e aprobación paralela das coñecidas como **leis de acompañamento**, ou leis de medidas administrativas, sociais e fiscais, o certo é que a tentación de aproveitar as facilidades que ofrece a máis áxil tramitación das leis de orzamentos reaparece unha e outra vez.

25. O Tribunal Constitucional vén reiterando e lembrando, (STC 16/2022, FX 3) a súa doutrina acerca dos **límites materiais do contido "eventual"** das leis de orzamentos, insistindo na necesidade de que a) a materia garde **relación inmediata e directa cos ingresos e gastos** que integran o orzamento e que a súa inclusión estea xustificada por ser un complemento dos criterios de política económica da que ese orzamento é o instrumento e b) sexa un **complemento necesario** para a maior intelixencia e para a mellor execución do orzamento e, en xeral, da política económica do Goberno.

26. No marco do financiamento autonómico e dado que os ingresos públicos de orixe tributaria corresponden principalmente ao Estado, o artigo 158 CE menciona a **asignación ás comunidades autónomas** que poderá —en realidade, deberá— conterse nos orzamentos xerais do Estado. Respecto desta asignación, a CE incorpora un **criterio de suficiencia** ao garantir que deberá estar determinada polo volume dos servizos e actividades que as comunidades autónomas asumisen, así como a garantía dun nivel mínimo na prestación dos servizos públicos en todo o territorio nacional (*infra* § 11.20).

27. Só no caso da Comunidade Autónoma do País Vasco e da Comunidade Foral de Navarra, e no contexto das súas competencias en materia tributaria, cambiará o tratamento respecto da asignación orzamentaria, que deberá ter lugar, respectivamente, no marco do **Convenio** e do **Concerto** (DA 1.º CE, que ampara e respecta os dereitos históricos dos territorios forais) (*infra* § 10.11).

2.4. Requisitos formais

2.4.1. Límites constitucionais

28. No ámbito estatal, a aprobación da Lei de orzamentos xerais vén precedida por unha **tramitación específica**, con particularidades respecto do procedemento lexislativo común. En primeiro lugar, a iniciación do procedemento de aprobación da Lei de orzamentos xerais corresponde exclusivamente, como é razoable, ao Goberno —vía **proxecto de lei**—(*infra* § 29.49) A súa tramitación goza de preferencia (art.133.2 do Regulamento do Congreso dos Deputados [RCD]). A aprobación para a iniciación da tramitación haberá de ter lugar en **pleno**, do mesmo xeito que a aprobación definitiva do proxecto. O artigo 46 RCD prevé a existencia dunha **Comisión Permanente de Orzamentos**, para a que o artigo 60 RCD require a dotación de medios técnicos e materiais propios, capaces de facilitar o asesoramento técnico necesario, dada a complexidade da tarefa de tramitación dunha lei como a de orzamento. As **emendas** que poidan presentarse ao proxecto de lei terán que asegurar o **mantemento do equilibrio orzamentario** do proxecto, debendo de propoñer onde rebaixar o orzamento cando, por exemplo, se pretenda aumentar o gasto noutro apartado. É máis, en virtude do previsto no artigo 134.6 CE, o artigo 111 RCD habilita o Goberno a manifestar a súa **desconformidade coa tramitación de emendas** que supoñan aumento dos créditos ou diminución dos ingresos orzamentarios en calquera momento da tramitación, se antes non se consultaron. As particularidades deste procedemento lexislativo son consecuencia do papel que ten o orzamento como principal instrumento da política económica do Goberno, así como das esixencias derivadas da súa necesaria coherencia económico-contable.

29. O veto do Goberno esténdese máis aló do procedemento para a aprobación dos orzamentos e alcanza a todo tipo de emendas e/ou proposicións de lei con eventual impacto sobre as contas públicas. Con todo, o TC interpretou o alcance desta potestade ou "veto orzamentario". Entende o TC que «o Goberno debe xustificar de forma explícita a adecuada conexión entre a medida que se propón e os ingresos e gastos orzamentarios. Esta conexión debe ser directa e inmediata, actual, por tanto, e non meramente hipotética. Debe ademais referirse ao orzamento en particular, sen que poida aceptarse un veto do executivo a proposicións que, no futuro, puidesen afectar os ingresos e gastos públicos (…) (STC 34/2018, FX 9) (GIMÉNEZ SÁNCHEZ, 2020).

30. Entre as particularidades formais da aprobación dos orzamentos destacan as que inciden nos **elementos temporais**. En concreto, a) o seu carácter **anual**, b) a esixencia constitucional de que o proxecto de orzamentos chegue polo menos **tres meses antes** da expiración dos do ano anterior (art. 134.3 CE), así como, c) a **prórroga automática** dos orzamentos do ano anterior se a nova Lei de orzamentos non se aproba antes do primeiro día do exercicio económico correspondente (art. 134.4 CE), sendo posible unha aprobación tardía, xa entrado o ano en curso. Estas regras non prevén, con todo, limitacións en canto ao número de veces en que poden prorrogarse os orzamentos nin do tempo que pode atrasarse a súa aprobación tardía.

31. A última década foi rica en situacións excepcionais. Así, por exemplo, os orzamentos xerais aprobados en 2018 baixo o goberno do Partido Popular, foron logo prorrogados en 2019 e tamén, en

2020, neste segundo caso, gobernando o Partido Socialista Obreiro Español. Semellantes situacións vivíronse nalgunhas comunidades autónomas (Andalucía, Castela e León e Castela-A Mancha) no contexto da nova composición de moitos parlamentos e ante a ausencia de maiorías suficientes. Tras as eleccións xerais de 2023, o novo Goberno elixido en novembro dese ano non chegou a tempo para presentar o proxecto dos orzamentos xerais para 2024 nas datas constitucionalmente previstas. Unha vez iniciado 2024, en marzo, o Goberno anunciou a súa renuncia para elaborar e presentar o proxecto de orzamentos para 2024. A mediados de 2026, por terceiro ano, seguen prorrogados os orzamentos de 2023. Estas decisións suscitaron dúbidas xurídicas acerca da interpretación do art. 134.3 e 4 CE, e do alcance da obriga constitucional que o Goberno ten de presentar ao Congreso o seu proxecto de orzamentos. En febreiro do 2026, o TC admitiu a trámite o conflito entre órganos constitucionais promovido polo Senado en relación co incumprimento do "deber constitucional" de presentar o proxecto de Lei de PXE.

2.4.2. Novos límites derivados da LOEPSF e alcance do principio de estabilidade orzamentaria

32. A reforma do artigo 135 CE en 2011, coa consecuente incorporación do principio de estabilidade orzamentaria, trouxo consigo a incorporación de novas **regras legais á disciplina orzamentaria**. Entre estas destacan certas regras formais, que afectan a **prazos** e **tramitación**, pero que miran en definitiva o cumprimento do compromiso material da estabilidade orzamentaria. O seu desenvolvemento está recolleito, tal e como esixe a CE, na LOEPSF de 2012.

poñer directamente o recurso contencioso-administrativo sen necesidade de presentar previamente o recurso de reposición. A explicación a este dobre escenario que se acaba de expor atópase no tipo de acto contra o que cabe o recurso de reposición, **actos que poñen fin á vía administrativa**. O esgotamento da vía administrativa constitúe a barreira a superar polos cidadáns que queiran seguir discutindo ante a xurisdición contencioso-administrativa a legalidade dun acto administrativo (*infra* § 34.58 e 79). É así como o interesado pode tentar unha última oportunidade, en todo caso non prescritiva nin obrigada, dado o carácter potestativo do recurso, ante a propia Administración ou ben dirixirse directamente aos xulgados e tribunais da orde xurisdicional contencioso-administrativa. Ora ben, se o interesado decide interpoñer o recurso potestativo de reposición non pode interpoñer simultaneamente o recurso contencioso-administrativo. Debe esperar á resolución, expresa ou presunta, do recurso de reposición para poder acudir ulteriormente á xurisdición contencioso-administrativa.

76. Precisamente, o recurso de reposición atopa o seu sentido naqueles ámbitos, como no **réxime local**, nos que, practicamente, non cabe interpoñer recurso de alzada porque o acto administrativo para atacar foi ditado en orixe por un órgano administrativo que carece de superior xerárquico. Cómpre ter en conta, neste sentido, que consonte o artigo 52.1 a) LBRL, no ámbito municipal esgotan a vía administrativa o alcalde, a xunta de goberno, o pleno municipal e os demais cargos en que deleguen, o que na práctica fai que a maioría das decisións municipais esgoten directamente a vía administrativa e, polo tanto, non serán recorribles en alzada.

77. A diferenza do que sucede co recurso de alzada, a interposición e resolución do recurso potestativo de reposición prodúcese **ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido**.

78. O **prazo de interposición** do recurso é dun mes se o acto é expreso de modo que o transcurso do prazo sen a mencionada interposición determina que, como en todo caso a vía administrativa xa se atopa esgotada, só caiba, á parte do recurso extraordinario de revisión, o recurso contencioso-administrativo, iso si, sempre e cando non transcorresen os prazos previstos para a súa interposición (*infra* § 34.84). E no caso de actos non expresos, do mesmo xeito que acontece co recurso de alzada, a LPAC (parágrafo segundo do art. 124.1) non suxeita a prazo a interposición do recurso potestativo de reposición e poderase producir "en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, consonte a súa normativa específica, se produza o acto presunto". Finalmente, o **prazo de resolución e notificación** do recurso de reposición é dun mes e unha vez producida esta non cabe contra ela a interposición dun novo recurso de reposición.

78 *bis*. Interesa ter en conta que os prazos para interpoñer o recurso son **preclusivos** e non susceptibles de ampliación sobre a base do art. 32 LPAC. A obrigatoriedade dos prazos constitúe un principio reitor do procedemento administrativo ao servizo do de seguridade xurídica, impoñéndolle consecuentemente ao cidadán a carga de actuar de forma tempestiva, dado que o incumprimento da devandita obrigación entraña a inadmisibilidade do recurso e a imposibilidade de obter unha resolución de fondo. Isto non supón, en última instancia, vulneración algunha do dereito de defensa, conforme precisou a xurisprudencia recente de distintos TSX (como a STSX de Murcia do 9 de marzo de 2023, ECLI:ES:TSXMU:2023:674 e as que nesta se citan).

79. Ademais dos recursos comúns ou xerais dentro dos recursos ordinarios atopamos tamén os **recursos especiais** por razón da materia e que se atopan previstos

en determinada normativa específica. Resultan aplicables en variados ámbitos da realidade sectorial (como os recursos corporativos interpostos no ámbito da chamada Administración corporativa, os recursos contra os actos da Seguridade Social e os recursos administrativos nos procedementos disciplinarios contra funcionarios públicos). De todos os existentes, e dos que non é posible dar conta agora de maneira singularizada, ocupámonos **dos máis destacados** no sistema administrativo de recursos.

80. En primeiro lugar, as **reclamacións económico-administrativas** no ámbito tributario (art. 226 a 248 LXT) resoltas por órganos administrativos especializados (os tribunais económico-administrativos, central para a AXE e autonómicos e locais). Estas reclamacións económico-administrativas poden presentarse contra a aplicación dos tributos do Estado ou das recargas establecidas sobre eles e a imposición de sancións tributarias que realicen a AXE e as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes dela, así como das administracións tributarias das comunidades autónomas e de Ceuta e Melilla respecto dos actos e actuacións enunciados no artigo 227 LXT. A especialidade destas reclamacións atópase en que, unha vez resoltas, contra estas é posible interpoñer algún dos recursos previstos pola propia LXT (de alzada ordinario, extraordinario de alzada para a unificación de criterio, extraordinario para a unificación de doutrina, de anulación e extraordinario de revisión).

81. En segundo termo, o **recurso especial en materia de contratación** (*supra* § 19.130) regulado nos artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP). Trátase dun recurso de natureza potestativa e carácter gratuíto que cabe, respecto de determinados contratos por razón da súa contía mencionados no artigo 44.1 LCSP, contra a actuación de administracións públicas ou de suxeitos que teñan a condición de poder adxudicador e que é resolto, malia a súa denominación formal de tribunais, por órganos administrativos que teñen independencia funcional (o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais na AXE e os tribunais autonómicos de recursos contractuais para a Administración autonómica nos que se procedeu á súa creación e os órganos designados pola lexislación autonómica para a Administración local).

82. Finalmente, as **reclamacións en materia de acceso á información pública (***supra* § 28.67 e 68) previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTBG). Esta reclamación, potestativa e previa á vía xudicial, substitúe os recursos administrativos ordinarios e pódese dirixir contra calquera resolución en materia de acceso pola que se inadmite a trámite ou se desestima, de forma expresa ou por silencio administrativo negativo, unha solicitude de información en exercicio do dereito de acceso do artigo 12 LTBG. Desta coñece o Consello de Transparencia e Bo Goberno, o seu equivalente autonómico ou o organismo específico ao que se lle atribuíu a competencia pola correspondente comunidade autónoma en virtude da posibilidade contemplada na disposición adicional cuarta da LTBG.

8.3.2. O recurso extraordinario de revisión

83. O recurso extraordinario de revisión, como o seu propio nome indica, diferénciase dos recursos ordinarios porque só é posible a súa interposición en **supostos concretos e taxados** pola propia lei (art. 125.1 LPAC). Desta forma, a natureza excepcional deste recurso condiciona, estreitamente, as súas posibilidades de interposición, aínda que esta non obsta de ningún xeito para instar a revisión de oficio do acto por causa de nulidade de pleno dereito ou para solicitar a rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos.

84. O recurso extraordinario de revisión só se pode interpoñer contra **actos firmes en vía administrativa**. Interesa ter presente que non só o acto contra o que

eventualmente se interpón este recurso extraordinario esgotou a vía administrativa. Ademais, este acto é firme, o que significa que ten consolidados os seus efectos e non cabe recurso administrativo ningún contra este. Agora ben, se a firmeza do acto o é na vía contencioso-administrativa entón o que procede é o recurso extraordinario de revisión contra a resolución xudicial que confirmase a validez do acto administrativo firme (*supra* § 17.78). Así, o recurso extraordinario de revisión permite reabrir unha situación xa pechada e consolidada pola firmeza do acto impugnado a partir da concorrencia dunha serie de circunstancias extraordinarias que, xustamente, posibilitan a interposición do recurso.

85. A estas circunstancias, pola **concorrencia de datos ou acontecementos excepcionais e sobrevidos** con posterioridade ao momento en que o acto foi ditado, refírese o artigo 125.1 LPAC: a) que ao ditalos se incorrese en erro de feito, que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente; b) que aparezan documentos de valor esencial para a resolución do asunto que, aínda que sexan posteriores, evidencien o erro da resolución recorrida; c) que na resolución influísen esencialmente documentos ou testemuños declarados falsos por sentenza xudicial firme, anterior ou posterior a aquela resolución; d) que a resolución se ditase como consecuencia de prevaricación, suborno, violencia, maquinación fraudulenta ou outra conduta punible e declarouse así en virtude de sentenza xudicial firme.

86. A **interposición** do recurso extraordinario de revisión prodúcese ante o mesmo órgano que ditou no seu día o acto agora recorrido quen é, ademais, o competente para resolver.

87. En canto aos **prazos** de interposición do recurso estes difiren en función da circunstancia (das catro expostas *supra* § 33.85) que motiven a súa interposición. Deste xeito, cando se trate da causa do apartado a), o recurso debe interpoñerse dentro do prazo dos catro anos seguintes á data da notificación da resolución impugnada. Nos demais casos (apartados b, c, e d), o prazo é de tres meses contados desde o coñecemento dos documentos ou desde que a sentenza xudicial quedou firme.

88. De conformidade co disposto no artigo 126 LPAC, existe un **trámite de inadmisión** semellante ao da revisión de oficio. Neste sentido, o recurso debe inadmitirse, sen que o órgano administrativo entre a coñecer o fondo deste e sen necesidade de solicitar o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo autonómico, porque o recurso non se funda nalgún dos catro motivos taxados sinalados ou porque previamente se desestimaron en canto ao fondo outros recursos substancialmente iguais.

89. Por último, o órgano administrativo que resolve o recurso extraordinario de revisión debe pronunciarse non só sobre a procedencia do recurso mesmo senón tamén, e no seu caso, **sobre o fondo** da cuestión resolta, no seu día, polo acto recorrido. Todo iso dentro dun prazo máximo de tres meses para resolver, desde a interposición do recurso extraordinario de revisión, de forma que a falta de resolución expresa no devandito prazo provoca a desestimación do recurso, por silencio administrativo negativo, habilitando a vía xurisdicional contencioso-administrativa.

9. OUTRAS FÓRMULAS ALTERNATIVAS DE CONTROL

90. O art. 112 LPAC prevé a existencia de **procedementos alternativos** aos recursos administrativos, que poden substituír, se así o establece unha lei, o recurso administrativo de alzada e o recurso potestativo de reposición "en supostos ou ámbitos sectoriais determinados, e cando a especificidade da materia así o xustifique". Coa concorrencia dos anteriores presupostos, os recursos administrativos ordinarios poden, polo tanto, substituírse por procedementos de **impugnación**, **reclamación**, conciliación, mediación e arbitraxe. Algunhas destoutras fórmulas simplemente substitúen a impugnación a través dos recursos administrativos por outros procedementos nas materias así determinadas pola lexislación sectorial que resulte aplicable, iso si, con respecto aos principios, garantías e prazos que a LPAC recoñece de forma xeral en todos os procedementos. Mentres que, tratándose da **conciliación, mediación** e, sobre todo, da **arbitraxe** nos situamos ante escenarios substitutivos da impugnación nos que o interesado pretende o arranxo dun conflito coa Administración por algunha destas vías que contan, sen dúbida, cun maior percorrido no ámbito privado que no Dereito administrativo. Con todo isto, tamén comeza a albiscarse a súa viabilidade administrativa como o testemuña a mediación ou conciliación da Autoridade Independente para a Igualdade de Trato e a Non Discriminación do artigo 40 da Lei 15/2022, do 22 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación.

91. A aplicación xeral destoutros medios alternativos, principalmente a **arbitraxe**, á Administración expuxo tradicionalmente unha serie de problemas que derivan de: i) a extensión do alcance da autonomía da vontade dos suxeitos privados á Administración; ii) a consideración dunha das partes, concretamente a Administración, como unha organización que actúa mediante o exercicio de potestades administrativas e, polo tanto, non susceptibles de transacción en moitos casos; e iii) o sometemento, por mandato constitucional, da legalidade da súa actuación ao control xudicial (art. 106.1 CE). Por estes e outros motivos, non pode trasladarse á Administración, así sen máis, a aplicación da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraxe. No mesmo sentido, e máis recentemente, tampouco resultan aplicables os medios adecuados de solución de controversias en vía non xurisdicional "aos asuntos de calquera natureza, con independencia da orde xurisdicional ante o que deban ventilarse, nos que unha das partes sexa unha entidade pertencente ao sector público" (artigo 3.2 da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, sen prexuízo do sinalado na súa disposición final trixésima primeira).

92. Iso non obsta para que certos suxeitos públicos (corporacións de dereito público, entidades e organismos públicos, así como autoridades administrativas independentes) poidan desenvolver unha **actividade administrativa arbitral** decidindo controversias de suxeitos privados de conformidade coas súas propias normas reguladoras (art. 14.1.a) da Lei 60/2003). É máis, que, mesmo, poidan contemplarse sistemas arbitrais integrados ou dependentes das administracións públicas (art. 21.1 parágrafo segundo da Lei 60/2003). Ou, finalmente, que as controversias xurídicas no seo da AXE con calquera dos seus organismos públicos e as sociedades mercantís estatais e as fundacións do sector público estatal co seu ministerio de tutela se reconduzan ao mecanismo específico previsto na disposición adicional

única da Lei 11/2011, do 20 de maio, de reforma da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraxe e de regulación da arbitraxe institucional na AXE.

93. A salvo agora o crecente éxito da arbitraxe administrativa no comercio internacional, a admisión explícita a estas outras fórmulas alternativas de control atopámola, por exemplo, no artigo 35.1.b) LPAC polo que se obriga a motivar, entre outros, ademais dos actos que resolvan procedementos de revisión de oficio e de recursos administrativos, os dos procedementos de arbitraxe.

94. A lexislación administrativa comeza a recoller algunhas mencións a estoutras fórmulas alternativas de control. Así, i) o artigo 45 EBEP; ii) o artigo 31 LPAP); iii) o artigo 7.3 LGP; iv) o artigo 38 da Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas; v) a disposición adicional primeira apartado terceiro da LCSP; e vi) o artigo 123 do Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en diversos sectores.

95. Noutra orde de consideracións é posible referirnos a manifestacións de control interno moito máis específicas e singulares como mecanismos alternativos, pola súa especialidade *ratione materiae,* aos medios ordinarios de control. Estoutras fórmulas atopámolas en materia de función pública (*supra* § 31). Ademais do control disciplinario interno dos empregados públicos (Título VII do EBEP), a propia lei incorpora unha **avaliación do desempeño** como sistema de medición (e polo tanto de control interno) tanto da conduta profesional e o rendemento dos empregados públicos como do cumprimento de determinados obxectivos individuais e colectivos ao servizo último da mellora da produtividade das diferentes unidades administrativas e a calidade dos servizos públicos. Desta forma, a avaliación do desempeño (art. 20 EBEP) constitúe o medio de control interno que na Administración existe para medir e valorar tanto a conduta profesional do empregado público como o seu rendemento ou o logro de determinados resultados con importantes consecuencias para os efectos da avaliación na carreira profesional horizontal, a formación, a provisión de postos de traballo e a percepción de retribucións complementarias.

96. Por último, resulta ineludible unha mención ao *compliance*. Un concepto para o que non temos termo equivalente en galego e que veu a identificarse cos programas de cumprimento normativo propios da práctica empresarial privada (*supra* § 33.3). A instauración de programas de cumprimento normativo ao sector público, bautizada como ***public compliance***, transita de forma híbrida entre o Dereito penal e o Dereito administrativo e proxéctase sobre a reputación da organización e os axentes públicos (empregados públicos e cargos políticos). O obxectivo último do *public compliance* non é outro que incentivar condutas e comportamentos adecuados na xestión pública para a evitación da fraude mediante a aposta polo fomento de valores como a obxectividade, a integridade, a rendición de contas (*accountability*) mediante o establecemento de códigos de conduta e canles internas de denuncia, que coadxuven a manter a confianza cidadá nas institucións públicas.

97. O *public compliance* atopa reflexo, sobre todo, en materia de contratación pública e tamén en urbanismo. E evidénciase como unha fórmula de control e de vixilancia ante eventuais condutas fraudulentas dentro da Administración a partir dunha nova cultura polo respecto ao dereito co fin último de preservar a integridade administrativa e previr, principalmente, os casos de corrupción.

10. BIBLIOGRAFÍA

10.1. Bibliografía citada

Renato ALESSI, *La revoca degli atti ammistrativi*, Giuffrè, Milano, 1956.
Carmen CHINCHILLA MARÍN, "La revisión de oficio de los actos nulos y sus límites: una reflexión crítica", *Revista Andaluza de Administración Pública*, núm. 117 (2024), pp. 19-75
Landelino LAVILLA ALSINA, "La revisión de oficio de los actos administrativos", *Revista de Administración Pública*, núm. 34 (1961), pp. 53-98.
Francisco LÓPEZ MENUDO, "La revisión de oficio, imperio de la discrecionalidad", *Revista de Administración Pública,* núm. 217 (2022), pp. 13-52.
Franck MODERNE, "El control del funcionamiento del aparato administrativo en Francia", *Revista Vasca de Administración Pública,* núm. 3 (1982), pp. 121-136.
Vincenzo M. ROMANELLI, *L'annullamento degli atti amministrativi*, Giuffrè, Milán, 1939.
René Javier SANTAMARÍA ARINAS, "La reforma del art. 105.1 LPC y la revocación de los actos administrativos", *Revista de Administración Pública*, núm.151 (2000), pp. 441-464.

10.2. Bibliografía complementaria recomendada

Carmen AGOUÉS MENDIZÁBAL, *La revisión de oficio de los actos administrativos en el marco del principio de buena administración*, Aranzadi, Cizur Menor, 2024
José Francisco ALENZA GARCÍA, *Revisión, revocación y rectificación de actos administrativos,* Thomson Reuters Aranzadi, Cizur Menor, 2017.
Felio José BAUZÁ MARTORELL, *Revisión de oficio. Dudas, lagunas y controversias*, Iustel, Madrid, 2024
María Concepción CAMPOS ACUÑA, *Compliance en la administración pública: dificultades y propuestas*, Granada, CEMCI, 2017.
Federico A. CASTILLO BLANCO (coord.), *Compliance e integridad en el sector públic*o, Tirant lo Blanch, Valencia, 2019.
Víctor ESCARTÍN ESCUDÉ, *El sistema de lesividad en el ordenamiento jurídico español*, Atelier, Barcelona, 2022
Vicente ESCUÍN PALOP y Beatriz BELANDO GARÍN, *Los recursos administrativos*, Thomson Civitas, Cizur Menor, 2011.
Marta GARCÍA PÉREZ, *Arbitraje y Derecho Administrativo,* Cizur Menor, Thomson Civitas, 2011.
Felipe IGLESIAS GONZÁLEZ, *La revocación de actos administrativos favorables*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2017.
Eva María MENÉNDEZ SEBASTIÁN, *Los límites a la potestad de revisión*, Cizur Menor, Thomson Aranzadi, 2019.
Juan ROSA MORENO, *El arbitraje administrativo,* McGraw-Hill*,* Madrid, 1998.
José Manuel SALA ARQUER, *La revocación de los actos administrativos en el Derecho español*, Instituto de Estudios Administrativos, Madrid, 1974
Juan Alfonso SANTAMARÍA PASTOR, "Los límites en el ejercicio de la potestad de revisión de oficio", *Revista Española de la Función Consultiva*, núm. 30 y 31, (2018-2019), pp. 179-194.

Manual de Dereito administrativo
Revista de Derecho Público: Teoría y Método
pp. 845-881
Madrid, 2026
Marcial Pons Ediciones Jurídicas y Sociales
DOI: 10.37417/ManDerAdm/L34
© Alejandro Huergo Lora
Editado bajo licencia Creative Commons Attribution 4.0 International License.

LECCIÓN 34
CONTROL XUDICIAL DA ADMINISTRACIÓN

Alejandro Huergo Lora
Universidad de Oviedo

SUMARIO: 1. INTRODUCIÓN: 1.1. Significado constitucional do control xudicial da Administración; 1.2. A opción por unha orde xurisdicional especializada.—2. A XURISDICIÓN CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA: 2.1. Ámbito da xurisdición contencioso-administrativa: *2.1.1. A cláusula xeral; 2.1.2. Materias incluídas; 2.1.3. Materias atribuídas a outras ordes xurisdicionais;* 2.2. Organización: *2.2.1. Características do modelo elixido; 2.2.2. Seccións do contencioso-administrativo dos tribunais de instancia (ata o de agora, xulgados do contencioso-administrativo); 2.2.3. Salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza; 2.2.4. Sección do contencioso-administrativo do Tribunal Central de Instancia (ata o de agora, xulgados centrais do contencioso-administrativo); 2.2.5. Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional; 2.2.6. Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Supremo.*—3. AS PARTES: 3.1. Os suxeitos do proceso contencioso-administrativo: *3.1.1. O recorrente ou demandante; 3.1.2. A parte demandada; 3.1.3. Os codemandados;* 3.2. Requisitos xerais das partes: *3.2.1. Capacidade; 3.2.2. Lexitimación; 3.2.3. Postulación.*—4. OBXECTO DO PROCESO: 4.1. Significado do obxecto do proceso: pretensións e actividade administrativa impugnada; 4.2. As diferentes vías procesuais: *4.2.1. O recurso contra actos administrativos; 4.2.2. O recurso contra regulamentos; 4.2.3. O recurso contra a inactividade; 4.2.4. O recurso contra a vía de feito*; 4.3. A dinámica do obxecto do proceso: *4.3.1. A contía; 4.3.2. Acumulación e ampliación do recurso.*—5. O PROCEDEMENTO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO: 5.1. Elementos comúns previos ao comezo do proceso: *5.1.1. O esgotamento da vía administrativa previa; 5.1.2. O prazo de interposición do recurso; 5.1.3. O requirimento interadministrativo;* 5.2. O procedemento ordinario: *5.2.1. O escrito de interposición; 5.2.2. Remisión do expediente e emprazamento dos interesados; 5.2.3. Demanda e contestación. Alegacións previas; 5.2.4. Proba; 5.2.5. Conclusións; 5.2.6. Sentenza;* 5.3. O procedemento abreviado: *5.3.1. Ámbito*

de aplicación; 5.3.2. Especialidades; 5.4. Os procedementos especiais: *5.4.1. Para a protección de dereitos fundamentais; 5.4.2. Cuestión de ilegalidade; 5.4.3. En caso de suspensión previa de acordos; 5.4.4. Extensión de efectos das sentenzas; 5.4.5. Outros procedementos especiais.*—6. AS MEDIDAS CAUTELARES: 6.1. Concepto e requisitos: *6.1.1. Clases de medidas cautelares; 6.1.2. Periculum in mora; 6.1.3. Ponderación de intereses; 6.1.4. Fumus boni iuris; 6.1.5. A caución ou contracautela*; 6.2. Procedemento: *6.2.1. Procedemento ordinario; 6.2.2. Medidas cautelares.*—7. OS RECURSOS: 7.1. O recurso de reposición; 7.2. O recurso de apelación: *7.2.1. Resolucións impugnables; 7.2.2. Procedemento;* 7.3. O recurso de casación: *7.3.1. Características; 7.3.2. Resolucións impugnables; 7.3.3. O interese casacional obxectivo; 7.3.4. Procedemento do recurso de casación.*—8. A EXECUCIÓN DAS SENTENZAS: 8.1. Concepto e parámetros constitucionais; 8.2. Procedemento aplicable á execución; 8.3. Medidas ao dispor dos órganos xudiciais para conseguir o cumprimento das sentenzas.— 9. BIBLIOGRAFÍA: 9.1. Bibliografía citada; 9.2. Bibliografía complementaria recomendada

1. INTRODUCIÓN

1.1. Significado constitucional do control xudicial da Administración

1. O establecemento dun sistema de **control xudicial da Administración** non é unha opción para o lexislador, senón que cumpre unha dobre función constitucional. Nun Estado de dereito (art. 1.1 da Constitución española [CE]) no que os cidadáns e os poderes públicos están suxeitos á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico (art. 9.1 CE), no que se garante o principio de legalidade e o de seguridade xurídica (art. 9.3 CE) e no que a Administración ten, especificamente, un sometemento pleno á lei e ao dereito (art. 103.1 CE), **resulta imprescindible** que existan vías para que os xulgados e tribunais, aos que corresponde en exclusiva o exercicio da potestade xurisdicional (art. 117.3 CE), poidan ter a última palabra sobre se as distintas administracións públicas e entes de dereito público respectaron, ou non, o ordenamento xurídico na súa actuación.

2. Así o esixe, por unha banda, e co máximo nivel de protección constitucional (dereito fundamental susceptible de recurso de amparo), o artigo 24.1 CE, que proclama o dereito á **tutela xudicial efectiva**. Doutra banda, e xa fóra do catálogo de dereitos fundamentais, o artigo 106.1 CE dispón que "os Tribunais controlan a potestade regulamentaria e a legalidade da actuación administrativa, así como o sometemento desta aos fins que a xustifican" (*supra* § 4.18). A xurisdición contencioso-administrativa, á vez que tutela os dereitos e intereses das persoas físicas ou xurídicas que solicitan esa tutela, consegue a finalidade —de interese público e non só particular— de controlar que a actuación administrativa —en sentido amplo, que inclúe tamén a potestade regulamentaria— se axuste ao ordenamento xurídico —tamén de forma ampla, o que inclúe que esa actividade non só se axuste á lei no seu contido senón que se leve a cabo coa finalidade prevista polo ordenamento xurídico, excluíndo a desviación de poder—(*supra* § 5.43).

1.2. A opción por unha orde xurisdicional especializada

3. En España, como en moitos outros estados da familia europea continental *(civil law)*, o coñecemento dos litixios coas administracións corresponde, fundamentalmente, a unha **orde xurisdicional especializada**, denominada **contencioso-administrativo**. Mencionada na CE [art. 153.*c)*], regúlase actualmente na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA). Esta lei, que sufriu reformas importantes, constitúe en boa medida unha actualización da anterior Lei da xurisdición contencioso-administrativa do 27 de decembro de 1956, que, a pesar do contexto ditatorial en que foi aprobada, estableceu gran parte dos postulados do actual sistema de xustiza administrativa. Naqueles casos en que a competencia para coñecer dun litixio da Administración non lle corresponde á xurisdición contencioso-administrativa, entran en xogo outros tribunais (civís, sociais ou penais, aínda que estes dirimen responsabilidades de persoas físicas ou xurídicas, mais non da Administración, que como moito pode comparecer como responsable civil subsidiario), nos que a Administración pode comparecer como demandada pero tamén como demandante. Así ocorre, por exemplo, cando a Administración é titular dun ben patrimonial (*supra* § 30.61).

4. Aínda que a orixe do contencioso-administrativo (en Francia) fundaméntase na idea de que os tribunais non deben controlar a Administración —e neste sentido o contencioso era unha institución non xudicial—, actualmente en España a orde contencioso-administrativa é unha **orde xurisdicional**, integrada para todos os efectos no poder xudicial. A orde contencioso-administrativa debe ter as mesmas garantías que as demais, sen ser en ningún caso un foro privilexiado para a Administración. Isto afecta, por suposto, ao réxime dos xuíces e maxistrados, que reúnen as mesmas características de independencia, inamovilidade, responsabilidade e sometemento unicamente ao imperio da lei que nas demais ordes xurisdicionais, e tamén á regulación do proceso, baseada estritamente o principio de igualdade de partes. A Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil (LAC) é supletoria da LXCA (disposición final 1.ª LXCA e art. 4 LAC), o que permite que esta última deixen man da primeira, sobre todo, a regulación de cuestións procesuais como a práctica da proba, a presentación de escritos, a realización de actos procesuais etc.

2. A XURISDICIÓN CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

2.1. Ámbito da xurisdición contencioso-administrativa

2.1.1. A cláusula xeral

5. Fronte a modelos históricos nos que só se permitía que os tribunais controlasen a actuación administrativa nalgunhas materias concretas ("sistema de lista"), actualmente a competencia da xurisdición contencioso-administrativa delimítase a través dunha **cláusula xeral** recollida no artigo 1.1 LXCA: "Os xulgados e tribunais

da orde contencioso-administrativa coñecerán das pretensións que se deduzan en relación coa **actuación das administracións públicas suxeita ao Dereito administrativo**, coas disposicións xerais de rango inferior á lei e cos decretos lexislativos cando excedan os límites da delegación".

6. Por tanto, o contencioso non se ocupa de calquera conflito entre a Administración, en sentido estrito (é dicir, calquera ente de dereito público) e un particular, senón daquelas cuestións que xurdan na actividade dun ente público que estea sometida ao Dereito administrativo (non ao dereito privado), fronte a un particular ou fronte a outro ente público. En consecuencia, moitos preitos coa Administración se tramitan perante a xurisdición civil ou social.

7. Dito doutro xeito, para que sexa competente a xurisdición contencioso-administrativa deben darse **dúas condicións**: (1) que o litixio se produza en relación con (ou a partir de) unha **actuación** dunha **administración pública**, que na actualidade, conforme o artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP) inclúe non só as administracións xerais ou territoriais, senón tamén a outras entidades instrumentais como organismos autónomos, axencias ou entidades públicas empresariais, sempre que se trate de entes de dereito público; e (2) que esa actuación estea **sometida ao Dereito administrativo** (o que non sempre sucede, porque o Dereito administrativo é un dereito exclusivo da Administración no sentido de que só ela pode utilizalo, pero non é un dereito universal da Administración, posto que nalgúns casos esta actúa en réxime de dereito privado) (*supra* § 2.29).

2.1.2. Materias incluídas

8. A expresión "**actuación** (…) suxeita ao dereito administrativo" inclúe todo tipo de actuación administrativa e, por tanto, non só os actos administrativos senón tamén (por suposto), os plans, os contratos e os regulamentos ou "disposicións xerais de rango inferior á lei". En canto ás normas con rango de lei aprobadas polo Goberno (ou os gobernos autonómicos, cando o prevén os estatutos de autonomía), os decretos-leis son recorribles exclusivamente ante o Tribunal Constitucional (TC), pero os decretos lexislativos poden ser recorridos ante a xurisdición contencioso-administrativa "cando excedan os límites da delegación" *(ultra vires)*, segundo o artigo 1.1 LXCA, que desenvolve o que implicitamente di o artigo 82.6 CE.

9. Enténdese por "**administracións públicas**" (art. 1.2 LXCA) todas as administracións territoriais ou xerais e os entes do sector público con forma de personificación xurídico-pública (administracións institucionais, instrumentais ou especiais, *supra* § 1.21 e § 8).

10. A orde xurisdicional contencioso-administrativo tamén coñece dos actos e disposicións das **corporacións de dereito público** (por exemplo, colexios profesionais) na medida que exerzan **potestades administrativas** (como ocorre coas sancións disciplinarias e coa admisión ou expulsión do colexio, que determina a posibilidade, ou non, de exercer a profesión) (*supra* § 8.24).

11. Os **entes do sector público que teñan unha forma de personificación xurídico-privada** (sociedades mercantís e fundacións públicas) non poden ser, con carácter xeral, demandados ante a xurisdición contencioso-administrativa. Naquelas materias, como os contratos, nas que se prevé que a súa actividade sexa controlada pola xurisdición contencioso-administrativa, establécese un recurso previo ante unha Administración pública, cuxa resolución será a que se recorra, se é o caso, en vía contencioso-administrativa (artigos 44.6 e 321.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, —LCSP—) (*supra* § 19.139).

12. Normalmente, só as administracións públicas e entes de dereito público poden actuar en réxime de dereito administrativo, polo que, aínda que hai supostos de actuación administrativa en réxime de dereito privado, a actuación de **suxeitos privados en réxime de Dereito administrativo** é máis limitada. Unha excepción parcial é o caso dos concesionarios, que poden exercer potestades administrativas (en réxime, por tanto, de Dereito administrativo) por delegación da administración. Normalmente, a súa actuación será recorrible perante a Administración concedente, cuxa actuación será, pola súa vez, recorrible perante a xurisdición contencioso-administrativa, mais tamén é posible que a lexislación sectorial permita o recurso contencioso-administrativo directo contra actuacións do concesionario [art. 2.*d)* LXCA].

13. É discutible en que medida se está estendendo a **aplicación do Dereito administrativo ás entidades privadas** que forman parte do sector público institucional, e se esta extensión alcanza tamén aos suxeitos privados que exercen funcións públicas (*supra* § 2.32 e 33). Os autores que sosteñen que se está producindo esta extensión (CANALS, 2002, ESTEVE, 2012, GARCÍA-ANDRADE, 2020) defenden tamén a necesidade de ampliar de forma correlativa o ámbito da xurisdición contencioso-administrativa (CABALEIRO, 2021: 54).

14. Hai **órganos do Estado (e das comunidades autónomas**), que constitucionalmente non son administracións públicas (Congreso dos Deputados, Senado, Tribunal Constitucional, Tribunal de Contas e Defensor do Pobo, así como as asembleas lexislativas das comunidades autónomas e das institucións autonómicas análogas ao Tribunal de Contas e ao Defensor do Pobo) cuxa actividade administrativa ("actos e disposicións en materia de persoal, administración e xestión patrimonial suxeitos ao dereito público") está sometida á xurisdición contencioso-administrativa (art. 1.3 LXCA) (*supra* § 2.31). Iso débese á necesidade de proporcionar tutela xudicial efectiva a quen se relaciona con eses órganos (funcionarios, contratantes, suxeitos que sofren danos imputables a estes), e á semellanza desa actividade coa actuación administrativa sometida aos tribunais contencioso-administrativos. Trátase, en todo caso, dunha actividade secundaria ou instrumental de tales órganos constitucionais (parlamentos, TC), en relación coa súa actividade principal (a lexislativa, por exemplo). O caso do Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX) e, con matices, dos órganos de goberno dos xulgados e tribunais é algo diferente, porque tampouco son administracións, pero neles (sobre todo o CXPX) a actividade "administrativa" non é secundaria ou instrumental, senón principal, e está sometida á xurisdición contencioso-administrativa [artigo 1.3.b) LXCA].

15. O artigo 2.*a)* LXCA rectifica a antiga exención dos **"actos políticos"** (típica "válvula de seguridade" que exclúe o control contencioso-administrativo nun réxime

autoritario ou ditatorial). Por moi político (ou discrecional) que sexa un acto, é recorrible en todo caso e os tribunais poderán controlalo en todo aquilo que estea xuridicamente programado ou predeterminado (por exemplo, os seus elementos regrados, o procedemento, o fin, etc.) (*supra* § 5.39). Outra cousa son os actos gobernamentais que non están sometidos ao Dereito administrativo senón á Constitución (formulación dunha cuestión de confianza, por exemplo) ou ao dereito internacional (como o *placet* do Goberno a un diplomático estranxeiro: ATS do 19 de febreiro de 2018, ECLI:ES:TS:2018:2075A)

16. Un exemplo tradicional de "acto político" era a concesión dun **indulto** polo Goberno. Ao respecto, a xurisprudencia deixou claro que o real decreto que concede o indulto é impugnable ante a Xurisdición contencioso-administrativa, aínda que o alcance real do control é limitado, pois na súa actual regulación, a Lei do indulto (Lei do 18 de xuño de 1870 establecendo regras para o exercicio da graza de indulto) nin sequera esixe expresamente a motivación do indulto, e apenas se conteñen parámetros para a decisión gobernativa. Nun asunto no que o Goberno lle concedeu un indulto parcial a un condutor "suicida" sen que aparentemente houbese ningunha razón de xustiza ou utilidade social que o xustificase, o Tribunal Supremo admitiu a trámite un recurso contra o real decreto de indulto e considerou que este indulto era arbitrario (precisamente por carecer de toda xustificación) e por tanto inconstitucional (por infracción do art. 9.3 CE) e nulo (STS do 20 de novembro de 2013, ECLI:ES:TS:2013:5997).

17. En materia de **responsabilidade patrimonial ou extracontractual**, actualmente é competente a xurisdición contencioso-administrativa "calquera que sexa a natureza da actividade ou o tipo de relación de que derive, non podendo ser demandadas aquelas [as administracións públicas] por este motivo ante as ordes xurisdicionais civil ou social, aínda cando na produción do dano concorran con particulares ou conten cun seguro de responsabilidade" [art. 2.*e)*].

18. Con frecuencia, para resolver a cuestión litixiosa, que é necesariamente de Dereito administrativo (art. 1.1), é preciso resolver unha **cuestión previa** doutra natureza.

19. Por exemplo, para saber se unha sociedade mercantil ten dereito á **retaxación dun ben** expropiado (cuestión xurídico-administrativa regulada na Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa, LEF), é necesario saber se esa mercantil é realmente a sucesora da que foi expropiada (cuestión mercantil, posto que poden producirse fusións, escisións ou cesións globais de activo e pasivo).

20. A xurisdición contencioso-administrativa tamén é competente para resolver esas **cuestións prexudiciais**, salvo que sexan de carácter constitucional (aquí procede a formulación dunha cuestión de inconstitucionalidade, art. 163 CE) ou penal. Neste último caso será necesario o pronunciamento dos tribunais penais, posto que un tribunal contencioso-administrativo, por exemplo, non pode declarar a nulidade dun acto administrativo por ser constitutivo de delito ou derivado deste (art. 47.1 *d)* da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, LPAC), sen que un tribunal penal declarase que se cometeu ese delito. A decisión do órgano xudicial contencioso-administrativo sobre a cuestión prexudicial só produce efectos dentro deste proceso, pero non vincula o tribunal (civil, social etc.) que sexa competente para coñecer desta a título principal.

2.1.3. Materias atribuídas a outras ordes xurisdicionais

21. O artigo 3 LXCA deixa fóra determinadas cuestións, algunhas das cales puidesen a primeira vista parecer incluídas na cláusula xeral porque se refiren á actividade da administracións públicas sometida a Dereito administrativo. É preciso lembrar que, en caso de dúbida na delimitación competencial coa **xurisdición civil**, esta ten *vis attractiva*, como recoñece o artigo 9.2 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (LOPX) (*supra* § 32.91).

22. A delimitación coa orde **xurisdicional social** é especialmente complexa, porque, por razóns de política lexislativa, decidiuse que bastantes actos das administracións públicas suxeitos a Dereito administrativo, pero relativos a materia laboral e/ou de seguridade social, estean sometidos á xurisdición social, cuxa lei reguladora é a que efectúa a delimitación (Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, art. 2).

23. Así, é competente a xurisdición social para os asuntos relativos a sancións en materia laboral e de seguridade social, prestacións de seguridade social, prevención de riscos laborais (tamén de todo tipo de empregados públicos) ou resolucións administrativas en expedientes de regulación de emprego. En materia de empregados públicos laborais, as cuestións entre a Administración e o empregado son competencia da xurisdición social, pero as relativas ao acceso ao **emprego público** (oposicións, concursos etc.) eran tradicionalmente da xurisdición contencioso-administrativa, ata que a Sala do social do TS interpretou que a Lei 36/2011 atribuíraas á xurisdición social. Na disposición final 20ª. da Lei 22/2021, de orzamentos xerais do Estado para 2022, modificouse a Lei 36/2011 para volver atribuílas á xurisdición contencioso-administrativa, pero a STC 145/2022 declarouna inconstitucional por exceder o contido constitucionalmente admisible das leis de orzamentos.

24. Tampouco lle corresponde ao contencioso-administrativo o recurso contencioso-administrativo **militar**, regulado na Lei procesual militar (Lei orgánica 2/1989, do 13 de abril) e referido a actos administrativos disciplinarios, que son recorribles, por tanto, non ante a xurisdición contencioso-administrativa, senón ante a militar.

25. Mención á parte merece o caso dos recursos que se interpoñan contra as **normas forais fiscais** das xuntas xerais dos territorios históricos de Áraba, Guipúscoa e Biscaia. Son normas que, aínda que non teñen rango legal, poden regular tributos (materia reservada normalmente á lei). Aínda que viñan sendo recorribles (como regulamentos) ante a xurisdición contencioso-administrativa, a Lei orgánica 1/2010, do 19 de febreiro, de modificación das leis orgánicas do Tribunal Constitucional e do Poder Xudicial, "blíndaas ", no sentido de que só son recorribles ante o TC (cos matices que establece a STC 118/2016, que realiza unha interpretación conforme coa Constitución).

26. Os **conflitos de xurisdición** (conflitos entre a Administración e órganos xurisdicionais) correspóndenlle ao Tribunal de Conflitos de Xurisdición (Lei orgánica 2/1987, do 18 de maio, de conflitos xurisdicionais), cuxas decisións poden ser recorridas, en caso de vulneren dereitos fundamentais, en amparo perante o TC.

2.2. Organización

2.2.1. Características do modelo elixido

27. Existen **tres chanzos** na xurisdición contencioso-administrativa que permiten subir, a través de sucesivos **recursos de apelación e casación**, ao TS, do mesmo xeito que na orde civil (onde temos xulgados de primeira instancia, agora convertidos en seccións do civil dos tribunais de instancia, audiencias provinciais e Sala Primeira do Tribunal Supremo).

28. Na orde contenciosa existen **dúas peculiaridades**. A primeira é que atopamos dous camiños paralelos e converxentes: un discorre desde os xulgados (provinciais) do contencioso-administrativo (que, a partir da Lei orgánica 1/2025, de medidas en materia de eficiencia do servizo público de xustiza, que reforma a LOPX, se transforman en seccións do contencioso-administrativo dos tribunais de instancia), pasa polas salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza (autonómicos) e chega á Sala Terceira do Tribunal Supremo, e outro (paralelo) discorre desde os xulgados centrais do contencioso-administrativo, (agora transformados en Sección do contencioso-administrativo do Tribunal Central de Instancia) continúa pola Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional e chega tamén á Sala Terceira do Tribunal Supremo. Segundo a materia, uns asuntos van polo circuíto territorial e outros polo central. Ata a reforma operada pola Lei orgánica 1/2025, o primeiro chanzo estaba formado por órganos unipersoais (xulgados do contencioso-administrativo e xulgados centrais do contencioso-administrativo). Agora, en cambio, os órganos unipersoais integráronse en órganos colexiados en todas as ordes xurisdicionais, malia que a competencia que antes lle correspondía a un xulgado, agora correspóndelle a unha determinada "praza" da sección do contencioso-administrativo do correspondente Tribunal de Instancia (ou Central de Instancia). A Lei orgánica 1/2025 prevía que estes dous novos órganos se constituísen, como así foi, o 31 de decembro de 2025, substituíndo aos xulgados e xulgados centrais.

29. Ademais, existe unha **diferenza fundamental coa orde civil**. Neste, todos os asuntos, calquera que sexa a súa materia ou contía, comezan nun tribunal de primeira instancia, cuxa sentenza é recorrible en apelación ante unha audiencia provincial, cuxa sentenza é, pola súa vez, recorrible en casación ante o TS (aquí xa con requisitos de admisión estritos). En cambio, no contencioso-administrativo a lei distribúe o coñecemento inicial dos asuntos, en función da materia, entre os cinco tipos de órganos xudiciais. Os tribunais de instancia (antigos xulgados) non coñecen en primeira instancia de todos os asuntos, senón só dalgúns deles, que a lei considera menos relevantes (pola súa contía) ou masivos (persoal, estranxeiría, asilo etc.). Existe, ademais, un límite económico significativo para acceder á apelación (30.000 euros). Séguese, na atribución de asuntos a órganos xudiciais, o criterio de que a actuación de **cada tipo de órgano administrativo** só é recorrible ante un tipo concreto de órgano xudicial: a do Consello de Ministros, ante o TS; a de ministros e secretarios de Estado, ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional; a dalgúns outros órganos

da Administración central, ante a Sección do contencioso-administrativo do Tribunal Central de Instancia; a dos consellos de goberno das comunidades autónomas, ante as salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza, mentres que os as seccións do contencioso-administrativo dos tribunais de instancia (antigos xulgados do contencioso-administrativo) encárganse da actividade local e unha parte da autonómica e da estatal periférica. Todo iso prexudica a tutela xudicial efectiva (en moitos casos o demandante só ten dereito a unha sentenza, pois as posibilidades de recurso contra ela limítanse a unha casación de moi difícil acceso) e pode prexudicar tamén a percepción de imparcialidade (moi poucos xuíces controlan todos os actos que proceden de determinados órganos administrativos).

2.2.2. Seccións do contencioso-administrativo dos tribunais de instancia (anteriormente, xulgados do contencioso-administrativo)

30. Ocúpanse dos **recursos contra actos** (non dos regulamentos) **das entidades locais**, excluída a impugnación de calquera clase de instrumentos de plan urbanístico (art. 8.1 LXCA). Tamén son competentes para coñecer dalgúns **actos autonómicos**, sempre que **non procedan do Consello de Goberno** (art. 8.2 LXCA).

31. Correspóndenlles tamén (con algunhas excepcións) os **recursos** que se **deduzan fronte a disposicións e actos da Administración periférica** ou territorial do Estado (*supra* § 9.34) e das comunidades autónomas (*supra* § 10.46) e contra os actos dos **organismos, entes, entidades ou corporacións de dereito público** cuxa competencia non se estenda a todo o territorio nacional (por exemplo, as universidades) e contra algunhas resolucións dos **órganos superiores** cando confirmen integramente os ditados por aqueles en vía de recurso, fiscalización ou tutela (art. 8.3 LXCA). Tamén lles corresponden os recursos contra todas as resolucións que se diten en materia de **estranxeiría** pola Administración periférica do Estado ou das comunidades autónomas (art. 8.4 LXCA).

32. Debido á súa proximidade e á inmediatez da súa actuación, correspóndenlles asuntos como as autorizacións de **entrada en domicilio** (para a execución de actos administrativos) e a autorización ou ratificación de medidas ordenadas polas autoridades sanitarias que limiten ou restrinxan dereitos fundamentais e se refiran a persoas concretas (art. 8.6 LXCA). Deixamos de lado, pola súa especialidade, o contencioso-electoral.

2.2.3. Salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza

33. As salas teñen unha **tripla función**: coñecen de certos asuntos en **única instancia** (é dicir, son o órgano que recebe o recurso por primeira vez), coñecen dos **recursos de apelación** contra sentenzas dos xulgados do contencioso-administrativo e coñecen tamén do chamado **"recurso de casación autonómico"**, que é o que se interpón contra sentenzas da propia sala por suposta vulneración de dereito autonómico.

34. Conforme o artigo 10.1 LXCA, en **única instancia** coñecen dos recursos interpostos contra todos os actos autonómicos e locais que non lles correspondan aos xulgados e contra todos os recursos interpostos contra actos da Administración

estatal que non lles correspondan nin aos xulgados nin a outros órganos contencioso-administrativo (TS, Audiencia Nacional, xulgados centrais), posto que ás salas lles corresponde a competencia residual. Tamén coñecen dos recursos interpostos contra a actividade administrativa dos parlamentos autonómicos e órganos equiparables ao Tribunal de Contas ou ao Defensor do Pobo. Destaca a competencia para coñecer dos recursos contra resolucións dos tribunais económico-administrativos rexionais (e os do central en materia de tributos cedidos) e os recursos contra resolucións dos órganos autonómicos de recursos contractuais (ou o central, cando se pronuncia sobre contratos autonómicos ou locais).

35. A Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte ao covid-19 no ámbito da Administración de xustiza, engadíralles a competencia para autorizar ou aprobar as medidas acordadas por autoridades sanitarias autonómicas que restrinxisen ou limitasen dereitos fundamentais e tivesen alcance xeral (por exemplo, peches perimetrais). Con todo, a STC 70/2022, FX 7, declarou inconstitucional e nula esta norma, considerando que mediante esta autorización xudicial están a atribuírselle á xurisdición contencioso-administrativa funcións regulamentarias que, de acordo coa Constitución e os estatutos de autonomía, lle corresponden unicamente ao Goberno.

2.2.4. Sección do contencioso-administrativo do Tribunal Central de Instancia (ata o de agora, xulgados centrais do contencioso-administrativo)

36. Despois de que, en 1977, se crease a sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional coa función de ser o foro da Administración central do Estado (salvo o Consello de Ministros e as comisións delegadas, que continuaron atribuídos en exclusiva ao TS), a LXCA de 1998 pon en funcionamento os **xulgados centrais** para que descarguen de asuntos a devandita sala, facéndose cargo dunha parte das súas competencias (do mesmo xeito que fan os xulgados do contencioso-administrativo en relación cos TSX). Coa Lei orgánica 1/2025, os xulgados centrais do contencioso-administrativo convértense en Sección do contencioso-administrativo dun novo Tribunal Central de Instancia.

37. Así, conforme o artigo 9.1 LXCA **coñecen** dos actos de ministros e secretarios de Estado en materia de persoal (salvo excepcións), das sancións impostas por órganos da Administración central do Estado nos mesmos termos que os xulgados provinciais (ata 60.000 euros ou seis meses), das reclamacións de responsabilidade patrimonial resoltas por ministros ou secretarios de Estado ata 30.050 euros, de recursos contra actos e disposicións de organismos públicos con competencia sobre todo o territorio nacional (salvo certos casos en que lle corresponden ao TSX), recursos contra resolucións que non admitan peticións de asilo político, recursos contra resolucións do Tribunal Administrativo do Deporte (sancións a deportistas) ou o peche de páxinas web ordenado pola Comisión de Propiedade Intelectual.

2.2.5. Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional

38. Do mesmo xeito que as salas do contencioso-administrativo dos TSX , esta sala ten unha **dobre función** como órgano de **instancia** (en certos asuntos, funda-

mentalmente actos de ministros e secretarios de Estado non atribuídos aos xulgados centrais) e como tribunal de **apelación** fronte ás sentenzas das distintas "prazas" da sección do contencioso-administrativo do Tribunal Central de Instancia. Na liña de descargar ao TS, a Lei orgánica 1/2025 aclara que a atribución a esta sala da competencia para coñecer de recursos contra actos que procedan de ministros e secretarios de Estado opera "aínda cando se adopten logo do informe ou acordo do Consello de Ministros ou das comisións delegadas do Goberno".

39. A súa competencia como tribunal de **instancia** é bastante ampla, pois inclúe tamén os recursos contra resolucións do Tribunal Económico-Administrativo Central (salvo en materia de tributos cedidos), do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (sempre que o contrato sexa da Administración do Estado), e de numerosos organismos reguladores e independentes, como (entre outros) o Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV), a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC), a Xunta Arbitral de Tributos, a Axencia Española de Protección de Datos, o Consello Económico e Social, o Consello de Seguridade Nuclear, o Instituto Cervantes, o Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, a Autoridade Independente de Protección do Informante ou o Consello de Universidades (art. 11.1 LXCA).

40. A Lei 3/2020, do 18 de setembro, atribuíalle a competencia de autorizar ou aprobar as medidas adoptadas por autoridades sanitarias estatais que limitasen ou restrinxisen dereitos fundamentais e tivesen alcance xeral. Secasí, igual que se dixo antes en relación coa mesma competencia dos tribunais superiores de xustiza (*supra* § 34.35), a STC 70/2022, FX 8, declarou a norma atributiva desa competencia inconstitucional e nula.

2.2.6. Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo

41. Como órgano de **instancia**, coñece dos recursos que se interpoñan contra actos e disposicións do Consello de Ministros e as súas comisións delegadas. Tamén coñece dos recursos contra actos e disposicións do CXPX e contra actos ditados na actividade "administrativa" do Congreso dos Deputados, Senado, Tribunal Constitucional, Tribunal de Contas e Defensor do Pobo, e igualmente dos recursos que se interpoñan contra actos da Xunta Electoral Central e outros previstos na lexislación electoral (art. 12.1 LXCA).

42. Coñece tamén de todos os recursos de **casación** (salvo os que se fundan en infracción de dereito autonómico polas salas do contencioso-administrativo dos TSX), incluídos os que se interpoñen contra resolucións do Tribunal de Contas (art. 12.2 a) e b) LXCA).

3. AS PARTES

3.1. Os suxeitos do proceso contencioso-administrativo

3.1.1. O recorrente ou demandante.

43. O suxeito que inicia o proceso contencioso-administrativo é o **recorrente ou demandante**. O proceso contencioso-administrativo é impugnatorio dalgunha

actividade administrativa, polo que o máis frecuente é que o demandante sexa unha **persoa física ou xurídica privada**. Cando actúa en réxime de Dereito administrativo, a Administración está dotada de autotutela e non necesita acudir á xurisdición, podendo exercer as súas potestades ou facer valer os seus dereitos a través de actos administrativos (*supra* § 17.82). É o suxeito afectado por ese acto o que acudirá á xurisdición contencioso-administrativa.

44. Existen, con todo, varias situacións nas que as **administracións** asumen a posición de **demandante** . Así, cando queren deixar sen efecto un acto seu que consideran anulable (aínda que non nulo) e que é favorable para os interesados. Nese caso, a Administración debe impugnar en vía contencioso-administrativa o seu propio acto, previamente declarado lesivo, e o particular favorecido polo acto asume a posición de demandado (recurso de lesividade, art. 107 LPAC) (*supra* § 33.35). Tamén cando un ente público impugna un acto, ditado por outra Administración, que lle causa un prexuízo, normalmente por invadir as súas competencias, ou ben demanda o incumprimento dun convenio entre ambas. Así mesmo, existen órganos que teñen asignada a función de impugnar actos administrativos que prexudiquen ou lesionen un ben xurídico cuxa tutela teñan encomendada, como sucede coa CNMC, que ten, entre outras, a competencia de impugnar actos ditados por calquera Administración que atenten contra a unidade de mercado (art. 27 da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado [LGUM] e arts. 127 *bis* a 127 *quáter* da LXCA).

3.1.2. A parte demandada

45. O papel de **parte demandada** correspóndelle á **Administración autora do acto ou actividade impugnados**. Aínda que o papel de parte demandada teno sempre unha persoa xurídica (é dicir, unha Administración ou ente público) e non un dos seus órganos, para efectos de determinar o órgano xurisdicional competente xa vimos que é relevante que órgano que dita o acto. A este respecto, cando un órgano actúa por delegación doutro, considérase que o acto foi ditado polo órgano delegante (art. 9.4 LRXSP).

46. Con certa frecuencia, a competencia para ditar un acto correspóndelle a unha Administración, pero prodúcese unha **intervención vinculante doutra**, por vía de aprobación ou fiscalización posterior ou de informe vinculante. O artigo 21.2 LXCA establece que, cando o ente que fiscaliza denega a aprobación ou modifica o acto, entón é este o demandado, mentres que, cando o ente aproba integramente o acto, entón é a Administración que o ditou a demandada.

3.1.3. Os codemandados

47. O **codemandado** non existe en todos os procesos. Son codemandados aqueles suxeitos cuxos **dereitos ou intereses** poden ser **afectados pola sentenza** (por exemplo, o adxudicatario dun contrato público, nun recurso contra a adxudicación, cuxa sentenza pode anulala). Estes suxeitos teñen dereito a comparecer e ser parte no proceso, en calidade de codemandados, á beira da Administración.

48. O codemandado limítase a **defender o acto ou actuación recorrida**, á beira da Administración demandada, aínda que sen estar limitado polos seus argumentos (ao contrario, pode achegar motivos de oposición ao recurso distintos dos dela) e sen estar vinculado tampouco pola conduta procesual da Administración: o

codemandado pode continuar o preito, aínda que a Administración se achande e pode recorrer a sentenza, aínda que a Administración non o faga. Un suxeito que se opoña ao acto administrativo e que non o recorrese a tempo, non pode comparecer como codemandado para argumentar en favor da súa anulación.

49. Cando o suxeito que pode verse afectado pola sentenza foi, ademais, **interesado** no procedemento, ten dereito a ser emprazado, é dicir, a que se lle comunique persoalmente a existencia do preito para que poida comparecer. A omisión dese emprazamento, cando provoca unha auténtica indefensión material (é dicir, sempre que o afectado non tivese coñecemento extraprocesual do preito), permite obter a nulidade das actuacións desde o momento no que se omitiu o emprazamento, ao obxecto de que o afectado teña a oportunidade de comparecer e o preito volva tramitarse desde ese momento coa súa presenza.

3.2. Requisitos xerais das partes

3.2.1. Capacidade

50. Todos os suxeitos (persoas físicas e xurídicas) teñen **capacidade para ser parte** nun proceso, pero a **capacidade procesual**, necesaria para levar a cabo actos procesuais (como o outorgamento do poder ao procurador para que este presente o recurso) téñena os maiores de idade que non fosen incapacitados (é paralela á capacidade de obrar). Se o recorrente non ten capacidade procesual, necesitará o complemento de capacidade legalmente previsto (intervención de titular da patria potestade, titor etc.).

51. O artigo 18 LXCA refírese tamén a **supostos excepcionais** e limitados nos que poden ser recorrentes persoas que non teñen capacidade procesual, como grupos de afectados ou unións sen personalidade. En xeral, suxeitos sen personalidade poden ser parte recorrente cando a lexislación aplicable os recoñece como suxeitos de relacións xurídico-administrativas (como pasa, por exemplo, coas comunidades de bens e herdanzas xacentes no ámbito tributario, ou as comisións de festas patronais).

3.2.2. Lexitimación

52. Con carácter xeral só poden recorrer os que fosen afectados nos seus **dereitos ou intereses lexítimos** pola actuación administrativa que impugnan (art. 19.1 LXCA). Os demais suxeitos só teñen un "interese á legalidade", que non lles lexitima salvo naqueles casos en que está legalmente prevista a "acción popular". Enténdese que un suxeito, público ou privado, ten **interese lexítimo** cando a estimación do recurso lle beneficiaría dalgunha forma. As asociacións (por exemplo, de consumidores), sindicatos etc. non só están lexitimados para defender os seus propios intereses, senón tamén os intereses colectivos que teñen encomendados estatutaria ou legalmente.

53. En canto á lexitimación de **Administracións e entes públicos** para recorrer actos alleos, o artigo 19 LXCA lexitima a Administración do Estado para impugnar actos doutras administracións públicas "cando teña un dereito ou interese lexítimo", e ás comunidades autónomas e entidades locais para presentar recursos contencioso-administrativos contra actos e disposicións "que afecten o ámbito da súa autonomía".

Ademais, xa vimos como algunhas leis conceden lexitimación a determinados organismos públicos para recorrer actos ditados por outras administracións, como forma de controlar a actuación destas. Por exemplo, a CNMC pode impugnar actos ou disposicións que lesionen a competencia ou a unidade de mercado.

54. O artigo 20 LXCA prevé algúns **supostos nos que determinados suxeitos non están lexitimados**. Así, os órganos da Administración demandada "e os membros dos órganos colexiados salvo que unha lei oi autorice expresamente". Unha das excepcións máis claras é a lexitimación dos concelleiros para impugnar os actos ditados polos órganos municipais sempre que votasen en contra ou non formen parte destes (art. 63 da Lei 7/1985, do 25 de abril, reguladora das bases do réxime local, LBRL), que é un suposto no que se amplía a lexitimación para favorecer o control de legalidade da actuación administrativa. Tampouco están lexitimados os particulares, cando obren por delegación ou como meros axentes ou mandatarios da Administración que dita o acto recorrido e, por último, as entidades (instrumentais) de dereito público que estean vinculadas ou sexan dependentes doutra, non poden recorrer os actos do seu ente matriz salvo que por lei se lles dote dun estatuto específico de autonomía respecto da devandita Administración (como ocorre coas universidades).

3.2.3. Postulación

55. Con carácter xeral, aplícanse as mesmas regras que no proceso civil: as partes han de estar representadas por **procurador** e asistidas por **avogado**. Con todo, perante órganos unipersoais, o avogado pode asumir tamén a representación da parte (art. 23.1 e 2 LXCA). Hai que entender que as seccións do contencioso-administrativo dos Tribunais de Instancia (e do Tribunal Central de Instancia) no son, a estes efectos, órganos colexiados, porque a competencia para coñecer do asunto corresponde a unha "plaza", que será o órgano que dite sentenza. Por tanto, manteríase a posibilidade de que o avogado asumise tamén a representación. Ademais, os funcionarios públicos poden comparecer de seu (sen avogado nin procurador) cando presenten un recurso en materia de persoal que non se refira á separación de empregados públicos inamovibles (art. 23.3 LXCA).

4. OBXECTO DO PROCESO

4.1. Significado do obxecto do proceso: pretensións e actividade administrativa impugnada

56. Cando falamos de **"obxecto do proceso"**, facemos referencia a aquilo que se discute nel e sobre o que debe decidir a sentenza. O proceso é un debate entre partes, no que, pola relevancia xurídica que pode ter a sentenza (que pode determinar consecuencias xurídicas moi graves), é necesario fixar con precisión o obxecto dese debate, para que as partes teñan claro que se discute, que pode decidir a sentenza e sobre que cuestións se pode (e se debe) propoñer proba. O obxecto do proceso é relevante tamén a outros efectos, como determinar o órgano competente, o procedemento aplicable, a contía ou os recursos que cabe interpoñer contra a sentenza.

57. En todo proceso xudicial, o concepto que serve para identificar o obxecto é o de **pretensión procesual**, que é a concreta petición que a parte deduce ou formula dentro do proceso. No proceso contencioso-administrativo, as pretensións han de formularse "en relación con" algunha actividade administrativa, que se recorre ou impugna. O contencioso-administrativo é "impugnatorio" e a acción denomínase "recurso" porque sempre se dirixe contra algunha forma de actividade administrativa (normalmente un acto ou un regulamento, aínda que tamén existen outras dúas posibilidades, a inactividade e a vía de feito). A diferenza de tempos pasados, o proceso contencioso-administrativo xa non é "revisor" porque a sentenza non ten como límite máximo a anulación do acto impugnado, senón que pode ir máis aló e conter outros pronunciamentos (mesmo de condena), pero si se trata sempre dun recurso contra unha actividade impugnada, que é, como vimos, o dato que decide, por exemplo, cal é o órgano xudicial competente. Na práctica, e naqueles casos en que a pretensión xorde sen que a Administración levase a cabo ningunha actuación, o particular vese obrigado a dirixirlle unha petición á Administración e interpoñer, ante o seu silencio, recurso contencioso-administrativo contra a denegación presunta desa petición e formular, en relación coa mesma, a pretensión previamente exposta en vía administrativa. A LXCA, aínda que mantén ese carácter impugnatorio do proceso, amplía o catálogo de actuacións impugnables, engadindo, aos actos e regulamentos, a inactividade administrativa e a vía de feito.

4.2. As diferentes vías procesuais

4.2.1. O recurso contra actos administrativos.

58. O **recurso contra actos administrativos** é o máis frecuente, aínda que non é a única modalidade de recurso contencioso-administrativo. Ha de tratarse de actos **que esgoten a vía administrativa.** Se non a esgotan, é imprescindible interpoñer contra eles o recurso de alzada (*supra* § 33.68) e esperar á súa desestimación expresa ou presunta, que si pode ser recorrida en vía contencioso-administrativa. Ademais, e como tamén di o artigo 25 LXCA, ha de tratarse de **resolucións ou de actos de trámite cualificados**, é dicir, tamén daqueles actos de trámite que, aínda que non son propiamente resolucións "deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos" (*supra* § 33.52).

59. Pode tratarse de actos expresos (por exemplo, unha multa), actos administrativos presuntos obtidos por **silencio positivo** (por exemplo, unha licenza ou unha autorización), ou ben a denegación presunta dunha solicitude ou dun recurso (**silencio negativo**) (*supra* § 15).

4.2.2. O recurso contra regulamentos

60. A LXCA contempla tanto o **recurso directo** contra os regulamentos (art. 25.1 LXCA) como o **indirecto** (art. 26.1). O recurso indirecto é un recurso contra un acto no que o recorrente alega que o acto impugnado é ilegal porque se dita en aplicación dun regulamento ilegal. No proceso vai discutir, por tanto, a legalidade do regulamento e por iso denomínase recurso indirecto contra regulamentos. Segundo o artigo 26.2 LXCA, "a falta de impugnación directa dunha disposición xeral ou a desestimación do recurso que fronte a ela se interpuxese non impiden a impugnación dos actos de aplicación", é dicir, a interposición do recurso indirecto. A estimación dun recurso directo produce efectos para terceiros, porque supón a desaparición dese regulamento do mundo xurídico, con efectos *erga omnes* (art. 72.2 LXCA), como veremos ao falarmos da sentenza (*supra* § 16.84). Este efecto non se dá necesariamente no caso do recurso indirecto, onde a anulación un acto aplicativo (baseada na invalidez do regulamento ou disposición administrativa que aplica) non conduce sempre á declaración de nulidade do regulamento.

61. Con independencia do recurso directo e indirecto, o artigo 6 LOPX establece que "os xuíces e tribunais non aplicarán os regulamentos ou calquera outra disposición contrarios á Constitución, á lei ou ao principio de xerarquía normativa", o que significa que o órgano xudicial pode **inaplicar**, mesmo de oficio, calquera norma regulamentaria que considere contraria ao ordenamento xurídico.

62. O recurso indirecto e a non aplicación non supoñen a declaración de nulidade do regulamento, senón a súa **non aplicación** a un caso concreto, o que xera unha situación de inseguridade porque segue sendo posible que o regulamento sexa aplicado noutros procesos (e que outros órganos xudiciais non o consideren ilegal). A LXCA establece mecanismos para tratar de reducila. Así, cando o órgano que coñece dun recurso indirecto (xa sexa en primeira instancia ou en vía de recurso) sexa tamén competente para coñecer dun recurso directo contra o regulamento, ao estimar o recurso indirecto declarará a **nulidade** do regulamento con efectos *erga omnes* (art. 27.2 LXCA). Se non é o caso, o órgano que estime un recurso indirecto mediante sentenza que xa non sexa susceptible de recurso, debe expor, para resolver a incerteza sobre a legalidade do regulamento, unha **cuestión de ilegalidade** ante o órgano xudicial competente para coñecer de recursos directos contra ese regulamento. Iso abre un procedemento especial denominado cuestión de ilegalidade (art. 123-126 LXCA), no que comparecen as partes do proceso anterior (así como tamén, se non foi parte nel, a Administración autora do regulamento), e finalmente o tribunal dita sentenza, que, se é o caso, declarará a nulidade do regulamento ou desestimará a cuestión. Neste último suposto, a sentenza "non afectará á situación xurídica concreta derivada da sentenza ditada polo xuíz ou tribunal que expuxo aquela".

63. Por exemplo: un funcionario obtén unha sentenza que lle recoñece o dereito para percibir un determinado complemento retributivo porque entende que o regulamento que llo nega é ilegal. O xuíz expón cuestión de ilegalidade ante a sala do contencioso-administrativo que sería competente para coñecer dun recurso directo contra ese regulamento. A sala chega á conclusión contraria á do xulgado e

desestima a cuestión porque non considera que o regulamento sexa ilegal. Esa sentenza non lles impide ao funcionario que gañou o preito seguir cobrando o complemento, aínda que pecha o paso a outros funcionarios que queiran recorrer utilizando o mesmo argumento.

4.2.3. O recurso contra a inactividade

64. Xa vimos que non sempre quen acode á xurisdición contencioso-administrativa o fai porque queira deixar sen efecto un acto administrativo que lle prexudica nos seus dereitos ou intereses lexítimos. Moitas veces o que necesita é xusto o contrario, que a Administración dite un acto ou leve a cabo unha actuación que necesita: concederlle unha axuda pública, iluminar a rúa na que vive, demoler un edificio contra o que se ditou unha orde de demolición non executada, admitilo nun determinado centro educativo etc. Hai países nos que ese tipo de pretensións se expón directamente como unha demanda contra a Administración (presentando antes unha reclamación extraxudicial, como é habitual tamén nos preitos civís entre particulares). En España era tradicional utilizar a vía da "denegación presunta", é dicir, formular a petición en vía administrativa e recorrer despois a súa "denegación presunta" (*supra* § 15.4).

65. A LXCA de 1998, coa intención de resolver o problema, creou o **"recurso contra a inactividade"**, que mantén o carácter impugnatorio do contencioso, pero engade un novo tipo de actuación administrativa impugnable: a "inactividade" (malia que esta é o contrario dunha actuación). Este recurso, regulado no artigo 29.1 LXCA, non serve para todos os supostos en que a particular busca do tribunal que condene a Administración para levar a cabo algunha actuación.

66. Nun intento de evitar que os tribunais se excedan e "invadan" competencias administrativas, o precepto establece unha serie de **requisitos** que non se esixen no recurso contra a denegación presunta: (1) só pode presentar recurso contra a inactividade quen teña **dereito** á actuación administrativa pretendida (non é suficiente que esta actividade lle beneficie nos seus intereses lexítimos), (2) ha de tratarse dunha actuación que a Administración estea obrigada a levar a cabo ***en favor desa persoa*** (por exemplo: pagarlle unha subvención), non sendo idónea esta vía para reclamar actuacións que, aínda que beneficien especialmente o recorrente, estean dirixidas a tutelar intereses xerais (por exemplo: actuar contra locais que presuntamente superan os límites de ruído nunha rúa), e (3) ha de tratarse dunha **actuación que non requira un acto administrativo** ou outro procedemento para a súa concreción e determinación. Todo iso restrinxe o alcance desta vía e provoca que, con frecuencia, o recurso sexa desestimado, non por falta de fundamento, senón por elixirse esta canle procesual e non o do recurso contra a "denegación presunta" (canle este de alcance universal e, por iso, moito máis utilizado).

67. Existe unha modalidade particular do recurso contra a inactividade que é o **recurso contra a inexecución de actos firmes**, co que se pretende precisamente obrigar a Administración a executar un acto firme (art. 29.2 LXCA). Debido á firmeza do acto, non é necesario discutir a súa validez, bastando acreditar a existencia do acto, a súa firmeza e a súa falta de execución, para obter unha sentenza

estimatoria. O recurso tramítase sempre polo procedemento abreviado, o que sen dúbida se debe ao limitado do seu obxecto e á necesidade de que sexa rápido, constituíndo algo parecido ao procedemento executivo na orde contencioso-administrativa.

4.2.4. O recurso contra a vía de feito

68. Denomínase **"vía de feito"** unha actividade material da Administración (é dicir, unha actividade que non produce efectos xurídicos, como unha licenza de obras ou unha multa de tráfico, senón reais ou prácticos, como unha demolición ou a execución dunha obra), que é prexudicial ou gravosa para un particular e que é contraria a dereito porque se levou a cabo sen ditarse previamente un acto administrativo que podería servirlle de fundamento xurídico.

69. O exemplo típico é a **ocupación dun predio privado** para executar unha obra, que é algo perfectamente legal se se realiza tras a tramitación do procedemento expropiatorio, pero que, con todo, noutro caso constitúe unha vía de feito.

70. O problema procesual que expón a vía de feito é que, como non hai un acto administrativo previo (ese é, precisamente, o problema), o afectado non pode interpoñer un recurso contencioso-administrativo por **falta dun acto impugnable**. O problema tiña varias solucións xa antes da LXCA de 1998: ben acudir á vía civil e interpoñer un interdito ou procedemento sumario en defensa da posesión (o que se xustifica en que, se a Administración non cumpre os requisitos necesarios para o exercicio dos seus poderes, como é a potestade expropiatoria, debe ser tratada como calquera particular e verse sometida á xurisdición civil) ou ben, como fixeron con frecuencia os tribunais (por exemplo, o TC na súa coñecida STC 160/1991), interpretar o concepto de acto administrativo en sentido amplo e entender que detrás da actuación material hai unha decisión (implícita) susceptible de recurso.

71. En todo caso, a vixente LXCA regula no artigo 30 un **recurso contra a vía de feito**, co que poderá pretenderse a declaración de que a actuación non é conforme a dereito, a orde de que esta cese e a condena ao restablecemento da situación xurídica anterior (e/ou, se é o caso, a indemnización de danos e perdas).

4.3. A dinámica do obxecto do proceso

4.3.1. A contía

72. Todo proceso xudicial ten unha **contía económica**, ou valoración do obxecto do proceso, que se ten en conta, por exemplo, para determinar —nalgúns casos— o órgano competente (sancións de ata 60.000 euros), o procedemento aplicable (se a contía non supera os 30.000 euros tramítase polo procedemento abreviado), os recursos que se poden interpoñer contra a sentenza (só se pode recorrer en apelación unha sentenza se a contía supera os 30.000 euros, salvo excepcións) e tamén para calcular o importe das custas procesuais (aínda que o art. 139.4 LXCA permite, con certos matices, que o órgano xudicial fixe unha cifra máxima, prescindindo da contía do proceso).

73. As regras para a **fixación da contía** establécense no artigo 42 LXCA, aplicándose supletoriamente as da LAC. Na orde contenciosa-administrativa son moi abundantes (en comparanza co proceso civil) os asuntos de contía indeterminada, entre os que se inclúen algúns de gran relevancia como os de

impugnación de regulamentos ou plans urbanísticos. Isto quítalle ao recorrente a presión do medo á condena en custas e incentiva —en certo xeito— esta clase de recursos. Doutra banda, nos asuntos de contía indeterminada pódense utilizar as posibilidades procesuais sometidas a un límite de contía (como o recurso de apelación), porque non se considera que a contía "non supere" os 30.000 euros, senón que queda á marxe desta cifra.

4.3.2. Acumulación e ampliación do recurso

74. A **acumulación** refírese, fundamentalmente, á posibilidade de que o recorrente utilice un mesmo recurso contencioso-administrativo para impugnar distintas actuacións administrativas (por exemplo, dous actos ou un regulamento e un acto de aplicación) e a posibilidade de tramitar nun mesmo proceso os distintos recursos que varios recorrentes interpuxeron por separado contra un mesmo acto ou regulamento (ou contra varios relacionados entre si). Tanto no primeiro caso (acumulación de accións) como no segundo (acumulación de procesos), a acumulación produce o efecto de tramitar os distintos recursos nun só proceso e resolvelos nunha soa sentenza, evitando o risco de que recaian sentenzas contraditorias.

75. A acumulación será posible cando os recursos se refiran ao mesmo acto, disposición ou actuación ou a varios que sexan reprodución, confirmación ou execución uns doutros ou exista entre eles calquera outra conexión directa (art. 34.2 LXCA). Por unha banda, e debido a que a Administración necesita un fundamento normativo para toda a súa actuación (principio de legalidade), é frecuente que unha actuación administrativa se apoie nunha **cadea de actos xurídicos** (ou mesmo nun regulamento e varios actos posteriores) que están encadeados no sentido de que cada un constitúe o fundamento do seguinte. Nestes casos, a **conexión** é evidente e o recorrente pode recorrelos acumuladamente (sempre que estea en prazo para recorrelos todos de forma simultánea).

76. O outro suposto é o de que un acto que é obxecto de recurso por varios recorrentes: así, as bases polas que se vai rexer a adxudicación de casetas nas festas dunha cidade poden ser recorridas por distintos suxeitos (concelleiros da oposición, empresarios que se consideran prexudicados, veciños, asociacións), sendo conveniente a acumulación nun só proceso para evitar sentenzas contraditorias. Con todo, ás veces os recorrentes prefiren a tramitación de distintos procesos ante varios órganos, para maximizar a probabilidade de obter unha sentenza favorable, posto que unha soa sentenza favorable anularía as bases con efectos *erga omnes*, mentres que unha ou varias sentenzas desestimatorias dos recursos non producirían efectos fronte a terceiros e non impedirían que noutro proceso recaia unha sentenza favorable ou estimatoria.

77. A **acumulación de accións** pódese levar a cabo ao comezo do proceso (presentando un único recurso contra varios actos) ou de forma sucesiva, cando un recurso xa interposto contra un acto é obxecto de **ampliación** para que se dirixa tamén contra outro acto ditado con posterioridade (art. 36 LXCA). O problema é que o órgano xudicial denegue a acumulación ou a ampliación e xa transcorrese o prazo para interpoñer recurso independente contra algún dos actos (primeiro caso)

ou contra o último (segundo caso). O artigo 35.2 LXCA dá a solución (que ha de ser aplicable nos dous supostos): que se lle conceda ao recorrente un prazo de trinta días para interpoñer ese recurso independente.

78. A **acumulación de procesos**, que ha de pedirse (por aplicación supletoria da LAC) perante o órgano que coñece do recurso máis antigo, pode solicitala un dos recorrentes e prevese que a Administración (que, como demandada en todos os procesos, ten a información) informe ao xuíz para que poida adoptar unha técnica prevista na lei aínda que pouco utilizada: a do **"preito testemuña"** (art. 37.2 LXCA). Esta técnica consiste en tramitar con carácter preferente un ou varios dos procesos pendentes que teñen o mesmo obxecto (e suspender os demais), de forma que, á vista da sentenza, os demais recorrentes poidan desistir do recurso (se cren que van perder) ou instar a súa continuación ou mesmo a extensión de efectos da sentenza.

5. O PROCEDEMENTO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO

5.1. Elementos comúns previos ao comezo do proceso

5.1.1. O esgotamento da vía administrativa previa

79. No recurso contra **actos**, estes deben poñer fin á vía administrativa (art. 25.1 LXCA). Se o acto que se quere recorrer non esgota a vía administrativa (art. 114 LPAC), será necesario interpoñer previamente un recurso de alzada e esperar a súa resolución expresa ou presunta (*supra* § 33.75). Nos **regulamentos** non se expón este problema, porque non se pode interpoñer un recurso administrativo contra eles (art. 112.3 LPAC).

80. No recurso contra a **inactividade,** para poder interpoñer un recurso contencioso-administrativo é preciso reclamarlle á Administración o cumprimento da obrigación desatendida e esperar a que esta resolva ou a que transcorran tres meses, nese caso xa se poderá interpoñer recurso (art. 29.1 LXCA). Este interponse contra a inactividade, non contra a resolución da reclamación formulada en vía administrativa. No recurso contra a inexecución de actos firmes, o prazo de espera tras a reclamación redúcese a un mes (art. 29.2 LXCA). No recurso contra a **vía de feito**, a reclamación é potestativa, podendo presentarse o recurso contencioso-administrativo de forma directa (art. 30 LXCA).

5.1.2. O prazo de interposición do recurso.

81. A existencia dun **prazo de interposición** é unha peculiaridade do proceso contencioso-administrativo fronte ao civil, no que os únicos prazos son os de prescrición, que son máis longos (e, ademais, son outra cousa: no contencioso hai que respectar tanto o prazo de prescrición do dereito como o prazo de interposición do recurso, que se conta desde que se notifica o acto ou outra actuación previa da Admi-

nistración). A figura do acto administrativo está chamada a producir estabilidade, en beneficio da seguridade xurídica (*supra* § 16.6) e, por iso, o acto só pode ser recorrido durante un prazo de tempo breve.

82. Por exemplo: unha concesión administrativa é a chave para executar un proxecto empresarial cun gran investimento (instalar un centro de talasoterapia nun porto deportivo, por exemplo) e non pode estar suxeita a impugnación en todo momento, posto que, nese caso, non se podería tomar como base para executar ningún investimento.

83. A LXCA estende o prazo de interposición a **todas as vías de recurso** (art. 46 LXCA), o que nalgúns casos produce perplexidade e obriga a arbitrar mecanismos para evitar que estas vías se pechen sen necesidade e sen fundamento.

84. No caso dos **actos administrativos**, o prazo é de **dous meses** desde a notificación ou publicación do acto recorrido (art. 46.1 LXCA). O primeiro día do prazo é o día seguinte ao da notificación ou publicación e o último día é o mesmo día en que se produciu a notificación, pero dous meses despois (se un acto se notifica o 3 de xaneiro, o prazo comeza a contarse desde o 4 e o último día é o 3 de marzo, salvo que sexa inhábil nese caso o último día é o primeiro día seguinte hábil).

85. A lei segue falando do prazo de seis meses para impugnar os **actos administrativos "non expresos"** (pensando no silencio administrativo), pero hai bastantes anos que a xurisprudencia e agora tamén a LPAC (arts. 122.1 e 124.1) deixaron claro que en caso de silencio administrativo non hai prazo de impugnación (o que afecta sobre todo o silencio negativo, e deriva de que este é só unha ficción dirixida a permitirlle ao particular interpoñer recursos, pero non lle obriga a facelo e non dá lugar á produción dun acto presunto).

86. O prazo de **dous meses** aplícase tamén á impugnación directa de **regulamentos**, contándose desde a súa publicación.

87. No caso do recurso contra a **inactividade** e contra a **inexecución de actos firmes** (art. 29 LXCA), o prazo de interposición (dous meses) compútase desde que a Administración notifica a súa resposta á reclamación do recorrente ou desde que transcorre o prazo de silencio fixado para esta (tres meses ou un mes, respectivamente). Transcorrido ese prazo, pódese volver presentar unha reclamación e reabrir así os prazos de impugnación.

88. O recurso contra a **vía de feito** pódese interpoñer directamente, no prazo de **20 días** desde que se inicia a actuación administrativa supostamente constitutiva de vía de feito. Alternativamente, é posible formular unha reclamación, esperar dez días e nese caso o prazo de interposición do recurso é de dez días. Como non ten sentido que a vía de feito (que non se notifica ao interesado, a diferenza dos actos administrativos, e é unha conduta ilegal), quede "firme" (e, ademais, nun prazo moi inferior ao dos actos administrativos, que é de dous meses), é posible reabrir o prazo mediante a presentación dunha nova reclamación.

89. Por último, no **recurso de lesividade** (é dicir, recurso contencioso-administrativo que interpón a Administración contra un acto que ela mesma ditou e que considera anulable), o prazo de dous meses compútase desde a declaración de lesividade (que, pola súa vez, ha de producirse antes de que transcorran catro anos desde a data en que se ditou o acto).

5.1.3. O requirimento interadministrativo

90. En **litixios entre administracións públicas**, a Administración que queira presentar recurso (contencioso-administrativo) non debe interpoñer previamente

un recurso administrativo, pero si pode formular un **requirimento** dirixido á outra Administración (art. 44 LXCA). O requirimento debe presentarse no prazo de dous meses desde a notificación ou coñecemento do acto que se quere atacar. Ao mes de formulado o requirimento, a Administración requirente pode interpoñer un recurso contencioso-administrativo.

91. Con todo, isto só se aplica cando as dúas administracións se atopan en plano de igualdade (por exemplo, cando se discute se se cumpriu un convenio entre elas). En cambio, cando unha delas actúa sometida a unha potestade da outra (por exemplo, Administración local expropiadora que quere recorrer o acordo de fixación do prezo xusto adoptado polo xurado de expropiación autonómico), a presentación do requirimento é improcedente e pode provocar que á Administración se lle pase o prazo de interposición do recurso procedente (alzada ou contencioso-administrativo, en función de que o acto esgote, ou non, a vía administrativa).

5.2. O procedemento ordinario

92. Este procedemento aplícase en todos os casos salvo cando se aplica o procedemento abreviado (art. 78 LXCA, *infra* § 34.110) ou algún dos procedementos especiais (como o de protección de dereitos fundamentais, *infra* § 34), que teñen un ámbito moi específico.

5.2.1. O escrito de interposición

93. O proceso iníciase coa presentación do **escrito de interposición do recurso**, co que se anuncia a impugnación dun acto concreto ou inactividade administrativa (art. 45 LXCA). O máis importante dese escrito (no que non se fundamenta xuridicamente o recurso nin se formulan as pretensións do recorrente), é (1) identificar correctamente o acto ou actividade impugnados, (2) acompañar certos documentos e (3) presentar o escrito en prazo.

94. En canto aos **documentos** (cuxa ausencia se pode emendar *a posteriori*, sempre que o escrito se presentase en prazo, aínda que sexa sen documentos), trátase fundamentalmente do poder do procurador, a copia do acto impugnado e, no caso dos recursos presentados por persoas xurídicas, a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos establecidos para que a entidade poida interpoñer o recurso (normalmente, estatutos, certificación do acordo adoptado polo órgano competente, ou os requisitos establecidos para entidades locais e outras persoas xurídico-públicas).

5.2.2. Remisión do expediente e emprazamento dos interesados

95. Logo de recibir o recurso no órgano xurisdicional, este **comproba se se cumpren os requisitos básicos** (o que pode conducir á súa inadmisión ou á concesión dun prazo de subsanación) e, en caso afirmativo, comunícaselle á Administración para que esta emprace os interesados e remita —electronicamente— o expediente (xunto coa xustificación dos emprazamentos efectuados), para que este se poña ao dispor do recorrente para que formalice a demanda (art. 48 LXCA).

96. O **emprazamento aos interesados** serve para facer efectivo o dereito que estes teñen a ser informados persoalmente da pendencia dun proceso que pode afectar os seus dereitos ou intereses lexítimos e poder comparecer nel como codemandados.

97. En canto ao **expediente**, a lei quere que o recorrente dispoña del á hora de redactar a demanda. Prevense mecanismos para forzar a Administración no caso de que non o remita voluntariamente, e o recorrente pode, se o considera incompleto, solicitar ao órgano xudicial que requira á Administración para completalo (o que suspende o prazo de formalización da demanda; se a solicitude de ampliación se formula dentro dos primeiros dez días do prazo para formalizar a demanda, o recorrente volve dispoñer do prazo íntegro desde que se lle remite o expediente completado). O recorrente pode presentar directamente a demanda en certos casos (art. 45.5 LXCA) e a Administración debe facelo no recurso de lesividade, pois ela mesma ten o expediente (art. 45.4 LXCA).

5.2.3. Demanda e contestación. Alegacións previas

98. Unha vez remitido o expediente pola Administración, entrégaselle ao recorrente para que este **formalice a demanda** no prazo de vinte días (art. 52 LXCA). É na demanda onde se formulan as pretensións (a "petición") que constitúen o obxecto do proceso.

